ESCOLA SUPERIOR GALLAECIA
MESTRADO INTEGRADO EM ARQUITECTURA E URBANISMO
DISSERTAÇAO
URBANISMO, OPCIÓN 1ª

MOAÑA:
TRANSFORMACIÓN DA SÚA MORFOLOXÍA



Borja Docampo Boubeta

24 de Setembro de 2010

ESCOLA SUPERIOR GALLAECIA
MESTRADO INTEGRADO EM ARQUITECTURA E URBANISMO
DISSERTAÇAO
URBANISMO, Opción 1ª

MOAÑA:
TRANSFORMACIÓN DA SÚA MORFOLOXÍA

Orientador - Profesor Doutor Arquitecto David Viana

Co-orientador - Mestre Arquitecto Paulo Guerreiro

Borja Docampo Boubeta

24 de Setembro de 2010

Prefacio

Disertación desenvolvida para a obtención do Grao de Mestre en Arquitectura e Urbanismo, presentada á Escola Superior Gallaecia e encadrada no ámbito do traballo de Proxecto – Disertación do Mestrado Integrado en Arquitectura e Urbanismo, en setembro de 2010.

Esta foi orientada polo Profesor Doutor Arquitecto David L. Viana e o Mestre Arquitecto Paulo Guerreiro entre marzo e setembro de 2010, en función de acompañamento tutorial entre os referidos orientador e co-orientador e o alumno Borja Docampo Boubeta.

O título – "Moaña: transformación da súa morfoloxía" – reflicte a investigación elaborada relativa á síntese, articulación, cruzamento e superposición cronolóxica dos acontecementos e aspectos (físicos, sociais, económicos, políticos, etc) que, de algunha forma (directa ou indirectamente), contribuíron ou tiveron influencia para a transformación morfolóxica de Moaña no tempo e no espazo.

O enfoque no estudo da historia urbana de Moaña realizase coa convicción que teño sobre a necesidade de se coñecer o pasado para mellorar o futuro. Esta foi a dirección tomada para a Disertación que se desenvolve ó longo deste período e que agora se presenta para proba pública.

Agradecementos a

Ós meus orientadores Prof. Doutor Arq. David Viana e Mestre Arq. Paulo Guerreiro, pola dedicación coa que me instruíron durante este tempo.

Asociación Nós de Moaña; pola axuda prestada na recompilación fotográfica, en especial a Manuel P. Rúa e Manuel Méndez.

Xabier Abalo Costa; persoa importante na recolla e comprensión da información manexada que sempre estivo cando se lle necesitou.

Pepe "O Caramuxo"; veciño de Moaña moi apaixonado pola memoria fotográfica, quen non dubidou en ofrecer do que dispoñía.

Arquivo Cartográfico Provincial da Deputación de Pontevedra; pola gran dispoñibilidade e dedicación prestada.

Manuel Uxío García Barreiro; o historiador moañés que compartiu os seus coñecementos para este traballo.

Xulio "O perruqueiro"; moi coñecido na parroquia pola súa contribución ó cidadán.

Concello de Moaña; en especial ó Conselleiro de Cultura, e sobre todo amigo, Diego M. Riobó Martínez;

Con enorme cariño

A Susana; que me axudou na tradución ó inglés

Ó meu amigo Armando; o cal implicouse na tradución ó portugués

A toda miña familia; polo seu apoio, en especial a meus tíos Tita e Cristóbal, a miña prima Patricia e a miña nai.

Por último, o meu máis profundo agradecemento á Sonia; persoa que día tras día, momento tras momento, estivo ó meu lado, aportando o seu grao de area neste traballo e, sobre todo, na miña persoa.

A todos eles, Moitas Grazas

Resumo

A freguesia de Moaña, vila costeira situada a sudoeste da região Galega, foi o objecto de estudo seleccionado para a realização de uma análise sobre a transformação morfológica urbana do respectivo territorio. A problemática nasce como resultado da constataçao da transformaçao urbanística complexa ocorrida nos últimos cinquenta anos na referida freguesia, assim como em grande parte da região galega, onde numerosos e diversos factores de cariz social, económico e tecnológico permitiram o aparecimento de uma sociedade com novas necessidades, bem diferentes das tradicionais no âmbito rural, pecuário e pescas.

Para a realização desta dissertaçao, utilizou-se uma metodologia baseada na interpretação a partir do cruzamento e sobreposição de elementos gráficos, complementados com textos explicativos e imagens do local. Todo o processo foi sempre assente a partir de uma visão global, de escala *macro*, até uma mais concreta, de enfoque *micro*. A informação obtida para a sua execução resulta de diversas fontes, como organismos públicos, entrevistas, documentos oficiais e privados, fotografias, cartografia, publicações, etc., considerados imprescindíveis para o efeito. De destacar também a importância do trabalho de campo, sendo vital para a compreensão do território.

Desta maneira, observou-se a transformação de uma população rural e auto-suficiente, em que subsistia pela exploração dos variados recursos como a agricultura, pecuária e pescas, para uma população com novas actividades industriais que a cidade e os principais núcleos urbanos começavam a desenvolver durante os chamados *"novos tempos"*. Neste contexto, e em conjunto com os posteriores movimentos migratórios à época, verificaram-se importantes transformações na estrutura e composição urbana do território.

Portanto, procedeu-se à análise e à demonstração da transformação urbana na freguesia de Moaña ao longo da sua história, de forma a abranger uma ampla compreensão dos constantes processos morfológicos ocorridos neste local. Processos estes que resultaram no actual estado urbanístico de Moaña, identificados nos grandes edificações em altura e a sua massificação em zonas específicas, transformando assim a arquitectura popular, definindo o contexto e o carácter urbano desta vila.

Summary

Moaña, a seaside village located in the south west of Galicia, is the location chosen for this analysis on the transformation of a rural area into an urban one. This happens as a result of the urban problems caused during the last fifty years in this region. Due to the social economic and technological development, a new society with completely different necessities to those of a rural society, who basically lived from the agriculture and fishing industry, was created.

To carry out this work, a methodology based on the interpretation from the overlapping of graphic elements supplemented by explanations and photos was used. That is, always moving from a more global vision towards something more specific, from the macro towards the micro. The information acquired comes from different resources such as: interviews, official and private documents, photographs, maps, books, public bodies and others.

It is important to highlight the field work as it was essential to understanding the area. Thus, we see how the population in this area changed from being a rural self-sufficient area living on the agriculture, livestock and fishing to a more industrialised area where new housing settlements were required. This, added to the migration issues at that time, caused important changes in the structure and composition of the area.

Therefore, we have tried to analyze and show the urban transformation of this town throughout its history so as to understand the ongoing morphological processes occurring in this place, which resulted in the current urban situation. Thus, big blocks of flats massively built in some areas of the town moved away the popular architecture style and defined the new context and character of this town.

Índice

Prefacio

Agradecementos

Resumo (portugués +inglés)

Introdución 15

Metodoloxía.....22

Parte I - Moaña ata a segunda metade do século XX

1. Moaña: aspectos xerais e xeografía do seu territorio

1.1 Localización e división administrativa local 27

1.2 Relevo e ríos 29

1.3 Clima 31

1.4 Vexetación 33

1.5 Demografía e poboación.....34

2. Contexto histórico – apuntamentos introdutivos

2.1 Primeiros asentamentos 38

2.2 Escritos e documentos 39

3. Datos xerais cronolóxicos

3.1 Consideracións explicativas 42

3.2 Acontecementos a finais do século XIX 42

3.3 Os cambios no século XX 43

4. Principais actividades para a comprensión da evolución económica

4.1 Agricultura e gandería 47

4.2 Pesca 49

4.3 Industria 59

4.3.1 Movementos migratorios..... 62

5. Características morfolóxicas dominantes na rexión

5.1 Galiza: aspectos principais sobre os seus asentamentos rurais

5.1.1 Tipos 64

5.1.2 Estruturas 67

5.2 Concello de Moaña: as súas parroquias

5.2.1 Meira, Moaña e Tirán 72

5.2.2 Domaio –a súa especificidade 78

6. Características tipolóxicas dominantes

6.1 Galiza: a vivenda galega –da cultura castrexa a grande mudanza dos anos sesenta

6.1.1 A influencia xeográfica do lugar 81

6.1.2 A evolución da casa campestre

6.1.2.1 A vivenda dos castros galegos 83

6.1.2.2 A casa da planta rectangular 86

6.1.2.3 A casa campestre na Idade Media 87

6.1.2.4 A aparición da casa-vivenda na Idade Moderna..... 88

6.1.2.5 O estancamento do século XIX 91

6.1.2.6 A situación do século XX 92

6.1.3 A relación vivenda-sociedade 95

6.1.4 A arquitectura mariñeira

6.1.4.1 Tipos de asentamentos mariñeiros 98

6.1.4.2 Caracterización das edificacións 100

a) A casa térrea 102

b) A casa do pincho 104

c) A casa con patín 106

d) Vivendas de dous ou máis pisos entre medianeiras

d.1) A casa entre medianeiras 109

d.2) A casa con corredor 113

d.3) A casa con soportal 116

6.2 Moaña: a tipoloxía da casa mariñeira e campestre no municipio

6.2.1 A relación entre a vivenda e o habitat moañes 119

6.2.2 A casa campesiña

6.2.2.1 A edificación campesiña moañesa nos nosos días 123

6.2.2.2 Exemplos tipolóxicos de vivenda popular en Moaña

a) A casa do campesiño humilde 124

b) Unha vivenda de arquitectura culta e propietarios ricos..... 129

6.2.3 A casa mariñeira

6.2.3.1 Introdución á vivenda do mar na parroquia 133

6.2.3.2 As vivendas

a) Un modelo básico 134

b) Un modelo evolutivo 137

c) Modelo de dúas plantas 139

d) Outros exemplos de edificacións mariñeiras 142

6.3 Primeiras reflexións relativas ás tipoloxías abordadas 148

Parte II – Moaña na segunda metade do século XX

Primeiras Consideracións.....151

7. A parroquia: unha verdadeira célula vital

7.1 Definición e xurdimento da parroquia.....152

7.2 A reforma de 1867.....156

7.3 Un símbolo identificativo da nosa sociedade.....159

7.4 A ordenación do territorio e o urbanismo durante a segunda metade do século XX.....161

7.5 Un futuro incerto.....165

8. Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1950 a finais da década de 2000

Consideración Complementares.....168

8.1 Década de 1950

8.1.1 Breve abordaxe ó contexto que antecede á década..... 169

8.1.2 Unha visual pola década de 1950..... 171

8.1.3 A situación morfolóxica urbana..... 172

8.1.4 Un novo núcleo ocupacional:
a derradeira manifestación do asentamento tradicional en Moaña..... 180

8.2 Década de 1960

8.2.1 Breve abordaxe ó contexto que antecede á década..... 193

8.2.2 Unha visual pola década de 1960..... 195

8.2.3 A situación morfolóxica urbana..... 200

8.2.4 Os novos núcleos residenciais: a confirmación dunha sociedade diferente..... 215

a) O núcleo de o Carme.....218

b) O asentamento de O Rosal..... 222

c) Unha "moderna" entidade urbana en O Real.....227

8.3 Década de 1970

8.3.1 Breve abordaxe ó contexto que antecede á década..... 233

8.3.2 Unha visual pola década de 1970..... 234

8.3.3 A situación morfolóxica urbana..... 238

8.3.4 Un forte cambio na mobilidade social:
as masivas concentracións escolares..... 243

8.4 Década de 1980

8.4.1 Breve abordaxe ó contexto que antecede á década..... 249

8.4.2 Unha visual pola década de 1980..... 250

8.4.3 A situación morfolóxica urbana..... 256

8.4.4 Un período difícil:
os recheos e o crecemento urbanístico concentrado.....269

a) O debuxo dun novo litoral: os recheos.....270

b) O masivo crecemento urbanístico de O Real.....277

8.5 Década de 1990

8.5.1 Breve abordaxe ó contexto que antecede á década..... 289

8.5.2 Unha visual pola década de 1990..... 290

8.5.3 A situación morfolóxica urbana..... 294

8.5.4 A transformación da fronte marítima moañesa.....303

8.6 Década de 2000

8.6.1 Breve abordaxe ó contexto que antecede á década..... 310

8.6.2 Unha visual pola década de 1990..... 311

8.6.3 A situación morfolóxica urbana..... 316

8.6.4 A formación do planificado núcleo urbano de *O Rosal*.....325

a) Ano 2000: a intervención inicial.....326

b) Ano 2006: un esbozo da configuración construtiva.....330

c) Ano 2008: a confirmación dunha nova estrutura viaria.....334

d) Ano 2010: o remate de *O Rosal* e o comezo en *A Xunqueira*.....339

9. Notas conclusivas.....342

10. Bibliografía xeral.....350

11. Bibliografía específica.....353

12. Índice de imaxes.....356

Introdución

O estudo que a continuación se relata, ven a dar resposta a unha serie de inquietudes e preocupacións que foron aparecendo durante o transcurso da formación académica realizada no mundo da arquitectura. Será a partir do ecuador da mesma cando, a raíz dos coñecementos básicos que se absorbendo e das continuas conversacións e debates que se producían no círculo estudantil, que se comece a sentir un interese notable pola construción tradicional e o seu lugar de implantación.

Xa dende os primeiros contactos coa arquitectura, foi a fascinación pola relación do edificio co entorno e a natureza o que facía con que sempre se tivese presente nos exercicios de proxecto. Inconscientemente e sen saber explicalo, tódolos sentidos activábanse cada vez que pasaba por algunha vivenda popular inserida nun ambiente natural, espertando grandes e penetrantes sensacións que ata ese momento non se tiñan descuberto.

O tempo pasaba e, lonxe de desaparecer, esta atracción ampliouse cara un contexto visual diferente, fora da popular imaxe da casa de pedra rodeada de bosques e vexetación con fermosos pastos verdes cultivados polo campesiño e cos seus animais domésticos á volta do terreo virxe.

Agora, a inquietude é outra. Mentres que a citada postura era observada con agrado e curiosidade, a repentina transformación urbana que sufriron moitos dos asentamentos tradicionais rurais, onde un tipo de vida secular foi totalmente abandonado e desprestixiado, provocou unha impetuosa necesidade de coñecer os motivos polos que esta estraña situación fíxose patente.

Desta maneira, este traballo presentouse como unha grande oportunidade para investigar e intentar comprender algo que, dende había tempo, se estaba a cuestionar. Por exemplo, eses bloques en altura

construídos sen ningún tipo de coidado ou conciencia urbana, a total falta de habitabilidade entre os seus espazos, a edificación de grandes masas concentradas baixo o amparo de intereses particulares e especulativos, esa incomprensible indiferenza polo que nos rodea, e tantos outros pensamentos dos que non se atopaba resposta.

Por outra banda, o local onde se ía realizar esta análise estivo moi claro dende o inicio. Como nos indica a historia do pobo galego, relatada no decorrer deste escrito, a súa xente sempre se sentiu moi arraigada ó lugar o que pertencían, xa sexa por motivos relixiosos ou crenzas, ou ben pola tradicional adherencia ó sitio no que se nacía e ó redor do cal xiraban tódalas etapas e actividades da vida do ser humano.

Aínda que hoxe en día esta teoría xa non teña a credibilidade de antano, por causa de diversos factores que se explicarán máis adiante, a xente de orixe rural segue mantendo con forza este ideal de pertenza nativa que lle confire unha importante identidade a ese lugar.

Vai ser dentro deste contexto que, sendo pertencente ó Concello de Moaña, o interese recaia neste municipio, e máis concretamente sobre unha das súas parroquias, *a parroquia de Moaña*. Seguramente, non exista nada máis fermoso que coñecer a historia e a tradición do local que o viu nacer e crecer. Pensar e entender como era a vida dos teus antepasados e de que maneira foi evolucionando ata chegar os nosos días.

Esas historias que, sen estar escritas, son contadas con enorme dedicación e paixón polos máis anciáns do lugar, que nos fan sentir partícipes dese momento, coma se o estivésemos vivindo en primeira persoa, ou ese repaso ás fotografías antigas cheas de recordos abraiantes e inesquecibles que conseguen sacar o lado máis sentimental e nostálxico das persoas.

Dentro desta motivación sensorial transmitida polo entorno no que se contextualiza a obra de arquitectura, entra en escena o motor que fai

carburar a formación e transformación dun territorio ó longo da súa historia: *o urbanismo*. Este termo, aínda que portador de múltiples e, a súa vez, dispares connotacións definitorias, en case todas elas contempla unha base común, que non é outra ca de aplicar unha serie de coñecementos de carácter práctico no desenvolvemento e progreso dos núcleos urbanos, dirixidos cara a procura dunha mellor calidade de vida para o ser humano que os habita.

Sen embargo, *"el urbanismo* –segundo Jordi Borja- *se define ante todo por su voluntad de orientar la acción sobre la ciudad, "hacer ciudad", mejorar o reformar la ciudad existente, ordenar su desarrollo, proponer diseños, inventar formas, establecer dialécticas positivas entre espacios construidos y vacíos, y entre éstos y los comportamientos y las aspiraciones sociales"*[1]*.* Así, mentres que unha definición aparece como algo global e un tanto ambiguo, a outra especifica moito máis as funcións e enfoques sobre os que se pode aplicar o urbanismo, pero deixando algúns criterios nun segundo plano.

Debido a este extenso e diversificado campo que é o urbanismo, xurdiu a necesidade de concretar a nosa área de acción. Esta delimitación debía conter os obxectivos previstos, dos que destacaba a relación existente entre catro factores: *sociedade, edificio, entorno e tempo*. A idea era poder realizar unha análise na que as numerosas interconexións posibles entre estes deran como resultado unha lectura única e continua da evolución e transformación do territorio en estudo. Evidentemente, moitos outros aspectos condicionaron esta lectura, aínda que, dunha forma xeral, atópanse inseridos nos anteriormente citados.

Así, o termo *sociedade* non se define soamente como un conxunto de persoas que conviven e se relacionan nun mesmo espazo, senón que é estudado dende un punto de vista máis amplo. Os seus continuos cambios, os cales son producidos por condicionantes económicas,

[1] ASCHER, François - *Los nuevos principios del Urbanismo: Prólogo de Jordi Borja*. Madrid: Alianza Editorial, 2004, p. 11.

políticas, sociais, relixiosas ou culturais, fan con que sexa imprescindible realizar unha profunda abordaxe sobre o contexto –que non é outro ca conxugación e relación existente entre os mencionados condicionantes- no que se insire.

Este mesmo estudo debe seguirse no que respecta o *edificio*, como así no lo explican Carlos Martínez Caro e Juan Luis de las Rivas Sanz cando relatan que *"el edificio, cualquiera que sean sus características, debe integrarse dentro de un entorno físico, social, cultural y espiritual (…) Fundamental … es la de su forma desde un punto de vista estético y arquitectónico. Y es que toda sociedad, cuando alcanza un determinado nivel de personalización, intenta plasmarlo en los edificios que construye"*[2].

Pero para que todo isto funcione conxunta e harmoniosamente –e non como elementos independentes e illados que dan a sensación de abandono e de ser algo irreal- é necesario configuralos dentro dun ambiente no que o vínculo entre estes axentes e o seu *entorno* sexa o máis apracible e estreita posible. *"La obra de arquitectura* –afirman Carlos Martínez e Juan Luis Rivas- *es inseparable de su entorno, más aún que física, conceptualmente: pues la arquitectura se concibe obligatoriamente a partir de la ubicación en un sitio concreto, y este sitio y sus circunstancias, constituyen elementos básicos para la formación del programa y para el desarrollo posterior de la obra"*[3].

Todo este sistema estrutural que vai caracterizar a temática urbana deste traballo, acontece e se desenvolve nun lugar e nun espazo de *tempo* determinado. É claro que se queremos saber –como é o caso- os cambios que se foron producindo ó longo do tempo nun determinado lugar, debemos considerar esta compoñente histórica-temporal como unha das máis importantes do mesmo, xa que o resultado final da análise será a suma total e continua de tódolos seus intervalos temporais. Aquí entra en

[2, 3] MARTÍNEZ C., Carlos; DE LAS RIVAS, Juan L. - *Arquitectura urbana, elementos de teoría y diseño.* Pamplona: Ediciones Univ. de Navarra, 1985, p. 14, 119.

xogo o pasado, o cal nos vai indicar a situación, global e completa, do lugar en estudo no decorrer da súa historia. Coñecer este pasado –como veremos- é vital para o futuro desenvolvemento dun territorio.

Por este motivo, e en base ó citado con anterioridade, decidiuse realizar unha análise que puxera de manifesto *a transformación morfolóxica urbana de Moaña*, a cal respondería ó claro desaxuste urbano que se observa na actualidade na parroquia. O estudo da forma urbana, que é o fundamento deste traballo, está intimamente ligada á morfoloxía. Por iso, cando falamos de morfoloxía urbana, estámonos a referir ó deseño formal que contén un lugar.

Desta maneira, a morfoloxía, xunto coa tipoloxía, representa os feitos urbanos dun determinado local e, polo tanto, á súa arquitectura. *"La arquitectura* –continúan Carlos Martínez e Juan Luis Rivas- *se convierte así en tipología y conformadora de la morfología urbana, produciéndose una relación directa entre la tipología edificatoria y la forma de la ciudad (…) siendo la relación morfología-tipología, un parámetro que lejos de permanecer estable, se modifica esencialmente a través del desarrollo histórico. Por ello, resulta imprescindible conocer el proceso de transformación histórica de la ciudad para entender la arquitectura que la conforma"*[4].

Unha vez concretados tanto o tema como os puntos básicos sobre os que se vai a asentar este traballo, faltan por establecer os límites sobre os que se define o mesmo. Para J. Tricart –segundo Aldo Rossi- existen *"tres escalas diversas:*

- *La escala de la calle que comprende las construcciones y los espacios no construidos que la circundan.*
- *La escala del barrio que está constituido por un conjunto de manzanas con características comunes.*

[4] *Ibid.,* p. 13.

- *La escala de toda la ciudad considerada como un conjunto de barrios"*[5]*.*

Neste sentido, optouse por realizar unha análise á escala de toda a cidade, completada con escalas máis *micro* necesarias para explicar certos aspectos de zonas concretas. Certo é que a delimitación moañesa non corresponde a unha cidade urbana como pode ser Vigo, A Coruña, Madrid… O territorio en estudo, tamén definido como espazo rururbano, caracterízase por unha pequena zona rural que durante as últimas décadas estivo a sufrir procesos e feitos urbanos internos que lle axudaron a se desenvolver.

Por tanto, a extensión que contempla cada unha destas áreas é totalmente diferente. Aínda así, *"lo que no podemos admitir* –sostén Aldo Rossi- *es que haya escalas diversas y que las localizaciones se interpreten de alguna manera por su escala o por su extensión; todo lo más podremos admitir que esto sirva desde un punto de vista didáctico, o al objeto de una investigación práctica, pero implica un concepto que no se puede aceptar"*[6]*.*

Con isto, Aldo Rossi non discute a existencia de diversas escalas de estudo, *"sino que es inconcebible pensar que los hechos urbanos cambian de alguna manera a causa de su dimensión"*[7]*.* Desta maneira, a tese da análise urbana que se empregan neste lugar irán encamiñados no mesmo sentido dun grande núcleo urbano, xa que os principios urbanos, como vimos, van ser os mesmos.

En resumo, a clara intención deste traballo non é outra ca de coñecer, representar e interpretar a transformación morfolóxica urbana da parroquia de Moaña nestas últimas décadas. Pero antes diso, e como se explicou nestas liñas, fíxose necesario a realización dun estudo no cal

[5, 6, 7] ROSSI, Aldo - *La arquitectura de la ciudad*. Milán: Editorial Gustavo Gili s.l., 1982, p. 85, 86.

comprender a historia, o lugar, a cultura, a tradición, a sociedade e a arquitectura dunha rexión que pasou de ser un territorio totalmente rural a converterse nunha zona en constante crecemento urbano. *"La sociedad* – explica François Ascher- *debe, por tanto, dotarse de nuevos instrumentos para intentar dominar esta revolución urbana, sacar partido de ella y limitar sus posibles prejuicios"*[8]*.*

O obxectivo principal da totalidade desta investigación é crear un fundamento teórico-práctico urbano sobre Moaña para, así, asentar unhas bases que representen o pasado e que, desta maneira, axuden a evolucionar e planificar un futuro para a sociedade se cabe mellor. Por último, mencionar a listaxe citada por Carlos Martínez e Juan Luis de las Rivas, a cal enumera unha serie de *"razones que justifican esta postura de continuidad y memoria histórica en los estudios de la ciudad:*

1) *Conocer mejor la realidad actual.- como algo con sentido dinámico, del pasado al presente, como preparación para la proyección hacia el futuro.*
2) *Explicar el cambio.- Deben ayudar a considerar la evolución como un paso más, en un devenir conocido y explicado.*
3) *Revelar tendencias.- Irregularidades para caracterizarlos.*
4) *Dar criterios para la preservación.- El deber de la transmisión de los valores del pasado, nos exige esta profundización.*
5) *Dar pautas de identidad.- Estos valores de la ciudad están basados en sus rasgos funcionales y formales.*
6) *Asegurar la continuidad.- La destrucción de la ciudad significa la pérdida de valores y de síntesis que no se reponen.*
7) *Tener presente la inestabilidad del entorno.- Nada mejor que un estudio, desde la evolución histórica de la ciudad, para conocer las dosis de inestabilidad que el crecimiento aporta a una ciudad"*[9]*.*

[8] ASCHER, François. - *Los nuevos principios del Urbanismo: Prólogo de Jordi Borja*. Madrid: Alianza Editorial, 2004, p. 18.
[9] MARTÍNEZ C., Carlos; DE LAS RIVAS, Juan L. - *Arquitectura urbana, elementos de teoría y diseño.* Pamplona: Ediciones Univ. de Navarra, 1985, p. 164.

Metodoloxía

O traballo que a continuación se presenta, ven estruturado cun remarcado cronolóxico, o cal se dividiu en dúas partes básicas. A primeira fase, sendo un estudo introdutivo fundamentado en libros teóricos e orientado máis cara a historia, non segue tanto estes principios analíticos e gráficos, aínda que a súa estrutura formal continua a ser a mesma.

Esta parte, titulada *Moaña ata a segunda metade do século XX,* mostra un estudo introdutivo recalcando aqueles aspectos máis importantes do lugar ata ese período, tanto a nivel histórico como cultural, físico ou social.

A segunda parte, referente á *segunda metade do século XX*, vai ser a verdadeira aportación deste estudo, no cal se describen as principais transformacións morfolóxicas e feitos urbanos no lugar tanto no espazo coma no tempo. A partir da interpretación destas dúas fases obtivéronse as diferentes conclusións que se mencionan no decorrer deste traballo.

Este protagonismo inculcado á parte máis práctica do traballo, na que o contacto –entre outros- coa historia, coas persoas e co territorio é moito máis intensa e directa, ven dado por unha incuestionable razón.

Con pouco máis de dezanove mil habitantes, ó contrario do que sucede coas grandes cidades da rexión (*Vigo, Pontevedra, A Coruña,etc*) ou con zonas de carácter histórico ou paisaxístico (*Combarro, Allariz ou Corcubión*), este municipio nunca tivo a forza suficiente nin as características adecuadas como para ser centro de atención da sociedade.

Evidentemente, isto reflíctese nas escasas publicacións existentes sobre Moaña, as cales foron realizadas unicamente por xente do lugar que pretendeu dar a coñecer a tradición e a historia do Concello para que esta non caera no esquecemento.

Toda esta estrutura descrita axudou a definir un proceso metodolóxico baseado en técnicas de análise cualitativa e investigación documental a partir da consulta de libros oficiais e particulares, textos, prensa, arquivos, etc. Todo isto complementado por fontes primarias de observación como a observación directa, levantamentos fotográficos, entrevistas a veciños e intelectuais do lugar, ou análise de cartografía.

A partir desta recolla de información, realizouse unha análise de datos utilizando diferentes escalas de abordaxe e diversas técnicas analíticas gráficas e documentais, tais como a superposición, o cruzamento e a interpretación. Grazas a este sistema metodolóxico obtéñense uns resultados que mostran a transformación morfolóxica deste lugar.

Dentro deste contexto, destacar o proceso de análise descrito, baseado nunha constante e cronolóxica análise de datos e sempre apoiado tanto por texto como por deseños interpretativos e fotografías:

a) diversas escalas de abordaxe.- Onde se combinan diferentes visións dende o *macro* ó *micro,* do xeral ó particular, non só dende o punto de vista gráfico senón tamén dende un marco global no que inserir cada período.

b) Unha análise documental e gráfica.- Na que sobresaen tres técnicas: por unha parte *a superposición*, onde a partir dunha imaxe aérea créase unha cartografía real ata o momento inexistente nalgunhas etapas e incompleta noutras. Pola outra, *o cruzamento*, onde a articulación de dous elementos gráficos favorece á lectura e comprensión de diversa información urbana. Por último, a interpretación, no cal a raíz dunha cartografía real obtense un tipo de información máis conceptual, clara e lexible.

PARTE I- Moaña ata a segunda metade do século XX

1. Moaña: aspectos xerais e xeografía do seu territorio

1.1 Localización e división administrativa local

O Concello de Moaña, situado na parte meridional da península de O Morrazo, oriéntase cara o mar onde as augas do océano Atlántico irrompen na súa costa. Este municipio, formado por unha extensión aproximada duns 35 km^2, linda con Marín ó Norte, coa Ría de Vigo ó Sur, con Vilaboa ó Leste e con Cangas e Bueu ó Oeste.

En canto a división administrativa, o concello moañés está composto por catro parroquias: Domaio, Meira, Moaña e Tirán. Historicamente, a parroquia de Moaña, a cal localizábase na parte máis elevada do val, era coñecida como San Martiño.

Será ó redor de 1960 cando a Igrexa motivada polo gran desenvolvemento social e urbanístico que se estaba a producir na zona costeira, fundaría a parroquia de Nosa Señora do Carme. En palabras do sociólogo moañés Manolo P. Rúa, esta freguesía foi constituída *"por aquelas mesturas políto-relixiosas do franquismo".*

Coa chegada da democracia, estas irregularidades territoriais foron solucionadas pola corporación local, recoñecendo as cinco parroquias eclesiásticas e instaurando un novo sistema administrativo no cal Domaio, Meira e Tirán formaron xunto coa unificación de San Martiño e N. S. do Carme (pasando a denominarse Moaña) as catro freguesías do municipio.

Referente á presenza de liñas hidrográficas, apuntar que son ríos moi curtos, debido ós grandes declives existentes e cun caudal máis ben baixo, aínda que variable e estacional. Os principais, de este a oeste, son: Río do Almacén e da Freixa (Domaio), Río de Meira e dos Ladróns ou da Fraga (Meira) e o río do Inferno (Moaña). É importante subliñar que o Río da Fraga divide as parroquias de Meira e Moaña.





Fig.1 **Situación xeográfica do Concello de Moaña.** *Este municipio atópase ó suroeste da provincia de Pontevedra, na comarca de O Morrazo, dentro da Comunidade Autonómica de Galicia.*

1.2 Relevo e ríos

Formado por fortes pendentes, Moaña combina grandes zonas montañosas con fermosas e suaves paisaxes costeiras. Un exemplo claro desta situación é a existencia do monte Faro de Domaio onde se alcanzan os 624 metros a tan só 3 km de distancia da costa.

Estes lugares elevados están compostos principalmente por grandes zonas de monte forestal, onde só un 20% de solo é apto para a actividade agrícola, e no cal se asentaron os antigos poboamentos.

Tanto é así que a influencia que exerce o relevo sobre as condicións e actividades da sociedade moañesa vai facer con que o desenvolvemento urbano da parroquia se produza na zona máis próxima ó mar, onde o desnivel é moito menos pronunciado.

Así o reflicte a súa evolución histórica, na cal obsérvase como as principais vías de comunicación, o grande groso da poboación e os equipamentos máis importantes (como o mercado, o centro de saúde, a casa do concello, escolas…) foron asentándose neste lugar tan propicio para o crecemento urbano e para a súa futura consolidación.

Aínda así, como veremos, este non foi o único motivo polo que os habitantes da freguesía desprazáronse en dirección á costa. O grande avance no sector pesqueiro durante o inicio do século XX foi outro dos condicionantes que levaron ó descenso da poboación cara o litoral instaurándose, desta maneira, dous grandes grupos sociais: por un lado, un mariñeiro asentado na parte marítima e, polo outro, unha entidade dispersa máis agrícola e localizada na zona media-alta do val.



Fig. 2 **Mapa descritivo do Concello de Moaña.** *A imaxe mostra diversa información xeográfica relativa ó municipio moañés, na cal se pode imaxinar, de forma orientativa, a presenza de grandes declives, xa que a proximidade entre a costa e as zonas altas de montaña así ó indica e reflexa.*

1.3 Clima

O clima oceánico existente no Concello de Moaña e a súa proximidade ó mar fan con que as diferenzas entre as temperaturas máximas e mínimas sexan escasas. Os seus grandes declives abrígano dos ventos do norte e a súa boa orientación solar (sur / suroeste) permite á presenza dunha temperatura case sempre agradable (a temperatura media anual está sobre os 13,5ºC - 15ºC).

Tamén é importante subliñar os ventos predominantes nesta zona como son *"os do Norte, constituídos por un aire polar que limpa o ceo e arrefría o ambiente, e os ventos do Suroeste, que veñen do Atlántico e trae nubes e chuvias (o vento mareiro)"*[10].

Este tipo de climatoloxía, característico da costa meridional da Comarca do Morrazo e de boa parte do litoral galego, tamén é un factor importante (por non dicir decisivo) na economía de Moaña xa que era, en gran medida, o culpable da boa aptitude dos terreos e cultivos agrícolas e, por consecuencia, do gando.

As precipitacións existentes no municipio, como no resto da rexión, son moi abundantes durante todo o ano. Os grandes relevos presentes e as propias características do solo e da vexetación axudan a evitar importantes inundacións na zona, ó contrario do que sucede noutros puntos do país onde estas son provocadas debido a súa planicie territorial e da falta de vexetación.

Como se explicará máis adiante, o factor meteorolóxico será un dos condicionantes máis importantes no que á ocupación territorial se refire, xa que a poboación moañesa durante toda a súa historia sempre se asentou baseándose nas características topográficas e climáticas do local.

[10] MÉNDEZ, F. Manuel - *Enciclopedia viva de los pueblos de la provincia*. Vigo: Faro de Vigo, 6 de Maio de 1985, p. 5.



Fig. 3 **Imaxe do relevo existente en Moaña.** *Obsérvase como as grandes manchas arbóreas predominan en relación ás zonas con aptitude agrícola, onde se establece a ocupación habitacional.*



Fig. 4 **Típica paisaxe agrícola do municipio.** *O clima existente en Moaña é característico en todo ó litoral do suroeste galego, baseado na existencia dun equilibrio entre as temperaturas máximas e mínimas, sen producirse cambios bruscos. As abundantes precipitacións durante todo o ano, xunto coa presenza de microclimas e grandes declives que os protexen dos fortes ventos do Norte fan destas zonas costeiras un lugar idóneo para a actividade agrícola e gandeira.*

1.4 Vexetación

A vexetación no municipio moañés é diversa e moi abundante. Segundo a información urbanística fornecida polo Concello de Moaña dentro do seu PXOM preliminar, esta localidade *"se sitúa dentro del ámbito de la Biogeografía en el Reino Holártico, Región Eurosiberiana, Provincia Cántabro-Atlántica y Sector Galaico-Portugués (subsector miñense).*

Se corresponde con una zona de transición entre la región Eurosiberiana y la Mediterránea, siendo frecuentes las especies con adaptaciones a ambas regiones. El sistema biogeográfico utiliza para la clasificación, además de la existencia de diversas especies, una serie de características de tipo climático; en Moaña nos encontramos dentro del piso colino, que cubre altitudes de hasta 500 m[2] *"*[11]*.*

Esta grande presenza arbórea está representada, principalmente, por piñeiros, eucaliptos, bidueiros, carballos, acacias, bosques de pradería, xesteiras… . Os máis predominantes son o eucalipto e o piñeiro, dispostos ó longo de todo o territorio moañés. De todo isto pódese deducir ca riqueza forestal eran bastante extensa, así como a súa superficie territorial.

Unha vez máis, a economía vese influenciada por este factor vexetativo. Esta apreciación ven dada pola compra-venta desta achega forestal que se fixo a partir do século XX. É dicir, a poboación consumía, vendía e intercambiaba a madeira obtida destes montes por outros bens de consumo propio como podía ser cultivos, gando, redes de pesca…, noutros puntos comerciais como o porto de Vigo ou no mercado existente en Redondela.

[11] CONCELLO DE MOAÑA - *Plan Xeral de Ordenación Municipal preliminar (PXOM).* Vilagarcía de Arousa: Concello de Moaña, 2001.

1.5 Demografía e poboación

O Concello de Moaña ten unha alta densidade poboacional, a saber moi superior á media dos concellos galegos. Esta alta densidade ben representada por, aproximadamente, uns 520 habitantes / Km^2. O crecemento evolutivo da poboación moañesa estivo sempre marcado por un incremento paulatino dos seus habitantes, tal e como se demostra no gráfico (véxase fig. 5).

Coa chegada dos anos 60 produciuse un despegue demográfico moi acentuado, como nunca se vira no municipio, que se viu freado nos últimos trinta anos a causa, principalmente, dunha baixa natalidade e dun envellecemento claro e moderado da poboación. É neste período ca dinámica de incremento poboacional paulatino volve a ser unha realidade.

Tamén a emigración desempeñou un papel fundamental na evolución da poboación no municipio moañés. A chegada dos "felices" anos 60 levou a poboación á saír cara terras americanas e, máis tarde, a Europa. Xa dentro de territorio galego, Vigo iniciaba a creación de novos asentamentos industriais que atraían a tódolos habitantes dos arredores, entre eles os de Moaña.

Estes feitos, como se explicará máis adiante, tiveron unha enorme importancia na economía e na sociedade moañesa, e, como consecuencia, na evolución urbana do territorio deste municipio. Un primeiro análise comparado co entorno provincial e galego pon de manifesto cómo en Moaña deixase sentir o desenvolvemento empresarial e o dinamismo poboacional do Eixo Pontevedra-Vigo.

A evolución media do crecemento dos municipios galegos é significativamente menor ca na provincia de Pontevedra. Moaña, pola súa parte, ocupa unha posición destacada xa que, se ben no período 91-96 o seu crecemento foi inferior ó valor medio da provincia, nos anos seguintes foi superior.

Este crecemento explicase tanto pola capacidade de asentar á poboación que naceu no municipio, como ó poder de atracción que exerce sobre o seu entorno máis próximo (Vigo e outros municipios da comarca).

O análise dos datos de poboación segundo o lugar de nacemento do período 1998-2004 pon de manifesto que os residentes que naceron fora do municipio creceron un 38%; o que mostra o seu poder de atracción. Destaca cos maiores incrementos producíranse entre a poboación estranxeira, a cal dobrou o seu número neste período, se ben aínda representa só o 2,58 % da poboación no ano 2004.

SOCIEDADE E POBOACIÓN

Poboación (Padrón)	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Poboación total	19.014	9.340	9.674	2009	INE
de 0 a 15 anos	2.611	1.300	1.311	2009	INE
de 16 a 64 anos	13.214	6.729	6.485	2009	INE
de 65 e máis anos	3.189	1.311	1.878	2009	INE
Poboación estranxeira	334	172	162	2009	INE
Idade media	41,6	40,4	42,9	2008	IGE

Movemento natural da poboación	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Nacementos	187	90	97	2008	IGE-INE
Defuncións	155	86	69	2008	IGE-INE
Matrimonios	70			2008	IGE-INE
Saldo vexetativo	32			2008	IGE-INE

Movementos migratorios	Emigracións	Inmigracións	Período	Fonte
Á mesma provincia	217	347	2008	INE
A outra provincia	28	40	2008	INE
A outra comunidade	99	127	2008	INE
Estranxeiro	13	105	2008	INE

Paro rexistrado (2)	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Por idade					
menores de 25 anos	234	139	95	2009	CT
outras idades	1.666	675	992	2009	CT
Por sectores de actividade					
Agricultura	102			2009	CT
Industria	413			2009	CT
Construción	236			2009	CT
Servizos	1.006			2009	CT
Sen emprego anterior	143			2009	CT

Eleccións	Dato	Período	Fonte
Censo electoral	15.860	2009	CP

Indicadores demográficos	Dato	Período	Fonte
Taxa bruta de natalidade (o/oo)	9,3	2007	IGE
Taxa bruta de mortalidade (o/oo)	8,3	2007	IGE
Índice de envellecemento	94	2008	IGE
Idade media á maternidade	30,5	2007	IGE
Número medio de fillos por muller	1,13	2007	IGE
Taxa bruta de nupcialidade (o/oo)	4,2	2007	IGE

Idade media ó primeiro matrimonio	Homes	Mulleres	Período	Fonte
	32,5	29,3	2007	IGE

Censo de vivendas 2001	Dato	Período	Fonte
Vivendas familiares	6.876	2001	INE
principais	5.604	2001	INE
secundarias	222	2001	INE
baleiras	1.050	2001	INE
Edificios	4.826	2001	INE
Locais	509	2001	INE

Actividade (Censo 2001)	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Taxa de actividade	57	68,1	46,7	2001	INE
Taxa de paro	14,2	10,7	18,9	2001	INE
Ocupados por sectores					
Agricultura	109	54	55	2001	INE
Pesca	1.180	745	435	2001	INE
Industria	2.237	1.594	643	2001	INE
Construción	844	784	60	2001	INE
Servizos	3.078	1.281	1.797	2001	INE

Fig. 5 **Datos demográficos xerais.** *Obtidos do Instituto Galego de Estatística (IGE).*

Alteraciones de los municipios en los Censos de Población desde 1842

Provincia: 36 Pontevedra Municipio: 36029 Moaña

	Censo 1842 [1]	1857 [1]	1860 [1]	1877	1887	1897	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	2001
Población de Hecho		4713	4827	5530	5665	5975	6091	7812	8020	9634	11305	11106	12736	15060	17053	16781	
Población de Derecho	3303			5536	5670	5981	6096	7909	8097	10054	11584	11448	13120	15416	17854	17453	17887
Hogares	956	1126	1166	1370	1375	1537	1530	1784	1657	2145	2798	2938	3042	4361	4516	5172	5604

[1] En estos Censos se denominaba Meira

Fig. 6 **Datos da evolución poboacional entre 1842-2001.** *Obtidos do Instituto Nacional de Estatística (INE).*



Fig. 7 **Datos da evolución poboacional entre 2001-2009.** *Obtidos do Instituto Galego de Estatística (IGE).*

Para facerse unha idea da forza que posúe a parroquia moañesa, en comparación coas demais, citar que dentro do municipio mostrarase o contraste poboacional existente entre esta e as outras. O municipio de Moaña está formado por 35 entidades singulares de poboación, agrupados nas diversas parroquias que ó conforman.

É, precisamente, na parroquia do Carme (Moaña) onde se sitúa o núcleo urbano e, polo tanto, onde se concentra a maioría da poboación (43,57% no ano 2004) e os servizos. A parroquia de Tirán ocupa unha pequena superficie do municipio e é a segunda máis poboada, polo que ten unha densidade superior á media do Concello. Nos últimos anos, mantense a posición central de Moaña aínda que tamén crece a poboación no resto das parroquias.



Fig. 8 **Datos demográficos distribuídos por parroquias.** *Obtidos do Instituto Galego de Estatística (IGE).*

2. Contexto histórico – apuntamentos introdutivos

2.1 Primeiros asentamentos

Os primeiros indicios de ocupación humana no Concello de Moaña datan do ano 75.000 A.C., correspondente á época *achelense*. Este dato cronolóxico está documentado grazas ó descubrimento dun machado desa época na parroquia de San Martiño, máis concretamente na *Pedra da Pena*.

Máis tarde, na etapa neolítica, aparecen novos elementos físicos noutros puntos do territorio moañés, como por exemplo os xacementos de *Regueiriño* e *Fontenla* en Domaio.

Será nesta parroquia, na zona máis alta do Monte Faro, onde se atope un dos descubrimentos máis importante do municipio, *a mámoa ou dolmen de Chan da Arquiña,* monumento funerario de pedra granítica.

A cultura castrexa tamén se fixo sentir en Moaña. Representada polos Castros de Montealegre en Domaio, os Remedios en Tirán, O Castro en San Martiño ou As Cidades en Meira, rapidamente se viu influenciada e modificada pola chegada da romanización.

Xa na Idade Media, Moaña estivo baixo a xurisdición episcopal de Iria Flavia e Santiago de Compostela. Foi nesta época, concretamente no século XII, cando se realizou unha das poucas construcións relixiosas románicas que se conservan en toda a provincia de Pontevedra: a Igrexa de San Martiño.

Así o reflicte -segundo D. Manuel Eugenio García Barreiro- o historiador ferrolán D. Isidro Gonzalo Bango Torviso, cando presentou a súa tese de doutoramento no ano 1976. Este, dentro do seu traballo, explica que *"Es tardía la primera mención que conozco de este templo: una*

donación de 1.237 al monasterio de Santa María de Armenteira se sitúa <in ecclesia Sci.Martini de Moania>"[12]*.*

Por outra banda, o citado D. Manuel García indica tamén a existencia dunha referencia no interior do escrito onde se pode traducir e deducir o nome do promotor da igrexa; *"é de destacar o nome do párroco de San Martín de Moaña naquela data, chamado "Fernando Arias" polo feito de que na epigrafía de dedicación da igrexa ós santos: Martiño, Emiliano e Bricio, situada no tímpano da entrada principal, sinálase que a fixo Arias (textualmente: "Arias fecit") o que induce a pensar que un familiar do citado clérigo foi o que fixo ou mandou facer a igrexa románica, aproximadamente cincuenta anos antes"*[13]*.*

2.2 Escritos e documentos

O primeiro coñecemento escrito que se ten da parroquia de San Martiño de Moaña ven dado por un documento que data do ano 1237. Este documento, feito por un crego chamado Fernando Arias, (probablemente parente do Arias que realizou a Igrexa 50 anos antes) recolle o topónimo *"Moania",* (literalmente: *Sancti Martini de Moania*) e atópase no Arquivo Histórico Nacional de Madrid.

Por este motivo, e ata que non apareza un documento máis antigo, podemos dicir que o primeiro nome completo da parroquia foi o de *San Martiño de Moaña*, nome que se mantén na actualidade.

[12, 13] GARCÍA, Manuel - *Primeiro documento coñecido que cita a Sancti Martini de Moania.* Moaña, (s/ data), p. 1,2.

Xa no século seguinte (s. XIV) aparece outro documento, escrito no idioma galego, citado tamén no arquivo de Madrid por Xosé C. Villaverde nun artigo sobre o galego medieval. Neste documento "*o Rey Mourinno concede un foro o escudeiro Roy Lourenço que se encontraba na freguesía de Sam Martinno de Moanna, na data de 12 de febreiro de 1399(...)En 1607, o cardeal Jerónimo del Hoyo sinalou que a parroquia de San Martiño tiña 120 veciños"*[14].

Disto podemos deducir que deberían habitar unhas 500 persoas na parroquia, xa que os censos se facían por cabeza de familia. Unha das fontes máis importantes pola cal se pode comprender como se foi asentando a poboación moañesa ó longo da súa historia é o *Catastro do Marqués de la Ensenada*, realizado no ano 1750 e publicado en 1752.

É no século XVII ca economía do municipio da un xiro importante debido á chegada dun novo tipo de cultivo: o millo. Coa súa instauración, o 90% do terreo cultivable pasa a ser dedicado exclusivamente a este vexetal.

Consecuencia inmediata disto foi a aparición de numerosos muíños en pedra ó longo de liñas de auga, ríos ou regatos como, por exemplo, os muíños do *río da Fraga* en Meira ou os situados na continuación do *río da Pasaxe* na parroquia de Domaio.

[14] GARCÍA, Manuel - *Auxe, declive e rexurdimento da freguesía de San Martiño de Moaña.* Moaña, (s/ data), p. 1.



Fig. 9 **Primeiro documento que fai referencia á Moaña, máis concretamente á parroquia e igrexa de San Martiño.** *Será no ano 1.237, cando un crego chamado Fernando Arias fixo unha doazón de bens que posuía en diferentes lugares de Moaña. O documento que recollía e formalizaba esta doazón é, precisamente o escrito da imaxe. Este recolle o topónimo "Moania" (literalmente:* ***Sancti Martini de Moania****) e atópase no* ***Arquivo Histórico Nacional*** *en Madrid, polo que cabe subliñar co primeiro nome que recibiu á freguesía foi o de San Martiño de Moaña.*

3. Datos xerais cronolóxicos

3.1 Consideracións explicativas

Neste capítulo farase un recorrido cronolóxico pola historia, xa descrita, do Concello de Moaña. Daránselle importancia a certos acontecementos históricos que marcaron de forma determinante a evolución de Moaña a tódolos niveis.

Tales sucesos irán dirixidos principalmente a facer comprender os cambios sociais, relixiosos e culturais que se viviron no municipio ata mediados do século XX e que influíron no desenvolvemento urbanístico do mesmo.

Antes de mencionar estes momentos da historia de Moaña, é preciso salientar a importancia da pesca nesta evolución, a cal vai ocupar e, nalgúns casos, influenciar gran parte da cronoloxía descrita neste apartado. Moitas destas situacións xa foron citadas con anterioridade, polo que este tema ben a describir e sintetizar certos indicativos que axudarán a entender as diferentes fases polas que pasou Moaña ó longo do tempo.

3.2 Acontecementos a finais do século xix

Dito isto, o primeiro acontecemento a destacar é a chegada dos fomentadores cataláns ó litoral galego en 1756. Estes, que implantaron un modelo capitalista composto por empresarios e asalariados, trouxeron consigo novas artes de pesca e salgadura de peixe o que produciu un gran desenvolvemento económico.

Nese tempo, o municipio estaba formado por catro parroquias: Moaña, Tirán, Domaio e Meira. Será nesta última que, no ano 1958, se inaugure a fábrica de conserva *La Guía* no barrio de *A Serval*, a cal chegou a darlle traballo a unha 500 mulleres.

A instauración destes fomentadores na costa moañesa non foi do todo pacífica xa que en 1765 producíronse conflitos entre estes e os mariñeiros do lugar que traballaban no mar coas artes tradicionais dese tempo.

A tal punto chegaron estes enfrontamentos que, segundo Manuel Uxío García, no ano 1900 unha Real Orde, promulgada polo Ministerio de Marina, ditaminou que quedaba *"suspendida la matrícula de traineras o cercos de jareta en los puertos del litoral comprendidos entre el cabo Finisterre y el río Miño y en el distrito de Sada y prohibida la pesca con dichas artes en las zonas marítimas, mares territoriales o aguas jurisdiccionales del litoral mencionado"*[15].

3.3 Os cambios no século xx

O avanzo dos tempos propiciou que, no ano 1902, se legalizara definitivamente este tipo de pesca propiciando un grande impulso na construción naval, chegando a ser o porto máis importante de España en pesca de baixura na década dos 50. Reflexo disto son os 111 barcos matriculados en Moaña no ano 1949, os cales deron emprego a máis de 3.500 persoas do municipio.

A pesca de ardora tivo tanta importancia que o 13 de novembro de 1939 inaugurouse o local para a sociedade de pescadores, a cal xa se creara en 1921 baixo o nome de Pósito de Pescadores, denominado por aqueles tempos "Casa del Pescador". Será en 1944 cando pase a bautizarse como "Cofradía de Pescadores".

A partir dos anos sesenta, iniciase un declive progresivo deste tipo de pesca de baixura, o cal será substituído por unha serie de acontecementos que cambiaron o rumbo da parroquia: grandes movementos migratorios producidos nesa época, incremento exponencial

[15] GARCÍA, Manuel - *Moaña, no camiño do mar.* Moaña: Departamento de Cultura do Concello de Moaña, 2006, p. 23.

demográfico, bo estado económico xeral e presenza de novos asentamentos industriais na costa viguesa.

Todos estes cambios experimentados polo concello moañés tamén se fixeron sentir no ámbito relixioso. A igrexa de San Martiño, unha das poucas construcións románicas do século XII existentes na provincia de Pontevedra, quedou relegada a un segundo plano cando no inicio da década dos 60 se inaugurou a igrexa do Carme. Esta situación viu provocada por diversos factores.

Un deles prodúcese no ano 1901 cando por Real Orde da raína rexente Dona María Cristina noméase patroa da Mariña de Guerra á Virxe do Carme, declarándose festivo para toda a poboación o 16 de Xullo de cada ano. A partir de aí, desencadéase unha serie de sucesos que levaron á confirmación definitiva dunha nova parroquia



Fig. 10 **Fotografía da Procesión do Carme, 1926.** *A crenza relixiosa no municipio moañés estivo moi presente durante toda a súa historia. Nun primeiro momento, o patrón da freguesía moañesa era o San Martiño. Foi no ano 1961 que a devoción relixiosa chegou ó litoral moañés, coa inauguración da igrexa da Virxe do Carme, iconografía mariñeira pola que os pescadores loitaron durante moito tempo ata conseguir o asentamento e o recoñecemento da súa patroa cerca do mar.*

A primeira festa do Carme na freguesía tivo lugar en 1926 cunha procesión polo mar. En 1947, cando o número de núcleos poboacionais era xa importante, o patrón do Pósito naquel tempo, D. José Costa, logrou unha doazón oficial de 400.000 pesetas para construír un novo templo na Praia de Moaña.

Será un par de anos máis tarde cando se cree a parroquia do Carme. Aquí débese facer referencia á forza que fixeron ós mariñeiros para poder ter un lugar onde rezar e unha imaxe da Virxe a quen adorar para, así, pedirlle protección contra os accidentes e perigos do mar.

Desta maneira, unha vez que se estabilizou toda esta situación (hai que recordar que esta fase de creación da igrexa do Carme e da conseguinte formación da parroquia tivo enormes conflitos entre agricultores e mariñeiros), cada parroquia consagrou os seus templos e santos.

Por exemplo, Tirán ficou coa igrexa e devoción por San Xoán, a San Martiño téñenlle adoración os discípulos daqueles antigos agricultores asentados na parroquia que leva o seu mesmo nome. San Pedro en Domaio, como patrón deste pobo marítimo e, en Meira, a Santa Eulalia.

Por último, para finalizar este capítulo, relatarase o suceso máis dramático vivido pola poboación moañesa no século XX. Este acontecemento tivo lugar no amencer do 10 de novembro de 1956 cando o "Ave del Mar", un barco moañés dedicado á pesca de ardora, naufragou nos arrecifes da illa *San Martín* cerca das Cíes (illas situadas nos exteriores da Ría de Vigo) a causa da intensa néboa e do forte mar de fondo que alí rompía.

Nese tráxico accidente pereceron ós 26 tripulantes que se atopaban á bordo do pesqueiro, o que provocou a suspensión das festas de San Martiño que se estaban a celebrar neses días.

Puidéronse recuperar 22 cadáveres do fondo do mar xunto con outros dous que se atoparon esa mañá flotando nas augas viguesas. Este suceso foi un duro golpe para a poboación moañesa que, aínda na actualidade, recorda con bágoas nos ollos a eses mariñeiros que deixaron a súa vida no mar.



Fig. 11 **Imaxe dos tripulantes do "Ave del Mar" antes de saír a faenar, década dos 50.** *A dificultade da profesión pesqueira queda patente co dramático episodio ocorrido en Moaña nos anos 50, cando un barco de pesca, tripulado por 26 tripulantes, naufragou cerca das Illas Cíes no seu regreso a terra.*

4. Principais actividades para a comprensión da evolución económica

4.1 Agricultura e gandería

Dende os seus inicios Moaña sempre foi un pobo dedicado ó sector primario, onde o paso do tempo e as circunstancias de cada momento histórico foron alternando a hexemonía tanto económica como social das actividades relativas a este sector: pesca, agricultura e gandería.

A súa excelente orientación solar e a presenza de terreos cunhas características óptimas para o cultivo fixo da agricultura o motor económico do municipio ata finais do século XIX.

Dende un primeiro momento, a súa poboación estivo localizada nas zonas medias-altas dos vales da zona aptos para o cultivo debido, precisamente, á posibilidade de realizar tal labor agrícola nas proximidades das súas casas.

Se sé pon como exemplo a parroquia de San Martiño, esta teoría pódese verificar a través do *"...Catastro do Marqués de la Ensenada, realizado en 1750 e publicado en 1752, no que, segundo o exposto no caderno da Agrupación C.D.R. "Nós" de Moaña, editado en maio de 1987, a freguesía de San Martiño contaba cunha poboación de 1690 habitantes sendo por iso a que tiña máis poboadores de todas as da Península de Morrazo, a gran maioría xornaleiros-agricultores e só 28 mariñeiros con dorna"*[16].

É importante mencionar ca superficie territorial con características propias para á práctica agrícola redúcese a un 20%, mentres co resto da xeografía moañesa pertence a área forestal. Neste sentido, a actividade forestal foi outro dos factores dos que dependía a economía da parroquia, xa que a compra/venta de recursos obtidos nesta área era moi común, sobre todo na primeira metade do século XX.

[16] *Ibid.,* p. 9.

As materias primas máis comercializadas nesta actividade eran a leña e as piñas. Estas eran transportadas ata o porto de Vigo para, nun primeiro momento, seren postas á venta na *Marquesina*, venta que máis tarde pasaría a desempeñarse en *La Piedra*. Tal transporte era feito por medio de barcos de vela, públicos ou privados, que máis tarde pasarían a ser equipados con motores en detrimento destes velames.

Relativamente a agricultura é de salientar a introdución do millo no século XVII, o cal fixo, como xa se referiu con anterioridade, cun 90% da área cultivable estivese dedicada a este vexetal. A parte do mencionado millo, os cultivos máis significativos eran as patacas, o centeo e as legumes, tales como cenorias, cebolas, pementos ou tomates. A gandería e a viticultura foron actividades menos desenvolvidas e expandidas pola poboación en comparación coa actividade agrícola.

A venta destes produtos era feita, principalmente, en tres puntos: os mencionados *A Marquesina* e *La Piedra* en Vigo, na feira de Redondela e na de Abelendo (Moaña). Será a partir de 1756 cando, coa chegada ó municipio dos fomentadores cataláns, se produza un cambio a tódolos niveis debido ás novas técnicas de pesca que estes conseguen introducir na costa moañesa. Ata ese momento a pesca era unha actividade pouco practicada que completaba, dalgunha maneira, á economía do municipio.

Un dos indicios que demostra esta idea é o escrito nun documento por Manuel U. García, que *"describe como os veciños do barrio máis preto da Praia, o da Miranda, aforaron as súas terras, casas, etc, ao pequeno mosteiro de Santiago de Ermelo o 9 de marzo de 1730 por unha renda de cento vinte ferrados de pan mediano, millo miúdo e centeo, máis unha marrá de vinte e dous reais a entregar o día de San Martiño de cada ano. Débese remarcar que non se sinala ningún produto relacionado coa pesca, como así sucedía coas escrituras de inventarios de bens aforados doutras parroquias máis envorcadas cara á ría"*[17].

[17] *Ibid.,* p. 12-13.

ECONOMÍA

Agricultura	Dato	Período	Fonte
Número de explotacións de gando bovino	36	2008	IGE-CMR
Total bovinos	60	2008	IGE-CMR

Administración pública	Dato	Período	Fonte
Ingresos municipais	9.653.442	2007	MH
Impostos directos	1.934.001	2007	MH
Impostos indirectos	488.930	2007	MH
Taxas e outros	645.121	2007	MH
Rendemento medio do IRPF	15.449	2007	AEAT

Construción (3)	Dato	Período	Fonte
Número de vivendas a crear de nova planta	89	2008	IGE-MF
Variación neta do parque de vivendas	88	2008	IGE-MF
Número de edificios a crear de nova planta	52	2008	IGE-MF

Comercio polo miúdo	Dato	Período	Fonte
Número de establecementos comerciais	225	2002	IGE
Superficie de venda media m²	60,55	2002	IGE

Indicador municipal da renda dos fogares (1)	Dato	Período	Fonte
Renda dispoñible bruta (euros por habitante)	9.032	2002	IGE

Empresas (4)	Dato	Período	Fonte
Empresas por condición xurídica			
Persoas físicas	702	2008	IGE
Sociedades anónimas	12	2008	IGE
Sociedades de responsabilidade limitada	374	2008	IGE
Cooperativas	8	2008	IGE
Outras	101	2008	IGE

Empresas por actividade	Industria	Construción	Servizos	Período	Fonte
	111	231	855	2008	IGE

	Dato	Período	Fonte
Empresas por estratro de asalariados			
Sen asalariados	666	2008	IGE
De 1 a 2 asalariados	271	2008	IGE
De 3 a 5 asalariados	153	2008	IGE
De 6 a 9 asalariados	52	2008	IGE
De 10 a 19 asalariados	30	2008	IGE
De 20 a 49 asalariados	22	2008	IGE
De 50 a 99 asalariados	2	2008	IGE
De 100 a 249 asalariados	1	2008	IGE
De 250 ou máis asalariados		2008	IGE
Número de unidades locais	1.268	2008	IGE

Fig. 12 **Datos económicos xerais.** *Obtidos do Instituto Galego de Estatística (IGE).*

4.2 Pesca

A actividade pesqueira foi un dous impulsores máis fortes no referente ó crecemento económico que tivo o Concello de Moaña en toda a súa historia. A chegada dos fomentadores cataláns ó litoral galego no ano 1756 supuxo un grande avance tanto nas artes de pesca como na industria conserveira. Unha das primeiras novidades nas artes de pesca foi a aparición do método de cerco ou *xávega*, coñecida pola poboación como *arte.*

Esta técnica consiste no lanzamento de grandes redes onde un dos cabos queda en terra mentres co outro, situado dentro dun bote, describe unha elipse que rodeaba parte da costa para retornar ó punto de partida. Unha vez dispostos os cabos en terra, os mariñeiros tiraban deles ata que a rede chegaba á praia, quedando os peixes varados na area.

Estas faenas eran feitas ao anoitecer e ó amencer. Outras artes, semellantes á xávega, son o *boliche* e o *bou,* as cales son utilizadas en

barcos ou botes que faenan de forma exclusiva sobre ó mar e que aínda se utilizan en menor escala na actualidade.

Estes cambios nas técnicas pesqueiras provocaron conflitos durante o ano 1765 entre os fomentadores e os mariñeiros propios da zona, como os do Con ou os de Meira, debido ó avance e a superposición que estas novas artes tiveron sobre as tradicionais.

Estes conflitos se materializaron na queima dalgunhas naves e no estrago de sequeiros de peixe que existían en Moaña e que eran propiedade destes comerciantes cataláns.

"Desas loitas contra a xávega, nas que tivo que intervir o Poder Público auxiliado por algúns paisanos para o restablecemento da orde, proveñen as seguintes coplas recollidas no libro de José Costa Alonso, "Memorias de mi vida societaria"[18]*:*

"Del Con fueron al Real y al Latón también han ido
Y en estos sitios echaron piedras para hacer un castillo.

Salió la disposición de los más fuertes de Vigo,
Salió Francisco Soaje, con valor inaudito.
También salió Juan de Lagos, con unos hombres de brío"

[18] *Ibid.,* p. 22-23.



Fig. 13 **Praia de Moaña, 1914.** *A principios do século XX, grazas á legalización da pesca de ardora, a poboación moañesa comezou a decantarse e a explotar á actividade pesqueira en detrimento do sector agrícola e gandeiro. Isto, evidentemente, influenciou de forma determinante na evolución urbana do municipio.*



Fig. 14 **Praia da *Xunqueira* de Moaña, en *La Seara*, 1950.** *A década dos 50 foi a etapa de auxe en termos de pesca de baixura en Moaña, sendo o seu porto o máis importante de España nesta actividade.*

Co paso do tempo, as técnicas foron evolucionando xunto coa problemática dunha maior necesidade de peixe que se precisaba para satisfacer a demanda de exportación creada desde o exterior. Neste contexto xorde unha nova arte de cerco-xareta, coñecida como *pesca de ardora.*

Esta técnica baseábase no principio de pesca de cerco, no cal a rede estaba composta por uns flotadores na súa parte superior e por diversos pesos e argolas, polas que pasaba o cabo chamado *xareta*, na zona inferior para, desta maneira, manter a rede en posición vertical.

Este cabo tiña como función cerrala rede pola súa parte inferior para que así os peixes quedaran atrapados dentro da mesma. Unha das actividades diarias dos mariñeiros era a secase das redes. O motivo non era outro máis co de evitar o podrecer destas, debido a acción da auga do mar sobre os seus tecidos.

O lugar para este traballo era a praia da Xunqueira a cal, como o seu propio nome indica, estaba chea de xuncos nos que se atopaban os tendais compostos por postes de pedra e traveseiros de madeira. A diferenza da pesca de *xávega*, a técnica de *ardora* era empregada sobre ó mar en tódalas súas fases.

A faena comezaba ás cinco da tarde cando os barcos cargados coas redes partían cara os bancos de pesca ata chegar a eles co último raio de sol. Unha vez alí, o patrón, situado na proa do barco, contemplaba ó mar para decidir cal era o momento preciso no cal realizar un *lance*, no que dous mariñeiros a bordo dun bote eran os encargados de realizar o cerco. A forma que tiña o patrón de saber cal era o momento e o lugar de facer tal tirada era a partir do brillo ou burbullo que os peixes producen preto da superficie.

Cando o patrón observaba ca intensidade desta fosforescencia no mar era importante ordenaba o mariñeiro de garda, que o acompañaba, que *"lanzase á auga un cabo no extremo do cal ía atada unha pedra*

redonda ou "pandullo" e que caía na "mareta", o inicio da pequena ondada que produce a roda en contacto coa auga. Desta maneira os peixes que están a media auga soben e aumenta o brillo ou "ardente" do mar"[19] (de aí o nome de pesca de ardora).

Unha vez feito o lance os mariñeiros tiraban da rede, dunha forma moi particular e sistemática, para a recolleita do peixe. Esta acción era realizada durante toda a noite para, coa chegada do amencer, poñer rumbo ó *Berbés* de Vigo e, así, poder vender a captura feita ou descargala directamente ás fábricas de conserva.

A tripulación deste tipo de barcos dedicados a pesca de ardora era *"un patrón de costa, un motorista, un patrón de pesca, de 12 a 30 mariñeiros aproximadamente e de un a tres "rapaces a bordo" "*[20].

Co remate da xornada de pesca, o barco volvía o seu porto para secar as redes e enchelos recipientes, denominados *patelas*, onde poñían e gardaban o peixe que era levado para casa. O reparto para cada tripulante, tamén chamado *quiñón*, era unha forma de pago que se utilizaba moito tempo atrás e que os fomentadores cataláns foron eliminando, pouco a pouco, ó instaurar un sistema capitalista baseado en empresarios e asalariados, no cal o pago era feito con diñeiro (salario) variable en función da cantidade de pesca e do prezo estipulado na lonxa ou nas conserveiras desta.

Este sistema de pesca era moito máis efectivo cas artes tradicionais que se usaban anteriormente. Isto provocou unha nova ondada conflitiva, non só en Moaña senón tamén noutros portos da costa galega, que terminou, segundo o escrito por Manuel Uxío García no seu libro *"Moaña, no camiño do mar"*, co ditame do Ministerio de Marina dunha Real Orde en xullo de 1900 na cal se dicía:

[19] *Ibid.,* p. 26.
[20] *Ibid.,* p. 27.

"Queda suspendida la matrícula de traineras o cercos de jareta en los puertos del litoral comprendidos entre el cabo Finisterre y el río Miño y en el distrito de Sada y prohibida la pesca con dichas artes en las zonas marítimas, mares territoriales o aguas jurisdiccionales del litoral mencionado (...) Que se proceda a constituir una comisión especial, que se determinará (...) a fin de que, reúna los datos necesarios para establecer una regulación orgánica y definitiva de la pesca de la sardina en las costas a la que se refiere esta Real Orden (...)"[21].



Fig. 15 **Mariñeiros co seu "quiñón".** *Antes de que os fomentadores cataláns implantaran un sistema capitalista baseado na existencia de empresarios e asalariados, os cales eran remunerados cun salario (diñeiro) polo traballo realizado, a forma de pago era o "quiñón", un sistema tradicional no que se lle entregaba a cada mariñeiro unha parte proporcional da pesca obtida. Estes pescadores levaban a súa porción para casa nas denominadas "patelas".*

[21] *Ibid.,* p. 23.



Fig. 16 **Mariñeiros recollendo as redes de pesca, 1927.** *Unha vez finalizada a xornada laboral, os pescadores recollían as redes para deixalas a secar na Praia da Xunqueira, onde estaban os tendais de secase.*

Hai que salientar que, ata finais do século XIX, a pesca non foi unha actividade moi desenvolvida se a comparamos co período de auxe pesqueiro vivido en Moaña na primeira metade do século XX. Isto ben dado pola escasa existencia de documentos que sinalan a influencia que tivo á pesca de *xávega* na construción naval moañesa.

Este crecemento exponencial da construción marítima prodúcese no ano 1902, coincidindo coa autorización definitiva da pesca de *ardora*, no cal o grande número de barcos e de estaleiros que aparecen no municipio confirman a gran evolución do sector.

Este desenvolvemento pesqueiro ben favorecido pola necesidade de embarcacións cunhas dimensións maiores a aquelas que se empregaban anteriormente, xa que para usar esta nova técnica de pesca eran precisos barcos cunhas características distintas ós existentes, que se baseaban nas artes tradicionais.

O verdadeiro auxe desta actividade chegou na década dos 50, na cal o porto de Moaña chegou a ser o máis importante de España no que a pesca de baixura se refire, tendo no seu litoral máis de 100 barcos a motor de pesca en activo que substituíron ós vapores a partir de 1925 e estes ás traíñas do 1912 en diante.

Outro dato que exemplifica esta teoría é o crecemento do emprego neste período, que lle deu traballo a máis de 3500 persoas ata ben entrada a década dos sesenta.

Será no final dos anos 50 e principios dos 60, ca pesca de "ardora" iría, pouco a pouco, desaparecendo e, con ela, a demanda de embarcacións marítimas. Algúns propietarios dos estaleiros conseguiron mantelos abertos grazas a dedicación case exclusiva destes á construción de balsas flotantes, chamadas bateas, que se utilizaban para o cultivo de mexillón. Na actualidade aínda existen mariñeiros dedicados a esta profesión.

A medida de que a pesca de "ardora" íase reducindo, apareceron os grandes movementos migratorios de metade de século que levaron ós galegos á busca de traballo fora do seu territorio para mellorar a súa calidade de vida.

Os principais puntos de destino foron as Américas e, máis tarde, Europa. Dentro da rexión galega, o foco de atracción das persoas situábase en Vigo coa aparición de novos asentamentos industriais.



Fig. 17 **Barco tipo de pesca de "ardora" durante a faena diaria.** *Cada barco, neste tipo de pesca, precisaba de 15 a 40 tripulantes. Polo contrario, as técnicas tradicionais non precisaban máis de 4 persoas a bordo. Isto mostra a complexidade e o gran traballo que precisaba este sistema pesqueiro.*



Fig. 18 **Postes para tender as redes na Praia da Xunqueira.** *O nome desta Praia ben dado pola presenza dunha grande extensión de "xuncos" que tamén eran utilizados para a elaboración de cordas, liñas, fíos, cordeis, etc.*

4.3 Industria

No Concello de Moaña, a actividade industrial iniciouse, paralelamente co impulso pesqueiro, a partir de 1756 coa chegada dos fomentadores cataláns.

Esta industria estaba representada, principalmente, pola actividade conserveira que se realizaba a partir de catro procedementos existentes nese tempo: o afumado, o escabechado, o secado e a salgadura. "*Este último, que era o máis frecuente, consistía en descabezar, eviscerar e limpar a especie máis común, que era sardiña (...), ao obxecto de salgalos e almacenalos en recipientes de madeira*"[22].

Estes fomentadores construíron grandes almacéns e fábricas de salgadura, nas cales as sardiñas eran enlatadas, mesturando o sal coa axuda de pas e efectuando a súa inmersión en salmoira dentro de píos de cantería cuxa cabida era moi superior á dos recipientes de madeira que se usaban con anterioridade nas citadas adegas das vivendas, cunha innovación tecnolóxica baseada na creación dunha prensa de madeira, denominada "prensa dos machos", que realizaba a extracción da graxa das sardiñas. A graxa obtida vendíase para a elaboración de peles e pinturas.

Na evolución da salgadura de peixe, un feito provocou o empurro definitivo para o desenvolvemento desta actividade na costa galega: a desaparición das sardiñas no litoral francés desde o 1880 ata o 1887, o que provocou o peche das fábricas construídas nese lugar.

Debido a este suceso, a construción de fábricas para a salgadura de peixe en Galicia, e máis concretamente no Morrazo, aumentou considerablemente.

Exemplo disto foi a inauguración o 14 de xullo de 1883 dunha fábrica de conservas en Bueu, a gran fábrica de Massó en Cangas ou a do Con en Moaña no ano 1952. Outra das fábricas con nome no municipio

[22] *Ibid.,* p. 15.

moañés foi "La Guía", feita no barrio de Serval en Meira no ano 1958 e pechada o 2 de xaneiro de 1981, chegou a darlle traballo a unhas 500 mulleres.

Segundo indica Manuel Uxío García, *"a maior parte do persoal que empregaban todas as fábricas de conserva era feminino e de baixo custe laboral" (...) "Os enlaces ferroviarios da Coruña e Vigo con Madrid nos anos 1883 e 1885 tamén colaboraron no auxe desta nova industria ao facilitar a exportación do peixe a ditos mercados, polo que ao necesitarse grandes cantidades para abastecelos era preciso dispor de moitos barcos de pesca, provistos de novas artes de cerco-xareta"*[23].

Consecuencia da situación anteriormente descrita foi o aumento construtivo de botes e buques en Moaña, que se iniciou coas traíñas en 1898, seguindo despois con barcos a vapor e motor.

Un dato esclarecedor é a existencia de 111 barcos dedicados a esta actividade no ano 1949. *"Estes barcos daban traballo de maneira directa a máis de dous mil cincocentos homes, e de modo indirecto, por medio das fábricas de conservas, estaleiros, reparación de redes, talleres mecánicos, cordoarías, etc, a máis doutras mil cincocentas persoas de ambos sexos de todo o concello"*[24].

Será a partir de 1808 cunha segunda ola de fomentadores provocara o aumento das fábricas de salgadura ata alcanzar os 250 almacéns no ano 1828.

No que se refire as factorías de conserva, a invención do sistema de conservación hermética dos peixes por medio do enlatado no ano 1820, chegaron a existir ata máis de 100 fábricas por todo o litoral galego en 1907, situándose dúas no municipio moañés, unha en Meira e a outra en Tirán.

[23, 24] *Ibid.,* p. 19.

Coa desaparición das dúas grandes factorías de Moaña dedicadas á conserva, a da Guía e a do Con, outras fábricas viñeron a ocupar o seu lugar, tales como "Fandicosta S.A." en Domaio ou "Pesquerías del Atlántico e Industrias".

Xa no final da década dos 50, tanto a pesca de baixura como a industria conserveira e de salgadura tocaban ó seu fin, nacendo, así, outras formas e actividades laborais como a pesca a gran altura, as plataformas petroleiras, os barcos de conxelados ou o cultivo de mexillón nas bateas.



Fig. 19 **Traballadoras da fábrica de conservas "La Guía".** *Esta fábrica tivo moita importancia no municipio no que á conserva hermética de peixe se refire, xa que chegou a empregar a máis de 500 mulleres dentro das súas instalación.*

4.3.1 Movementos migratorios

É coa chegada dos anos 60, como veremos máis adiante, que esta transformación faise máis visible. As mulleres que traballaban na industria conserveira moañesa, perden os seus empregos debido á mecanización nas fábricas, créanse novos asentamentos industriais na costa viguesa e, como consecuencia, comezan os movementos migratorios característicos dese período.

Os traballadores moañeses, como moitos outros galegos, migran cara novos destinos, impulsados por unha nova ola esperanzadora, en busca de empregos que mellore a súa calidade de vida. Así, os principais lugares nos que se asenta esta parte da poboación son as Américas e, máis tarde, Europa.

Tamén Vigo, xa dentro de territorio galego, é un punto de atracción importante debido a estes locais industriais. Outros postos escollidos eran, a parte dos xa mencionados barcos de pesca de altura, os buques mercantes holandeses ou alemáns.

Por último, dentro deste sector industrial, mencionar a importancia da actividade cordeeira no municipio. Esta labor realizábase principalmente na parroquia de Meira, xa que era alí, na praia da Xunqueira, onde existía unha ampla zona cuberta de xuncos que era a materia prima utilizada na elaboración de cordas, cabos, redes, etc.

A desaparición case total deste tipo de actividade viu dada, como no caso da pesca, da conserva e da salgadura, pola aparición de novos materiais como as cordas sintéticas e pola mecanización que viñeron substituír a man de obra.

É importante salientar a perda de identidade que se produce no municipio co abandono deste traballo, xa que as traballadoras moañesas tiñan unha forma moi particular de trenzar, o que as levou a crear un sistema e uns resultados propios da zona.



Fig. 20 **Mulleres cordeeiras de Meira.** *A cordoería tivo moita importancia no municipio xa que este sector era o encargado de prover o material téxtil necesario para a actividade pesqueira.*



Fig. 21 **Canteiras da Borna e da Moa.** *A actividade canteira tamén estivo, durante un tempo, presente na economía moañesa, aínda que non foi explotada tanto como os sectores principais do municipio.*

5.Características morfolóxicas dominantes na rexión

5.1 Galiza: aspectos principais sobe os seus asentamentos rurais

5.1.1 Tipos

Os asentamentos no municipio moañés, como xa se mencionou anteriormente, seguiron dende os seus inicios diferentes evolucións dentro das diversas zonas do territorio. Estes asentamentos son ó exemplo claro do tipo de distribución habitacional existente no litoral galego.

Sen dúbida algunha, no ámbito rural o elemento principal é a vivenda. A súa gran relación co medio ambiente obriga a un coñecemento detallado desta, xa que a arquitectura popular de Galicia estaba influenciada de forma determinante polos condicionantes xeográficos e climáticos do territorio.

Isto ven dado polo tipo de hábitat baseado no traballo directo do terre agrícola e do aproveitamento dos recursos naturais de cada lugar. No que á ocupación do solo se refire, en Galicia existen dous tipos xerais de implantación rural:

O hábitat concentrado, caracterizado por Otero Pedrayo -segundo menciona Pedro de Llano no seu libro *Arquitectura popular en Galicia*- basease pola *"localización de su población en núcleos distantes entre sí, con un buen número de vecinos y una actividad agrícola que puede alcanzar importantes extensiones de tierra, (...) dureza del clima y existencia de zonas montañosas, donde se aprecian grandes limitaciones de las superficies cultivables derivadas de las peculiaridades del relieve"*[25].

E o hábitat disperso, no cal a poboación distribúese en pequenos núcleos de poucos habitantes e moito máis preto entre eles. Débese salientar, como indica Pedro de LLano, a existencia dunha *"clara distinción*

[25] DE LLANO, Pedro - *Arquitectura popular en Galicia, razón y construcción.* A Coruña: Edicións Xerais de Galicia S.A., 2006, p. 31.

entre los asentamientos diseminados, denominación referida a la distribución de la población en pequeñas aldeas, y el hábitat disperso, designación que se da a un tipo de ocupación del territorio muy disgregado, basado en la utilización por los campesinos de caseríos aislados"[26].

Un dato esclarecedor desta situación atópase no mesmo escrito, no cal se explica que *"el país gallego, con una extensión de 29.153 kilómetros cuadrados, contaba en el censo de 1970 con 2.583.674 habitantes, de los que el 66% vivía en agrupaciones de menos de 1000 habitantes"*[27].

As principais causas deste tipo de hábitat son as de carácter físico (existencia de microclimas e solos dunhas características óptimas para a agricultura) e as condicionantes socioeconómicas (baseadas nunha economía rural dedicada á gandería e o autoconsumo grazas á supresión dos foros existentes na sociedade galega).

Como exemplo explicaranse tres casos correspondentes a tres parroquias dentro do Concello de Moaña: Domaio, Meira e Moaña (nesta explicarase a división que esta freguesía sufriu co paso do tempo, pasando de ser unha soa parroquia a englobar unha segunda), cunha disposición poboacional moi diferenciada pero cun mesmo principio en común. Antes de entrar nestes exemplos, conviña explicar a importancia da parroquia e os seus compoñentes no territorio galego.

Historicamente, a parroquia sempre foi a base organizativa e distributiva da sociedade galega, definida por Pedro de Llano como *"circunscripción territorial que a pesar de estar basada únicamente en la tradición, con un origen en los primeros tiempos de la cristianización de Galicia, y de no tener carácter de entidad administrativa con personalidad jurídica propia, forma, aún hoy, una unidad social, cultural y geográfica perfectamente delimitada. (...) La parroquia rural (...) actuó históricamente*

[26, 27] *Ibid.,* p. 31.

como unidad social básica de la comunidad campesina, centralizando sus actividades a través de cuatro tipos de prácticas fundamentales: productivas, mercantiles, religiosas y cívicas"[28].



Fig. 22 **Mapa de reparto dos tipos de poboación en Galicia (segundo Niemeier).**

[28] *Ibid.*, p. 33.

5.1.2 Estructuras

Xa dentro da parroquia, os núcleos poboacionais ca conforman, as aldeas, axudan a entender dun xeito máis minucioso o desenvolvemento da mesma. As aldeas ou casais son o exemplo claro de emprazamentos particulares e moi localizados dentro dun territorio parroquial.

Normalmente, o lugar de ocupación é un posto que cubre unha serie de necesidades básicas como a existencia dun punto de auga ou a protección contra ventos predominantes.

O profesor Carmelo Lisón define as aldeas como *"pequeñas comunidades donde es completa la participación individual de cada vecino, según la edad y el sexo, en cuidar de lo común, en las faenas del calendario agrícola, en los momentos importantes de la vida del individuo, en las alegrías, fiestas y penas.*

Nadie queda excluido. (...) la vivencia de la vecindad presenta mayor densidad moral cuando todos poseen algo en común, cuando todos se ayudan en todas las faenas, según una distribución equitativa de derechos y deberes; cuando todos participan en los ritos de transición de todos, y todos se sientan en momentos alegres o tristes en la misma mesa. En una palabra, cuando viven la vida en común"[29] .

A agrupación irregular destes núcleos habitacionais, xunto cunha rede de vías de comunicación internas cos unifiquen forman, basicamente, á citada parroquia.

Existen diversas clasificacións tipolóxicas nas que agrupar ás aldeas. Unha delas é a realizada por Otero Pedrayo que as clasifica, segundo Pedro de Llano, a partir da relación existente entre a vivenda, as dependencias secundarias e o solo existente no lugar, da seguinte maneira:

[29] *Ibid.,* p. 35.

- Aldeas e pobos grandes, coas edificacións xuntas, rodeadas polas terras de labor.

- Pobos constituídos por moradas familiares, situada cada unha no medio da horta, facendo todas elas un conxunto.

- Pobos integrados só por casas, mentres no campo álzanse as edificacións de uso agrícola.

- E, finalmente, pobos que xuntan nun mesmo grupo habitacións e dependencias para o cultivo

Por outra banda, Xosé Fariña Tojo realiza unha análise máis morfolóxica a través duns traballos de investigación máis completos e mellorados. A súa clasificación, seguida con detalle no presente estudio, abarca os seguintes elementos, que serán explicados con máis detalle para, a continuación, atopar a relación entre estes e os existentes no municipio moañés:

a) Aldeas pechadas

b) Os rueiros ou aldeas ó pé da estrada

c) Casais

d) Os grupos de aldea

En base á análise do mencionado Xosé Fariña Tojo pódense comprender perfectamente as características de cada un destes tipos. Tojo describe este variante ocupacional da poboación galega, como fai referencia Pedro de Llano, en relación ó asentamento de diversos núcleos en diferentes zonas xeográficas do territorio. Así, define:

a) **Aldeas pechadas** como *"un tipo de asentamiento característico del hábitat concentrado, en el que las distintas construcciones aparecen*

unidas entre medianeras, la mayor parte de las veces en torno a un camino - eje longitudinal del núcleo - contando, de vez en cuando, con salidas transversales sumamente estrechas. Forman estas construcciones grupos homogéneos articulados por esa red de caminos que en la aldea cerrada adquieren carácter de pequeñas calles, con las que en muchos casos se confunden las eras de las distintas casas"[30].

Aínda que neste tipo de ocupación é moi común a falta de solo cultivable e dependencias secundarias, Niemeier, dentro deste tipo de asentamento fai referencia *"a la existencia de aldeas cerradas con villar claro, frente al tipo ya descrito al que denomina aldeas cerradas con villar mixto"*[31].

Este tipo de implantación é moi típica, principalmente, nas zonas altas das serras galegas, nas cales existe unha falta apreciable de terreo agrícola e onde as condicións climáticas adversas fan con que a agrupación habitacional sexa a mellor protección, aínda que tamén poden aparecer noutras zonas como no litoral ou no vales.

b) **Rueiros ou aldeas pegadas á estrada** (o cal é o tipo de ocupación predominante no Concello de Moaña) son asentamentos situados *"a la orilla de un camino o de una carretera, surgidas como consecuencia directa de su existencia, se caracterizan por su estructura longitudinal a lo largo de la vía que les dio origen. Entre ellas es necesario destacar dos tipologías de características muy distantes: las nacidas en torno a las viejas vías de comunicación, y las nacidas en torno a la actual red de carreteras, sobre todo en el primer tercio de este siglo"*[32].

[30, 31] *Ibid.*, p. 35, 36.
[32] *Ibid.*, p. 36.



Fig. 23 **Planta de aldea pechada.**



Fig. 24 **Planta de *rueiro*.**

c) Os casais *"son pequeños grupos de casas que aparecen aisladas y rodeadas de huertas y prados, próximas entre ellas y nacidas generalmente en torno a un elemento de atracción, como puede ser un microclima favorable. Su articulación como núcleo no parece tan claramente definido como en los casos de las aldeas cerradas o de los rueiros"*[33]*.* A súa localización, normalmente, está nos vales de suave relevo e terras fértiles, onde as posibilidades de cultivo sexan considerables.

d) Os grupos de aldeas son agrupacións habitacionais nas cales existen diferentes tipos de asentamentos moi próximos entre si. Este acercamento pode ser tal que, no proceso evolutivo destas, cheguen a articularse e a crear, dunha maneira espontánea, unha nova forma de ocupación do solo composta por diversos núcleos e localizada só nese lugar con características moi particulares. Como Pedro de LLano indica, Fariña Tojo destaca tres tipos de agrupamentos habitacionais en territorio galego:

- *"Aldeas polinucleares con villar mixto o claro, que no son más que aldeas cerradas, con dos o más núcleos separados por una distancia inferior a los cien metros.*

[33] *Ibid.,* p. 39.

- Aldeas nucleares en nebulosa, formación de villar claro con una mayor distancia entre las casas-viviendas, que conservan su independencia e identidad.

- Parroquias en enjambre, bien sea con o sin aldea-núcleo, que se diferencian de las aldeas nucleares en nebulosa en que la importancia de sus entidades es inferior"[34]*,* é dicir, barrios.

Este tipo de asentamento é moi común nas zonas onde a densidade de poboación é alta, como por exemplo nas Rías Baixas, xa que a diversidade de formas de vida social existente pode dar lugar a estas agrupacións poboacionais.

5.2 Concello de Moaña: as súas parroquias

5.2.1 Meira, Moaña e Tirán

Outro das formas morfolóxicas de distribución habitacional é o existente na parroquia de Meira. Este tipo de asentamento é, como se explicou no capítulo anterior, un dos modelos principais presentes no litoral galego *(os rueiros*), baseado no xurdimento de aldeas ou núcleos concentrados situados o pé dunha vía e que deben a esta a súa existencia. Caracterízase por unha estrutura lonxitudinal ó longo desta vía.

A diferenza do asentamento anterior, o cal se preocupaba pola protección e o mantemento do solo agrícola, os chamados *rueiros* (asentamentos ó pé de vías) danlle prioridade á comunicación en detrimento da agricultura. Así, a densidade construtiva á beira desta é

[34] *Ibid.,* p. 39.

moito maior en comparación a calquera asentamento que teña como principal elemento ó cultivo agrícola.

Isto vese claramente á hora de comparar este tipo de distribución co existente na parroquia moañesa. Cabe salientar cas diferentes poboacións do concello articulan diversos tipos de asentamentos, o cal indica a gran variedade de necesidades, prioridades e posibilidades que tiñan os seus habitantes.

O último caso a analizar, referente ó lugar en estudio (a freguesía de Moaña), componse dun importante número de núcleos, os cales se caracterizan por diversos tipos de asentamentos ata o punto de, nalgúns casos, chegar a articularse entre eles, formando novos sistemas de ocupación espacial fora da morfoloxía típica galega mencionada anteriormente.

Antes de internarnos no análise territorial desta freguesía, é importante realizar un breve contexto histórico, no cal se explique a nova situación distributiva, administrativa e xurídica vivida por Moaña a partir da segunda metade do século XX. Ata ese momento, a parroquia de San Martiño era a única existente no actual territorio limítrofe de Moaña, xunto con Meira, Domaio e Tirán.

Será no inicio dos anos 60, concretamente no ano 1961(ano no que se realizou a primeira misa coa igrexa xa terminada), cando, coincidindo coa inauguración da igrexa do Carme na zona da *Praia,* se funde a nova parroquia do Carme que dividiu á parroquia en dúas, das cales a de San Martiño quedou notablemente afectada, xa que á marcha da poboación cara a nova parroquia foi moi numerosa.

Os motivos desta disgregación, que se especificarán dun modo máis detallado no seguinte capítulo, foron, principalmente, económicos e sociais, aínda que tamén houbo unha forte influencia relixiosa auxiliada polos mariñeiros que poboaban ó litoral moañés. Esta evolución espacial e distributiva é un exemplo claro de como un poboamento historicamente

agricultor e montañeiro (debido ás continuas invasións sufridas por mar durante o século XII) pasa a desempeñar un papel fundamental ó implantarse á beira do mar, onde a explotación dos grandes recursos que este facilita, torna á poboación nunha clara dirección marítima.

Isto vese reflectido no análise evolutivo das construcións onde, como tamén cita Manuel Uxío García Barreiro, *"a pesca marítima de baixura foi desprazando á agricultura e a gandería como primeira fonte de recursos de todos os moañeses, e con iso os seus habitantes comezaron a construción de vivendas nas zonas máis próximas ás praias das parroquias, percorrendo pouquiño a pouco a ruta que os ía levando cara ao mar"*[35].

É dentro deste contexto que se explicará, de forma conxunta, a evolución e os tipos de asentamentos que se atopan nestas dúas parroquias. Así, como no caso de Meira, observase unha liña perpendicular á costa marítima que ben dende a matriz poboacional de San Martiño.

Esta vía *(a Canesa),* ten no seu recorrido dous sistemas distributivos diferenciados: unha ocupación típica lineal *(os rueiros)* e outra máis concentrada, sobre todo na zona máis próxima ó mar. Nesta freguesía obsérvase á dualidade histórico-evolutiva que existe entre agricultura e pesca.

Os asentamentos implantados son resultado directo das solucións espaciais adoptadas pola poboación na obtención de recursos que as necesidades vitais desta provocaron.

Desta maneira, existe unha ocupación máis dispersa nas zonas medias-altas do val, onde a súa poboación dedícase principalmente a actividades agrícolas, e outra máis concentrada, típica nas rexións costeiras e nos núcleos ou aldeas situadas ó pé das vías.

[35] GARCÍA, Manuel U. - *Moaña no camiño do mar (1750-2006).* Moaña: Departamento de Cultura do Concello de Moaña, 2006, p. 14.

Na base destas distribucións poboacionais tipo prodúcense en zonas moi delimitadas e específicas articulacións entre estas, creando, de forma espontánea e irregular, novos elementos polinucleares diferenciados dos habituais no territorio galego e que serán abordados con rigor e detalle nos capítulos dedicados o estudio morfolóxico moañés entre a década dos 50 e os tempos actuais.



Fig. 25 **Ortofotomapa das freguesías de Moaña, Tirán e Meira, ano 2000.** *A ocupación territorial da poboación, como se observa, coincide coa superficie do solo apta para o desempeño da actividade agrícola, sendo as zonas máis altas do lugar, manchas forestais moi densas.*



Fig. 26 **Deseño representativo da ocupación territorial nas parroquias de Moaña (San Martiño e O Carme) e Meira.**



Fig. 27 **Imaxe aérea do camiño da *Canesa*, Moaña.** *A primeira e máis importante liña de comunicación entre ó mar e a montaña (parroquia matriz de San Martiño) foi o camiño da Canesa onde a densidade construtiva existente forma un dos asentamentos típicos galegos: os rueiros.*



Fig. 28 **Fotografía das escadas existentes no camiño da *Canesa*.** *Este camiño foi e aínda é moi utilizado pola poboación moañesa, xa que atravesa diversas zonas da freguesía de Moaña. Isto prodúcese por ser esta liña, perpendicular á costa, o traxecto máis curto entre a zona agrícola e a mariñeira.*

5.2.2 Domaio –a súa especificidade

Os diversos tipos de asentamento existentes no municipio moañés convérteno nun exemplo claro de concello polinuclear, é dicir, un lugar formado por parroquias nas que existen agrupacións tanto de núcleos poboacionais-construtivos (ou urbanos), como de aldeas de diversa índole. Como xa se citou anteriormente, son tres as parroquias nas que se identifican estas formas de ocupación territorial.

Un dos lugares, correspondente á parroquia de Domaio, baséase nun modelo moi local e particular no que á distribución das construcións se refire. Situado na parte baixa dun dos poucos vales con terras fértiles que posibilitan a actividade agrícola (hai que recordar que só un 20% do territorio moañés é viable para a práctica do cultivo, o resto é monte forestal), Domaio é un pobo que aproveitou ó máximo a explotación do solo agrario en termos espaciais.

Como se pode observar na *fig. 29*, a gran masa de vivendas está situada na parte exterior dos arredores deste formando, así, unha especie de anel que engloba ó territorio. Este cerco construtivo vai acompañado dunha liña viaria interna continua que comunica, da mesma forma circundante, todo este espazo.

Este tipo de morfoloxía distributiva ben a confirmar a importancia da agricultura nesta parroquia, na cal aínda na actualidade se segue desempeñando unha actividade agrícola importante.

Por este motivo, o territorio interior continua no mesmo estado, permitindo que a zona máis externa se desenvolvese rapidamente, sobre todo na franxa costeira correspondente ó paso da principal vía de acceso que atravesa á parroquia.



Fig. 29 **Planta cartográfica da distribución ocupacional de vivendas na parroquia de Domaio.** *A densidade construtiva nesta parroquia sitúase, principalmente, ó pé das vías de comunicación, exemplificando o tipo de asentamento predominante no territorio galego.*



Fig. 30 **Deseño interpretativo da relación construtiva-agrícola na parroquia de Domaio.** *O máximo aproveitamento do espazo agrícola nesta parroquia observase claramente neste deseño, no cal pódese apreciar a formación en anel das áreas construtivas habitacionais deixando libre, no centro do territorio, o solo dispoñible para a actividade agrícola.*

6. Características tipolóxicas dominantes

6.1 Galiza: a vivenda galega –da cultura castrexa a grande mudanza dos anos sesenta

6.1.1 A influencia xeográfica do lugar

Como xa se mencionou con anterioridade, os factores climáticos e xeográficos foron determinantes na arquitectura popular galega ó longo da historia. A busca de refuxio para a protección contra as condicionantes meteorolóxicas (tal como, ventos, chuvias, neve, sol…), e o asentamento en locais que cubriran as necesidades existentes en cada momento da historia, foron as bases que a poboación rural seguiu durante toda a súa evolución ata o gran cambio dos anos 60.

Desta maneira –segundo P. de Llano- explícano Amós Rapport no seu traballo *Vivienda y cultura, "El clima es un aspecto importante de las fuerzas que generan formas y tiene grandes efectos en las formas que el hombre puede desear crear para sí mismo"*[36].

Neste sentido -afirma Pedro de Llano- *"las diferencias climatológicas del país y sus variables fundamentales (…) actúan, pues, como factores condicionantes de las características de las distintas tipologías de la arquitectura popular"*[37].

Isto vese reflectido na ocupación territorial da poboación rural-campesiña ó longo da súa historia. Sempre se buscaban lugares onde existise un solo fértil para o cultivo e amplas zonas de pastos para alimentar ó gando.

Tamén, como xa dixemos, os factores climáticos tíñanse moito en consideración á hora de construír unha casa, xa que, por exemplo, en

[36] RAPOPORT, Amós. (1972), *"Vivienda y Cultura",* p. 111, in DE LLANO, Pedro - (op. cit.) *Arquitectura Popular en Galicia*. A Coruña: Edicións Xerais S.A., 2006, p. 43.
[37] DE LLANO, Pedro - *Arquitectura popular en Galicia, razón y construcción.* A Coruña: Edicións Xerais de Galicia S.A., 2006, p. 43.

moitas zonas do interior -onde o frío e os ventos eran unha constante- as casas aparecían cerca de pequenos vales ou sitios con irregularidades topográficas, os cales protexían as habitacións contra estas inclemencias meteorolóxicas. Outro elemento importante era a orientación solar. É evidente que para ter un bo aproveitamento da luz solar durante todo o día buscábase a mellor implantación e posición para que existise un óptimo soleamento na vivenda.

Tamén as características forestais poden actuar, en certas situacións, como elementos protectores contra os axentes climáticos. Así, como se indica na *fig. 31*, as masas arbóreas tamén eran utilizadas como barreiras perante os ventos existentes na zona.



Fig. 31 **Deseño que ilustra a forte implicación da topografía e das masas forestais na ocupación territorial da poboación.** *Para chegar a entender e coñecer a arquitectura popular, é imprescindible estudar e analizar o tipo de topografía do lugar e todas as súas características medioambientais, así como as relacións existentes entre estes e a propia vivenda.*

6.1.2 A evolución da casa campestre

No que a casa típica campesiña galega se refire, hai que salientar a importancia dos materiais de construción empregados para a súa elaboración. Este análise – síntese evolutivo será feito a partir da aparición da pedra como principal material utilizado nas técnicas de construción de vivendas. Neste sentido, o arquitecto Pedro de Llano, no seu traballo *Arquitectura Popular en Galicia*[38], realiza unha clasificación baseada en seis etapas da casa rural galega, as cales serán seguidas neste estudo:

- a vivenda castrexa
- a vivenda de planta rectangular
- a vivenda campesiña na Idade Media
- a casa-vivenda na Idade Moderna
- o estancamento do século XIX
- o século XX.

6.2.1.1 A vivenda dos castros galegos

As primeiras construcións das que temos coñecemento son as dos castros celtas. Neles, afirma Pedro de Llano, *"son relativamente abundantes los restos de fragmentos de barro y arcilla que presentan muestras de haber pertenecido al enlucido de un armazón de maderas, que formó parte del primitivo tipo de construcción de la casa castreña"*[39].

Outra achega neste tipo de arquitectura popular é a realizada pola profesora Romero Masiá, a cal afirma – segundo Pedro de Llano– que *"en el Castro de Cameixa, las distintas campañas de excavaciones realizadas permitieron llegar a la demostración de la existencia de cinco diferentes niveles de habitación (…) , tan sólo en el nivel superior, el quinto, se detectó la presencia de casas de piedra; en los otros cuatro niveles*

[38] *Ibid.,* p. 50.
[39] *Ibid.,* p. 51.

inferiores, los restos de las construcciones se reducen a la presencia de barro y arcilla con las consabidas muestras de palos y tablas imbricadas"[40].

Este cambio de material na arquitectura popular castrexa, aínda que dunha maneira moi primitiva e experimental, supuxo á aparición dunha técnica construtiva aínda hoxe desempeñada.

É precisamente neste momento da historia a partir do cal se comeza a caracterizar á construción castrexa en pedra (cachotaría), baseada en dous elementos principais: os muros de pedra e a cobertura cónica (realizada con diversos materiais vexetais).

Existe unha ampla variedade formal en termos de planta na casa castrexa, sendo a máis común a forma máis ou menos circular. A superficie desta era de catro ou cinco metros de diámetro aproximadamente, na cal, algunhas veces, se lle incorporaba un elemento denominado *vestíbulo* (entrada). O interior era constituído por un espazo único onde se realizaban tódalas labores domésticas de cada día. O solo estaba formado por unha pavimentación composta por terra, barro ou, en poucas ocasións, lousado.

Dentro deste habitáculo –segundo P. de Llano- *"encontramos únicamente dos elementos constructivos diferenciados: un pequeño lar constituido, según la profesora Romero, por un lugar en el suelo destinado a encender el fuego, con su base formada por una capa de arcilla, cantos rodados o un enlosado de piedras planas o losas de pizarra, rodeado de piedras puestas de canto en el suelo, para evitar que el fuego pudiese extenderse, y unos bancos corridos alrededor del muro, o sólo en una parte de él, en los que al parecer se sentaban los moradores de la vivienda para comer pasándose los alimentos en rueda"*[41].

[40] MASIÁ, Ana. (1976), *"El hábitat castreño",* p. 52, in DE LLANO, Pedro - (op. cit.) *Arquitectura Popular en Galicia*. A Coruña: Edicións xerais S.A., 2006, p. 51.
[41] *Ibid.*, p. 51-52.



Fig. 32 **Planta do castro de Coaña.** *Nesta imaxe obsérvase a tipoloxía circular predominante así como algunhas das dependencias anexas a ela (o vestíbulo).*



Fig. 33 **Restos arqueolóxicos no castro de Vilalonga.** *A Romanización marcou un antes e un despois na arquitectura popular de Galicia. As novas técnicas construtivas modificaron á tipoloxía das edificacións rurais campesiñas.*

6.1.2.2 A casa de planta rectangular

A chegada da Romanización a territorio galego supuxo a aparición de novas técnicas de construción ata entón descoñecidas que provocaron a desaparición das casas castrexas e propiciou a hexemonía dunha nova tipoloxía de vivenda: a casa de planta rectangular. Unha das grandes evolucións construtivas nesta etapa foi o descubrimento das esquinas como método de enlace entre muros pétreos.

Así no lo fai ver –segundo P. de Llano-, Xaquin Lorenzo, quen explica como eran este tipo de casas, xa que *"nos quedan restos de villas*

que nos dejan ver una organización sencilla de casas rectangulares, con paredes comunes a dos viviendas, de pequeño tamaño y con las puertas, como en las casas citanienses, a un nivel superior al del suelo"[42].

Todo este proceso, xunto coa substitución das coberturas cónicas polas coberturas a dúas augas, definen dunha forma clara a composición da casa campesiña durante un certo período de tempo.

6.1.2.3 A casa campestre na Idade Media

Durante a Idade Media hai que salientar que a evolución da nosa arquitectura popular ficou estancada. Só se concretan mínimos avances nas técnicas de construción, as cales se exemplifican nas edificacións típicas do momento.

Exemplo disto é a casa de dous pisos con escaleira exterior, de orixe romano, que xa aparece nesta etapa como resultado da relación existente entre as casas-vivenda máis simples e as tipoloxías máis comúns nese momento: a casa térrea e a casa con sobrado.

[42] LORENZO, Xaquín. (1972), *"Historia de Galicia",* p. 52, in DE LLANO, Pedro - (op. cit.) *Arquitectura Popular en Galicia*. A Coruña: Edicións xerais S.A., 2006, p. 51.



Fig. 34 **Casa térrea campesiña típica na Idade Media.** *Hai que dicir que o material máis frecuente na construción era a pedra (na constitución das paredes) e o colmo (material vexetal utilizado na cobertura).*



Fig. 35 **Planta e sección da casa térrea.** *A casa térrea campesiña caracterizábase pola coexistencia do espazo habitacional xunto o espazo dedicado ós animais. Este exemplo foi unha evolución desta tipoloxía de vivenda na cal a separación entre espazos era feita por medio dunha parede grosa de pedra (anteriormente facíase con paus de madeira ou simplemente compartían o mesmo espazo) e un desnivel realizado na parte das cortes dos animais.*

6.1.2.4 A aparición da casa-vivenda na Idade Moderna

A situación da arquitectura popular no decorrer dos séculos XVI e XVII non sufriu grandes modificacións en relación ás edificacións existentes na Idade Media, tanto na parte material como na construtiva.

A poboación rural (campesiña) continuaba a vivir nunha precariedade importante, con continuas epidemias e enfermidades como a peste e sendo vítimas dunha fame espallada por todo o territorio. É neste contexto no que se pode definir a situación da arquitectura popular galega.

Esta limitación social-económica e, como consecuencia, arquitectónica vese reflectida nos poucos textos existentes deixados por algún viaxeiro no seu paso por terras galegas. Así, -segundo P. de Llano- un viaxeiro italiano, describindo unha casa campesiña, relata o seguinte:

"Como de costumbre pasamos primero por el establo, y luego por la cocina, donde había varios cerdos. La cocina y el establo eran una sola habitación, dividida por una pequeña pared. En la cocina estaba la cama, hecha un poco de paja y unas mantas, pero sin sábanas, dentro de una especie de cajón hecho de madera… La limpieza era tal que todos los compañeros se encontraron cubiertos de bichos"[43].

Outro dato revelador é o deixado –novamente en base a P. de Llano- polo xastre francés Guillermo Manier á súa chegada a Salceda en 1726. Esta persoa afirma *"que la costumbre del país, para hombres y mujeres, es que se acuesten totalmente vestidos. Los animales duermen en la misma casa, con la reserva de unos palos que los separan. Los cerdos y otros animales están libres para andar fisgando en la noche por todos los rincones de la casa"*[44].

[43]DE LLANO, Pedro - *Arquitectura popular en Galicia, razón y construcción.* A Coruña: Edicións Xerais de Galicia S.A., 2006, p. 54.
[44] MANIER, Guillermo. (1962), *"Viajes de extranjeros por España y Portugal",* in DE LLANO, Pedro - (op. cit) *Arquitectura Popular en Galicia*. A Coruña: Edicións Xerais S.A., 2006, p. 54.

As citacións xa relatadas mostran a precariedade na que vivía naquel tempo o campesiño. É evidente que a casa-vivenda, ata ese momento, estaba destinada a cubrir unhas necesidades mínimas a partir dunha agricultura primitiva e pouco evolucionada.

Só algunhas zonas de Galicia manifestan un certo desenvolvemento xustificado a través da existencia de esporádicas vivendas de dous pisos. Isto fai entender as poucas diferenzas existentes entre a arquitectura popular da Idade Media e a Idade Moderna.



Fig. 36 **Casa campesiña de dous pisos no Concello de Moaña.** *As casas de dous pisos con paredes comúns a dúas casas ou dependencias con escaleiras de acceso ó piso superior foron moi comúns no territorio galego a partir do s. XVIII.*



Fig. 37 **Casa de dous pisos con patín.** *Un elemento importante na casa-vivenda é o acceso o primeiro piso. Este é feito, polo exterior, a través dunha escaleira de pedra que desemboca na porta da entrada de forma directa ou por medio dun descanso denominado patín.*

6.1.2.5 O estancamento do século XIX

Coa chegada dun novo século, a arquitectura popular galega vai experimentar un discreto desenvolvemento grazas, por unha banda, a certos avances nas técnicas de cultivo e, pola outra, a novos coñecementos construtivos obtidos da arquitectura culta.

Este fenómeno axudou en grande medida ó aumento da construción de casas-vivenda de dúas plantas en todo o territorio galego. Tamén salientar a importancia do proceso de estancamento económico existente neste momento da historia galega, o cal foi o grande responsable da evolución morfolóxica da casa-vivenda.

Como nota, mostrar de forma clara este cambio xeneralizador da tipoloxía edificatoria, grazas os estudos realizados polo profesor Barreiro

Fernández nos que afirma –segundo P. de Llano- que *"en la parroquia de la Pousada se venden entre 1849 y 1862, tres casas de planta alta que cuentan con cocina, horno, establo y alcoba. En Lestedo se venden entre 1858 y 1859 una casa, en el primer año la plata de arriba y al siguiente la inferior. En la parroquia de Lamas, una casa que consta de cocina, hórreo y dos habitaciones en el piso alto…"*[45].

6.1.2.6 A situación do século XX

A situación vivida no inicio do século XX ven definida, de maneira simple e clara, polas palabras de Don Manuel Azaña realizadas despois dunha viaxe por terras galegas no ano 1918.

Este ilustre personaxe da historia de España –sempre segundo P. de Llano- observa que *"las aldeas se componen de chozas fétidas (…) Una portezuela da a un cobertizo o establo, y todo huele a establo; a berzas podridas.*

Allí viven revueltos, hombres y bestias. En todo el camino de A Coruña a Compostela no se encuentra ni una sola casa de campo, quinta o habitación o lo que sea, que denote bienestar, holgura, limpieza; no hay más que las viviendas de los esclavos…"[46]

Será máis tarde, a partir da explotación intensiva da agricultura, cando as condicións de habitabilidade comecen a mellorar. Tal avance foi consecuencia dun avance agrario, propiciado pola diversificación e intensificación na produción agrícola, melloras na comercialización, novas técnicas de cultivo e a inxección económica procedente da emigración. Todo este progreso foi o que levou á transformación da arquitectura popular no que coñecemos hoxe en día.

[45] FERNÁNDEZ, X. Ramón. (s/ data), *"Tesis doctoral",* p. 518, in DE LLANO, Pedro - (op. cit.) *Arquitectura Popular en Galicia*. A Coruña: Edicións Xerais S.A., 2006, p. 56.
[46] DE LLANO, Pedro - *Arquitectura popular en Galicia, razón y construcción.* A Coruña: Edicións Xerais de Galicia S.A., 2006, p. 56.



Fig. 38 **Imaxe dunha lareira.** *A lareira, base ou plataforma pétrea sobre a que se acendía o lume, era o elemento principal da cociña. O seu redor á familia comía, falaba, descansaba, etc.*



Fig. 39 **Casa térrea con sobrado (planta e sección).** *A edificación intermedia entre a casa térrea e casa-vivenda de dúas plantas foi a casa con sobrado. Esta era unha habitación con dous espazos diferenciados: o destinado para a familia e as cortes dos animais. A súa principal característica, o sobrado, era unha simple plataforma de taboleiros de madeira situado baixo a cobertura onde, nun primeiro momento, se almacenaban os alimentos dos animais nos meses de inverno para, despois, evolucionar e converterse nunha pequena zona-dormitorio a cal se accedía por medio dunha escaleira de man.*



Fig. 40 **Casa-vivenda de dous pisos con corredor (planta e alzado).** *O corredor orixinouse como evolución o denominado patín ou patamal. Este elemento creaba unha zona que recibe o nome de balcón, definido como unha prolongación da cobertura pavimentado en madeira e realizado á cota da primeira planta. Esta zona, que ocupaba gran parte da fachada principal, era utilizada para diversas tarefas domésticas tais como colgar a roupa a secar, conservar e poñer a madurar cultivos e vexetais, facer costura, descansar, xogar, etc.*

6.1.3. A relación vivenda-sociedade

A parte dos condicionantes xeográfico e climático, é importante definir de que maneira a casa pode influenciar ós seus habitantes e viceversa.

Para iso, é necesario coñecer e estudar á vivenda non só como edificio, senón como un elemento destinado a satisfacer unha serie de necesidades vitais para o ser humano tales como o descanso, o refuxio, o alimento, a sociabilidade coas persoas existentes ó redor (veciños), a tradición, etc.

É debido a este tipo de situacións polas que se atopan diversas formas, construcións, culturas, tradicións, tipos... existentes en diferentes rexións e lugares.

Durante toda a evolución da nosa arquitectura popular, os campesiños foron creando construcións e espazos que deran resposta a unha serie de crenzas e a unha base tradicional herdada que irían marcar as pautas e a influír de maneira decisiva no concepto de habitabilidade.

Así ó explica o profesor Carmelo Lisón –segundo P. de Ll.- no seu traballo *Antropología cultural de Galicia*, no cal afirma que *"la construcción de la casa está acompañada por numerosos rituales de carácter preventivo. A veces, depositan una moneda debajo de la primera piedra, o mezclan con los materiales de la cimentación gotas de sangre de un animal doméstico sacrificado. En ciertas áreas celebran el remate de la casa con bailes y fiestas."*[47]

Outro exemplo de ideas preventivas tradicionais de construción é a que compete á división de espazos interiores. Nas casas-vivenda de dous pisos, existentes nas zonas rurais da provincia de Pontevedra, era moi común que o corredor fóra o elemento principal na definición das distintas

[47] LISÓN, Carmelo. (1971), *"Antropología cultural de Galicia",* p. 377, in DE LLANO, Pedro - (op. cit) *Arquitectura Popular en Galicia*. A Coruña: Edicións Xerais S.A., 2006, p. 44.

dependencias habitacionais pensadas para o piso superior. Normalmente, era o construtor ou o responsable da obra quen, por medio dunha "vara", definía o recorrido e as dimensións do corredor.

Esta prioridade, designada á circulación na vivenda, ven dada pola necesidade dunha boa e eficiente comunicación entre as habitacións e a porta de acceso xa que, por exemplo, antigamente os velorios eran feitos na casa do defunto polo que a caixa fúnebre tiña que saír polo corredor. É por isto que a vara mencionada tiña a mesma anchura estándar que un ataúde para o defunto.

É evidente que, como xa vimos, un pobo asentado nunhas bases culturais fundamentadas en crenzas e tradicións herdadas exerce unha forte influencia na súa arquitectura.

Un dos elementos no que, dunha forma máis incisiva, se fai notar é no *lar*. O profesor C. Lisón define a lareira -segundo Pedro de LL.- como *"el sancta santorum de la casa, el centro de la vida familiar. Es la parte de la casa que más en contacto está con sus moradores, la más íntima, pero no sólo es eso, el lar posee un aureola sagrada"*[48].

Por último, débese salientar a importancia das actividades agrícolas na arquitectura popular xa que estas, en moitos casos, relegan ás dependencias habitacionais a un segundo plano. Isto demostra de que maneira a agricultura e a gandería eran decisivas para a subsistencia do campesiño galego.

[48] LISÓN, Carmelo. (1971), *"Antropología cultural de Galicia",* p. 377, in DE LLANO, Pedro - (op. cit) *Arquitectura Popular en Galicia*. A Coruña: Edicións Xerais S.A., 2006, p. 44-45.



Fig. 41 **Imaxe dunha cociña.** *A cociña segue sendo un espazo que pode albergar multitude de funcións e usos. Aparece normalmente na planta baixa das casas, cerca das cortes dos animais, para manter quente toda a casa,.aínda que tamén, en certas zonas de Galicia, pode situarse no primeiro piso da mesma.*

6.1.4 A arquitectura mariñeira

Como non podía ser doutra maneira, a arquitectura mariñeira foi protagonista indiscutible durante o proceso de transformación da sociedade costeira galega, no cal pasouse da hexemonía secular do campesiño ó desenvolvemento dun sector pesqueiro que exerceu de guía no descenso da poboación cara ó mar.

Debido a esta situación, a análise e explicación deste tipo de arquitectura popular vese imprescindible para chegar a comprender as bases e costumes dunha sociedade mariñeira que, a partir do século XVIII, comezaba a evolucionar e a crecer de forma exponencial.

É evidente que este descenso poboacional en busca dun establecemento próximo da zona de traballo trouxo consigo a aparición de novas necesidades para a sociedade mariñeira, así como grandes modificacións na ocupación do solo que, consecuentemente, produciu o crecemento de novos asentamentos e novas tipoloxías de habitación.

6.1.4.1 Tipos de asentamentos mariñeiros

Desta maneira, e como acontecía coas vivendas campesiñas, o mariñeiro tivo que dar resposta a unha serie de necesidades básicas que a nova situación social e laboral lle formulaba.

Así, dependendo do lugar onde se atopara, estes factores convertéronse nas pautas seguidas pola poboación no seu día a día, levando a unha clara caracterización da súa arquitectura mariñeira popular.

Os emprazamentos escollidos polo mariñeiro tiñan un forte condicionante xeográfico e climático. Buscábanse zonas profundas que protexeran os seus barcos, ademais de cantos ou lugares provistos dalgún accidente xeográfico que defendera ás vivendas dos fortes ventos do mar e que permitira o desenvolvemento das súas actividades mariñeiras.

Isto deu lugar –segundo P. de Llano- os seguintes tipos de asentamento:

- *"**Pueblos marineros concentrados**, con el fin de buscar la mayor proximidad y fácil acceso a una cala que posibilitase la construcción de un muelle dotado de rampas que facilitasen la rápida recogida de las embarcaciones al llegar los temporales. Sus edificaciones, que ven reducida su función al simple papel de viviendas, se van amontonando, sin dejar espacios libres, en hileras de casas adosadas (…) agrupadas en busca de zonas menos batidas, en función de la forma y de la naturaleza del suelo, ocupan la totalidad del espacio protegido, dando lugar a estrechas y tortuosas calles paralelas al mar, que buscan el trazado de las curvas de nivel.*
- ***Agrupaciones creadas en torno a un fondeadero** protegido del norte por alguna pequeña península que posibilitase la construcción de un muelle. En ellas, la primera agrupación de construcciones busca el abrigo del promontorio incrustado en el mar, uniéndose al cabo del tiempo con las zonas posteriormente ocupadas en la costa, por medio de la densificación del espacio existente en torno al camino que comunica ambos núcleos.*
- ***Núcleos enclavados en el margen más protegido de la desembocadura de algún río,** generando una tipología de asentamiento estructurado en torno a una primera hilera de edificaciones situada sobre la ribera, a la que posteriormente se unen otras calles paralelas tras su fachada posterior, cruzadas, también, por pequeñas calles transversales que las unen con la línea de costa.*
- ***Entidades de población situadas en alguna de nuestras rías** y localizadas sobre alguna playa en la que con posterioridad se ha construido un pequeño puerto pesquero, y consistentes en un núcleo consolidado sobre una superficie sin notables desniveles en base a una primera línea de edificaciones con*

frente al mar, a veces con acceso desde la arena, y un conjunto de calles normales a ella que se comunican por callejas nunca continuadas, con el fin de evitar los efectos de los vientos.

- *Por último,* ***los caseríos esparcidos sobre un tramo de la costa,*** *a veces construidos sobre las propias dunas, que en ocasiones se unen para generar un único núcleo estructurado sobre la red de caminos originada por la dispersión inicial"*[49].

Parece bastante claro que a xeneralización das características ocupacionais e, como consecuencia, edificatorias é case que imposible, xa que as bases e regras para a súa definición, como son o clima e a xeografía, mudan dun lugar a outro.

Así, poderase atopar núcleos de poboación cun gran número de alternativas, tanto construtivas como distributivas, dadas polos mariñeiros no seu local de emprazamento. Aínda así, a vivenda mariñeira conta cunhas características propias claramente diferenciadas, xeradas pola particular forma de vida dos seus habitantes.

6.1.4.2 Caracterización das edificacións

A casa-vivenda mariñeira normalmente ten unhas dimensións menores á casa campesiña, xa que as actividades que nesta se realizan están directamente relacionadas coa vivenda, mentres que o día a día do pescador é desempeñado no local de traballo, ó mar.

Este tipo de construción sitúase comunmente no interior dun núcleo compacto de edificacións e moitas veces entre medianeiras, aínda que isto lles sucede, de forma máis predominante, ás casas emprazadas na primeira liña de costa.

[49] DE LLANO, Pedro - *Arquitectura popular en Galicia, razón y construcción.* A Coruña: Edicións Xerais de Galicia S.A., 2006, p. 167-169.

No que á distribución se refire, a vivenda está composta por diversos espazos dedicados unicamente á labores domésticas de habitabilidade dos inquilinos, eliminando ás dependencias adicionais, típicas da casa campesiña, por un só lugar onde se almacenan os elementos propios das actividades pesqueiras, tales como as redes, os remos ou os aparellos de pesca.

"La vivienda propiamente dicha, -afirma Pedro de Llano- *posee normalmente una sala frontal que en muchas ocasiones incumplirá su función rural como habitación de respeto, transformándose en un espacio en el que se amontonan las camas de buena parte de la familia; una cocina de muy pequeñas dimensiones, ocupada por la mesa de comer y una lareira de pequeño tamaño y considerable altura, a medio camino entre el lar campesino y el fogón urbano; unos diminutos cuartos interiores, en los que apenas hay más espacio que el ocupado por las camas, y una última dependencia situada debajo de la cubierta, tan sólo presente en algunas ocasiones, en la que se situaba un nuevo dormitorio o el almacén de las redes"*[50].

Estas características están presentes ó longo de toda a costa galega, aínda que dependendo do local onde se sitúen as tipoloxías de edificación van variando espacial e construtivamente. É por isto que Pedro de Llano intenta realizar unha aproximación a diferentes modelos tipolóxicos de casas-vivenda mariñeiras. Este autor clasifica ás edificacións en catro grandes grupos compostos de singularidades propias espaciais e distributivas[51]:

a) *A casa térrea*, aínda existente nalgunhas zonas da costa galega
b) *A casa do pincho*, con fachada principal no muro piñón, característica da Galicia do medievo.
c) *A casa con patín*, predominante nas Rías Baixas, baseada na existencia dun acceso exterior.

[50, 51] *Ibid.,* p. 170.

d) *Vivendas de dous ou máis pisos entre medianeiras,* constituídos por subtipos: a casa con corredor, ou galería, e a casa con soportal.

a) A casa térrea

É a tipoloxía máis primitiva de casa mariñeira, situándose en zonas pobres e batidas da costa, ou de difícil comunicación. A súa distribución é bastante simple, baseada na existencia dun único espazo, ventilado pola porta de entrada, no que se reparten a cociña, a sala e as zonas dormitorio. A súa planta rectangular é de dimensións moi reducidas, e os medios utilizados escasos.

A evolución desta vivenda trouxo consigo a aparición das casas de baixo e unha altura, moitas veces sen comunicación entre elas. Outro espazo creado foi o faiado. Localizado baixo o tellado e utilizado, no inicio, como almacén de utilidades pesqueiras, rapidamente pasou a desempeñar unha función máis residencial como dependencia adicional onde se situaba unha das zonas-dormitorio.



Fig. 42 **Tipoloxías de casa térrea.** *Establecer unha tipoloxía distributiva deste tipo de casa é bastante simple xa que os elementos utilizados son moi básicos e as dimensións espaciais reducidas.*



*Fig. 43 C***asa térrea.** *A casa térrea estaba composta, principalmente, por unha soa abertura pertencente á porta de acceso, a cal servía para iluminar e ventilar a vivenda. As divisións interiores eran feitas por medio de táboas simples de madeira ou de tabique.*

b) A casa do pincho

Esta tipoloxía de vivenda caracterízase pola presenza dun dos seus muros piñóns na fachada principal da edificación. Esta casa, normalmente situada entre medianeiras, ten como exemplo máis simple –segundo Pedro de Llano- unha edificación térrea *"de entre 3 y 5 metros de fachada, con los huecos de iluminación reducidos a una puerta y a una pequeña ventana frontal, a veces inexistente, distribuidas según (…) esquemas tipológicos básicos"*[52].

A casa de dúas plantas será o resultado evolutivo desta tipoloxía. Isto ven dado pola transformación do sobrado nunha planta corrida, grazas a elevación dos muros da construción. Neste piso iranse a situar os

[52] *Ibid.,* p. 175.

cuartos, a sala e, nalgúns casos, a cociña, deixando a planta baixa como almacén ou dependencia de labor pesqueira.

Construtivamente a casa do pincho ofrece exemplos de avanzadas técnicas de construción xunto cunha gran variedade de solucións. Os seus muros son erguidos por medio de grandes pedregullos ou perpiaños revestido cun caleado.

Así mesmo, a cobertura está composta –segundo Pedro de Llano- por dous elementos particulares: *"un capiado de losas que en muchas ocasiones cubre el muro piñón para proteger de posibles filtraciones la unión del muro con el tejado, y unos grandes canalones de cantería sobre el muro medianero, que tienen por objeto recoger las aguas de la techumbre y darles salida hacia la fachada mediante unas elementales gárgolas"*[53].



Fig. 44 **Casa do pincho.** *O exemplo máis simple nesta tipoloxía –segundo P. d Ll.- é o composto por construcións térreas de entre tres e cinco metros de fachada, con ocos de iluminación reducidos a unha porta e unha pequena ventá frontal, a veces inexistente.*

[53] *Ibid.,* p. 179.

c) A casa con patín

Esta era a única tipoloxía con acceso exterior ó piso superior da vivenda. O *patín*, definido como unha plataforma utilizada como descanso á entrada principal da planta superior, sitúase normalmente na fachada principal tendo no seu haber unha grande variedade de solucións construtivas. A máis común é a constituída por unha escaleira de pedra dun só tramo paralela á fachada.

A superficie desta tipoloxía vai dos seis metros ós dez metros de fachada, nas que xa se mostran as dependencias e os espazos presentes nas casas máis desenvolvidas da vivenda mariñeira.

A distribución espacial é moi semellante á casa de dúas plantas, tendo no piso superior a parte das funcións de habitabilidade, deixando desta maneira o almacén na planta baixa para gardar e realizar as labores ou actividades pesqueiras.



Fig. 45 **Tipoloxías en planta de casas con *patín*.**



Fig. 46 **Deseños casa con patín.** *Esta tipoloxía ten como característica propia a existencia do patín ou patamal. Este patín fai con que sexa o único tipo de vivenda con acceso exterior ó piso superior. En moitas ocasións, este acceso é cuberto pola prolongación do tellado sen a presenza de calquera tipo de varanda ou pasamáns.*



Fig. 47 **Casa con patín en Cangas.** *Esta vivenda permite a diferenciación das actividades cotiás do mariñeiro: as pesqueiras e as domésticas. Desta maneira, a planta superior queda destinada á presenza da cociña, sala e cuartos, deixando na planta baixa a zona para o almacenamento (redes ou utensilios de pesca) e labor das actividades pesqueiras (preparación de redes, reparación dos aparellos, etc).*

d) Vivendas de dous ou máis pisos entre medianeiras

d.1) A casa entre medianeiras

Esta é a tipoloxía predominante nas zonas da Galicia mariñeira, tendo varias subtipoloxías no seu haber. Forma parte dun núcleo unificado de construcións e a súa fachada principal vai dos dous ós seis metros de lonxitude.

Segundo Pedro de Llano, unha *"solución muy extendida en este tipo de edificación es la utilización del desván como una dependencia más de la vivienda (…) llegando a construirse la cubierta a una sola agua, con objeto de ganar altura"*[54].

[54] *Ibid.,* p. 183.

A súa altura sitúase entre as dúas e tres plantas, onde a súa distribución espacial segue a mesma liña que as vivendas mariñeiras anteriores de máis dunha planta, é dicir, deixando a planta baixa como almacén para as actividades de pesca e tendo na planta superior unha distribución de habitabilidade doméstica baseada nas posibilidades que as súas dimensións e lonxitude permiten.

Os ocos deste tipo de vivenda son moi escasos, existindo practicamente só na fachada frontal definidos pola porta de acceso e por unha ventá na planta baixa e varias aberturas (portas-balcóns ou ventás) no piso superior. No que a cobertura se refire, a solución máis empregada é a existencia de dúas augas cunha cumieira paralela á fachada.



Fig. 48 **Tipoloxías de casas entre medianeiras.** *Como se pode apreciar en estes exemplos tipolóxicos, a distribución espacial queda limitada ás dimensións e lonxitude das vivendas. A diferenza da casa patín, este tipo de edificacións teñen no seu interior as escaleiras de acceso ó piso superior. O estreito da súa fachada principal xunto coa profundidade da construción son características típicas das casa mariñeiras entre medianeiras.*



Fig. 49 **Casa entre medianeiras.** *Esta é a tipoloxía máis común na costa galega, moi presente na primeira liña de costa.*

d.2) A casa con corredor

O corredor aparecía, ata fai moi pouco tempo, como elemento común nas casas mariñeiras de Galicia. Segundo Pedro de Llano, *"sus condiciones como solución arquitectónica que posibilita una más favorable relación entre el interior y el exterior de la vivienda, hacen de él un elemento sumamente útil en las poblaciones costeras, con distintas soluciones que recogerán las peculiaridades climatológicas de cada comarca, en base a dos alternativas básicas: la parcialmente cerrada, que sirve como protección de los huecos de la edificación contra el viento y la lluvia, presente en toda la costa cantábrica; y el corredor bien soleado que en la costa meridional se convierte en una dependencia más de la vivienda"*[55].

Este mesmo autor realiza unha clasificación destes corredores en función dos apoios, dos muros laterais de cachotaría ou dos fortes canzorros de pedra:

- *"**El primero** de los casos consiste en un piso formado por tablas o grandes losas de pizarra, apoyadas sobre ménsulas de madera y un tosco antepecho de tablas o balaústres verticales, con unos apoyos que se ensamblan en unas columnas del mismo material, sobre las que se asienta la cubierta.*
- ***El segundo** tiene una balconada corrida que ocupa totalmente la fachada, cerrada lateralmente por la prolongación de los muros de cerramiento de la edificación. En estos muros se empotra una viga longitudinal sobre la que apoya el entarimado del corredor, protegido frontalmente por un antepecho formado por balaústres de madera, también fijado en esos muros y cubierto por el propio tejado de la edificación.*
- ***El tercero** es el que nos ofrece los más elaborados ejemplos de este elemento arquitectónico existentes en Galicia. Sus canzorros de granito (…) son, en ocasiones, sustituidos por*

[55] *Ibid.,* p. 186.

grandes ménsulas de piedra ensambladas en el muro, sustituyendo los entarimados generalmente utilizados con este fin"[56].



Fig. 50 **Casa de dous pisos con corredor (plantas e alzado).** *En moitas ocasións, o corredor pasa a desempeñar un papel imporante dentro da vivenda, converténdose nunha dependencia máis, tanto se está ben soleado como aberto cuberto pola prolongación do tellado. Diversas son as funcións ou actividades que poden desempeñar neste elemento arquitectónico, tais como descansar, charlar, tender a roupa, protexer a vivenda dos ventos e a chuvia…*

[56] *Ibid.,* p. 186.



Fig. 51 **Casa de dous pisos con corredor.** *O corredor foi un dos elementos construtivos máis comúns e xerais nunha grande parte das edificacións da Galicia mariñeira.*

d.3) A casa con soportal

As características deste subtipo de construción baséanse –segundo P. de Ll.- *"en la aparición del espacio abierto del soportal como único elemento diferencial con respecto a la casa con corredor. Un espacio que, en función de sus peculiaridades, dispondrá de un fondo que varía entre el metro y medio y los cinco metros, cubierto en el primer caso por una ancha galería o corredor que, en el segundo, crecerá sobre la fachada, para dar lugar a una nueva dependencia utilizada como sala-dormitorio.*

La planta terrera de la casa con soportal –continúa este autor- *aparece, por lo tanto, distribuida en base a la presencia de un espacio frontal cubierto, abierto al frente y comunicado por sus caras laterales con los soportales de las edificaciones colindantes. Su uso varía en cada caso en función de sus dimensiones (…), simple soportal cubierto de acceso a la vivienda (…) o donde se llegan a guardar los barcos pertenecientes a sus propietarios"*[57].

Ó fondo do soportal, indicar a presenza dunha porta que nos leva a un distribuidor dende o cal, a través dunha escaleira, accederase á vivenda, en un portalón que contén no seu interior un espazo, normalmente sen divisións, no que se gardan as redes e utensilios de pesca.

No que á técnica e composición construtiva se refire, é de salientar á estrutura consistente en columnas de sección circular ou cadrada, distanciadas dous metros, aproximadamente, da fachada, sobre as cales aséntanse as vigas que aguantan o piso do corredor.

[57] *Ibid.,* p. 191-192.



Fig. 52 **Casa con soportais.** *Unha das principais características destas casas é a existencia dun espazo aberto do soportal como único elemento diferencial en comparación coa casa con corredor.*



Fig. 53 **Soportais nun lugar mariñeiro.** ***A estrutura do soportal era soportada, nos casos máis complexos, por unha cruxía da*** *edificación baseada nun muro formado por perpiaños de granito nos que se asentan os "canzorros", dotado de tres ocos: un arco inferior e dúas portas de acceso ó balcón, unido ó corpo principal da vivenda pola estrutura composta de vigas de madeira e pechado lateralmente por tabiques de "pallabarro".*



Fig. 54 **Vivendas con soportais en Combarro.** *A base distributiva deste subtipo de edificación consta dun espazo frontal cuberto, aberto á fronte e comunicado polas súas caras laterais cos soportais das construcións colindantes.*

6.2 Moaña: a tipoloxía da casa mariñeira e campestre no municipio

6.2.1 A relación entre a vivenda e o habitat moañés

Como xa vimos anteriormente, durante toda á historia da arquitectura popular en Galicia, a relación existente entre a vivenda e o seu hábitat foi moi estreita. A vivenda sempre estivo condicionada, sobre todo, por dous factores indiscutibles: o clima e a xeografía.

Os lugares onde se asentaba a poboación eran escollidos por dar resposta a unha serie de necesidades propias daquela sociedade rural. En Moaña esas necesidades baseábanse na explotación de actividades do sector primario, principalmente as agrícolas, gandeiras e pesqueiras, dentro dunha economía autoconsumista que remataría nos anos sesenta do século XX coa chegada do capitalismo.

Así, tal e como sucedera no sector agrario en canto á súa localización, a poboación pesqueira ocupou locais moi particulares, tendo no seu haber algunha característica propia que favorecía as labores de pesca implantadas na freguesía como, por exemplo, zonas protexidas dos ventos predominantes ou sitios onde, polas súas peculiaridades, a localización dun pequeno porto pesqueiro fose o idóneo.

Este tipo de arquitectura popular foi sinónimo dunha conciencia social baseada no respecto pola natureza e polos recursos que desta se obtiñan.

É evidente que a forma de vida existente na parroquia anterior á mediados do século XX, tiña como base o equilibrio entre a explotación e a protección destes recursos naturais primarios que conformaban os cimentos dun modo de subsistencia e, polo tanto, de supervivencia.

Como exemplo desta íntima relación casa / habitat, pódese explicar calquera dos condicionamentos propios desta arquitectura popular, tales como o clima, a tecnoloxía construtiva ou os materiais empregados para a mesma.

No que se refire a este último, a súa utilización dentro do ámbito local trouxo consigo a creación dunha arquitectura autóctona formada por unha serie de características edificatorias comúns a todas elas definidas pola súa textura, forma e carácter. Isto fixo con que se inserisen no entorno físico-paisaxístico de modo a fundirse con el.

É dentro deste contexto que ata a metade do século XX a tipoloxía edificatoria tradicional en Moaña, tanto campesiña como mariñeira, foi resultado de todos estes condicionantes, que lle conferiron á parroquia moañesa (como ocorreu coas demais parroquias en territorio galego) unha identidade propia que, pouco a pouco e como veremos máis adiante, foise apagando.

Por último salientar a escasa, por non dicir nula, presenza de edificacións típicas da arquitectura popular galega na parroquia moañesa. Practicamente todos os exemplares existentes na actualidade sufriron procesos de degradación, ben por abandono da propia construción ou polo descoñecemento dos propietarios ou construtores en relación ás intervencións de “restauro” e “rehabilitación” realizadas na vivenda, que acabaron por facer moi difícil a comprensión e descrición da arquitectura autóctona popular en Moaña.



Fig. 55 **Casa típica da arquitectura popular moañesa en estado de abandono.** *O abandono e posterior degradación deste tipo de edificacións viu dado pola masiva saída da poboación, a partir da década dos 60, dos seus asentamentos rurais cara núcleos urbanos industriais, dentro das cidades máis desenvolvidas, en busca dun traballo e dunha vida mellor.*



Fig. 56 **Intervención sufrida por unha *casa do pincho* en Moaña.** *Coa chegada tardía da revolución industrial produciuse unha estandarización dos materiais de construción que, xunto cunha errónea utilización dos mesmos por uns construtores sen ningún tipo de coñecemento tecnolóxico, provocaron a aparición de fortes e incorrectas transformacións nas edificacións.*

6.2.2 A casa campesiña

6.2.2.1 A edificación campesiña moañesa nos nosos días

Antes de comezar a descrición tipolóxica dalgúns exemplos de casas campesiñas no municipio moañés, faise oportuno mencionar as grandes dificultades xurdidas á hora de atopar edificacións populares orixinais que non foran abandonadas ou obxecto de falsas imitacións e incoherentes intervencións.

Aínda así, resisten vivendas típicas de finais do XIX ou principios do XX, as cales son recoñecibles na actualidade dentro da nosa arquitectura tradicional. Esta permanencia é debida, na maioría dos casos, a un uso cotiá destas construcións por parte da escasa poboación rural que ficou nas súas terras durante o período migratorio iniciado no 1960 cara os asentamentos industriais-urbanos das principais cidades galegas.

A chegada, lenta e tardía, da industrialización (que provocou, entre outras moitas cousas, o inicio da edificación por medio de novas técnicas de construción e "modernos" materiais en serie, como o ladrillo ou o aluminio, que desprazaron ós autóctonos ata case a súa desaparición construtiva) e o abandono en masa dos núcleos rurais fixo con que este tipo de edificacións quedase indefenso perante o implacable paso do tempo, sempre acompañado polas adversas condicións climáticas, o desgaste natural dos materiais e a degradación propia do desentendemento da construción por parte dos seus propietarios.

É, unha vez máis, dentro deste contexto no que se describirán, de forma xeral e sintética, algúns exemplos deste tipo de edificación popular.

6.2.2.2 Exemplos tipolóxicos de vivenda popular en Moaña

a) A casa do campesiño humilde

O estudar as diferentes tipoloxías de edificación campesiña en territorio galego, unha das conclusións que se obtén fai referencia a inexistencia dun modelo único que defina completamente a vivenda popular campesiña.

A presenza dun microclima propio na zona xunto coa formación dun solo fértil de características óptimas para o cultivo fai da parroquia moañesa un lugar idóneo para a realización das labores agrícolas do campesiño (como así sucedeu durante toda a súa historia).

As actividades agrícolas e gandeiras máis desempeñadas como eran o cultivo de millo, patacas, legumes ou a cría e coidado de animais domésticos (porcos, galiñas, ovellas, bois, vacas…) fixeron con que, dependendo daquilo ó que se dedicara maioritariamente, o campesiño distribuíra as dependencias da casa en resposta a estas necesidades.

Aínda así, como é evidente, todas as edificacións da zona comparten diversas características xa que, por un lado, as necesidades básicas do campesiño son as mesmas e, polo outro, ó ser unha freguesía relativamente pequena, os poucos profesionais da construción encargados de levantar as vivendas o facían baixo un modelo base adaptado a cada situación.

O exemplo que se describe a continuación fai referencia a certas características base empregadas na parroquia e que mostra, dunha forma simple e concisa, un dos modelos clásicos da arquitectura popular moañesa.



Fig. 57 **Casa campesiña en Moaña.** *A casa está nun estado de certa degradación, sobre todo no seu interior, debido ó abandono dos seus propietarios, asentados en novos núcleos habitacionais que deron resposta ás novas necesidades existentes na etapa de cambio vivida a partir de 1960.*



Fig. 58 **Planta baixa.** *A dualidade de espazos destinados a diferentes actividades do sector primario fai con que a tipoloxía existente en Moaña combine tanto facetas e dependencias campesiñas como pesqueiras. Isto é debido á realización das distintas labores por parte das familias que na maioría dos casos era moi numerosa.*

A casa, ocupada por unha familia de oito membros (unha nai viúva e sete fillos), está composta por tres módulos, realizados en diferentes épocas, destinados a diversas funcións da vida cotiá do campesiño.

Esta dupla realización de actividades diarias, tal como a pesca e a agricultura, foron a forma de vida existente en moitas familias moañesas, nas cales o seu elevado número de membros levaba á posibilidade de traballar en todas aquelas facetas que puideran satisfacer e completar as necesidades da mesma.

Normalmente, nestes conxuntos familiares eran os homes os que se dedicaban ó mar e as mulleres ás labores domésticas e de campo. Isto, como é evidente, vese reflectido na vivenda, onde se pode apreciar a influencia exercida por esta dualidade laboral.

Así, na planta baixa, a casa ten no seu haber unha dependencia por cada unha destas actividades: unha bodega, un espazo destinado para ás cortes dos animais e unha cociña localizada máis ó norte.

Esta disposición, aínda que pareza arbitraria, tiña uns obxectivos moi claros. Dentro destes parámetros destaca á busca dun óptimo quentamento da vivenda por medio do aproveitamento do calor desprendido polos animais e pola cociña, a cal é situada ó norte para combater e minimizar o frío e as condicións climatolóxicas máis adversas.

Como xa vimos, na bodega almacenábanse todo o relacionado coa pesca, como son redes, aparellos, utensilios… , e tamén os barrís de viño, que era elaborado de maneira particular grazas á práctica da vendima, moi común nesta zona. Por outro lado, nas cortes gardábanse os animais, que axudaban tamén á formación de aditivos naturais *(esterco)* para o cultivo.

No que á planta superior se refire, débese mencionar a clara separación distributiva dentro do complexo habitacional existente nesta vivenda. As dúas funcións destinadas ás dependencias que conforman o espazo da casa son: o salón e a habitación *(véxase fig. 59)*. O seu acceso é

feito a través dunhas escadas exteriores cubertas que parte da intersección entre a vivenda matriz e a cociña anexa.

Este piso dedícase ó descanso e tranquilidade dos seus propietarios. As habitacións, como é normal, eran utilizadas para durmir e descansar despois da realización das duras tarefas e traballos propios do día a día. Isto reflíctese no espazo desta dependencia que, normalmente, non superaba as dimensións mínimas para a colocación dunha cama e un pequeno armario para gardar a roupa.

A iluminación natural é unha das características máis destacable desta vivenda, xa que todos os dormitorios, a excepción de un, teñen ocos na súa fachada (ventá) para iluminar e ventilar o cuarto.

Pola súa parte, o salón é a dependencia de maior tamaño do piso superior, tal como ocorre en moitas das casas tradicionais galegas. Neste espazo pódese atopar unha mesa de dimensións considerables utilizada en grandes festas ou celebracións parroquiais onde se xuntan familiares e amigos. O lugar de comer diario por excelencia era cociña polo que, neste sentido, o salón quedaba relegado a un segundo plano.

Esta tipoloxía de vivenda de dúas plantas era moi común na parroquia moañesa debido á dualidade laboral representada polo mar e o campo, e o gran número de membros existentes na maior parte das familias da parroquia.



Fig. 59 **Planta primeira.** *Neste piso sitúanse as dependencias relativas ás funcións domésticas de habitabilidade tais como as habitacións ou o salón. Neste caso, debido o paulatino aumento numérico da familia, estes espazos distribúense en dous módulos para dar cabida a todos eles.*



Fig. 60 **Visión xeral da edificación.** *As edificacións anexadas á vivenda matriz foi unha práctica moi utilizada por parte das familias para ceder unha vivenda ós fillos que xa estaban en disposición de formar unha familia propia. Tamén apareceron anexos como resultado dun melloramento na calidade de vida, tais como cociñas ou baños independentes.*

b) Unha vivenda de arquitectura culta e propietarios ricos

A casa que se mostra a continuación, corresponde a un tipo de arquitectura culta existente na parroquia moañesa e que indica a presenza de persoas influentes ou adiñeiradas que habitaban fixa ou temporalmente neste lugar. En concreto, esta casa, denominada *A Granxa* e da que era propietaria a familia Freire, foi durante moito tempo segunda residencia para os seus donos.

Os Freire, que posuían outra casa en Vigo, foi unha de tantas familias que emigrou ó estranxeiro en busca de fortuna para conseguir mellores condicións de vida. Dirixíronse cara Arxentina, preto de Bos Aires, a mediados do século XX para dedicarse ó negocio da cría de gando. Alí fixeron unha fortuna e comezaron a ampliar o negocio familiar.

Compraron un complexo agrario enorme (a cabalo precisábanse dous días para recorrer toda a finca) traballado por decenas de persoas que se debían a eles. Tamén na casa moañesa tiñan criados, os cales eran responsables desta durante o período no que se ausentaban, e traballadores domésticos no momento en que a familia viña de visita a Moaña.

O matrimonio Freire tivo varios fillos e fillas que continuaron cos negocios familiares, motivo polo cal seguiron viaxando tanto a Arxentina coma a Moaña (a esta última con pouca frecuencia).

Como ningún destes fillos tivo descendencia, ó morreren todos, os encargados de liquida-la herdanza venderon todas as propiedades da familia, pasando a casa a novas mans e ó conseguinte desuso da mesma. Actualmente, a vivenda permanece abandonada unicamente coidada por algunha veciña moañesa á que lle quedou ese encargo.



Fig. 61 **Planta baixa da citada casa de arquitectura culta.** *Este tipo de arquitectura era moi pouco común na parroquia moañesa, xa que a maior parte da súa poboación vivía nunha constante pobreza, características na vida rural daquel período.*



Fig. 62 **Planta primeira da casa de A Granxa.** *Esta vivenda, como se pode apreciar nos deseños, tiña todas as comodidades propias dos maiores luxos daquela época. A cociña exterior era utilizada unicamente polo servizo que cociñaba para os seus patróns que comían no grande salón-comedor da planta baixa. A planta superior era dedicada, principalmente, para uso privado onde se situaban as habitacións e as dependencias máis persoais da familia.*



Fig. 63 **Imaxe exterior da casa de A Granxa.** *As grandes dimensións da vivenda, os detalles existentes por toda esta, como os pormenores de deseño dos pasamáns, unha pedra de cantería traballada, unhas cumieiras ben tratadas e deseñadas…, son particularidades da casa, entre outras moitas, que nos indican o grado de arquitectura no que se realizou esta casa.*

6.2.3 A casa mariñeira

6.2.3.1 Introdución á vivenda do mar na parroquia

En Moaña, a edificación mariñeira tivo moita importancia a raíz do auxe da *pesca de ardora* neste municipio, que chegou a ter, nos anos 50, o porto máis sobresaliente en España neste tipo de faena pesqueira.

Esta revolución no sector mariñeiro, iniciada en 1756 coa implantación de novas técnicas de pesca por parte dos fomentadores cataláns, tivo unha forte escalada a principios do século XX, concretamente no ano 1902, cando foi legalizada a práctica da *pesca de ardora.*

É a partir deste momento que a construción mariñeira sufre unha gran transformación, na cal o campesiño asentado no alto do val descende cara ó mar en busca dunhas novas posibilidades que lle permitisen ter unha mellor calidade de vida.

Isto fixo con que o "novo" mariñeiro tivera que cambiar de asentamento para poder estar máis cómodo e próximo do seu lugar de traballo. Así, aparecen unha grande cantidade de vivendas por todo o litoral moañés cunhas características propias da arquitectura mariñeira en Galicia.

Como veremos a continuación, tamén nesta parroquia a arquitectura popular do mar, co paso do tempo, foi evolucionando para poder dar resposta ás diversas dificultades e obstáculos que xurdían en cada momento.

As edificacións que seguidamente se exemplifican mostran, como sucede na vivenda campesiña, a presenza duns principios básicos comúns á arquitectura tradicional galega xunto con certos elementos locais derivados da existencia de tres factores moi característicos da rexión: o clima, o relevo (moi pronunciado) e a economía (baseada no autoconsumo e na dualidade campesiña -pesqueira).

6.2.3.2 As vivendas

a) Un modelo básico

Esta edificación de planta baixa representa os principais valores de casa mariñeira no territorio moañés, así como en grande parte da costa galega. Baséase nunha distribución moi simple composta por espazos pequenos que cobren, de forma básica e mínima, as necesidades do propietario: unha cociña, un pequeno baño e un espazo común multifuncional onde se organizan a zona de durmir e a de almacén (para gardar as ferramentas e utensilios propios da actividade pesqueira).

Como se aprecia na planta, a cociña está situada ó norte como método de quentamento da casa, característica da arquitectura popular galega. A zona multifuncional, exceptuando o dormitorio con liteira, non ten ningún elemento separador fixo que defina o espazo, soamente unha cortina exerce de barreira entre a cama principal (á do matrimonio) e o resto da dependencia.

A presenza de escadas mostra como a edificación é condicionada pola topografía do lugar que, a súa vez, axuda e define a distribución dos espazos da vivenda. Por outra banda, a iluminación é feita a través, principalmente, da fachada frontal por medio de dúas aberturas: a porta de entrada e unha ventá próxima a esta.

Desta situación pódese deducir que, debido a súa orientación, a iluminación da vivenda, derivada dun óptimo aproveitamento da luz solar, tivo un resultado moi satisfactorio. Hai que salientar tamén outra das facetas desempeñadas por esta fachada, como é a ventilación da propia edificación.



Fig. 64 **Planta distributiva dunha casa mariñeira en Moaña.** *A dedicación exclusiva á actividade mariñeira por parte do propietario, fai con que as funcións da casa desempeñen un papel fundamentalmente de habitabilidade, deixando de lado, ó contrario do que sucede na vida campesiña, unha gran diversidade de facetas domésticas de tipo laboral.*



Fig. 65 **Imaxe exterior da vivenda.** *Como se pode observar, o estado de abandono actual da casa xunto coas diversas intervencións realizadas ó seu redor, fixeron con que este claro exemplo de tipoloxía habitacional mariñeira en Moaña quedase totalmente degradado e desprestixiado.Esta situación repítese, como sucede coas edificacións campesiñas, na grande maioría das construcións tradicionais de índole mariñeira.*

b) Un modelo evolutivo

Unha das primeiras transformacións sufridas pola típica casa mariñeira foi a aparición dun espazo situado baixo o nivel do pavimento térreo que servía como bodega ou almacén para gardar os utensilios da pesca, os barrís do viño, as redes, etc.

Esta dependencia, que ocupa a metade da superficie da planta cunha parte soterrada e outra á cota do solo, ten un oco de entrada que da acceso a este espazo, o cal non supera, na maioría dos casos, o metro e medio de altura.

Tal bodega, que era feita aproveitando o desnivel e características do terreo, mantiña fresco o local e, por conseguinte, os elementos alí almacenados, como eran o viño ou os recipientes de salgadura. En base o piso térreo, destacar o anexado dun módulo, a unha cota inferior, composto por dúas dependencias tamén a diferentes niveles entre elas *(véxase fig. 66)*.

A vivenda matriz está formada por tres espazos destinados a: dúas habitacións e un multifuncional. Este último desempeña labores como a de gardar utensilios, exercer como hall de entrada ou comer nos días de festas e celebracións. Nesta edificación a ventilación e a iluminación estaba ben cuberta xa que así o demostra a presenza de aberturas en tódalas dependencias da mesma.

O anexado está dividido por medio dun tabique e dunha diferenza de cota que separa a cociña da *esterqueira* (actualmente transformado nun baño). Esta cociña ten un acceso independente xunto cunha ventá na súa fachada principal.

Na esterqueira, a dependencia máis afastada do núcleo habitacional, realizábanse as necesidades propias do ser humano, a cal tamén constaba dunha abertura que axudaba á súa ventilación e iluminación. Os materiais empregados son os típicos da arquitectura

popular galega, é dicir, a pedra para a conformación dos muros, a madeira para a estrutura da cobertura e a tella como elemento cobertor desta.



Fig. 66 **Plantas dunha casa mariñeira en Moaña.** *Nestas plantas pódese apreciar a simplicidade distributiva dos espazos existentes na vivenda. Tamén se pode observar como o módulo composto pola cociña e a esterqueira é un anexo realizado posteriormente á vivenda matriz formada nese momento por dormitorios e un espazo multifuncional.*



Fig. 67 **Vista xeral da casa mariñeira.** *A presenza de numerosas aberturas na fachada principal é unha das características a salientar nesta vivenda. Isto axudaba a unha boa iluminación e ventilación no interior da mesma. Tamén se deduce, observando a diferenza de altura e implantación entre a vivenda e o módulo anexado, como este último queda fora do que é a matriz construtiva da casa, o que nos indica a posterioridade da súa construción.*

c) Modelo de dúas plantas

Como sucedeu no resto do territorio galego, tamén en Moaña chegou a implantarse esta tipoloxía de vivenda mariñeira. Esta evolución trouxo consigo unha mellor división e organización dos espazos, quedando así nunha planta as funcións de habitabilidade (descansar, durmir, estar, comer…) e noutra as domésticas e laborais (gando, pesqueiro, agrícola…).

Esta edificación é outro exemplo claro, como xa se mencionou con anterioridade, da dualidade laboral existente na parroquia. Desta maneira, a planta baixa está composta por tres espazos diferenciados nos cales, un deles, exerce unha labor multifuncional, mentres que os outros dous conforman un lugar para gardar animais (cortes) e unha zona onde se

almacenan e recollen os excrementos que proveñen das necesidades fisiolóxicas do ser humano.

Nesta dependencia multifuncional gardábanse os utensilios e ferramentas pesqueiras, deambulaban os animais (galiñas) e recollíase abono natural (esterco) formado por estes a través da mestura de palla e excrementos. O abono que de aquí se extraía era utilizado no campo para favorecer o cultivo agrícola.

A iluminación e ventilación era realizada por medio de dúas aberturas, a porta de entrada e unha ventá, situadas nunha das fachadas lonxitudinais que da acceso á planta baixa da edificación.

Por outra parte, a planta primeira establece funcións de habitabilidade onde se sitúan dependencias como os dormitorios, a cociña, un baño e unha zona multifuncional, baseada na distribución de camas e dunha zona de estar onde as persoas falaban, descansaban, cosían, xogaban e se reunían co resto de familiares e amigos na celebración de festas ou acontecementos importantes.

Hai que salientar a inexistencia de escadas, tanto exteriores como interiores, que comunicasen unha piso co outro. Isto é debido ó pronunciado relevo existente no local, que fai con que as entradas a cada un deles sexa realizado á cota do terreo *(véxase fig. 68)*.

Podemos confirmar, entón, que esta vivenda escapa da tipoloxía base de edificación de dúas plantas explicadas con precedencia, xa que estes modelos tiñan como unha das súas principais características a presenza de escadas, tanto exteriores como interiores, que comunicaban unha altura coa outra. Isto reforza a teoría exposta sobre o intenso condicionamento que exerce o relevo sobre as diversas tipoloxías existentes en Moaña.





Fig. 68 **Deseños dunha casa de dúas plantas en Moaña.** *A falta de elemento fixos que dividan o espazo é unha das principais características desta casa, así como de unha grande parte das tipoloxías habitacionais galegas, baseadas na existencia dun amplo espazo (en relación ós demais) destinado á realización de diversas funcións (espazo multifuncional).*



Fig. 69 **Imaxe exterior da casa.** *Pódese observar como a forte pendente existente no local fai con que a tipoloxía da vivenda adáptese ó terreo, fuxindo dos prototipos habitacionais existentes no litoral galego. Unha vez máis, a pedra, a madeira, e a tella son, xunto cun revestimento de caleado pobre, os materiais predominantes na construción.*

d) Outros exemplos de edificacións mariñeiras

Todas as características expresadas, como son as climáticas, xeográficas ou económicas, levan a un gran número de solucións tipolóxicas e construtivas diferentes que, como xa se explicou, fan imposible a imposición dun único modelo adxudicado a unha determinada área ou rexión.

Por este motivo se mostran, dunha forma simple e gráfica, outros modelos implantados en Moaña que exemplifican as teorías explicadas no parágrafo anterior. Estas edificacións representan tanto a arquitectura campesiña como a mariñeira. Algúns deles, como acontece nos xa descritos, acumulan características propias da dualidade laboral–arquitectónica que son tan comúns no territorio moañés.

Aínda así, como é evidente, existen moitos elementos reiterativos nas construcións da parroquia que poden achegar ou definir certas particularidades utilizadas nas mesmas tales como os materiais, as dependencias, as tipoloxías de coberturas ou as regras construtivas e de orientación que buscaban unha óptima explotación dos recursos naturais.



Fig. 70 **Casa mariñeira en Moaña.** *Outra das características propias da arquitectura mariñeira era a desaparición das dependencias campesiñas pasando a predominar espazos para almacenar os utensilios e as ferramentas empregadas polo mariñeiro. Así, as dimensións desta edificación, normalmente, eran menores en comparación coa casa agrícola.*



Fig. 71 **Arquitectura culta mariñeira en Moaña.** *Esta vivenda representa o status económico das familias que nela vivían. Isto obsérvase pola presenza de diversas características tais como a utilización de pedra traballada en cantería, deseños particulares nas aberturas ou na cobertura. Especificamente nesta casa habitaban persoas cun alto porte económico que non tiñan ningunha relación coas labores do mar, aínda que o baixo desta era utilizado como local de traballo para os mariñeiros que alí se atopaban.*



Fig. 72 **Modelo exemplificativo de casa térrea.** *A implantación destas vivendas, na maioría dos casos e sobre todo na edificación campesiña, era feita ó pé das principais vías de comunicación, que unían a montaña e o mar, existentes naquel momento.Isto era debido á certas ideoloxías e tradicións da poboación daquel tempo das cales salientaban á busca dunha maior proximidade e redución de tempo no proceso comunicativo cos locais de traballo e cos principais puntos de encontro público-sociais.*



Fig. 73 **Imaxe de vivenda campesiña na parroquia moañesa.** *O anexado de edificacións construídas posteriormente á vivenda matriz foi unha práctica moi común na rexión. Esta era consecuencia, principalmente, do aumento de membros dentro da familia debido a novos nacementos ou á formación dunha familia por parte dalgún dos integrantes da mesma.*



Fig. 74 **Vista xeral dunha casa campesiña na parroquia de San Martiño, Moaña.** *Esta vivenda é un dos poucos exemplos de arquitectura popular campesiña que aínda se conservan. Ademais é importante mencionar a súa localización, xa que este (a parroquia de San Martiño) foi o lugar onde xurdiron os primeiros asentamentos en Moaña, polo que a antigüidade desta edificación é para ter en conta.*

6.3 Primeiras reflexións relativas ás tipoloxías abordadas

O estudar e analizar dunha forma profunda e detallada á vivenda campesiña e a mariñeira pódense atopar numerosas similitudes e diferenzas. É evidente que, dependendo das necesidades do utilitario, a casa vai responder a unha tipoloxía ou outra en relación as actividades que este desempeñe.

Por exemplo, e como é obvio, non teñen o mesmo papel protagonista as dependencias domésticas de actividade agrícola e gandeira dentro da arquitectura campesiña que na mariñeira.

Aínda así, como se explicou no decorrer deste apartado, aparecen tipoloxías habitacionais que conxugan e organizan a vivenda de maneira a facer con que as dúas principais actividades laborais nesa época (a agricultura e a pesca) convivan dentro dun mesmo espazo de forma harmoniosa. Esta dualidade ven dada como resultado dunha procura intensiva de recursos e tarefas que poidan mellorar a calidade de vida dun pobo sumido na fame e na pobreza.

Tampouco nos podemos esquecer, dentro deste punto, de mencionar o ruinoso estado no que se atopan a gran maioría das construcións deste tipo de arquitectura popular na actualidade.

Esta situación de degradación e abandono sufridas por estas edificacións mostra a despreocupación social e política que se está a vivir nesta parroquia en relación a este tema.

Sería importante volver a recuperar este tipo de construción, non só porque forme parte da nosa historia e da nosa tradición cultural, senón tamén porque para poder definir o futuro a partir da comprensión do presente é necesario, primeiramente, analizar e coñecer o pasado.

PARTE II- Moaña na segunda metade do século XX

Primeiras consideracións

Durante todo o desenvolvemento deste traballo analítico tratouse sempre de contextualizar e ambientar os temas aquí estudados. A primeira parte realizada ven a introducir diferentes argumentos que son o prólogo á fase de análise morfolóxica urbana específica nesta investigación e que se contemplan como indispensables para o entendemento e compresión da mesma.

Esta contextualización, parte importante do estudo, engloba e define a evolución histórica, non só do espazo físico-xeográfico da parroquia moañesa e do seu entorno territorial, senón tamén de diversas situacións (económicas, sociais, políticas…) e acontecementos que influíron de forma determinante no avance firme e cambiante da freguesía a tódolos niveis.

Neste sentido, e como non podía ser doutra maneira, tamén no inicio do novo proceso analítico será realizado un escenario introdutivo que axudará ó lector a adentrarse na historia temática do mesmo para, así, contar cuns coñecementos teóricos básicos no discorrer do estudo e a conseguinte interpretación da súa transformación urbana.

A parroquia, elemento principal neste anticipo explicativo, exerceu un papel fundamental na evolución social do campo, chegando tamén a influír, en certos momentos da historia, nas cidades máis próximas. Por este motivo, xurde a necesidade de orientar ás persoas cara un sentimento de sensibilización e comprensión dunha entidade tan tradicional como esquecida.

7. A parroquia: unha verdadeira célula vital

7.1 Definición e xurdimento da parroquia

Moitos estudos e traballos foron elaborados en base ó coñecemento e comprensión da historia da parroquia, así como a súa evolución. Dentro destes traballos destácase *"A Parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro"*, realizado por un equipo multidisciplinar, formado por diversos investigadores de diferentes xeracións e ramas, no que se trata o territorio galego e a súa poboación.

Neste texto, faise referencia a múltiples citacións que definen a parroquia de forma diferente pero sempre dentro dun mesmo contexto. A continuación, se mencionan algunhas destas afirmacións feitas por varios autores que axudan ó lector a unha primeira aproximación cara o concepto de parroquia[58]:

- As parroquias forman *"a estrutura vital e orgánica da poboación galega… trazada dunha vez para sempre desde as orixes históricas" (Otero Pedrayo, 1933; García Álvarez, 2001).*

- *"Polo tanto, na Galiza temos unha unidade vital, antiga, xeográfica, eterna: a parroquia. Para coñecernos a Xeografía humana galega é preciso estudar todas as parroquias con método seguro" (Otero Pedrayo, 1927).*

- *"A parroquia segue sendo a única célula vital do noso país, a única entidade de poboación campesiña. A parroquia rural é unha das máis puxantes características da nosa terra, e de ningunha maneira se debe prescindir da súa existencia" (Rodríguez Castelao, 1944).*

[58] TORRES, Mª Pilar; GONZÁLEZ, Rubén - *A parroquia de Galicia: Pasado, presente e futuro*. Galicia: Xunta de Galicia, 2009, p. 22-25.

- *"O territorio da freguesía rural galega, como unidade de delimitación perfectamente definida e consolidada ao longo dos séculos, segue tendo na actualidade a mesma vixencia que no pasado, e aínda que as leis locais non falan de demarcacións parroquiais senón municipais, na práctica é a parroquia un punto para situar a propiedade rústica e inmobiliaria" (Fariña Jamardo, 1981, 1996).*

No que o seu xurdimento se refire, a parroquia ten os seus inicios na etapa da cristianización da poboación rural galega. Será no transcurso do século IV cando a organización da Igrexa busque un sitio administrativo dentro das administración provinciais civís.

Nun principio, toda a comunidade eclesiástica (bispo, fieis, clero…) vivía no interior da cidade romana ou nun núcleo administrativo importante, nos cales se encontraban as súas principais dependencias de culto e residencia (igrexa catedral, casa episcopal…).

O final do século V vai marcar un punto de inflexión dentro deste contexto histórico-evolutivo debido, por un lado, ós cambios organizativos e de xestión (tanto civís como eclesiásticos) e, polo outro, a un grande aumento do número de fieis cristiás que se suman ós xa existentes nese período.

É neste ambiente de plena busca de equilibrio administrativo no que xorden as denominadas parroquias antigas ou *protoparroquias,* definidas como *"grandes unidades fraccionarias do territorio do bispado"*[59].

Antes de entrar no sistema destas parroquias antigas, é importante definir a relación civil-eclesiástica na conformación territorial da cidade e do rural. Creouse unha malla de templos de culto resultado da adaptación

[59] ALSINA, Fernando - *Ibid.,* p. 58.

administrativa da Igrexa ás pautas e condicionantes existentes na administración provincial.

A citada composición, anterior ós acontecementos xa descritos, tiña como cabeza de grupo a unha serie de sedes episcopais no interior das provincias romanas, onde estas, rexidas polo bispo, se situaban nas cidades ou nos núcleos habitacionais máis importantes.

Unha vez a Igrexa se acomodou na provincia á súa mesma organización territorial, aparecen as denominadas fraccións territoriais ou protoparroquias dentro dos límites do bispado. Máis tarde, un incremento no índice de poboación fiel trouxo consigo a aparición de novos lugares de culto, coas súas respectivas edificacións, dentro de territorio rural.

Cando o número de fieis asentados nestes lugares creceu dunha forma considerable, o bispo organiza e subdivide a parroquia antiga entregándolle ó sacerdote responsable de cada igrexa parroquial a función do sacramento do bautismo, administrado ata ese momento unicamente pola sede episcopal.

Por este motivo, dentro de cada bispado, existe un número de protoparroquias que, á súa vez, contén como mínimo unha igrexa parroquial e unha cantidade variable de igrexas non parroquiais.

Xa no inicio do século VII, a parroquia antiga estaba fortemente asentada e cunha clara dirección evolutiva cara ó que hoxe coñecemos como parroquia clásica, propiciada principalmente pola crise monárquica do reino ástur-leonés.

Este suceso provocou unha serie de cambios, tales como a desaparición da acción colexiada do bispo, a alteración do esquema das sedes episcopais ou a falta de concilios que mantiveran o vigor e a forza xurisdicional dentro da Igrexa, que desembocaron nunha redistribución das protoparroquias existentes ata ese momento e, como consecuencia, a aparición dunha nova xeografía territorial.

Dentro deste contexto de descontrol e desequilibrio eclesiástico, serán os reis e a aristocracia laica a que entre en escena, construíndo un sistema de igrexas particulares.

Así, *"durante os séculos VIII ao X a mesma capacidade que ten o rei para fundar sés episcopais e alterar os espazos diocesanos esténdese, como non podía ser menos, ao territorio da protoparroquia. Isto evidénciase no caso de Amaia, á conta do cal os reis asturianos constitúen dous novos territorios: os dous Xiros de Santiago"*[60].

Vai ser entre finais do século X e principios do XI onde se produza un avance destinado á implantación do sistema parroquial clásico. Isto ven dado, ó contrario que no proceso anterior, por un novo afianzamento da xurisdición episcopal. Este sistema parroquial que coñecemos hoxe estableceuse en base a cinco conceptos[61]:

"1) a comunidade parroquial; 2) o párroco, instituído polo bispo ou o seu delegado, con xurisdición eclesiástica para a exclusiva administración dos sacramentos aos membros da comunidade parroquial; 3) o templo parroquial como centro da vida espiritual e litúrxica da comunidade; 4) o termo parroquial particular propio, cuxos límites enmarcan a xurisdición do párroco sobre os bautizados que nel residen e 5) o pagamento obrigatorio do décimo eclesiástico polo fregueses".

O Concilio de Coyanza (1055) marca ó inicio do definitivo asentamento da parroquia clásica. O obxectivo desta reunión era claro: que a familia relixiosa sepárese da influencia e dominio do poder laico e, así, pasar a depender plenamente da xurisdición eclesiástica. Irrompe a novidade de propor a provisión dun templo parroquial en termos dun beneficio para a Igrexa, que só pode atribuír o bispo.

[60, 61] *Ibid.,* p. 64-67.

Deste xeito, aparece a figura do *cura* con plenas facultades para dirixir ós seus fregueses e administrar ó bautismo, feitos que indican o paso da parroquia antiga á parroquia clásica.

Esta reforma intenta separar e distinguir o relixioso do profano, os clérigos dos laicos. *"Un clero renovado e mellor instruído, situado á fronte das igrexas das células parroquiais (…) O desexado control preferentemente clerical e a afirmación da xurisdición do bispo sobre todo o territorio diocesano chocarán coa resistencia dos patróns laicos das igrexas rurais e dos mosteiros titulares de moitas destas igrexas. (…)*

En conclusión, o sistema parroquial de Galicia estaba plenamente configurado no século XI nos seus elementos básicos, se ben non é posible coñecermos todas as súas dimensións (…) Pero no caso galego é posible recoñecer as súas profundas raíces altomedievais, en consonancia coa continuidade de habitación do territorio desde a Antigüidade Tardía. A organización parroquial preséntase, pois, como unha característica definitoria da historia de Galicia na longa duración"[62].

7.2 A reforma de 1867

A reforma que se produciu na diocese de Santiago de Compostela entre 1851 e 1868 foi consecuencia de dous factores determinantes: a perda dunha parte dos beneficios dos párrocos causada pola nacionalización das propiedades eclesiásticas e os cambios producidos pola emigración e pola implantación inicial do sistema capitalista en Galicia.

[62] *Ibid.,* p. 74-75.

Esta nova redistribución territorial eclesiástica tivo o seu comezo no Concordato celebrado no ano 1851, no cal o artigo 24 do presente texto refería o seguinte:

"A fin de que todos los pueblos del Reino se atienda con el esmero debido al culto religioso y a todas las necesidades del pasto espiritual, los muy reverendos arzobispos y reverendos obispos procederán desde luego a formar un nuevo arreglo y demarcación parroquial de sus respectivas diócesis"[63].

A Real Cédula do 5 de xaneiro de 1854 estipulou unha base de 26 normas nas cales se distinguía a presenza da poboación aglomerada e a diseminada. Na primeira marcouse un limite poboacional de 4000 persoas para definir unha parroquia; de 4001 a 10000, dúas; e logo unha parroquia por cada 5000 habitantes.

No caso das parroquias diseminadas *"(…) se formarán comarcas, siempre que el número de almas sea prudencialmente bastante para componer feligresía y se establecerá parroquia en el punto de cada una que se estime conveniente (…) Marcando como único criterio que as aldeas máis distantes estean a unha hora regular de camiño"*[64].

Se nos centramos dunha forma máis concreta no territorio galego, débese facer referencia á reforma realizada polo arcebispo García Cuesta na diocese de Santiago de Compostela no ano 1867. Este arcebispo tiña como obxectivo establecer diversos puntos base, dos que destacamos:

a) Respectar os dereitos dos clérigos e de garantirlles o suficiente número de beneficios parroquiais.
b) Manter as decisións do Goberno que propoñían que as parroquias diseminadas (rurais) tiveran 400 habitantes no mínimo.

[63, 64] FERNÁNDEZ, X. Ramón - *Ibid.,* p. 125,126.

Estes intereses tiveron que ser estudados e revisados de maneira a que se relacionasen entre si dunha forma compacta e uniforme. Para iso, seguíronse unha serie de indicacións das cales se describen as máis salientables:

a) Reducir o maior número de parroquias posible.
b) Buscar a forma, a partir da conxugación e organización de aldeas e lugares, para que as parroquias menos habitadas tiveran a posibilidade de completar os 400 habitantes esixidos para a conformación da mesma.
c) Formación de novas parroquias, tanto urbanas como rurais, para incentivar e promover a figura do coadxutor (nomeamento permitido pola Real Cédula) dentro das mesmas.

Como nota final, mencionar unha serie de argumentos -feitos polo equipo multidisciplinar- resultado da aplicación da reforma anteriormente citada[65]:

- *"Foron creadas 15 parroquias, só dúas urbanas.*
- *Pola súa escasa poboación deberían ser suprimidas outras 66 parroquias rurais, pero o arcebispo decidiu incorporalas como novos anexos a outras parroquias matrices.*
- *Para facer posible todos estes arranxos para unir a poboación das parroquias rurais, para incrementar a poboación doutras, etc, agregou, partiu ás veces, lugares ou aldeas (…) todos nos fai pensar que foi un recurso utilizado para manter a maior parte das parroquias o que, sen dúbida, lle foi agradecido polo fregueses".*

[65] *Ibid.,* p. 143.

7.3 Un símbolo identificativo da nosa sociedade

A parroquia foi, no decorrer dos séculos, un verdadeiro centro neurálxico da ocupación territorial. Este paso do tempo, cos seus acontecementos e evolucións a tódolos niveis, estableceu e confirmou a esta unidade orgánica territorial como o elemento base de asentamento poboacional.

O funcionamento diario da vida parroquial estaba baseado nun sistema orgánico composto pola particular tradición, cultura, traballo, crenzas e relixión de cada unha das diferentes parroquias existentes en Galicia. Isto evidénciase nas palabras de Xosé Ramón Barreiro Fernández[66]:

"todo estaba medido na vida da parroquia: os santos e as lúas marcaban os tempos da sementeira e da seitura, da monda e da poda, da vendima e do nacemento das pitas. Todo estaba sometido a un calendario cosmolóxico que se repetía ciclicamente. Ríxidos códigos sociais fixaban tamén as condutas dos veciños"[67].

Todo este proceso conferiulle á parroquia un forte simbolismo de pertenza, afianzado pola confirmación da propia identidade do habitante á súa entidade poboacional base. Este sentimento de pertenza mantívose durante toda a historia parroquial ata chegar ós nosos días.

Aínda despois da creación da administración municipal, na cal a freguesía pasou a ser "soamente" un elemento tradicional sen entidade xurídica ou administrativa, as persoas definíanse como veciños enraizados na súa propia parroquia e non no Concello ó que pertencían.

Anterior ós anos 60, mentres o dominio do catolicismo na política nacional facíase aínda patente, a parroquia era vista non só como unha célula de referencia eclesiástica senón que tamén condicionou e interveu

[66] *Ibid.*
[67] *Ibid.,* p. 145.

no apartado civil. O catedrático Barreiro Fernández volve a incidir no significado que a identidade parroquial ten para o seu habitante:

"Os párrocos non só administraban sacramentos, senón que ademais estendían certificados de bautismo, matrimonio, defunción e por suposto os de boa conduta, que tiñan plena vixencia na vida civil. As súas opinións sobre os seus fieis eran moi tidas en conta polas autoridades civís e militares, e eles sabíano moi ben (…)

A parroquia era por conseguinte un órgano administrativo no relixioso, pero debido á enorme importancia da relixión na vida civil as súas funcións administrativas eran recoñecidas na vida civil, por iso controlaban con eficacia aos seus veciños dispersos, e as autoridades civís servíanse da centralidade da parroquia para controlar politicamente aos seus cidadáns (…)

A parroquia rural era un órgano imprescindible para a administración civil, e por esta razón xerou forte cohesión territorial ata mediados dos anos setenta. A parroquia rural (…) tamén xerou identidade (…) a relixiosidade popular foi un elemento crave da construción da identidade das persoas na vida rural de Galicia"[68]*.* (non hai que esquecer que entre os anos 1939 e 1975, o territorio español estivo baixo o mando do sistema franquista, réxime ditatorial moi ligado á Igrexa).

[68] *Ibid.,* p. 168.

7.4 A ordenación do territorio e o urbanismo durante a segunda metade do século XX

Na actualidade, e dende a súa creación no segundo terzo do século XIX, a organización administrativa do territorio galego divídese en dúas institucións territoriais: as provincias e os municipios ou concellos.

Este último, ten no seu haber a responsabilidade urbanística e territorial do seu espazo que controla por medio dos denominados *Plans Xerais de Ordenación Municipal ou PXOM´s* definidos como *"instrumentos de planificación fortemente consolidados, que coexisten cunha continuada tradición dos programas sectoriais das administracións centrais do Estado e da Comunidade Autónoma"*[69].

Dentro das diversas características na definición limítrofe das parroquias hai que salientar a forte relación existente entre esta e a topografía do solo. *"Nos amplos territorios de monte que envolven ós núcleos de poboación e os seus prados e labradíos inmediatos, contéñense en xeral os límites dos territorios parroquias (…)*

Unha característica estrutural das parroquias é a súa plena correspondencia co grao último de colonización e explotación do territorio, baseada nunha extensa rede capilar de cursos de auga. Sobre o final desa capilaridade delimítanse os ámbitos dos territorios parroquiais"[70].

Tendo en conta todos estes argumentos, non é difícil deducir que a limitación parroquial resulta ser unha tipoloxía espacial totalmente imprescindible para o estudo e comprensión do modelo base de asentamento poboacional de Galicia referente a características morfolóxicas e estruturais.

Sen embargo, os acontecementos que se produciron no transcurso dos anos 1960-70, tal como o gran cambio social e económico, o inicio da

[69, 70] *Ibid.,* p. 225-226.

transición democrática despois dun longo período ditatorial ou a forte incidencia da industrialización no territorio galego, vai marcar un antes e un despois na estruturación e organización do sistema parroquial.

Será neste período cando comece unha auténtica modernización e transformación social e económica en Galicia, que vai romper a estrutura matriz da parroquia clásica. A implantación de novos asentamentos industriais nas grandes cidades fixo que gran parte da poboación rural deixara o campo para buscar novas oportunidades nestas actividades laborais en auxe naquel tempo.

Desta maneira, o despoboamento do territorio rural converteuse nunha constante durante as primeiras décadas da segunda metade do século XX, o que produciu dúas grandes condicionantes no desenvolvemento territorial das parroquias galegas: o abandono das terras e a urbanización difusa. Así o explica o Dr. Enxeñeiro Rafael Crecente Maseda[71]:

"a) Abandono: primeiro da actividade agrogandeira, que logo se traduce no abandono xeral das terras (aínda que poden reforzarse, especialmente se hai liñas de axudas), e posteriormente o abandono da poboación dos pequenos asentamentos de poboación (ben por falecemento ou traslado a núcleos dotados dos servizos e equipamentos que se demandan a certas idades).

b) Urbanización difusa: o que os norteamericanos e europeos denominan sprawl. A urbanización incontrolada , difusa e sen planeamento de ningún tipo (EEA, 2006). Este modelo de urbanización, que supón unha depredación de recursos non só de solo senón tamén de todos os necesarios para manter os modelos de transporte, de dotacións de infraestruturas,… etc.

[71] MASEDA, Rafael - *Ibid.*

Isto pode levar a pensar que unha boa parte de Galicia xa é urbana (o litoral e franxa atlántica que é onde maiormente se produce este proceso), e que todo o espazo está xa urbanizado (mal urbanizado habería que engadir)[72]*".*

Esta mesma situación a describe nun artigo sobre Moaña o sociólogo moañés Manuel Pérez Rúa:

"(…) Al amparo de Ascón, Holanda, y Alemania, Citröen, la conserva, la pesca de altura y las plataformas petrolíferas del Mar del Norte, fueron llegando las remesas que hicieron transformarse las graníticas y señoriales casas de comienzos de siglo en bancos que se disputaban las divisas de fuera, y comenzaron a aparecer enormes casas sembradas por todo el rural, con bajo-planta-zaguán de la misma superficie. Puertas y ventanas de aluminio eran la bandera de los nuevos tiempos (…)

Nos pusimos, como si de una nueva desamortización se tratase, a rotular nuevas parcelas y a ocuparlo todo intramuros; pero no de cultivo sino de cemento, como amasando la nueva cera de estas colmenas que quedaron para ejemplo de aquella fiebre de construcción ecléctica, de la distinción social que daba el vivir en un piso[73]*".*

A nivel autonómico, a primeira normativa exclusiva en materia de ordenación do territorio e do urbanismo que xurde para intentar paliar estas incorreccións urbanísticas foi a Lei 11/1985 de Adaptación da do Solo (nacional) a Galicia, a cal insire tres novos métodos:

O estudo do Medio Rural, o tratamento urbanístico mediante a clasificación do solo dos pequenos núcleos e o establecemento dunha vontade de ordenación pormenorizada dos pequenos núcleos mediante Plans Especiais.

[72] MASEDA, Rafael - *Ibid.,* p. 257-258.
[73] RÚA, Manuel - *Moaña*. Vigo: IR INDO Edicións, 1991, p. 27-29.

Máis tarde chegarían as leis realizadas xa dentro da propia Comunidade Autonómica como a Lei 1/1997 do Solo de Galicia, a Lei 9/2002 ou as posteriores modificacións desta na Lei 15/2004, entre outras.

Para concluír, -e grazas ás citacións do doutor Rafael Crecente Maseda- farase unha pequena reflexión sobre algúns criterios do urbanismo galego, o cal xurdiu como un elemento organizador e estrutural perante a inexistencia de políticas de ordenación territorial:

- *"O urbanismo en Galicia foi, e en grande medida continúa a ser, plenamente top-down, (arriba-abaixo), especialmente no territorio e concellos máis rurais.*
- *Os plans urbanísticos concíbense máis como un documento e unha normativa que como un proceso de reflexión social, prospectivo e participativo.*
- *O urbanismo céntrase na cidade ou no núcleo urbano principal do concello (…) Concellos como os galegos supoñen unha complexidade técnica notable na práctica do urbanismo, por non falar da carga de traballo e dificultade de xestión.*
- *Modelo de urbanismo sempre como demandante de espazo. Os plans concíbense como instrumento que pretende dirixir e xestionar a consecución do solo*[74]*".*

Vai ser no decorrer dos próximos capítulos, dedicados principalmente á análise morfolóxica da parroquia moañesa entre os anos 1950 e 2008, no que se explicarán con maior detalle, década a década, estes conceptos urbanísticos e normativos.

[74] MASEDA, Rafael - *A parroquia de Galicia: pasado, presente e futuro.* Galicia: Xunta de Galicia, 2009, p. 259-260.

7.5 Un futuro incerto

O futuro das parroquias galegas como entidade territorial pódese deducir, dunha forma xeral, co análise e o estudo dos argumentos citados nos apartados anteriores. No obstante, para enfocar máis esta fase do traballo debemos separar as conclusións obtidas no referente ás parroquias rurais do interior e as costeiras.

É claro que o despoboamento sufrido polo territorio rural durante estes últimos cincuenta anos foi, e aínda é, un factor clave na desaparición da parroquia como elemento territorial recoñecido.

Por un lado, á marcha da poboación rural asentada nas tradicionais parroquias montañosas, do interior e costeiras menos desenvolvidas, cara núcleos urbanos con grandes posibilidades de mellora na calidade de vida provocou a desaparición de numerosas freguesías clásicas que xa non tiñan recursos para manter a unha poboación cada vez máis modernizada.

Por outro lado, están as parroquias litorais máis dinámicas que, a súa vez, moitas delas, sitúanse próximas á cidade ou a núcleos habitacionais importantes.

Nestes lugares á poboación ten moitas máis posibilidades de desenvolvemento que no caso anterior xa que, grazas a esa proximidade urbana, os seus habitantes poden desempeñar diversos traballos neses núcleos principais(sobre todo industriais) para manter un nivel de vida aceptable na súa parroquia de orixe.

No obstante, estas freguesías, aínda que se manteñan ben asentadas e consolidadas, sufriron ou están a sufrir grandes cambios na súa orgánica e tradicional tipo-morfoloxía urbana, así como na súa funcionalidade.

Estas palabras veñen xustificadas pola presenza de núcleos habitacionais concentrados, inseridos no interior da parroquia, que a

transforman nun espazo residencial para aquelas persoas que foxen do caos diario e do estres laboral da cidade.

Estes lugares son os chamados "pobo-dormitorio", como é o caso das parroquias de: Domaio, Meira, San Adrián, Chapela, ou a freguesía en estudo, Moaña. Estas son, para moitos intelectuais da rama, as próximas (ou actuais nalgúns casos) zonas de absorción periférica urbana levadas a cabo pola imparable expansión das grandes cidades. Isto levaría, como aconteceu nos séculos anteriores, a unha nova reestruturación territorial e, quizás, xurisdicional.

"Desde o punto de vista económico –afirman Mª Pilar de Torres e Rubén C. Lois[75]- *a freguesía como universo produtivo bastante pechado ao exterior desapareceu e a diversidade de actividades do rural nestes primeiros anos do século XXI trasládase á práctica totalidade dos pequenos territorios analizados.*

Unhas parroquias cunha economía aberta, con base ou herdanzas agrarias notables, presenza do sector industrial e de empresas de distinto tipo, con crecente importancia do turismo e dos servizos como formas de vida no conxunto dos espazos extracidadáns do país. Sen dúbida, a freguesía de trazos novidosos xurdida desde os anos 1980 non fai máis que reafirmarse de cara aos próximos tempos[76]".

Dentro deste contexto xorden moitas dúbidas respecto ó futuro da máis antiga e valiosa entidade vital do territorio galego. ¿Manterase ou deberíase manter a estrutura xurisdicional e administrativa actual? ¿Cómo se poderán revitalizar as parroquias seculares en fase de desaparición? ¿De qué maneira se deberá actuar ante a continua degradación do urbanismo rural existente?

[75] TORRES, Mª Pilar; GONZÁLEZ, Rubén - *Ibid.*
[76] *Ibid.,* p. 51.

Algunhas destas preguntas son acometidas polos catedráticos anteriormente citados. Estes teñen moi claro o camiño a seguir neste senso. *"Esta afirmación do parroquial* –explican os catedráticos Mª Pilar de Torres e Rubén C. Lois- *deberá ser paralela a unha simplificación desexable do mapa municipal, á creación de áreas metropolitanas nos espazos máis urbanizados de Galicia e de comarcas con peso administrativo nos ámbitos rurais.*

Trátase ó noso entender –continúan estes autores- *de recuperar para o século XXI as vellas propostas defensoras de parroquias e bisbarras (ou outras novas territorialidades de nivel supralocal) fronte ás insuficiencias manifestadas desde sempre polas provincias e os municipios*[77]*".*

Todas estas dúbidas e inquedanzas serán tratadas no final do presente traballo, dun modo máis concreto e particular e dirixido ó caso que aquí interesa (a parroquia de Moaña), como resposta ós problemas e irregularidades atopados na composición e realización do mesmo.

Hai que dicir que, este tipo de situacións territoriais e urbanísticas son moi comúns en todo o litoral galego, polo que as solucións ou orientacións básicas expostas neste traballo (relativas á freguesía moañesa) poderán ser aplicadas en outros lugares onde existan características similares ás existentes nesta.

[77] *Ibid.,* p. 51.

8. Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica –de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000

Consideracións complementares

Despois da realización dun enfoque máis amplo e teórico, no cal se identificaron, do global ó particular, todos aqueles elementos que dalgunha maneira se relacionaron ou condicionaron a transformación morfolóxica de Moaña ó longo da súa historia, iniciarase un proceso analítico que represente graficamente esa transformación rural-urbana da freguesía dende a década de 1950 ata o ano 2008.

É evidente que todo este exercicio introdutorio que precede ó tema principal do traballo, serve como base teórica para poder afrontar con máis seguridade e determinación esta fase de análise espacial. Como se pode observar na súa lectura, toda esta estrutura escrita ten sempre como base a recreación dunha liña contextualizadora que dirixe ó lector cara o obxectivo pretendido.

Esta atmosfera xeral, axuda tamén á propia xustificación e comprensión do analizado posteriormente, ata o punto de asentar e introducir uns fortes cimentos teóricos na parte práctica do traballo. Isto, claramente, condiciona tanto a elaboración como o resultado obtido no final do mesmo. É por este motivo que a contextualización xunto cunha definida estruturación ben planificada son imprescindibles.

Por último, en relación á citada organización estrutural, salientar a forma na que se abordará esta fase de análise morfolóxica, a cal estará definida, principalmente, por dúas partes: unha primeira abordaxe que define e caracteriza todo o período en estudo (o cal será feito década a década) e unha segunda dedicada á explicación pormenorizada do tema principal de cada un deles, de forma que se mostre nitidamente esta evolución morfolóxica.

8.1 Década de 1950

8.1.1 Breve abordaxe ó contexto que antecede á década

Dentro da política estatal, o réxime franquista seguía mantendo o seu poder hexemónico no país dende que se impuxera na Guerra Civil española (1936-39), mentres que os grupos clandestinos opositores eran perseguidos, encarcerados e asasinados pola súa participación e organización na procura do derrocamento ditatorial.

En Galiza, a situación non era moi distinta á de séculos anteriores. A economía seguía sendo autoconsumista case na súa totalidade, e sustentada polo monopolio dun sector primario, principalmente agricultor e pesqueiro, traballado por unha poboación rural asentada de forma dispersa por todo o territorio galego.

Antes da chegada dos promotores cataláns ó litoral galego en 1756, Moaña era un lugar onde a súa poboación, asentada tradicionalmente nos montes e vales do municipio, dedicábase principalmente á agricultura e a gandería (grazas ás idóneas características para o cultivo nesas zonas). Coa aparición destes produciuse un gran cambio no territorio moañés, tanto a nivel económico como social.

Ditos fomentadores trouxeron e implantaron novos sistemas de pesca e conserva que, por un lado, desprazaron cara un segundo plano á agricultura e á gandería como primeira fonte de recursos e, polo outro, provocaron conflitos coas artes de pesca tradicionais. Foi a partir deste momento cando a poboación comezouse a instalar pouco a pouco preto da costa moañesa, percorrendo así o camiño que os levaría ata o mar.

Xa no inicio do século XX, concretamente en 1902, a legalización dunha nova técnica de pesca (*pesca de ardora*) que aparecera un século antes, provoca unha grande demanda de embarcacións que leva o xurdimento de numerosos estaleiros por toda a costa moañesa.

Este impulso tivo moita importancia no traxecto percorrido cara ó mar pola poboación, xa que a partir dese acontecemento a construción de vivendas no litoral acentúase notablemente.

A nivel industrial, o final da guerra civil deu lugar a dúas situacións ben diferenciadas. *"Por una parte*, -segundo Xoán Carmona e Jordi Nadal[78]- *la eclosión, espectacular y efímera, de un negocio minero hasta entonces de escasa importancia".*

Ésta provocou un dos sucesos de maior auxe económico e recoñecemento internacional da historia de Galicia: a febre do volframio. *"Por otra,* -continúan estos autores- *el aislamiento y el intervencionismo estatal, con un cúmulo de efectos negativos, compartidos con el resto de España y prolongados por espacio de larguísimos años".*

Xa nos anos corenta, como explica Carlos Sudriá –sempre citando as mencións de Xoán Carmona e Jordi Nadal- unha vez finalizado o conflito bélico, *"la escasez de hidrocarburos y la rígida regulación del carbón convirtieron a la electricidad en la única fuente de energía de acceso relativamente libre y, durante los años 1940 a 1943, el consumo de este fluido duplicó su ritmo respecto al del quinquenio anterior a la guerra".*

Débese facer fincapé no relativamente baixo nivel de contribución que a electricidade propiciou no desenvolvemento económico de Galicia durante todo o século XX. As causas desta situación foron, por un lado, o escaso poder deste sector.

Polo outro, e despois dos anos cincuenta, debeuse á falta de vantaxes para o asentamento industrial que os reducidos custos de xeración hidroeléctrica podería incentivar.

[78] CARMONA, Xoán; NADAL, Jordi - *El empeño industrial de Galicia, 250 años de historia, 1750-2000*. Madrid: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2005, páx. 241.

8.1.2 Unha visual pola década de 1950

A década de 1950 definiu o final dun período marcado pola existencia dunha poboación atrasada e, en gran medida, analfabeta. Sobrevivía do traballo e dos recursos que tanto o mar como o campo lles proporcionaba.

Foi, ademais, unha etapa de auxe pesqueira que provocou a aparición de numerosas edificacións á beira da costa moañesa, nas que os seus moradores perseguían aproveitarse desa actividade que tanto tirón estaba a producir.

O auxe da construción naval no municipio prodúcese no inicio desta década, no que o porto de Moaña considérase o maior en pesca de baixura dentro do territorio español. A industria aínda non se facía sentir da maneira intensiva que ó fixo nos anos posteriores, polo que tampouco a arquitectura tradicional e os seus asentamentos sufriron grandes modificacións, manténdose practicamente inalterables os condicionantes e fundamentos históricos de edificación e ocupación básicos.

En termos lexislativos, o solo galego estaba supeditado a nivel nacional pola xefatura do estado, polo que a súa ordenación e intervención quedaban baixo o control da única normativa estatal dedicada á edificación e ó valor do solo, a cal viu a ser o resultado unificador de diversas leis promulgadas para temas urbanos específicos: *a Lei de 12 de Maio de 1956 sobre o réxime do solo e ordenación urbana,* coñecida como*, Lei do Solo de 1956*.

Pola súa parte, Moaña non foi unha excepción dentro desta situación xurídica onde, naquel tempo, o control urbanístico, edificatorio e territorial era practicamente inexistente. Todo isto acontecía nun solo galego habitado por unha sociedade á que lle custou evolucionar ata ben entrada a segunda metade do século XX, onde o cambio económico e demográfico dos anos sesenta revolucionou de forma determinante á decadencia vivida no período anterior.



Fig. 75 **Vista xeral de Moaña dende o miradoiro de A Fraga, 1950.** *O aproveitamento máximo do solo agrícola para o desempeño das súas funcións condicionaba, en certa medida, o asentamento da poboación moañesa, a cal combinaba actividades campesiñas-agrícolas con marítimas-pesqueiras.*

8.1.3 A situación morfolóxica urbana

Unha vez definido o ambiente no que se vivía ata ese momento, pasase a realizar un estudo analítico onde se observa como as construcións consolídanse na prolongación de todo o litoral, coincidindo coa presenza nesa zona das principais vías de circulación.

Esta comunicación, que discorría polas curvas de nivel máis suaves próximas á costa marítima, evitaba así, a dificultade de trazar o seu recorrido polas fortes pendentes localizadas na zona media-alta do val.

Outro punto importante a destacar é a existencia de dous claros trazos de circulación perpendiculares á liña de costa, como son o camiño de *A Canesa* e o de *A Seira*, onde se sitúan as construcións de forma densa ó longo dos mesmos.

O primeiro deles corresponde ó camiño histórico percorrido pola poboación moañesa, ó longo do tempo, no seu descenso da montaña cara ó mar. No resto do territorio existe un asentamento disperso con pequenos núcleos, típico na arquitectura popular do litoral galego.

Na evolución urbana de Moaña, tamén os equipamentos van ter o seu papel protagonista como causantes da formación de núcleos reducidos, xa que estes sempre foron, e son, puntos de atracción para a poboación.

Estas pequenas concentracións veñen dadas, como se explicará máis adiante, pola presenza de elementos de índole público como poden ser fábricas, industrias, escolas, mercados ou portos, que poden atribuír ou cubrir gran parte das necesidades que tiña a sociedade. Tamén é de salientar a numerosa presenza destes en relación á densidade habitacional do Concello neste período.

Nestes anos, a predominancia da vivenda tradicional galega fronte á "nova" construción do ladrillo era absoluta neste municipio. Será a partir dos anos 1960-70 cando, a raíz dun *boom* económico e demográfico xurdido a nivel nacional, unha masificación construtiva descontrolada deste último tipo de edificación convértase nunha realidade palpable.

Isto mostra o, relativamente, bo momento económico que se comezaba a vivir en Moaña durante esta década se a comparamos con anos anteriores, xa que hai que recordar que neses tempos o nivel de vida en Galicia era moi precario, sobre todo no ámbito rural.

Isto foi debido ó grande auxe da *pesca de ardora* que levou ó municipio a ser o porto máis importante de España en pesca de baixura neses tempos. Outro dato indicativo desta situación é a existencia dunha grande variedade de servizos como, por exemplo, farmacias, bares, tendas, fábricas, estaleiros, perruqueiros..., entre outros.

Como xa foi indicado con anterioridade, Moaña combina principalmente dous tipos de asentamentos: un no que as vivendas se sitúan ó pé dunha vía *(rueiros),* e outro definido como un asentamento disperso diseminado constituído por pequenos núcleos próximos entre si (aldeas polinucleares).

Esta combinación fai que estes asentamentos se fundan entre eles, chegando a formar agrupacións espontáneas que rompen cos patróns tradicionais de distribución poboacional, ata o punto de crear novas unidades de orde superior ás nomeadas anteriormente.

Estas concentracións naturais e irregulares responden a diversos condicionantes entre os cales destacan os factores climático-xeográfico, histórico-local e construtivo-público.

Á volta destes axentes, compostos por características propias da rexión, formaranse as condicións necesarias para que os diferentes tipos de asentamentos existentes en Galicia tomen unha nova e particular estrutura que será consecuencia directa da influencia exercida por eles na poboación moañesa.

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica - de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 - Década de 1950



Fig. 76 **Vista aérea de Moaña, 1956.** *A primeira información gráfica obtida da parroquia moañesa foi unha fotografía aérea militar do ano 1956. Nesta imaxe obsérvase unha grande cantidade de parcelas agrícolas cunha distribución habitacional que combina os rueiros coa ocupación dispersa típica no territorio galego.*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica - de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 - Década de 1950



Fig. 77 **Estrutura viaria de Moaña, década de 1950.** *No que o sistema viario se refire, debemos considerar a diferenza xerárquica e histórica que estas transmiten. Por un lado temos as vías máis recentes, dedicadas ó paso lonxitudinal a través das proximidades da costa, datadas no inicio do século XX e, polo outro, aquelas máis antigas (anteriores ó século XX) que foron, na súa maioría, liñas de comunicación orgánicas e espontáneas, máis ou menos perpendiculares ó litoral, unidas entre si por pequenos camiño,s que permitían un rápido desprazamento da poboación dun lugar (ó traballo doméstico e agrícola) a outro (ás labores marítimas e pesqueiras).*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica - de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 - Década de 1950



Fig. 78 **Estado en obras da zona do Almacén, Moaña (anos 1950).** *A zona de O Real foi aquela que máis transformación sufriu en relación ó espacio-construción-tempo. Practicamente en vinte anos, esta zona pasou de ser un lugar de terras e cultivos a converterse nunha horrenda masificación de edificios realizados sen ningún tipo de ordenación ou sentido común, unicamente corrompidos por pura especulación urbanística.*



Fig. 79 **Imaxe do cruce de Lestón, Moaña (década de 1940-50).** *A realización das vías existentes paralelas á costa e que atravesan a parroquia, serviron, sobre todo á PO-551 (estrada de arriba), para mellorar enormemente a comunicación por terra entre Moaña e os principais núcleos e asentamentos da zona como podían ser Cangas, Vigo ou Pontevedra.*

Esta teoría ven xustificada pola súa presenza na realidade urbana moañesa (véxase fig.80), na cal observase como xorden, dende a montaña e perpendicularmente á costa, dúas vías nas que se asentan un gran número de vivendas que finalizan na mesma, xunto cunha ocupación do solo próxima e paralela ó mar que caracteriza as curvas de nivel existentes nesa zona.

A diferenza apreciase á hora de analizar a ligazón de cada unha das arterias normais co elemento comunicador transversal, a raíz do cal pódese observar como, mentres que un eixo viario *(*camiño de *A Seira)* mostra claramente un asentamento lineal, illado e ben diferenciado do núcleo costeiro.

O outro (a rúa de *A Canesa*) chega a ter unha concentración construtiva tan grande no referido cruzamento, que rompe coa dinámica de asentamento lonxitudinal característico da zona, creando un novo sistema distributivo máis complexo nese punto, no cal as dúas unidades convértense nunha soa.

É necesario sinalar que este crecemento viu dado nese lugar específico por unha razón tan elemental como determinante. Precisamente esa vía foi o primeiro camiño e, a súa vez, o máis curto (vai perpendicular á liña costeira) que comunicou á costa cos asentamentos situados na principal e máis antiga zona habitacional da montaña (concretamente na parroquia de S. Martiño).

Esta situación provocou, como é evidente, que as vivendas que pouco a pouco se foron aproximando ó mar (influenciadas e atraídas polo auxe da pesca e polo coñecido dito *"casar na estrada é casar ben"*) se situaran ó longo desta vía.

Isto foi debido, principalmente, á forte relación que, no principio do século XX, existía entre a pesca e a agricultura-gandería na obtención de recursos naturais por parte da poboación moañesa, o que deu lugar a unha consolidación viaria que chegou inalterable ós nosos días.

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica - de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 - Década de 1950



Fig. 80 **Distribución territorial das numerosas edificacións situadas polas principais liñas de comunicación da parroquia moañesa, década de 1950.** *As vías perpendiculares á costa foron moi características en solo galego xa que era, evidentemente, a forma máis rápida que tiñan os habitantes de chegar da montaña ó mar e viceversa. Son resultado do paso das persoas que, ó longo do tempo, foron creando e consolidando de forma esporádica e orgánica os eixos que marcarían as futuras vías de comunicación da parroquia.*

8.1.4 Un novo núcleo ocupacional: a derradeira manifestación do asentamento tradicional en Moaña

Ó longo de todo o estudo, unha das conclusións máis básicas e importantes que se poden obter do mesmo é a determinante influencia que exercen os factores e elementos propios de cada lugar, tanto na distribución ocupacional como na súa arquitectura popular.

Este proceso histórico-local vai crear e personalizar en Moaña, como no resto do territorio galego, novos asentamentos de diferente orde ós xa existentes, e analizados, de índole tradicional ou popular.

Unha das principais causas foi a aparición de novos condicionantes impostos por un evolutivo e diferente modo de vida e unha economía en constante crecemento xunto cós, xa coñecidos, factores climáticos e xeográficos.

Desta maneira, os asentamentos tanto da poboación agraria como pesqueira foron mudando progresivamente ata o punto de formar novas tipomorfoloxías locais baseadas na busca dunha relación equilibrada, máis próxima e funcional, entre estas dúas formas de vida que eran, nese tempo, a base económica da sociedade no municipio moañés.

Todos estes factores foron levando á poboación na busca dun lugar onde, por un lado, estivesen protexidos grazas á agrupación e proximidade doutras vivendas que axudaban a evitar os efectos dos ventos predominantes e, por outro, atoparse asentados nun terreo próximo á vía que lle permitise estar nunha boa e constante comunicación cos lugares e recursos básicos para a súa vida laboral e cotiá.

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica - de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 - Década de 1950



Fig. 81 **Planta cartográfica urbana de Moaña, década de 1950.** *A concentración construtiva na prolongación do litoral moañés xunto coa vía de A Canesa, é unha das principais características da situación urbana da parroquia moañesa nos anos 50. Isto, como xa se explicou, foi debido o gran desenvolvemento nas artes da pesca durante as primeiras décadas do S. XX.*

Na freguesía moañesa, un exemplo claro desta teoría é a transformación do camiño de *A Canesa* na súa zona máis próxima á costa, presente no decorrer de finais do século XIX e principios do XX. É ademais a vía histórica por excelencia de comunicación entre o mar e a montaña, a cal chegou a converterse, durante boa parte do s. XX, no centro neurálxico da parroquia.

Isto debeuse principalmente a unha serie de acontecementos xurdidos no inicio deste século que provocaron, como veremos seguidamente, unha considerable concentración nesa zona, tanto de poboación como de edificios públicos.

Outro dos elementos implicados son os equipamentos. A súa gran variedade existente en Moaña durante todo o seu territorio costeiro toma unha nova dinámica nesta zona concreta. Nela obsérvase a situación estratéxica dalgúns dos elementos públicos máis importantes como poden ser o mercado, a escola ou un dos principais lavadoiros.

Deste balance pódese deducir que o punto nodal entre o camiño da *Canesa* (vía normal ós eixos costeiros) e as dúas estradas transversais principais foi un referente para a sociedade moañesa.

No lugar realizábanse multitude de labores de diversa índole. Así, as mulleres congregábanse na *Praza* en busca de víveres frescos para, máis tarde, dirixirse ó lavadoiro da *Martinga* a lavar a roupa e a falar das últimas novas acontecidas na parroquia.

Os homes reuníanse na *Cofradía de Pescadores* ou nos bares situados á pe de costa para tratar os temas do día do mariñeiro ou, simplemente, para xogar unha partida ás cartas ou o dominó mentres se tomaban un viño. Pola súa parte, os nenos pola mañá ían a escola de *Quintela* para, pola tarde, xuntarse nos arredores dese mesmo lugar para xogar á pelota, ós agachados, ás bólas…



Fig. 82 **Mulleres lavando a roupa no lavadoiro da Martinga, Moaña (mediados do s. XX.** O lavadoiro representaba moito máis que un simple lugar para lavar. Era un verdadeiro punto de encontro para as persoas, sobre todo para as mulleres. Alí traballaban á vez que gozaban das charlas que tiñan entre elas. Tamén os rapaces, que ían coas súas nais ó *pilón, xuntábanse nese lugar para xogar e así estar vixiados polas nais.*



Fig. 83 **Homes reunidos nunha celebración no interior dunha taberna.** *Antes de que a poboación comezase a instalarse na beira do mar, as únicas edificacións existentes nesa zona eran bares ou tabernas nas que os mariñeiros se reunían a falar e a tomar un viño despois dunha dura xornada de traballo.*

Esta situación describe perfectamente a importancia desta zona en Moaña sendo, xunto co núcleo costeiro, o centro urbano do municipio durante algún tempo, xa que este último, antes de converterse nun asentamento habitacional, estaba composto por unha distribución continua de bares, tabernas, estaleiros, varadoiros e edificios de índole público *"que se dedicaban al suministro de víveres a las embarcaciones y a la población, y que durante las épocas de actividad pesquera no cerraban durante toda la noche"*[79].

Así, a densidade construtiva existente neste lugar, tanto ó redor coma no interior da delimitación creada polos equipamentos, é dun orde superior se a comparamos con zonas de iguais características físicas que, polo contrario, non teñen esta afluencia habitacional.

Isto, evidentemente, vai un pouco marcado polas condicionantes que ten cada sector da poboación, xa que un mariñeiro non precisa dos mesmos recursos nin ten as mesmas necesidades cun agricultor, por exemplo.

Deste xeito pódese xustificar a elección de cada persoa por decantarse dun ou doutro lado no que se refire ós sistemas distributivos habitacionais predominantes.

É claro que, como xa vimos, un mariñeiro precisa estar cerca do seu lugar de traballo e tamén das zonas que lle faciliten a obtención duns recursos que poidan cubrir ás súas necesidades básicas, como son *"escogidos lugares de la costa, o rincones defendidos por algún accidente geográfico que ofreciese seguridad suficiente para poder desarrollar sus actividades"*[80].

Polo contrario, o agricultor depende doutros factores que lle son imprescindibles para a súa supervivencia. Ditos factores fan con que o sector agrícola localícese nun lugar e nunha forma diferente ó pesqueiro.

[79] RÚA, Manuel - *Moaña.* Vigo: IR INDO Edicións, 1991, p. 17.
[80] DE LLANO, Pedro. *Arquitectura Popular en Galicia*. Coruña: Edicións Xerais, 2006, p. 167.

Quérese dicir, a poboación agraria dálle prioridade a un asentamento máis disperso, formado por vivendas con varias dependencias e un extenso terreo cultivable á súa volta. A súa localización xa non depende tanto de axentes estratéxicos, senón que a súa principal preocupación pasa a ser xeográfica, é dicir, as características do solo.



Fig. 84 **Deseño cartográfico con curvas de nivel, Moaña 1956.** *O pronunciado relevo existente na parroquia, o cal se pode apreciar no deseño grazas ás curvas de nivel, fixo con que a comunicación transversal se fixera na parte baixa do val, próxima do litoral, onde o desnivel é moito menos pronunciado. As vías que circulan polo interior da parroquia son, na súa maioría, perpendiculares á costa debido os factores xeográficos e estratéxicos xa explicados.*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica - de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 - Década de 1950



Fig. 85 **Deseño interpretativo ocupacional de 1956 coa localización do asentamento en estudo.** *No deseño pódese observar como a zona de interferencia entre á liña normal ó litoral e as edificacións situadas ó longo da costa producen unha interligación que vai desembocar no desenvolvemento dun novo tipo de asentamento local.*

Debido á falta de datos completos e fiables sobre a parroquia de Moaña anteriores á década de 1950 (sobre todo gráficos), resulta complicado saber se a poboación concentrouse nese lugar pola presenza dos equipamentos máis importantes ou si, polo contrario, foi a propia agrupación dos veciños a que provocou a aparición dos edificios públicos principais.

Edificios como o mercado, a Cofradía de Pescadores ou a escola de Quintela da que, por exemplo, non temos información do estado da zona no ano 1914, momento no que foi construída. Isto sucede con practicamente tódolos equipamentos do local.

Aínda así, se analizamos con detalle á súa evolución histórica-urbana pódese chegar á conclusión de que a citada transformación foi consecuencia directa da dupla condicionante exercida pola interrelación entre ambos factores.

Normalmente, para revitalizar ou poboar un lugar, entre outras medidas, incorpóranse novos equipamentos que poidan atraer a unha poboación necesitada ou interesada nos recursos e posibilidades que estes lle poden satisfacer.

Por iso, as persoas que viven distanciadas dos principais núcleos habitacionais, sobre todo a xente moza, tenden a mudarse de asentamento en busca dunha mellora na calidade de vida grazas ás numerosas e diversas oportunidades que esa área pode xerar.

Desta maneira, a presenza dos principais equipamentos sociais xunto coa congregación da poboación á volta ou nas proximidades dos mesmos son dous aspectos esenciais nos baremos de elección do local de implantación por parte da sociedade.

Aplicando esta teórica realidade ó caso que nos compete, é evidente que a súa consolidación como núcleo e centro habitacional ten como células base á existencia de múltiples equipamentos que eran de

vital importancia tanto para a poboación do barrio en si como para a da propia parroquia. Algúns dos edificios públicos existentes tiñan naquel momento unha forza de atracción enorme sobre á sociedade, xa que cubrían unha ampla gama de necesidades imprescindibles para o día a día do ser humano.

Tal foi así que, aínda na actualidade, esta delimitación desempeña unha función absorbente moi importante no que á concentración de persoas se refire, debido ós moitos equipamentos que se implantaron próximos ós seus antecesores co paso do tempo, como por exemplo bancos, comercios, bares ou servizos sociais, e que serviron para consolidar a zona como gran punto de movemento poboacional.



Fig. 86 **Esquema explicativo dos equipamentos existentes na zona en estudo.** *Como se aprecia no gráfico, a cuantiosa presenza de equipamentos en relación o espazo relativamente reducido no que se atopan fai pensar na importancia que ese lugar tivo na sociedade moañesa nesa época.*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica - de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 - Década de 1950



Fig. 87 **Gráfico descritivo dos diversos equipamentos.** *Hai que salientar non só a presenza de numerosos equipamentos, senón tamén a gran diversidade neles existente. Esta situación fai con que esta zona quede completamente cuberta en tódalas necesidades propias da sociedade do momento.*



Fig. 88 **Imaxe das coñecidas escadas do camiño de "A Canesa", Moaña.** *O conxunto de escadas deste camiño é un elemento moi característico e coñecido na parroquia moañesa, pasando e conservándoas de xeración en xeración. A proba está nas numerosas fotografías atopadas, ó longo do século XX, deste lugar xa que as persoas sempre quixeron ter un recordo deste famoso e particular posto.*

Adentrándonos na composición morfolóxica deste espazo, atopámonos con dous subnúcleos separados entre si pola estrada PO-551 e que mostran a influencia á que foron sometidos polos elementos á súa volta situados. Así, o subnúcleo maior (véxase fig. 88) creceu en base a unha escola que se converteu practicamente no único e máis importante punto educativo da parroquia.

O inicio dunha conciencia formativa e educativa por parte da sociedade levou a que moitos pais se decidirán a asentarse próximos á escola para que así os seus fillos pequenos (nesa época os maiores tiñan que estudar fora da parroquia, en Vigo ou Cangas) puideran ir ás aulas sen recorrer grandes distancias e liberar desa maneira ós pais de ter que acompañalos durante ese longo traxecto.

Como xa se explicou anteriormente, esta congregación trouxo consigo a aparición de novos equipamentos, tales como tabernas, tendas, panaderias…, que axudaron á confirmación da zona como entidade de orde superior en relación ás demais aldeas ou lugares. Este subnúcleo conxuga, nun nivel básico, dous tipos de asentamento tradicional como son o *rueiro* e o *concentrado*.

Evidentemente, a forza implícita na liña comunicadora de *A Canesa* non desapareceu, polo que as persoas que tiñan posibilidade asentábanse ó pé desta vía facendo coñecido o xa mencionado dito *"casar na estrada é casar ben"*. Por outro lado, a implantación nun mesmo emprazamento dos edificios públicos máis importante, xunto cos xa existentes métodos de defensa perante os factores climáticos e xeográficos fai con que a concentración poboacional sexa unha realidade.

Esta combinación de tradicións, intereses e rutinas locais fai con que, ó espremer os atributos esenciais do lugar, unha delimitación que parecía unificada e cunhas características tradicionais xerais pase a mostrar o seu lado máis persoal e particular. Lado no que tanto a poboación como o terreo físico interviñeron de forma decisiva.

Pola súa banda, o pequeno subnúcleo máis orientado cara ó mar (véxase fig. 88), volve novamente a ser resultado do cruzamento entre dúas formas de ocupación territorial ben diferenciadas as cales responden ós criterios e necesidades tradicionais de cada momento. Esta intersección entre o *rueiro* e a tradicional entidade de poboación situada ó longo da costa marítima (*A Praia*), obedece a uns parámetros impostos polas carencias sociais e económicas existentes nesa época.



Fig. 89 **Ilustración dos dous subnúcleos básicos da zona de *A Canesa*, 1956.** *Realmente podemos falar dun só núcleo, xa que a forte presenza da liña comunicativa así no lo fai ver. Aínda así, ó dividir o lugar atopámonos con dúas zonas ben definidas que parecen ser resultado de diferentes necesidades sociais.*

Así, as construcións asentadas nas primeiras liñas costeiras, tradicionalmente orientadas cara ó mar e formadas por rúas normais a estas buscando sempre a protección contra os ventos predominantes, cambian á altura do paso da vía de *A Canesa* onde, pola súa forte influencia, as edificacións sitúanse entre medianeiras paralelas unhas a outras pero con fronte a esta liña comunicadora perpendicular ó litoral e ás restantes construcións (véxase fig. 89).

Unha vez máis, os equipamentos xogan un papel fundamental no desenvolvemento urbanístico do lugar. Este tramo de rúa, moi próximo do Mercado e da Cofradía de Pescadores, fai con que a poboación propietaria dos terreos veciños busque a súa máxima explotación construtiva para poder edificar de modo a que se cumpran os condicionantes climáticos e sociais xa repetidamente mencionados.



Fig. 90 **Exemplificación distributiva das edificacións situadas no litoral moañés.** *Resulta moi interesante ver como dous tipos de asentamento tradicional conxúganse dunha maneira equilibrada e natural, nunha zona onde determinados elementos e condicionantes marcan as pautas da rutina social moañesa.*

8.2 Década de 1960

8.2.1 Breve abordaxe ó contexto que antecede á década

Para situarnos no contexto histórico moañés de 1960 faise necesario realizar unha pequena viaxe no tempo para explicar os importantes cambios sufridos durante a posguerra da España franquista e que, dunha maneira determinante, influirán no asombroso desenvolvemento desta época.

Un punto clave nesta situación foi o bloqueo internacional imposto a España finalizada a Segunda Guerra Mundial (1939-1945), debido o apoio que Franco lle prestou ás forzas do Eixo en pago polas axudas recibidas por Alemaña e Italia durante a Guerra Civil española.

Tal abandono viu inducido polo comunicado de condena resultante da Resolución da ONU no ano 1946. Nesta manifestación, a ONU recomendaba a retirada dos embaixadores de territorio español, o que supuxo o illamento diplomático do réxime ditatorial ata ben entrados os anos 50.

Isto levou á implantación dun sistema económico autárquico (modelo empregado por Italia e Alemaña durante a guerra) que rapidamente mostraría as súas deficiencias producindo un estado de escaseza, deterioro e forte intervencionismo estatal. Será co fin deste modelo e o conseguinte *aperturismo* que a sociedade española comezará a se levantar.

Na década de 1950, dous sucesos inician a apertura económica cara occidente: a Guerra Fría entre os Estados Unidos e a Unión Soviética (1950-1959) e a entrada no goberno ditatorial dun grupo de tecnócratas do Opus Dei (1957).

Esta tensión entre as dúas grandes potencias dese tempo, debido ós continuos intentos de extensión e afianzamento da influencia soviética no Este de Europa e a resposta americana no resto do continente, trouxo

consigo un acercamento entre os Estados Unidos e España que desembocou, por un lado, no asentamento de bases militares americanas en territorio español e, polo outro, na asistencia económica do goberno norteamericano ó Réxime franquista.

Para solucionar este desastre económico, os tecnócratas do Opus Dei levaron a cabo un *Plan de Estabilización* (1959) que perseguía, ante todo, abrir definitivamente a economía e o mercado español ó exterior. Esta medida, que conseguiu atinxir os obxectivos marcados, asentou as bases dun desenvolvemento económico que sería confirmado no inicio da década posterior.

No que a sociedade se refire, non se producen grandes cambios na antesala dos anos 60 en comparación con épocas anteriores. As grandes cidades seguen crecendo territorialmente, aínda que a gran maioría da poboación segue sendo rural (un 40% durante os anos 1940 e 1950). Tamén salientar a grande diferenciación social, onde dominan os ricos e pobres, deixando de lado a unha feble clase media.

A década de 1960 vai marcar un antes e un despois na economía española e, polo tanto, en todo o referente ó territorio nacional. Moitos van ser os cambios e todos no mesmo período: *boom* demográfico e económico, aumento do turismo, forte mercado internacional, emigración… Desta maneira, iniciarase un proceso de transformación que inducirá ó progresivo abandono dos tradicionais asentamentos rurais por aqueles que comezan a crecer e a ofrecer novas posibilidades laborais: os núcleos industriais.

Todo este cambio evolutivo de orde superior vai ter como consecuencia connotacións negativas e positivas. Será o impulsor da mal chamada *Era do ladrillo,* a cal acabará por invadir e estenderse por todo o territorio español chegando de maneira implacable, como veremos, ó litoral moañés.

8.2.2 Unha visual pola década de 1960

Coa chegada dos anos sesenta, un gran salto cualitativo a tódolos niveis orixínase no territorio español. O inicio podémolo situar no abandono definitivo dun modelo autárquico desgastado característico da década anterior, o cal é substituído por un novo sistema aperturista que busca, por riba de todo, liberalizar á economía española ó exterior.

Numerosos son os cambios que se producen. A nivel político, ó xa feito *Plan de Estabilización* de 1959 sucedéronlle os *Plans de Desenvolvemento* entre 1964 e 1973.

Estes deron como resultado o denominado *"Milagre Económico Español"*, a partir dos cales creceu a renda nacional, modernizáronse os diversos sectores económicos e industriais, mellorouse a produtividade agrícola e afianzouse o turismo como forma de ingresos.

Tamén o cambio social foi moi significativo. A poboación, perante as grandes posibilidades que os novos núcleos industriais aportaban, abandonaron un mundo rural atrasado para desprazarse ás crecentes entidades urbanas das cidades, desenvolvendo así novas formas de vida.

Este proceso migratorio tivo connotacións nacionais e internacionais, xa que moitos dos habitantes españois non só se asentaron nas cidades máis próximas a súa rexión senón que tamén tiveron que saír do país, sobre todo cara Europa Occidental.

"El éxodo rural y la emigración al extranjero, -menciona o profesor Doutor D. José Vidal Beneyto- *rasgos constantes del comportamiento de la población española, se acentúan extraordinariamente en estos años, en los que la desruralización y la urbanización empujan de tal manera la movilización espacial que, entre 1930 y 1970, 3.200.000 personas cambian de residencia municipal, originando una polarización positiva hacia los*

centros industriales y de servicios y una grave despoblación en los de agricultura tradicional"[81].

Acompañando este avance económico, prodúcese un forte crecemento demográfico, entre 1956 e 1975, no cal alcánzanse cifras históricas no referente á natalidade española do século XX.

A nivel industrial, neste período prodúcese un espectacular crecemento na pesca de longa distancia, *"lo que implicaba un cambio relevante en el tipo de pesquero demandado por el segmento más avanzado de los empresarios del sector"*[82].

Os estaleiros máis relevantes na construción deste tipo de barcos na provincia pontevedresa foron *Barreras, Vulcano* e *Freire* en Vigo e *Ascón* en Meira (Moaña).

Tamén os grandes petroleiros e outros cargueiros de elevado tonelaxe, tanto a nivel nacional como internacional, estiveron en auxe durante os anos sesenta, no cal *Astano* sería a empresa dedicada a súa construción.

En relación a isto, a cidade de Vigo foi un referente claro para toda a poboación existente na súa periferia. Os seus grandes núcleos industriais foron un reclamo para unha sociedade, na súa maioría rural, que buscaba novas e prósperas formas de ingresos.

Xa no ámbito local, é importante salientar a inauguración do *Ateneo* en 1967, primeiro centro sociocultural de Moaña que creceu grazas a un grupo de mozos cultos e profesionais que buscaban a educación e ilustración dunha sociedade cega intelectualmente e, na súa maioría, analfabeta.

[81] BENEYTO, José - *Una década prodigiosa: los años sesenta entre reformas y rupturas.* Valencia: Discurso de investidura como Doctor Honoris Causa pola Universidade de Valencia, (s/data), p. 4.
[82] CARMONA, Xoán; NADAL, Jordi - *El empeño industrial de Galicia, 250 años de historia, 1750-2000.* Madrid: Fundación Barrié de la Maza, 2005, p. 294.

Outra nova forma de información e entretemento foi a televisión, un gran medio de comunicación de masas que colonizará o ocio social ata o fin de século, coincidindo coa chegada da revolución telecomunicativa e, sobre todo, de Internet.



Fig. 91 **Estaleiro de Ascón en Meira (Moaña), década de 1960.** *Esta empresa xurdiu a partir da transformación en 1957 da antiga Construcciones S.L., en sociedade anónima, converténdose no primeiro estaleiro na Ría de Vigo no que a tonelaxe entregado se refire.*

Toda esta atmosfera global sobre a que estaba asentado o territorio nacional terá a súa repercusión na parroquia moañesa, onde as consecuencias xurdidas por esta serán o punto de inflexión no desenvolvemento a tódolos niveis dunha Moaña atrasada e sen aparentes posibilidades de evolución.

Así, a economía, a industria, a educación ou cultura locais experimentarán unha gran transformación evolutiva que rematará na implantación de novos aspectos a partir da década de 1970 e que serán desenvolvidos ó longo do presente traballo.

Con todo isto, non nos podemos esquecer do tema que nos atinxe, a morfoloxía urbana en Moaña. Evidentemente, a influencia exercida sobre o debuxo ocupacional pola situación da rexión descrita durante este capítulo vai ser determinante.

Os emerxentes tipos de asentamento escaparán das tipoloxías tradicionais e irán orientarse cara o desempeño de novas necesidades sociais, intereses económicos particulares e imitacións de modelos como o americano ou o europeo baseados na construción masiva de edificios sen control, utilización de materiais modernos como o aluminio ou o vidro e, por consecuencia, a aparición dunha arquitectura ecléctica local totalmente illada e antónima á construción tradicional existente.

Será neste sentido que, no seguinte apartado, abordarase a estrutura urbana e a súa evolución respecto á década anterior. Para iso teranse que interpretar non só elementos xerais da sociedade, senón tamén asuntos e intereses de particulares que pretenderon obter beneficios propios por medio da especulación e do individualismo.

Estes conceptos romperon drasticamente a base social popular e histórica da poboación rural caracterizada por unha constante proximidade e unidade entre as persoas, as cales eran partidarias da realización dunha vida en comunidade solidaria e veciñal.



Fig. 92 **Imaxe da inauguración do centro cultural *Ateneo* en Moaña, 1967.** *Este centro viu a dar resposta á aparición dunha conciencia cultural que buscaba a educación e ilustración dunha sociedade afundida no analfabetismo.Este local estivo en funcionamento ata o seu peche na década dos 80.*

Antes de entrar en profundidade no aspecto morfolóxico que nos ocupa, é importante coñecer o estado lexislativo no que se encontraba Moaña neste período. En termos estatais, (recordar que naquel tempo a lexislación era feita a nivel nacional xa que o goberno ditatorial franquista así o impuxo), a ordenación do territorio seguía baixo a supeditación da *Lei do Solo de 1956.* Salientable será a promulgación da *Lei 28/1969, de 26 de Abril, sobre costas*, coñecida como *Lei de Costas de 1969.*

Esta normativa viría a unificar a abundante lexislación dispersa e fragmentada (segundo a disposición primeira da presente lei, máis dun centenar de disposicións existían nesa época relacionadas coa costa) que, en moitas ocasións, entraban en contradición unhas coas outras. Desta maneira, impúñase unha regulación harmónica e uniforme da zona marítimo-terrestre.



Fig. 93 **Homes despedíndose das súas mulleres e familias.** *A emigración foi unha das constantes na poboación moañesa durante as décadas de 1960-70. Moitas son as mostras existentes destas despedidas, típicas nunha sociedade rural en atraso que soñaba cunha mellor fortuna no estranxeiro.*

8.2.3 A situación morfolóxica urbana

Numerosos foron os cambios que se produciron nos anos 60 a nivel nacional e internacional. Sen embargo, moitos deles non chegarían á parroquia moañesa ata ben entrada a década de 1970. Aínda así, existen elementos que indican o comezo desta nova situación desenvolvida con certo atraso, respecto aos núcleos máis urbanos e importantes, dentro do municipio.

Dentro deste xúbilo económico e social, unha idea de "modernización" habitacional xurdiu na poboación rural: o piso. As malas condicións de habitabilidade existentes nas anticuadas casas rurais (frío, humedade…) fixo con que o piso, un moderno domicilio con novas tecnoloxías de acondicionamento (como aire acondicionado ou calefacción

eléctrica) se convertera no desexo de moitas familias que buscaban unha mellor calidade de vida.

Desta maneira, *"producíase así* -segundo o sociólogo xa citado Manuel P. Rúa- *o paradoxo dunha primeira fornada de xentes que venderon ou deixaron terras de labor e vellas casas petruciais e marcharon a vivir a Vigo, fuxindo das solainas, deixando patíns e sobrados poboados de silveiras e morcegos, únicos habitantes naquel entramado de granito nobre e ramada mesta"*[83]*.*

Orixinouse un notable aumento do casarío unifamiliar diseminado como consecuencia da mellora económica, ocupando así antigos espazos de labor agrícola, zonas de monte, ribeiras de ríos, litoral…

Houbo un caso particular, referente á finca de O Real, na que se produciron diferentes sucesos e presións que desembocaron nunha masiva ocupación construtiva que será analizada ó longo deste capítulo. Esta era a dinámica na que se vivía nos anos 60, tamén coñecidos como *"os anos felices"* ou a *"era dos novos tempos".*

[83] RÚA, Manuel - *Moaña*. Vigo: IR INDO Edicións, 1991, p. 28.



Fig. 94 **Vista aérea xeral da parroquia de Moaña, ano 1969.** *Os anos sesenta marcaron un punto de inflexión na vida parroquial moañesa. O crecemento urbano converteuse nunha realidade palpable composta por unha morfoloxía que escapaba da arquitectura tradicional.*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica - de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 - Década de 1960



Fig. 95 **Relación existente entre as construcións e a estrutura viaria.** *A partir do aumento da edificación en Moaña, a poboación buscou novos asentamentos para poder ocupar, xa que os tradicionais estaban practicamente masificados sen posibilidade de crecemento.Desta maneira, comezan a aparecer novas vías de comunicación que servirán de apoio a estes asentamentos en plena construción.*





Fig. 96 ***Arriba*** **Procesión de San Cristóbal, 1962.** ***Abaixo*** **Traíñas chegando a Moaña do campionato de España, 1960.** *As traíñas en Moaña sempre foron un deporte moi seguido, onde os seus equipos tiñan grande suceso nas carreiras como reflexa esta imaxe, que mostra os vencedores do campionato de España. Por outra banda, a procesión de San Cristóbal facíase en homenaxe a este santo gardián do condutor na estrada.*

Relativo ó crecemento morfolóxico urbano, a parroquia comezou a mostrar indicios do que viría a ser a Moaña que coñecemos na actualidade. Zonas coma a de O Real, O Rosal ou unha parte determinada de A Praia sufrirán numerosas transformacións territoriais, pasando de ser lugares de fincas e labrado a traducirse en núcleos edificados de diversa índole e características.

A consolidación dun tipo de asentamento diseminado tamén foi unha constante durante este período. O aumento do casarío unifamiliar disperso, sobre todo na zona media do val, axudou a caracterizar unha poboación que tiña outro tipo de necesidades diferentes ás existentes nos habitantes rurais tradicionais.

Tamén se foron formando núcleos ocupacionais en diferentes puntos do territorio moañés que responderon a novos condicionantes creados por unha sociedade en clara evolución que, pouco a pouco, foi escapando dunha vida popular baseada nas labores agrícolas e pesqueiras que durante moitos séculos foran o motor da vida rural galega.

Estes novos asentamentos, xunto co crecemento construtivo do casarío disperso, axudaron á aparición doutras vías de circulación que conformación un novo marco estrutural viario na parroquia. Desta maneira, a comunicación entre os lugares, tradicionalmente existente só por uns poucos camiños comúns, transformouse nunha auténtica tea de araña conectada entre si.

Este deseño comunicativo parroquial estivo moi influenciado polo relevo xeográfico existente no territorio. É por iso que moitas das vías creadas xurdiron a partir das curvas de nivel presentes, mantendo practicamente a súa mesma liña definitoria. Por outro lado, os pequenos camiños secundarios, situados entre aldeas ou barrios, funcionan de maneira tradicional, é dicir, perpendiculares ó litoral.



Fig. 97 **Estrutura viaria na parroquia moañesa, 1969.** *A nova conformación viaria en Moaña foi unha das grandes transformacións que se produciron en Moaña durante o século XX. Este debuxo comunicativo chegaría practicamente intacto ós tempos actuais, só modificado con engadidos na zona norte correspondente a O Rosal.*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica - de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 - Década de 1960



Fig. 98 **Planta da relación ocupacional denso-disperso (diseminado), 1969.** *Este deseño mostra claramente o aumento da vivenda dispersa, traducida en casarios unifamiliares, consecuencia de varios factores xa citados.*



Fig. 99 **Persoas posando xunto a un carro de bois na zona de A Praia no inicio do século XX.** *Esta vía, situada ó pé da costa moañesa, era utilizada para o transporte de materias primas, sobre todo das redes de pesca que ían para os secadoiros de A Xunqueira, dunha punta á outra de Moaña, xa que tiña unhas dimensións considerables en relación ós camiños secundarios máis peonís, que permitían o paso dos grandes carros de bois.*



Fig. 100 **Estrada correspondente á actual rúa *Concepción Arenal,* na antiga zona de A Praia, a mediados do século XX.** *Probablemente esta sexa a estrada que máis modificacións sufriu ó longo do tempo, xa que as súas continuas ampliacións cara ó mar, por medio da realización de recheos, transformaron a este simple camiño de bois (así era ó inicio) nun lugar de tránsito rodado acompañado polo polémico paseo marítimo.*

Presentada xa unha noción xeral da situación morfolóxica da Moaña dos anos sesenta, iniciarase unha descrición máis pormenorizada dos tres puntos con maior índice de transformación ocupacional na citada década.

Estes espazos, referente ás zonas de O Rosal, O Real e O Carme, sufriron, en diferente medida, as consecuencias dun estado económico e social que revolucionou completamente a forma de vida da poboación moañesa e, con ela, o debuxo do seu territorio.

Por outra banda, aínda que os cambios que se producen son numerosos e en diferentes lugares da parroquia, o asentamento matriz segue consolidado e ben definido. Esta ocupación histórica, composta

principalmente polos tradicionais *rureiros* e por unha compacta unidade construtiva situada ó longo da costa moañesa, seguiu presente durante estes anos ata chegar ós nosos días case inalterable.

Sen embargo, veremos como paulatinamente, a raíz destas modificacións, a zona que antes era considerada como o núcleo urbano de Moaña (o cruzamento entre a vía histórica de *A Canesa* e o asentamento tradicional mariñeiro), irá perdendo importancia en detrimento doutros focos residenciais que nacen como resposta ás necesidades e preocupacións da nova sociedade que está a espertar.

O problema, que se pescudará no transcurso do estudo, aparecerá no propio crecemento dos núcleos ocupacionais así como no momento en que todos estes, xurdidos dentro dun novo e moderno contexto económico e social, se expandan ata entrar en contacto coa implantación construtiva secular.

Unha implantación xa consolidada e constituída por unhas características propias perfectamente recoñecibles. Pero antes de internarnos nesta problemática terase que analizar e coñecer as causas e alteracións destas recentes entidades construtivas.

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica - de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 - Década de 1960



Fig. 101 **Deseño interpretativo da situación morfolóxica de Moaña no ano 1969.** *Como se aprecia na planta, o crecemento ocupacional dalgúns dos novos núcleos prodúcese de diversas formas e características. Aínda así, o asentamento tradicional secular segue manténdose inalterable a pesar da irrupción destas entidades territoriais.*

Pola súa parte, os equipamentos asentados e consolidados, na súa grande maioría, na ocupación histórica da parroquia (no xa citado camiño de A Canesa e no zona edificada ó longo da costa) seguen unha mesma liña de distribución definida polas dúas vías lonxitudinais principais que atravesan á freguesía.

Non é difícil supoñer que a estratexia seguida polos sectores comercial e público-administrativo era a de conseguir situarse no lugar onde houbera maior mobilidade peonil. Evidentemente, ó ser as únicas vías que conectaban os principais puntos de actividade social e laboral dos arredores(como Pontevedra, Cangas ou as restantes parroquias do municipio), o emerxente tránsito rodado e peonil circulaba por estas liñas comunicativas para poder desprazarse ós seus locais de traballo ou de tarefas cotiás.

Neste punto, é importante mencionar a diferenciación existente entre estas dúas liñas viarias. Realmente, a principal vía de comunicación co exterior da parroquia é a estrada PO-551, coñecida popularmente como *estrada de arriba.* A outra vía, correspondente a actual rúa de *Concepción Arenal*, non ten a forza nin a importancia, en termos de comunicación, que a anterior.

Unicamente desempeña unha función interna, reservada máis para o paso peonil que para os vehículos. Aínda así, a súa ligazón nos extremos coa PO-551 fai con que moita da afluencia rodada que atinxe esta última decántese por dirixirse cara ela, como se fose unha forma de desafogo viario.

Por outro lado, o número de equipamentos non mudou de maneira considerable. Practicamente mantívose a mesma estrutura que a década anterior. Salientar a presenza dun novo punto de atracción poboacional: a fábrica dos *Brencas*. Este edificio vai conseguir crear postos de traballo para os habitantes moañeses, o que se vai traducir, como veremos, na conformación do primeiro núcleo da zona de O Rosal.

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica - de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 - Década de 1960



Fig. 102 **Distribución dos diversos equipamentos existentes na parroquia moañesa, 1969.** *A importancia das vías situadas á beira da costa e que atravesan a parroquia vese reflectida na distribución ocupacional dos equipamentos, os cales buscan as zonas de maior concentración e tránsito das persoas.*



Fig. 103 **Visual da *estrada de abaixo* coa presenza de diversos equipamentos, 1963.** *Nesta imaxe pódense distinguir diferentes equipamentos, emprazados á beira da costa moañesa, tais como a Praza de abastos, o kiosco de Ruti ou a panadería de Francisco. Esta situación axudou a mellorar e aumentar á mobilidade social neste lugar tanto dos propios habitantes da parroquia como da poboación dos arredores.*



Fig. 104 **Vista xeral dunha zona da estrada de *Concepción Arenal*, 1963.** *Observando a vía dende outro punto visual, contémplanse outros numerosos equipamentos existentes ó pé da praia. Entre eles, nun primeiro plano aparece o kiosco de Ruti e, xa máis ó fondo, unha farmacia, o lavadoiro de Fontecan ou o Cuartel da Garda Civil.*

8.2.4 Os novos núcleos residenciais: a confirmación dunha sociedade diferente

Ata o momento, todo o proceso de elaboración deste traballo tiña como base o estudo e coñecemento dunha arquitectura tradicional que, dende hai varias décadas, loita por manterse viva ante os implacables pasos dunha "modernidade" nalgúns casos sustentada por unhas actuacións construtivas e urbanísticas de dubidosa legalidade, que teñen como bandeira o individualismo e a utilización do *ladrillo* e do *aluminio*.

Este tipo de arquitectura, á falta dun termo que a defina e delimite obxectivamente, (hoxe en día, a palabra "feísmo" está a sonar con forza nalgúns sectores sensibilizados, aínda que a grande maioría dos profesionais da rama foxen e rexeitan esta designación) debido, como veremos, o amplo campo que pretende abarcar, puido ter o seu inicio neste momento da historia a causa da inédita situación económica e social xa descrita.

Os primeiros indicios que se teñen, en pequenas doses, da irrupción deste novo tipo de construción e urbanismo na parroquia moañesa datan, precisamente, da década de 1960. Así o reflicte, entre outras cousas, a súa ocupación territorial que mostra a presenza duns asentamentos en fase de crecemento xurdidos, como dixemos, a raíz das recentes e diversas necesidades que a nova posición económica e social orixinaron (véxase fig. 105).

A continuación analizaranse, caso a caso, cada unha das diferentes implantacións residenciais antes referidas. Estes emprazamentos serán o futuro habitacional da freguesía, aínda que abordadas e desenvolvidas de distinta forma e en épocas diferentes.

Pero como marca a dinámica seguida por este traballo, antes de explicar este desenvolvemento teranse que coñecer as causas e inicios duns asentamentos que condicionarán e modificarán, definitivamente, á Moaña secular.

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica - de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 - Década de 1960



Fig. 105 **Vista de O Vaticano na década de 1960.** *Nesta imaxe apreciase a irrupción da construción "moderna" do ladrillo. Xusto ó lado desta casa térrea tradicional elévase un edificio de numerosas plantas que ven chamar á porta dos novos tempos que corrían.*



Fig. 106 **Vista da rúa Concepción Arenal de Moaña, mediados do século xx.** *Esta visual é outro exemplo da nova etapa que estaba a comezar na parroquia. Os altos edificios en contraposición coas casas baixas tradicionais iniciarán un proceso de transformación urbana que avanzará nos próximos anos.*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica - de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 - Década de 1960



Fig. 107 **Localización e delimitación dos novos asentamentos residenciais, 1969.** *Como se pode apreciar, as novas ocupacións territoriais sitúanse nos arredores do núcleo tradicional debido non só ás características xeográficas desas zonas concretas senón tamén a cuestións políticas, intereses particulares ou estratexias definidas.*

a) O núcleo de O Carme

Cronoloxicamente, a conformación residencial da zona de O Carme foi a primeira das tres que se consolidou como núcleo habitacional. O seu inicio ten unha intrahistoria secular que algúns dos intelectuais e historiadores locais consideraron absurda.

Este suceso, aínda que tempo atrás fora xa provocado pola persistencia da poboación mariñeira de Moaña, tivo o seu desenlace no inicio dos anos 60 causado pola intervención da Igrexa neste conflito social. Unha Igrexa que, naquel tempo do mandato franquista, tiña moita influencia a nivel político, relixioso e administrativo.

Así ó explica o historiador Manuel Uxío García: *"O devandito desprazamento de persoas das clases sociais mais favorecidas foi o que propiciou que a autoridade eclesiástica acadara, sen oposición, que a freguesía de Moaña, a mais poboada do Morrazo no século XVIII e a segunda despois de Cangas antes de 1.964, foxe partida en dúas, quedando na matriz de San Martiño o máis pequeno número de habitantes de toda a antiga Xurisdición morracense"*[84].

Pódese concluír, a partir desta discusión entre os dous sectores maioritarios da poboación moañesa, que o asentamento de O Carme viu provocado por dous condicionantes.

Por un lado, o desprazamento da Igrexa e dos habitantes situados na zona alta da parroquia (San Martiño) en dirección ó mar, o que fixo con que esta zona evolucionase moito máis rápido. Por outro lado, a insistencia da poboación marítima en conseguir un templo relixioso na que conter e render tributo á súa virxe.

Dentro deste contexto revolto, xurde a principios dos anos sesenta a pretendida Igrexa do *Carme* na zona de *A Praia*. Isto fai con que unha

[84] GARCÍA, Manuel - *Auxe, declive e rexurdimento da freguesía de San Martiño de Moaña.* Moaña, (s/data), p. 5-6.

grande parte da poboación mariñeira busque asentarse preto desta, a cal funciona como un punto de atracción moi importante.

O seu posicionamento, próximo ó tradicional camiño de *A Seira*, e a conseguinte conformación residencial tamén induciu á implantación de diversos equipamentos que axudaron a afianzar o lugar como o principal foco relixioso da freguesía.

Aínda que a Igrexa sempre foi considerada un elemento propio é único de captación poboacional, neste caso débese facer referencia ós varios factores, na súa maioría xeográficos, que participan no estado descritivo do local.

Compoñentes como o río do *Pontillón,* o suave relevo terreal, a proximidade co litoral e con importantes equipamentos ou a virxindade do solo (ata esa data practicamente non existía ningunha edificación nese lugar) foron condicionantes moi significativos á hora da elección do local.

No seu debuxo territorial hai que salientar a unión que se produce deste núcleo co tradicional rueiro de *A Seira*, o que axuda á consolidación do mesmo. Desta maneira, tamén este camiño popular viuse favorecido por este suceso, xa que o seu traxecto foi aumentando considerablemente ás súas edificacións. Este crecemento construtivo compactou ós dous asentamentos ata o punto de poder consideralos interligados nunha soa entidade.



Fig. 108 **Detalle da distribución territorial do núcleo de O Carme, 1969.** *A localización deste asentamento responde a unha estratexia ben planeada que axudará ó desenvolvemento dunha zona que ata ese momento era unicamente, salvo contadas construcións, solo virxe cultivable e arbóreo.*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica - de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 - Década de 1960



Fig. 109 **Evolución da zona de O Carme despois da implantación da igrexa, 1969.** *Neste gráfico apreciase perfectamente a forte influencia que a igrexa da Virxe do Carme tivo na transformación urbana desta zona costeira da parroquia moañesa, a cal, co paso do tempo, seguirá expandíndose cara a zona de As Barxas.*



Fig. 110 **Interior da Igrexa de O Carme.** *Moitos critican as exaxeradas dimensións que posúe esta igrexa en comparación co número de fieis existentes no lugar. Aínda así, ninguén pode dubidar da considerable influencia que o templo tivo no desenvolvemento urbanístico de Moaña.*

b) O asentamento de O Rosal

Aínda que realmente a grande transformación urbana desta zona produciuse a partir dos anos noventa, vai ser durante esta década cando comece a súa andadura do que virá a ser nun futuro. Por este motivo, deixaremos para máis adiante este importante cambio para centrarnos nos pequenos detalles que aconteceron no decorrer dos anos sesenta.

A construción da fábrica dos *Brencas* marcou un punto de partida na formación territorial urbana do local. Este edificio, dedicado á conserva de peixe, deu lugar á configuración dun pequeno núcleo residencial implantado á volta do mesmo. Evidentemente, como acontece co xurdimento de novas entidades urbanas, creouse unha básica estrutura

viaria fundamentada en antigos camiños rurais e en rutas que comunicaban unhas aldeas con outras.

Esta zona, con grandes posibilidades de expansión, tiña no seu haber tódolos elementos necesarios para un desenvolvemento ocupacional coherente e ben definido. Estes elementos, tales como o río, o lavadoiro ou o suave relevo, facían do local un foco de explotación importante.

Sen embargo, como veremos máis adiante, diversos factores produciron unha transformación que rompeu coa imaxe secular da mesma. A distribución ocupacional que se seguiu non distou moito das formas tradicionais existentes.

A consolidación viaria do camiño de *As Barxas*, perpendicular á costa e obediente ó trazado do río de *O Pontillón*, trouxo consigo o asentamento de numerosas vivendas unifamiliares, e dalgún bloque de edificio, que se situaron ó pé desta vía e, por consecuencia, moi próximas do río.

Esta conformación residencial lineal, xunto co núcleo creado ó redor da fábrica dos *Brencas,* iniciou un debuxo territorial que se confirmaría coa chegada dos anos setenta.

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica - de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 - Década de 1960



Fig. 111 **Deseño descritivo da zona residencial de O Rosal, 1969.** *Tal vez este sexa o local que máis cambios sufriu ó longo do tempo no territorio moañés. Na actualidade, esta entidade estase a converter no centro urbano de Moaña grazas o grande desenvolvemento, acertado ou non, que está a resultar dende hai cincuenta anos.*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica - de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 - Década de 1960



Fig. 112 **Evolución da estrutura viaria da zona de O Rosal, 1969.** *A nova ocupación necesitaba da creación de rutas alternativas para comunicar os diversos puntos residenciais que se estaban a instaurar. Desta maneira xurdiu unha malla unificada que resolvía as necesidades comunicativas dunha sociedade en plena movilidade.*



Fig. 113 **Imaxe da entrada á zona de O Rosal antes da súa ocupación, 1914.** *O fértil solo cultivable existente no espazo de O Rosal, foi substituído por unha serie de edificacións, equipamentos e estradas que viñeron a iniciar a urbanización dun lugar con moitas posibilidades de explotación.*



Fig. 114 **Fotografía de dúas parellas á entrada da vía de O Rosal despois da intervención, anos sesenta.** *Nesta imaxe pódese observar, ó fondo, o transformador que marca o inicio da actual rúa de As Barxas, no Rosal, o que indica a presenza das citadas entidades residenciais.*

c) Unha "moderna" entidade urbana en O Real

Este lugar foi, sen dúbida, o que sufriu unha transformación máis rápida e contundente. En, relativamente, moi poucos anos pasou de ser unha simple finca para a labranza, a converterse nun solo moi apetecible para a súa edificación.

Deste modo, houbo unha incesante busca parcelaria para poder gozar das grandes posibilidades dese local as cales, co paso do tempo, se poñerían na súa contra e, polo tanto, na dos seus habitantes. Este fulgurante crecemento viu favorecido por unha serie de cuestións e intereses particulares que desembocaron nunha explosiva venta parcelaria co obxectivo de poder construír nun lugar en alza naquel momento.

Esta venta estivo propiciada –segundo explica o antigo alcalde e político do Concello de Moaña, D. Xabier Abalo[85]- *"por unha historia de especulación urbanística anterior a 1979. Parcelouse e vendeuse, incluso enganando á xente, xa que a venta era feita cun plano horizontal como base, mentres que a situación real era a dunha ladeira cunha considerable pendente".*

Quere dicir, vendíanse planos inclinados como se estivesen na horizontal, de aí que as rúas creadas sexan tan estreitas. Tamén dicir que a división territorial era realizada de forma ilegal xa que non foi aprobada en ningún momento polo Concello.

"Si existía -en palabras do citado D. Xabier Abalo- *un plan parcial de urbanización pendente unicamente de publicar, cousa que non se fixo. Aínda que neste plan se especificaba que a zona estaría dedicada á construción de chalés, acabouse por implantar unha consecución de enormes edificios que incumprían as licencias aprobadas pola administración".*

[85] D. Xabier Abalo foi un político moañés que chegou á alcaldía no 1979 representando o BNG. Entre 1976 e 1979 estivo como presidente da Asociación Veciñal de Moaña, denunciando a situación de especulación e ilegalidade que se vivía no municipio naqueles tempos.

No lado contrario, existían persoas formadas e asociacións veciñais, como a presidida polo ex alcalde moañés Xabier Abalo (quen explicou a situación), que intentaron por tódolos medios frear aquela ola de construción masiva que se estaba a producir. Estes denunciaban ós responsables daqueles edificios, os cales eran levados o xulgado da Paz para unicamente recibir como castigo ou condena unha cantidade irrisoria de diñeiro en concepto de multa.

Ata 1984, momento no que se aproban as Normas Subsidiarias Municipais, esta situación foi constante no territorio parroquial. Antes dese ano, debido á falta de medios e a pasividade do goberno civil e dos xulgados perante esta grave situación, era practicamente imposible paralizar as edificacións.

Estas novas normas de índole administrativo municipal permitiron o precintado das obras, a retirada de material e, posteriormente, sentar no banco dos acusados ós infractores, pero o dano xa estaba feito.

É dentro deste contexto que xurde o núcleo de O Real. Nun primeiro momento, créanse vivendas unifamiliares cun amplo recinto á súa volta. Estas eran, maioritariamente, casas de arquitectura culta propiedade de xente adiñeirada que podía permitirse o luxo de comprar e edificar nun lugar que, polas súas características físicas e xeográficas, destacaba grazas ás amplas vistas ó mar que posuía.

Máis tarde, en pleno desenvolvemento urbano, os prezos dos terreos baixaron ó que provocou que xente de clase media tivera a posibilidade de construír entre as prósperas vivendas e edificios máis particulares que viron como, ó seu redor, o solo pasaba de ser terra, árbores e vexetación a converterse en zonas de ladrillo e cemento.

Isto provocou unha incoherente mestura entre unhas edificacións feitas dun modo individual e interesado, nas que non se tiña en conta a normativa vixente e se apreciaba unha total falta de sensibilidade estética, funcional e urbanística.

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica - de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 - Década de 1960



Fig. 115 **Interpretación da situación morfolóxica de O Real no ano 1969.** *Este asentamento foi o máis polémico que se chegou a implantar en Moaña debido á súa dubidosa legalidade no proceso de construción dos edificios que o compoñen. Unha vez que xa está o mal feito, é necesario acometer medidas para intentar, polo menos, minimizar os danos ou irregularidades que non se tiveron en conta no pasado e que, sen dúbida, van marcar o seu futuro.*

Morfoloxicamente, a distribución urbana era feita a partir dunha base xeográfica baseada no deseño dunha estrutura viaria acorde co debuxo das curvas de nivel. Unha vez realizada, dispúñanse as edificacións ó pé das mesmas e viceversa.

Como dixemos, as primeiras construcións en aparecer foron vivendas unifamiliares de arquitectura culta que se situaban na zona media-baixa do terreo onde gozaban das espectaculares vistas ó mar e da súa proximidade.

Vai ser a pronunciada pendente do local o que faga apetecible edificar xa que, desta maneira, a visual que ofrece é aproveitada territorialmente na súa totalidade, tanto se constrúen diante como detrás. A problemática, que será explicada proximamente, chegara no momento en que se rompa esta liña orientadora e, os edificios dianteiros comecen a sobrepasar as alturas permitidas tapando total ou parcialmente ás edificacións de atrás.

Esta delimitación, aínda que tivo un crecemento enorme, foi destinada exclusivamente a funcións residenciais, deixando como verdadeiro centro urbano-social ó núcleo tradicional de A Praia (véxase fig. 113).

Moitos dos seus inquilinos eran xente dos arredores de Moaña, sobre todo da cidade viguesa, que se instalaron na parroquia en busca dunha paz e tranquilidade que o ritmo frenético da cidade non lle proporcionaba.

Evidentemente, este estado de benestar era condicionado polo lugar físico de implantación, o cal era cuberto á perfección por esta zona grazas as súas características xeográficas. Isto traduciríase, xa no final da década dos anos setenta, nunha masiva ocupación do local onde, mentres que os habitantes moañeses abandonaban o rural para buscar fortuna na cidade, a poboación urbana envorcábase cara o campo comprando terreos para poder edificar.



Fig. 116 **Deseño ilustrativo da estrutura viaria interior do núcleo de O Real.** *Pódese observar claramente como o debuxo viario segue unhas liñas paralelas unhas a outras que coinciden coa forma das curvas de nivel existentes no local. Estas están unificadas por unha vía perpendicular á costa que atravesa de arriba a abaixo a zona citada comunicando a tal configuración arterial.*



Fig. 117 **Imaxe do cruce no *Portal do Almacén*, zona de O Real, mediados do século XX.** *Antes da irrupción construtiva da finca de O Real, esta era un amplo terreo fértil e cultivable destinado a actividades labregas. A súa urbanización, iniciada nos anos sesenta, converteuna nunha verdadeira aglomeración edificada baseada en intereses particulares e nunha especulación urbanística que acabarían por arruinar completamente o local.*



Fig. 118 **Fotografía do Portal do Almacén en Moaña, década de 2000.** *Como se observa, a "urbanización" que se lle imprimiu á zona de O Real foi unha incesante construción que, en moitos casos, incumpría a normativa ocupando toda parcela libre existente.*

8.3 Década de 1970

8.3.1 Breve abordaxe ó contexto que antecede á década

Xa vimos como a entrada da década de 1960 provocou un enorme xiro na vida social e económica do país. O crecemento demográfico xunto co exponencial desenvolvemento económico fixeron cambiar e mellorar as condicións da sociedade secular.

Unha sociedade que pasou, na súa ampla maioría, das actividades primarias (gandería, agricultura e pesca) e do autoconsumo á se rexer por un novo sistema capitalista instaurado coa chegada da industrialización a terras galegas e que absorbería, cara os seus asentamentos industriais e urbanos, unha grande parte da poboación rural.

En termos lexislativos, no decorrer dos anos sesenta, o solo estivo baixo supeditación da *Ley de 12 de Mayo de 1956 sobre régimen del suelo y ordenación urbana*, tamén coñecida como Lei do Solo de 1956. Esta lei xurdiu coa idea de unificar unha serie de disposicións datadas en períodos moi diferentes que producían incoherencias, superposicións, fendas…

Desta maneira aprobábase unha lei única, a nivel estatal, que viría a englobar nunha mesma normativa tódalas cuestións referentes ó urbanismo, o solo e a edificación.

Será na década seguinte cando a administración e a política comecen a ter unha maior conciencia e preocupación urbana debido ós grandes problemas urbanísticos que están a aparecer no territorio español, tales como construción especulativa, desorde urbano ou escasa utilización da Lei do Solo.

Isto fai que se lle dedique máis tempo e interese na creación dunha normativa urbanística rexional que conseguise controlar e ordenar a súa delimitación territorial. Así, no ano 1973 apróbanse as normas subsidiarias provinciais da provincia de Pontevedra, que xa se prevían, como veremos, no capítulo IV da citada lei de 1956.

8.3.2 Unha visual pola década de 1970

Os anos setenta foron un período de grandes cambios estatais, sobre todo a nivel político e lexislativo. Un feito importante, que definiría o futuro de España, foi a morte do ditador Francisco Franco en novembro de 1975.

Este suceso liberou ó país do lonxevo réxime franquista (1939-1975) para comezar unha nova etapa denominada *transición española* que remataría coa instauración dun Estado social, demócrata e de Dereito sustentado na recente Constitución Española de 29 de Decembro de 1978.

A transición, obxecto de numerosas opinións e versións cronolóxicas por parte de diversos autores e historiadores, estivo marcada por condenables e desafortunados acontecementos que enturbarían o sentimento de ledicia e liberdade vivido por unha grande parte dos españois, en contraposición co estado dos diversos sectores conservadores incondicionais a Franco.

Dentro deste ambiente de tensión, a actividade económica, que nos anos anteriores crecera a un ritmo vertixinoso, sufre unha imporante depresión evolutiva motivada por dous sucesos a destacar: a crise de 1973 ou *do petróleo* e a de 1979, e a ruptura do sistema monetario internacional.

"Se trató fundamentalmente –segundo Xoán Carmona e Jordi Nadal- *de una crisis industrial en la que la tendencia subyacente al agotamiento de un modelo de crecimiento basado en la producción en serie y la continua ampliación de la demanda de bienes de consumo duradero se sobrepuso el fortísimo aumento de los precios del combustible básico sobre el que se sustentaba el sistema"*[86]*.*

Os sectores que máis sufriron o efecto da crise foron, entre outros, a construción naval, a metalurxia básica e de transformación e o do téxtil-

[86] CARMONA, Xoán; NADAL, Jordi - *El empeño industrial de Galicia, 250 años de historia, 1750-2000.* Madrid: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2005, p. 305.

confección. Como dato indicativo, dicir que se chegaron a perder cerca dun millón de postos de traballo na industria entre 1975 e 1984, postos que comezarían a recuperarse a partir de 1985 grazas ás novas tendencias industriais nun ámbito internacional no que se asentou España.

En Galicia, o proceso foi practicamente o mesmo pero nun período máis tardío. Así o confirma –segundo Xoán Carmona e Jordi Nadal- Camilo Nogueira nun dos seus análises da crise dos setenta no territorio galego.

Este autor indica que o as taxas do paro rexistrado no ano 1977 era do 3%, mentres que ata 1979 situábase por debaixo do 5%, manténdose durante toda a segunda metade desta década en torna á metade da taxa española.

"Uno de los motivos del retraso en la caída de la ocupación en la industria gallega durante la crisis de los setenta –indican os autores Carmona e Nadal- *había sido la fuerte expansión por aquellos años de un reducido grupo de industrias que ampliaron inversiones y empleo a contracorriente de la tendencia general. El caso sin duda más importante fue el de la viguesa Citröen Hispania, que constituyó un verdadero contrapunto a las dificultades del sector naval"*[87].

En termos de lexislación urbanística, numerosas e importantes foron as normativas promulgadas nestes anos. Primeiramente, se formularon as *normas de ordenación complementarias e subsidiarias de planeamento provinciais de Pontevedra* aprobadas polo Ministerio de Vivenda o 19 de Decembro de 1973, tamén coñecidas como Normas subsidiarias provinciais.

Esta normativa, dedicada para os municipios da citada provincia (entre os que figura o Concello de Moaña), definiuse como unha figura de ordenación que podía suplir a ausencia de planeamento municipal. Este tipo de normas xa aparecía inserida na Lei do Solo de 1956,

[87] *Ibid.,* p. 331.

concretamente no capítulo IV do Título I no que se pode ler que *"las Comisiones provinciales de Urbanismo podrán también proponer normas de igual carácter* (referíndose ás normas subsidiarias) *para la provincia o lugares determinados".*

Tamén incide na importancia de que *"en las poblaciones donde no existiere Plan de ordenación urbana debidamente aprobado, regirán las normas promulgadas con arreglo al artículo anterior".*[88] Isto fixo que, por primeira vez, a provincia de Pontevedra puidera rexer a ordenación urbana do seu territorio tendo en conta as delimitacións municipais existentes.

Xa no ano 1975, procédese á modificación da lexislación estatal do solo debido –segundo Juan Martín García- fundamentalmente ás seguintes causas:

- *"La puesta en práctica de las determinaciones de la Ley del Suelo de 1956 fue muy escasa.*
- *La exposición de motivos de la ley del suelo de 1976 reconoce expresamente que la situación urbanística del proceso de desarrollo urbano se caracterizaba, en general, por la densificación congestiva de los cascos centrales de las ciudades, el desorden de la periferia, la indisciplina urbanística y los precios crecientes e injustificados del suelo apto para el crecimiento de las ciudades"*[89]*.*

Entre os obxectivos desta nova *Lei 19/1975, de 2 de maio de reforma da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana* ou *Lei do Solo* de 1975, xunto co seu Texto Refundido de 1976, estaban: establecer unha normativa de carácter xeral sobre protección e aproveitamento do solo,

[88] Artículos 57 e 58 do capítulo IV dedicado ás *Normas de ordenación complementarias e subsdiarias do planeamento* do Título I referido *ó Planeamento urbanístico,* Lei do Solo de 1956 de 14 de maio, B.O.E. – núm. 135, Xefatura do Estado.

[89] GARCÍA, J. Manuel - *Normas subsidiarias de planeamiento provincial de Almería. La muerte de una figura esencial*. Almería: Nimbus, nº 15-16, ISSN 1139-7136, 2005, p. 137-160.

urbanización e edificación aplicable ós municipios que non tiveran Plan Xeral ou Normas subsidiarias de carácter municipal.

Xa no final da década, concretamente en 1978, xurde outro importante regulamento referido á ordenación urbanística. Este regulamento, o *Real Decreto 2159/1978, de 23 de junio*, actúa como elemento normativo para o desenrolo e aplicación da Lei do Solo de 1975 con Texto Refundido de 1976.

Segundo nos indica este Regulamento, é unha das disposicións finais deste último texto no que se *"establece que el Gobierno dictará por Decreto, a propuesta del Ministro de la Vivienda, en la actualidad Obras Públicas y Urbanismo, y previo dictamen del Consejo de Estado, el Reglamento general o, en su caso, los Reglamentos parciales que estime oportunos para el desarrollo y aplicación de la Ley"*[90].

Aínda coa existencia de toda esta nova normativa, incomprensiblemente, determinadas zonas do solo moañés (como O Real) sufriron no final desta década unha brutal transformación urbana baseada nunha total oposición a tódolos obxectivos que esta lexislación urbanística se marcou.

Obxectivos como, por exemplo, descontrol urbano, masificación construtiva, falta de harmonía entre os edificios ou agrupacións dun mesmo local… Esta situación mostra, de forma clara, que tal vez houbera outro tipo de intereses que satisfacer, unha vez que a normativa existía pero non se aplicaba.

[90] Preámbulo, *Real Decreto 2159/1978, de 23 de junio,* por el que se aprueba el reglamento de planeamiento para el desarrollo y aplicación de la *ley sobre régimen del suelo y ordenación urbana.* B.O.E. (15-09-78), páx. 1.

8.3.3 A situación morfolóxica urbana

A parroquia moañesa foi o reflexo da situación de freo económico vivido nese período a nivel mundial, xa que o seu crecemento urbano quedou totalmente estancado.

Unicamente se desenvolveron puntos concretos, consecuencia directa da implantación de novos equipamentos ou da simple transformación urbanística sucedida nun lugar que intenta crecer e evolucionar ó ritmo do paso do tempo.

Un dos poucos cambios que se produciron nesta difícil etapa foi a expansión do pequeno núcleo situado no zona de O Rosal que creceu grazas á apertura dun novo equipamento (taller de coches) e á consolidación da próspera fábrica de conserva de os *Brencas*.

Tamén se configuraron reducidas agrupacións construtivas asentadas ó pé das principais vías de comunicación existentes. Por último, salientar o aumento de casaríos e recentes edificios que foron ocupando aqueles espazos libres dos puntos máis importantes da freguesía.

Un equipamento instaurado, que terá unha enorme relevancia durante esta década, foi o colexio de *Reibón* que se converterá nunha auténtica unidade central na educación da xuventude moañesa xunto coa posterior construción do colexio de *A Seara* ó lado do mesmo.

Pola súa parte, os núcleos creados nos anos sesenta, tais como O Real, O Rosal ou O Carme, continuaron evolucionando e conformando verdadeiras entidades ocupacionais que, pouco a pouco, foron consolidándose como o futuro residencial e social de Moaña.

Destacar o inicio das obras para a construción da *Ponte de Rande*, o máis importante elemento comunicador do municipio moañés que, atravesando a Ría de Vigo, conectaba Vigo co Morrazo. Desta maneira, a ponte, que será inaugurada no ano 1981, converteríase nun auténtico avance na relación entre Vigo e Moaña.



Fig. 119 **Foto aérea de Moaña, 1975.** *Se comparamos esta fotografía coa mesma do ano 1969, observamos que practicamente o debuxo morfolóxico urbano permanece constante. Será a partir de 1981, coa apertura da Ponte de Rande que a parroquia, debido o avance comunicativo entre O Morrazo e Vigo, se transformará de forma máis determinante.*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 1970



Fig. 120 **Deseño interpretativo da situación urbana de Moaña, 1975.** *As novas e pequenas agrupación de edificios ó pé das principais vías de comunicación, que serán o preludio de importantes entidades ocupacionais, son unha das características máis salientables neste período. Vai ser na década de 1980 cando Moaña sufra as determinantes modificacións que desembocarán na parroquia que se coñece na actualidade.*

Esta nova dirección urbana a define perfectamente Manuel P. Rúa nun dos seus traballos, no que explica como *"desde os vellos areais da Xunqueira, á antiga praia do Arnado, cos desaparecidos tendais da singular arquitectura mariñeira ou curioso ecosistema que un día habitaron milleiros de ras, as xentes miraban día a día como se erguía unha cidade no corazón da vila;*

e desde os barcos da pasaxe que diariamente fan a travesía, os aprendices de Citroën e as empregadas da Casa Mar comentaban, un tanto abraiadas, as transformacións dos vellos campos de viño e labranza dos herdeiros do almirante D. Castro Méndez Núñez; propietarios da casa-pazo e os terreos do Real, onde se estaba a edificar"[91].



Fig. 121 **Vista xeral do litoral da parroquia moañesa, inicios dos anos 70.** *A Moaña deste período foi unha freguesía moi pouco transformada respecto á da década dos sesenta. Os verdadeiros cambios que darían un salto de calidade na parroquia chegarían coa entrada da década posterior que evolucionaría dunha forma determinante cara o que coñecemos hoxe.*

[91] RÚA, Manuel - *Moaña.* Vigo: IR INDO Edicións, 1991, p. 28.

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 1970



Fig. 122 **Fase de construción da Ponte de Rande, anos 70.** *Esta ponte axudou moitísimo no desenvolvemento da parroquia a tódolos niveis, xa que permitiu unha comunicación rápida e directa entre a importante cidade de Vigo, centro do crecemento económico da rexión, que tiñan no seu haber os principais núcleos industriais nos que traballaba gran parte da poboación moañesa. Ó contrario, tamén a xente desta cidade tivo a posibilidade de acceder a Moaña en busca dun lugar de paz e tranquilidade.*



Fig. 123 **Postal da Praia de A Xunqueira, finais dos anos 70.** *O proceso de transformación desta praia tamén foi bastante considerable. O paso do tempo foi desprazando esa lingua de areal que formaba unha especie de lagoa moi recordada polos habitantes de Moaña. Desta maneira, xunto con algunhas polémicas intervencións, a praia de A Xunqueira e os seus característicos mantos de xuncos e areais foron desaparecendo ata converterse nun recordo nostálxico do lugar.*

8.3.4 Un forte cambio na mobilidade social: as masivas concentracións escolares

Aínda que neste apartado do traballo non se dedique especificamente, como ocorre nos anteriores, ó análise morfolóxico gráfico da freguesía, debemos facer un paréntese para explicar un elemento que marcou claramente un punto de inflexión na poboación moañesa no que á mobilidade e asentamento social se refire.

Así, importante no debuxo urbano da parroquia foron as polémicas concentracións escolares, sobre todo na mobilidade social que isto supoñía. Esta medida, levada a cabo pola administración correspondente, tivo moitas protestas e reclamacións tanto por parte do corpo educativo como polos propios pais do alumnado.

Sobre este tema existen diversas publicacións e informacións das que destaca un libro editado polo Concello de Moaña no que se explica como *"a situación das escolas unitarias no noso país cando chega o "Plan Galicia" era realmente desolador, e a actitude deste, o seu "alibi" ou argumento xustificante, é que hai que substituílas –argumento evidente-, e que a substitución debe facerse, por ser máis barata e conveniente, en base a concentracións escolares –argumento este segundo en absoluto evidente-"*[92].

Estas concentracións xurdiron dentro dun ambiente expectante no que destacaba a clara vontade desta conformación homoxeneizadora do "Plan Galicia". Tamén salientar o recoñecemento en contra das anteriores escolas unitarias por parte dos seus mestres que consideraban necesaria algún tipo de reforma na busca dunha mellor educación para o alumnado. Isto non quere dicir que estiveran a favor das centralizacións, xa que moitos deles se manifestarían contrarios a estas.

[92] FERNÁNDEZ, Xan; RÚA, Manuel - *Escola, cultura e vida comunitaria nun concello galego: Moaña.* Pontevedra: Concello de Moaña ó coidado de Obradoiro gráfico A Nosa Terra, 1988, p. 69.

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 1970



Fig. 124 **Imaxe das obras para a construción do colexio de Reibón, principios dos anos 70.** *As concentracións nunca foron totalmente aceptadas nin por profesionais nin pola sociedade, que vían como para que os seus fillos puideran estudar era preciso desprazarse, uns máis que outros, ata a os colexios de A Xunqueira, situados nunha zona que non contentaba a ninguén.*

En Moaña, a primeira concentración escolar que se creou foi o colexio de Reibón, construído na zona de A Xunqueira. Este edificio centralizaba a case todo o alumnado do municipio moañés, o que supoñía poñer en funcionamento un enorme sistema de transporte, de equipamentos educativos, de servizos e da material, entre outros.

O número de alumnos chegou a ser tan grande que este colexio non daba abasto con tanto neno. Para intentar taponar este problema fixéronse aulas prefabricadas próximas a colexios que non facían máis que ocultar minimamente unha situación insostible.

Dunha forma rápida, comezaron a aparecer os primeiros obstáculos. Desta maneira o explicaban membros do profesorado neses tempo deste colexio, relatos recollidos na publicación anteriormente citada:

"O colexio está mal ubicado. Pra min a culpa tivérona as autoridades anteriores, xa que ó construír un grupo tan grande en Reibón, a masificación crea unha serie de problemas que estamos mirando".

"Isto é un monstro de 40 unidades que non ten nin pés nin cabeza".

"O que é horrible son os problemas dos colexios de Seara e Reibón que van nos nenos transportados e chegan media hora antes (…)".

"Non hai dereito a facer estas monstruosidades. Non é o mesmo que nun colexio de 8 unidades no que coñeces a tódolos rapaces e axuda moito para resolver os problemas (…)"[93].

Perante as dificultades expostas por gran parte do profesorado e alumnado, xurde na década de 1980 unha política descentralizadora que remataría coa construción de novos centros escolares situados nas parroquias do municipio. Así, crearanse o colexio de Tirán, o de A Guía (Meira), o de Abelendo (San Martiño) ou o de Domaio, entre outros.

Esta era a idea xeral do profesorado en activo nese momento, como así se observa nos comentarios realizados que presenta o citado libro: *"O mellor é un centro na parroquia, elimina o transporte" (Quintela). "Os centros debían ir onde os rapaces e non ó revés" (Reibón).*

"Debían ser centros a nivel de parroquia que é o nivel normal e natural en que se desenvolve o neno…" (Domaio). "O ideal é un caso como éste, un grupo de 8-10 unidades na parroquia" (Abelendo).

Unha vez explicado o ambiente que se vivía e respiraba neste período en relación ás concentracións escolares, veremos de que maneira e en que medida condicionaron á mobilidade da sociedade moañesa.

[93] *Ibid.,* p. 70-72.

Hai que dicir que, nesta aproximación ás centralidades, verase envolta non só a poboación da parroquia, senón tamén os habitantes da freguesía de Meira que lindan con esta, lugar onde se sitúan os colexios de Reibón e Seara.

Como se pode observar na fig. 126, a localización das unidades centrais educativas aparecen lonxe da zona residencial moañesa, xa que o seu establecemento nun dos extremos da parroquia fai con que a comunicación dos alumnos co colexio fique a expensas dun transporte rodado público ou privado.

Isto provocou un auténtico descontrol no traslado do alumnado ós respectivos colexios producíndose retrasos, adiantos e dificultades debido o grande número de nenos que día tras día tiñan que convivir con escenas deste tipo.



Fig. 125 **Imaxe dos alumnos de Reibón xogando coa neve, ano 1987.** *Na fotografía pódese apreciar o enorme complexo estudantil que se configurou en Moaña coas denominadas concentracións escolares. A cantidade de nenos era tal que chegou un punto no que se tiveron que instalar aulas prefabricadas como solución.*



Fig. 126 **Deseño interpretativo que mostra a disposición dos centros educativos en relación á poboación da parroquia moañesa, 1975.** *Os colexios centralizadores nunca foron aceptados polos profesionais e alumnado da freguesía, debido o seu carácter masivo e afastado. Tamén condicionou moito as parroquias dos arredores, como é o caso de Meira, na que se implantou un novo núcleo ó redor destas entidades escolares, apartado da vida e da comunidade tradicional da freguesía. Isto desembocaría na creación de colexios nas parroquias que conforman o municipio, deixando así o modelo centralizado anterior.*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 1970



Fig. 127 **Aulas de F.P. prefabricadas entre Reibón e Seara.** *Estas aulas, máis parecidas a casetas obreiras ou estancias militares, foi a solución temporal que encontrou a administración para dar resposta a tal necesidade de unidades educativas perante o grande número de alumnos que neste colexio se concentraban.*



Fig. 128 **Aulas prefabricadas no colexio de Reibón.** *Este tipo de aulas foi unha constante durante as décadas de 1970-80 ata a construción dos colexios nas propias parroquias. Na imaxe pódese observar como a concentración escolar produce, consecuentemente, outra masificación construtiva sen sentido e totalmente fora de lugar.*

8.4 Década de 1980

8.4.1 Breve abordaxe ó contexto que antecede á década

Para a freguesía moañesa, os anos setenta foron un período de certo estancamento económico (como aconteceu no resto do país a causa da crise do petróleo) o cal repercutiu enormemente en tódolos ámbitos da vida parroquial, incluíndo o urbanístico. Así, o seu crecemento viuse freado ata o despunte iniciado na década posterior e que traería numerosas transformacións para este territorio.

Foi unha época na cal se comezou a ter conciencia sobre a cultura, a educación e, tamén, sobre o urbanismo. Observábase como as continuas edificacións en masa, descontroladas e sen sentido necesitaban unha determinante intervención administrativa que paralizase este proceso tan intrusivo e destrutor.

Desta maneira, nacen unha serie de leis, decretos e normativas, como as normas subsidiarias provinciais de 1973 ou a *Lei do Solo* de 1975 o que intentan bloquear ou minimizar os danos que esta "nova" e "moderna" construción estaba a crear.

O suceso máis salientable deste paréntese evolutivo foron as discutidas concentracións escolares, destinadas á centralización do alumnado nun complexo educativo que non conseguiron responder ás expectativas creadas antes da súa construción.

Estas produciron un cambio considerable na mobilidade das persoas, xa que os rapaces pasaron de ir camiñando á escola a estar condicionados pola grande distancia que debían recorrer ata esta.

Esta situación trouxo consigo dificultades, xunto con posteriores reclamacións, comezando por un deficiente transporte público, falta de equipamentos e material, ata a oposición manifesta do propio profesorado, que continuaba a demandar a construción de escolas parroquiais que liberasen tal aglomeración estudantil.

8.4.2 Unha visual pola década de 1980

A década de 1980 chegou a Moaña con grandes cambios baixo o brazo, sobre todo urbanísticos. Foi unha etapa de "crecemento" no cal se consolidou plenamente un tipo de construción baseado en certos e particulares intereses, entre outros aspectos, que acabaron por desprestixiar un territorio, unha cultura e unha forma de habitar propia, secular e moi característica.

Por aquel entonces, o mundo observaba con preocupación o aumento das tensións da Guerra Fría entre Estados Unidos e a Unión Soviética. En Chernóbil, localidade ucraína ó norte de Kiev, prodúcese unha catástrofe nuclear sen precedentes que contamina toda a rexión e provoca chuvias radiativas en numerosas zonas de Europa. Na outra punto do planeta, faise pública por primeira vez a enfermidade do SIDA. En Alemaña, o muro de Berlín que dividía a cidade dende o fin da Segunda Guerra Mundial é derribado polos propios habitantes berlineses, rematando coa hexemonía soviética.



Fig. 129 **Caída do muro de Berlín, 1989.** *Un dos símbolos máis coñecidos da etapa da Guerra Fría,como foi o muro de Berlín representaba máis do que unha simple barreira física. Era unha diferenciación política, de ideoloxías, que mostraba a hostilidade e a tensión entre as dúas grandes potencias mundiais desa época, o poder soviético e o poder occidental.*

Pola súa parte, España segue unha transición democrática que contaría, en 1981, coa dimisión do ata entón presidente Adolfo Suárez e co posterior intento de golpe de Estado encabezado polo tenente coronel da Garda Civil Antonio Tejero. Un ano despois, o socialista Felipe González vence nas eleccións xerais por maioría absoluta converténdose en novo presidente. En 1986 España, xunto con Portugal, consegue entrar con plenos dereitos na CEE.

Son tempos difíciles, no que as novas xeracións viven cun certo aire de despreocupación e inconformismo social, mentres que o resto da sociedade desenvólvese día a día con certo temor ante a posibilidade dun novo intento golpista, pero coa tranquilidade de ver a constante liña democrática que segue o país deixando atrás os infortunios, as desgrazas e represións da etapa franquista.



Fig. 130 **Imaxe do tenente coronel da garda civil Antonio Tejero no Congreso dos Deputados, 1981.** *Esta foi a fotografía máis notable do golpe de Estado vivido en España na época da transición, no que Tejero, armado e con outros garda civís, irrompe no Congreso dos Deputados do 23 de Febreiro de 1981 ó son da famosa frase "¡¡Quieto todo el mundo!!".*

Neste clima de mudanzas, nace a chamada *"movida" madrileña*, un movemento sociocultural creado a partir das chamadas culturas *alternativas* ou *underground* xurdidas décadas anteriores e que, unha vez rematada a ditadura, tomarían máis forza para conseguir unha liberación cultural e ideolóxica á cal se abriría grande parte da sociedade española. Así, consolídanse e créanse grupos musicais de éxito como *Nacha Pop, Los Secretos* ou *Alaska*.

O mesmo sucedería en territorio galego coa "movida" viguesa, fundamentada na cultura musical e estética, ligada á nocturnidade dos bares do casco vello aparecidos dentro dun ambiente de crise económica e de rebeldía e descontento social pola situación política do país. Este movemento, que se converteu nun ideal nacional, configurou o que se coñece como a *idade de ouro do pop español*.



Fig. 131 **Imaxe do primeiro álbum do grupo español Nacha Pop, 1980.** *A canción "Chica de ayer" contida neste disco foi unha das músicas emblemáticas da década dos oitenta en España e unha referencia no mundo da "movida española". Aínda na actualidade realízanse numerosas versións deste tema que, co paso dos anos, conseguiu manter un oco e un recoñecemento un mundo da música e da sociedade.*

En Galiza, a aprobación definitiva do *Estatuto de Autonomía* (tamén coñecido como *Estatuto de Galicia*) o 6 de Abril de 1981 proporcionoulle á Comunidade galega total potestade no rexemento do seu territorio. Consecuencia directa destas novas competencias de ordenación do solo foi a *Lei de Adaptación da do Solo estatal a Galiza (LASGA) de 1985.*

A esta normativa sucederíanlle outras, ata o ano 1995 no que, como veremos, créase a primeira *Lei de Ordenación do Territorio* (LOT) no Parlamento galego, exclusiva para o seu solo.

"Antes e sobre todo despois da aprobación da LASGA –explica un informe do IGEA, (Daniel Pino, Xabier Rivas, Enrique Sánchez e Manuel P. Rúa)-, *o relativamente escaso planeamento aprobado consistiu en Normas Subsidiarias Municipais. A aprobación da Lei citada, que contemplaba a figura dos núcleos rurais por vez primeira, (…) axiña demostrou ser un instrumento pernicioso que, na práctica, conferiu carta de natureza "legal" á desfeita territorial"*[94]*.*

Este será un dos principais temas a tratar a continuación. O descontrolado e insostible crecemento urbano foi, e aínda é, unha problemática de difícil solución, toda vez que os edificios xa construídos son ocupados e sen opción de derribo, ou, de modo coloquial, *cando o mal xa está feito*.

Pero tampouco debémonos esquecer da degradación que está a causar o casarío unifamiliar espallado, a creación de pistas forestais ou a aleatoria e arbitraria división parcelaria convertida en solares para casas e chalés. E todo isto baixo o manto de irregularidades administrativas, especulación, plusvalías desmedidas, intereses privados ou particulares, favores económicos… que "legalizan" estas prácticas deixando de lado tódolos valores dunha auténtica sociedade urbana.

[94] VICENTE, Daniel; BARROS, Xabier; GOYANES, Enrique; RÚA, Manuel - *Apuntamentos sobre a problemática da ordenación do territorio en Galiza.* A Coruña: Instituto Galego de Estudos Europeos e Autonómicos (IGEA), 2010, p. 13.

Tamén foi unha época de cambios no sector mariñeiro, xa que o cultivo de areeiros para a extracción de berberecho, ameixa ou navalla, que gozaba de gran tradición popular entre os anos 60 e 70, pasouse a controlar mediante a creación dunha competencia autonómica sobre a organización das praias ás que so se podían acceder a través duns permisos expedidos a un número limitado de persoas, existindo tamén a limitación e regulación de capturas, tamaños, vedas, etc.

Antigamente, sobre todo nos anos sesenta e setenta, cada primeiro de Outubro baixaban a maior parte das familias de Moaña con case tódolos seus membros a apañar croque para o que non se requería especial destreza. En menor medida se dedicaban á recollida de ameixa e de navalla porque xa precisaban dunha cultura mariscadora algo máis sofisticada.



Fig. 132 **Mariscadores moañeses na praia de A Xunqueira, anos 80.** *A multitude de persoas que se congregaba á beira da praia para a recollida de croque buscaba outra forma de ingreso económico na familia que lle axudase na súa vida cotiá, polo menos durante algún tempo. Esta bonita imaxe reflexa perfectamente a importancia desta actividade para a sociedade moañesa.*

Tal era a importancia desta práctica na parroquia que o nivel de absentismo, tanto nas fábricas da zona (Ascón, La Guía…) coma nas escolas, converteuse en algo habitual naquel curto período. Un exemplo claro disto son as numerosas baixas que se pedían para ir traballar á ribeira ou á ameixa a flote ou a falta de asistencia ás aulas por parte dunha boa parte do alumnado. Contrasta coa indiferencia que este tipo de cultura marisqueira tiña nos anos 40 en que a cultura marisqueira era minoritaria.

A maior parte do persoal que traballaba no marisqueo eran, e son, mulleres que non o consideraban tanto un oficio como unha labor complementaria para a economía familiar. Esta cultura aportaba ás familias unha outra economía, temporal, modesta, pero interesante, nunha economía que estaba a saír dunha situación agropecuaria dentro dun modelo rural en dirección a outra industrial e de modelo urbano.



Fig. 133 **Fotografía dun mariscador moañés xunto cunha cesta de croque.** *A praia de A Xunqueira foi, sen dúbida, o lugar máis importante no que a actividade mariscadora se refire. Centos de persoas acudían a este lugar grazas a unha grande baixamar que deixaba unha ampla zona de areeiro para poder mariscar sen problema algún.*

8.4.3 A situación morfolóxica urbana

Toda esta atmosfera social e política que se vivía naquel tempo tivo a súa repercusión no desenvolvemento morfolóxico do territorio. No caso de Galicia, esta situación non foi diferente. Os grandes factores do cambio social (urbanización, industrialización, boom demográfico, éxodo rural…) trouxeron consigo importantes transformacións territoriais e urbanísticas.

O citado informe sobre a problemática da ordenación do territorio en Galiza –-publicado polo IGEA- revelou dous procesos de desenvolvemento diferentes: *"unha primeira fase de intenso trasvase do rural ao urbano entre 1960-80 (…) e unha segunda de contraurbanización (anos 80-90) que deu lugar a asentamentos compactos nas periferias rururbanas ou periurbanas producindo o maior cambio territorial e sociocultural da historia de Galiza"*[95]*.*

Este último proceso afectará á parroquia moañesa de maneira determinante xa que condicionará enormemente a creación de novos asentamentos en puntos concretos do seu territorio e que, co paso do tempo, converteranse en focos de atracción dun crecemento urbano masivo e desorganizado.

Esta será a dinámica dunha evolución de dubidoso éxito que respondeu a criterios e cuestións desa época que se intentaron resolver, con ou sen acerto, da mellor forma posible.

Os cambios máis importantes e, á súa vez, polémicos, levados a cabo pola administración, foron por un lado, as "modernas" ampliacións do litoral ou *recheos* (práctica moi difundida por todo o territorio galego) e, polo outro, o tapiado do río de *O Puntillón,* portador de numerosas críticas, aínda que realizado como solución ante o deficiente saneamento do mesmo.

[95] *Ibid.,* p. 8.



Fig. 134 **Foto aérea da parroquia moañesa, 1985.** *Observando esta imaxe, destaca a presenza dunha grande concentración construtiva na zona sur da freguesía, correspondente o núcleo de O Real, mentres que o resto do territorio permanece cos seus elementos urbanos tradicionais case inalterables, aínda que cun aumento importante de casarío unifamiliar espallado por todo o solo moañés.*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 1980



Fig. 135 **Planta cartográfica da parroquia moañesa no ano 1985.** *O grande crecemento urbanístico da freguesía de Moaña foi, como se aprecia no deseño, na zona máis ó sur, concretamente no núcleo de O Real, onde diversos factores alleos á ordenación territorial e ás normativas vixentes converteron un lugar con moitas posibilidades nunha verdadeira aglomeración construtiva sen control nin sentido algún.*



Fig. 136 **Fotografía da zona de O Vaticano, co edificio de entrada ó núcleo de O Real ó fondo, 1986.** *Nesta imaxe pódese apreciar como o inexorable paso do tempo acabou por superar ós noso elementos máis tradicionais. Neste caso, o pazo de O Real, o cal se atopa nunhas condicións de degradación e abandono totais, limita cun edificio que, máis alá de superar o máximo permitido en alturas (entre outras cousas), non garda ningún tipo de relación nin respecto por esta construción secular e patrimonial.*

Como xa se mencionou anteriormente, outro dos aspectos máis importantes que propiciaron este masivo crecemento urbanístico, tanto en edificios como en vivendas unifamiliares, foi a construción e posterior inauguración da *Ponte de Rande* en 1981. Este elemento de comunicación (que, como se explicou, conecta O Morrazo coa zona viguesa atravesando a *ría de Vigo*) condicionou enormemente a mobilidade dunha sociedade que necesitaba desprazarse de forma diaria á cidade viguesa.

Polo contrario, tamén foi unha grande oportunidade para a poboación cidadá, xa que podían trasladarse á zona morracense en moi pouco tempo para descansar e relaxarse nestes lugares cheos de

tranquilidade e de grandes paisaxes naturais, lonxe dos ruídos e o estres da cidade. Exemplo claro disto son os continuos atascos e as longas colas de tráfico que se producen nas estradas morracenses, sobre todo na época de verán, debido ós innumerables vehículos da cidade viguesa que se desprazan para poder gozar das marabillosas praias desta zona.

Foi con esta idea que moitos vigueses, cansados do día a día da cidade, buscaron en Moaña un lugar para descansar, na maioría dos casos, os fins de semana e durante as súas vacacións; era o momento da *segunda residencia*. Os máis atrevidos daquel tempo ata se instalaron de forma definitiva na parroquia grazas a rapidez con que, a través da Ponte de Rande, se situaban tanto no seu posto de traballo, na cidade, como na súa casa, na freguesía.

"E mentres pasabamos sen traumas dos quinteiros ós pisos – explica o sociólogo moañés Manuel P. Rúa-, *os de fóra viñeron e paseniñamente foron mercando, reconstruíndo, anovando as vellas mansións dos avós; e outra vez a pedra, o alpendre e os lagares volveron a saber do sol de tódalas mañás, nas mans duns novos propietarios"*[96]. Desta maneira, foise conformando unha nova morfoloxía na que primaban os intereses privados dos propietarios perante a unidade e a ordenación dun territorio en plena transformación urbana.

Neste cambio do debuxo formal da parroquia tamén participou activamente a nova estrutura educativa. Despois do fracaso das concentracións escolares da década dos setenta, activouse un plan descentralizador que desembocou na construción doutros colexios unitarios máis modernizados que se asentaron na propia parroquia. Así, unha vez máis, estes equipamentos volveron ser focos de atracción para unha sociedade que se encontraba en pleno rexurdimento político, cultural e educativo.

[96] RÚA, Manuel - *Moaña*. Vigo: IR INDO Edicións, 1991, p. 28.



Fig. 137 **Deseño interpretativo da situación urbana de Moaña no ano 1985.** *Unha vez consolidados os diversos núcleos residenciais asentados nos extremos da ocupación histórica, o seu avance construtivo parece orientado nunha liña de atracción cara a edificación tradicional na busca compositiva dunha entidade urbana unitaria.*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 1980



Fig. 138 **Visión xeral da Ponte de Rande.** *Esta importante obra foi un dos precursores do alto crecemento da zona de Moaña. Aínda na actualidade, e despois de trinta anos en activo, continua a ser unha referencia non só para a poboación viguesa, senón tamén para todo o territorio galego.*



Fig. 139 **Imaxe aérea do colexio público de Domaio.** *A chegada dos anos oitenta trouxo consigo a construción de novos colexios nas propias parroquias, como solución perante a máis que comprobada incompetencia das concentracións escolares municipais. Nota disto son os aproximadamente cinco colexios que se construíron no concello moañés no decorrer de finais dos 70 e principios dos 80.*

O crecemento urbano rexistrado nos vinte anos que van desde 1960 ata 1980 foi realmente exponencial. Como xa vimos, os grandes cambios sociais e económicos acontecidos durante os anos sesenta e setenta produciron unha situación inmellorable para que este desenvolvemento fose posible. A proba está na comparativa entre o período anterior e posterior ó desenvolvemento destas mudanzas, (véxase fig. 135).

Neste intercambio de información entre unha e outra época obsérvase como o aumento tanto da esaxerada concentración urbana como da vivenda unifamiliar espallada (elementos que se explicaron con anterioridade), foi un crecemento totalmente desorganizado e descontrolado baseado en criterios que nada tiñan que ver cos tradicionais e seculares condicionantes parroquiais.

Esta explosión construtiva trouxo consigo a creación e a renovación dunha estrutura viaria que precisaba adecuarse os novos tempos e as novas necesidades comunicativas da sociedade. É así que comezan a xerarquizarse liñas de conexión diferentes, tales como estradas principais, camiños de paso ou privados, vías secundarias, rúas, pequenos accesos…, que antes englobábanse unicamente en vías de circulación rodada e camiños peonís.

Outra das importantes acometidas realizadas en Moaña durante a década de 1980 foi a definitiva conformación do litoral ou *recheos* iniciada xa no inicio do s. XX. Responderon a cuestións e necesidades de desenvolvemento social existentes nese momento. Foi así que xurdiron, dentro ou próximos ós límites destes, diversas áreas de esparexemento social como parques, paseos ou zonas de estar, (o parque de O Real e o da Seara son dous exemplos).

Estes recheos, xunto coa grande aglomeración urbana do núcleo de O Real, van ser o tema a profundar no seguinte apartado, os cales marcarán o futuro inmediato do urbanismo deste lugar.

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 1980



Fig. 140 **Comparación da textura urbana entre ás décadas de 1950 e 1980.** *Evidentemente, coa consolidación do asentamento tradicional histórico ó longo do litoral moañés, o crecemento urbano da parroquia tivo que buscar novos puntos de desenvolvemento facendo con que apareceran novas posibilidades sociais e urbanísticas que non se souberon aproveitar debidamente.*



Fig. 141 **Imaxe da zona de *A Seara* no final dos anos sesenta, principios dos setenta.** *Antes da realización dos recheos, esta zona gozaba da presenza dunha praia que se situaba ó longo da costa moañesa. Desta maneira, compaxinábase a vida tradicional mariñeira coas novas actividades sociais que os novos tempos implantaron. Esta dupla convivencia mantívose ata a chegada dos anos oitenta, na que a formación dos citados recheos acabou por eliminar este espazo natural.*



Fig. 142 **Foto do parque da Seara na década de 1980.** *Os primeiros pasos da ampliación definitiva do litoral moañés conferiulle a esta zona unha función de ocio e sociabilidade. O parque que se mostra na imaxe así o reflexa, xa que era un punto habitual para os nenos da parroquia.*

A última, e por iso non menos importante, intervención urbana destacable neste período foi a canalización do río de *O Puntillón*, a cal se fixo derivada de problemas de saneamento do mesmo que non se souberon ou non se quixeron resolver doutra maneira.

Esta foi unha situación na que, tal vez, a presión da opinión pública condicionara e impulsara de forma definitiva á administración a tomar esta medida que contentaba a uns e indignaba a outros.

Como aconteceu coa maior parte das liñas de auga localizadas nas proximidades de zonas urbanizadas ou en pleno proceso de urbanización, o aumento de construcións nos arredores do río, xunto con todo o que iso implicaba, provocou unha degradación e contaminación do mesmo que desembocou nunha auténtica problemática de salubridade social.

As principais causas desta polución foron, entre outras, vertidos, existencia de obxectos non biodegradables no seu fondo, presenza de ratas que se colaban nas vivendas de forma continuada, falta de limpeza e mantemento, etc.

Tamén, é moi probable que os desaugadoiros das casas, perante a falta dunha rede de saneamento nun lugar en proceso de desenvolvemento, fosen instalados para evacuar nas augas do río.

Á vista desta insostible situación, a administración decidiu actuar optando pola súa canalización. Será a partir desta medida que se empezará a urbanizar esta zona dunha forma máis activa e insistente.

A liña de auga pasou a converterse na vía principal da zona de *O Rosal* e, con base nesta, comezouse un proceso de humanización e urbanización que aínda se está a acometer na actualidade, con amplas áreas e edificios residenciais que están sendo acompañados pola presenza de novos equipamentos, sobre todo comerciais.



Fig. 143 **Deseño da canalización do río de O Puntillón, década de 1980.** *O polémico tapiado deste río, que se convertería na actual vía de As Barxas, trouxo consigo o comezo dunha importante transformación urbana que aínda nos nosos días está a evolucionar. Esta canalización pode ser unha das peores decisións urbanas e medioambientais tomadas en Moaña en toda a súa historia.*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 1980



Fig. 144 **Imaxe do río de *O Puntillón* antes da súa urbanización, inicio do século XX.** *A zona de O Rosal, antes de súa transformación urbanística iniciada nos anos 80-90 (onde se canalizou o río), era unha grande área dedicada ó cultivo e a gandería, no cal o seu río dáballe enormes posibilidades para estas actividades. Será na beira deste onde se localice outro dos lavadoiros importantes na parroquia, o lavadoiro do Puntillón.*



Fig. 145 **Obras da canalización do río de *O Puntillón*, década de 1980.** *Nesta imaxe mostra un dos procesos de obra no cal foi canalizada a liña de auga. Tamén se poden apreciar as casas situadas ó pé do río, as cales sufriron directamente as consecuencias do mal saneamento e da mala salubridade existente no mesmo. A fotografía indica o trazado da citada estrada de As Barxas.*

8.4.4 Un período difícil: os recheos e o crecemento urbanístico concentrado

Probablemente, os acontecementos máis significativos que viviu Moaña nos anos oitenta (xunto coa canalización do río de *O Puntillón*), foron, por un lado, a consolidación concentradora do núcleo de O Real e, polo outro, a ampliación do seu litoral por medio dos denominados *recheos*. Serán estes dous temas os que nos ocuparan este apartado.

A importancia destes dous sucesos vese reflectida na actualidade, xa que son claras referencias non só para o autóctono moañés, senón tamén para a xente de fora. Por exemplo, o paseo marítimo (recheo feito nos 80-90) é un dos lugares máis concorridos da parroquia, tanto por residentes como por turistas.

Isto débese principalmente a que foi, ata a actualidade, o único lugar de Moaña dedicado de forma exclusiva ás relacións sociais e o ocio dos seus habitantes. No referente ó núcleo de O Real, salientar a sorprendente transformación que sufriu en tan pouco tempo (no ano 1975, aínda non presentaba nin a metade da densidade construtiva que se mostra no ano 1985).

Este exponencial crecemento, acontecido no final dos anos setenta e inicios do oitenta, prodúcese, como se explicará a continuación, nun período no que a economía galega iniciaba un proceso de levantamento, despois da crise vivida na década de 1970.

Intentaremos achegarnos á explicación dunha complexa situación na que diferentes factores e intereses entraron en xogo para a formación do que hoxe se coñece como unha das maiores equivocacións urbanísticas sucedida na parroquia moañesa.

Desta maneira, aparecerán novas ideas, novos termos e novas conclusións que, ata este momento, non tiñan sido protagonistas no desenvolvemento urbano desta freguesía.

a) O debuxo dun novo litoral: os recheos

A formación de recheos foi unha "moda" que se instalou no transcurso dos anos oitenta, onde esta proposta viuse como unha boa oportunidade para a creación de grandes e "bonitos" paseos marítimos que "revitalizaran" e aumentaran a sociabilidade dunha poboación que, en moitos casos, non dispoñía de zonas de esparcemento onde poder pasear, falar, xogar ou relacionarse.

Esta idea, que recorreu toda a costa galega, tamén foi utilizada na parroquia como a solución a todos estes problemas que se citaron anteriormente. Non só nesta foi empregada, tamén as freguesías de Meira e Domaio contaron cos seus respectivos recheos que respondían á certa rivalidade e envexa existente entre as parroquias municipais. Tanto é así que, durante moito tempo, os recheos estiveron abandonados e sen tratamento urbano algún, cando desde un inicio era destinado para tal fin social.

Exemplo disto foi a expresa e inmediata petición realizada por estas dúas últimas freguesías, unha vez se aprobou e se comezou a deseñar o recheo marítimo de Moaña, toda vez que esta proposta fora rexeitada por estas antes de se aceptar no litoral moañés. No caso que nos concirne, a transformación costeira da parroquia en estudo foi realizada en diferentes períodos ata chegar á presente década cando se desenvolve de forma definitiva.

Certo é que este recheo viu a dar resposta a unha verdadeira necesidade social causada pola falta dun centro, unha praza, dun parque…, é dicir, pola inexistencia dun espazo dedicado ás actividades sociais e de ocio que todo lugar precisa para o bo funcionamento das relacións entre habitantes e que leva a unha exponencial calidade de vida das persoas. En base a estes criterios apareceu o paseo marítimo de Moaña, aínda que, como veremos, non foi a primeira ampliación costeira realizada na parroquia.



Fig. 146 **Imaxe da casa de Méndez Núñez (pazo de O Real), ano 1924.** *Esta fotografía é un dos mellores exemplos de cómo os recheos influenciaron, de forma determinante, no debuxo costeiro do litoral moañés. Así, pódese apreciar como, naquel tempo, o mar chegaba ata a fachada principal do Pazo, quedando coa baixamar unha praia que recorría toda a costa da parroquia.*



Fig. 147 **Fotografía do Pazo de O Real no ano 1997.** *A realización dos citados recheos condicionaron de forma determinante ó litoral moañés, o cal pasou de ser unha fermosa e virxe praia de area e mar, a converterse na acumulación de terra e pedras destinada á conformación dun paseo marítimo que lle conferira un salto de calidade á parroquia e ós seus habitantes.*

Parándonos un pouco na evolución acontecida en Moaña referente ós recheos, débese mencionar o primeiro destes feitos na parroquia. Este, correspondente á década de 1910 (concretamente no ano 1914), viu a ampliar o litoral da Praia, xusto cando un ano antes (1913) quedara rematada a *estrada de abaixo* que ía desde *O Puntillón* ata *O Vaticano*. Máis tarde, nos anos vinte, chegaría outro recheo que viría a consolidar o xa existente no lugar, deixando unha porta á posible construción dalgún edificio público.

Isto fíxose realidade na década de 1940 cando se inicia a construción da *Praza de Abastos* (1947) fronte a Canesa, xunto á xa existente *Cofradía de Pescadores* (1939). A preocupación social perante estas ampliacións e construcións facíase patente na poboación moañesa como se pode apreciar nesta cantiga "*cantada* –segundo Gonzalo Martínez- *pola comparsa de "Los Duendes", que deixaban testemuña escrita e cantada da realidade social da época e do impacto que supuxeron as obras*[97]*:*

Dicen que pronto en Moaña
un mercado van a hacer.
Dígame, señor alcalde,
Si mis nietos lo van a ver.

A la jota jota,
Por ese mercado
Que tendrá a la puerta
un farol colgado.

Causará Moaña
Gran admiración
Con ese mercado
Y el malecón".

[97] MARTÍNEZ, Gonzalo - Memoria visual do Morrazo. Vigo: Artigo do Faro de Vigo na edición de O Morrazo, venres, 30 de marzo de 2001.



Fig. 148 **Imaxe do primeiro recheo en Moaña, correspondente á zona de A Praia, ano 1914.** *Nesta foto obsérvase ó alcalde do concello naquela época, José Parada, revisando e inspeccionando o remate das obras da ampliación costeira dese lugar. Esta intervención converteríase no primeiro recheo realizado na parroquia.*

Para datar a seguinte intervención costeira témonos que desprazar ata os anos sesenta, concretamente ata o ano 1962, no cal se realiza unha ampliación do recheo iniciada na *Praza de Abastos* e rematada uns cen metros despois. Anos máis tarde a mesma operación realizouse na outra punta da praia, é dicir, na coñecida zona de *Seara,* onde o pequeno recheo existente serviu para a creación dun parque para que os nenos da parroquia puidesen ter un lugar de xogos e ocio.

A grande ampliación costeira chegaría no discorrer dos anos oitenta, onde se inicia a unión entre os dous extremos da Praia citados anteriormente (a praza e o parque da Seara). En 1997, amplíase no *Con* unha parte para poder construír o Club de Remo de Tirán. Será máis tarde, xa na década de 2000, cando se amplíen as zonas de *O Con* e do *Vaticano.*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 1980



Fig. 149 **Deseño interpretativo da situación dos recheos nos anos 60-70.** *A grande ampliación costeira produciuse da década de 1980 en diante, onde anteriormente só se produciron pequenos recheos derivados de diversas necesidades que ían xurdindo co paso do tempo para a poboación.*



Fig. 150 **Fotografía das obras de recheo coa Praza ó fondo, década de 1960.** *As primeiras intervencións de ampliación costeira se fixeron sempre próximas ós edificios públicos que, anteriormente, foran construídos co xa citado recheo de 1914.*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 1980



Fig. 151 **Deseño que mostra o estado dos recheos na Moaña de 1980.** *A chegada dos anos oitenta marcou un punto de inflexión en moitos aspectos da parroquia moañesa. Un deles foron os recheos, os cales neste período tomaron un papel protagonista importante. É partir deste momento que se comeza a crear o actual paseo marítimo de Moaña.*



Fig. 152 **Imaxe das obras de recheo na zona de Seara, anos 80.** *Esta unión entre o parque da Seara e a praza de abastos trouxo consigo a aparición de novos equipamentos, como o centro de saúde, e a instalación dun lugar no que poder realizar actividades de ocio e lecer que ata o momento non existían.*

Neste camiño cara a creación dunha zona de esparcemento social, a administración tamén quixo facer partícipe da súa decisión á sociedade moañesa. Desta maneira, difundíronse numerosas publicacións e panfletos nos que se explicaba a idea do goberno municipal no que ós recheos se refería. Un destes carteis, realizado no ano 1982, avogaba por unha unión entre a opinión pública para poder "mellorar o concello de Moaña".

Finalmente, como xa se explicou con anterioridade, a proposta foi aprobada e, así, comezouse unha obra que ata fai moi poucos anos aínda continuaba, e continua, a intentar revitalizarse como espazo de congregación e relación social. Outra cuestión, que se tratará no decorrer deste estudo, é se realmente este espazo cumpriu os seus obxectivos ou si, pola contra, non era a mellor solución para crear un lugar de sociabilidade natural e coherente.



Fig. 153 **Folleto publicado pola administración local no ano 1982.** *O concello de Moaña quixo mostrar a súa poboación a idea que tiñan para os recheos que se ían a crear. O intento de "revitalización" que se estaba a estudar foi levado á opinión pública como un lugar para a sociabilidade e o ocio dos habitantes moañeses.*

b) O masivo crecemento urbanístico de O Real

A conformación do núcleo de O Real foi consecuencia, como en tantos outros lugares do litoral galego, dun proceso de criterios e intereses particulares que estiveron por riba doutros elementos de índole público como termos lexislativos, administrativos, paisaxísticos, estéticos ou ambientais, entre outros.

"Unha agregación, -segundo o informe do IGEA- *un conglomerado mítica e misticamente recreado como suxeito político sen responsabilidade na desfeita do territorio que se atribuía unicamente a maquinacións (especulación, plusvalías, pelotazo ou feísmo por toda explicación), mans negras, tramas político-empresariais do sector do ladrillo, grandes promotoras, etc"*[98]*.*

Todo isto sucedeu, como xa vimos, dentro dun contexto de levantamento económico chegado despois da crise acontecida na década de 1970. Foi así que comezou unha aberrante edificación que, a parte de rozar a ilegalidade, converteu *O Real* nun lugar de difícil, por non dicir imposible, habitabilidade social.

Desta maneira, dentro do marco da ilegalidade e do interese particular xurde un elemento construtivo masificado que pasou por alto a administración local, a cal confería carta de natureza "legal" a esta degradación e desfeita territorial.

Esta constante compra-venta de terreos convertidos en solares habilitados para a edificación, viu como un espazo natural, dedicado ó cultivo e a agricultura, pasou a transformarse, nun período de tempo relativamente reducido, nunha auténtica e masiva ocupación terreal que non deixou nin un ápice de solo libre e virxe.

[98] VICENTE, Daniel; BARROS, Xabier; GOYANES, Enrique; RÚA, Manuel - *Apuntamentos sobre a problemática da ordenación do territorio en Galiza.* A Coruña: Instituto Galego de Estudos Europeos e Autonómicos (IGEA), 2010, p. 9.

Todo comeza cando a marquesa de Méndez Núñez, propietaria da finca de O Real, deixou en mans duns apoderados sen escrúpulos a venda das súas propiedades. As persoas que, nun inicio, compraron estes terreos foron xentes cun imporante nivel adquisitivo, ligadas a profesións liberais.

Máis tarde, coa chegada do *boom* da emigración europea, das plataformas petrolíferas, da pesca e do exponencial crecemento económico e demográfico, instalouse unha ola de especulación urbanística de promotores que construían sen licenza ou autorización municipal, planta tras planta, vivenda tras vivenda, co consentimento total dun goberno municipal emanado do franquismo.

Será a chegada da nova corporación democrática a que comece a poñer un pouco de orde e control urbano coa paralización de obras e a creación de normas subsidiarias de planeamento urbanístico aprobadas en 1984. Tanto é así que, no balance de xestión deste goberno, que vai desde 1983 a 1987, aparece a construción de saneamento, abastecemento de augas, alumeado público, beirarrúas e asfaltado das rúas de O Real.

Todas estas medidas foron realizadas con contribucións especiais ó 50% entre o Concello de Moaña e os propietarios e propietarias das vivendas deste lugar. Sen embargo, aínda que estas medidas de urbanización conferíronlle un salto cualitativo a este núcleo no referente ás súas condicións básicas de habitabilidade, o problema real e máis importante xa estaba instaurado: a masificación construtiva.



Fig. 154 **Deseño interpretativo da situación morfolóxica urbana de O Real na década de 1960.** *Ata a chegada dos anos setenta, a zona de O Real era un lugar dedicado á agricultura e o cultivo onde as persoas podían obter os seus recursos naturais propios da sociedade autoconsumista implantada durante séculos. Os anos sesenta foron un período intermedio entre o térreo e o construído. Comezáronse a se asentar vivendas unifamiliares de arquitectura culta, debido ó aprecio que os seus propietarios tiñan por aquel lugar grazas ás súas marabillosas vistas ó mar.*



Fig. 155 **Imaxe da zona de O Real no final dos anos sesenta.** *Como se pode apreciar na fotografía, O Real estaba composto, inicialmente, por casas unifamiliares, case sempre de arquitectura culta, que compaxinaba a vida agrícola co inicio dunha urbanización controlada acorde co lugar, o entorno e a sociedade. Este espazo, cunha elevada pendente, era un sitio perfecto para poder gozar dunhas sensacionais vistas ó mar. Foi así que este lugar era tan cobizado pola sociedade moañesa.*

Por outro lado, existiu unha venta de terreos (estes tiñan unha pronunciada pendente, como así no lo indica a súa xeografía) a partir dun plano no que se especificaban as áreas destes como se fosen totalmente aproveitables, cousa que non era certa xa que a área existente na proxección horizontal dun plano inclinado (a superficie propia para a edificación) é menor ca do propio plano. É evidente que, canta máis pendente conteña a parcela, menor será a súa superficie explotada.

É por causa desta forma de venta e parcelamento, que as rúas existentes son tan estreitas. Non se tivo en conta a proxección dos terreos á hora de "planificar" este terreo. Segundo as investigación realizadas, a división territorial foi realizada, unha vez máis, de forma pouco legal xa que en ningún momento foi aprobada pola corporación municipal. Ademais,

aínda que o plan parcial de urbanización existente para este lugar indicaba que debía ser dedicado á construción de chalés, acabáronse por edificar unha continua aglomeración de construcións de alturas desproporcionadas que incumprían as licencias aprobadas pola administración.



Fig. 156 **Imaxe do portal do Almacén, entrada ó Real, anos noventa.** *Pouco a pouco, paso a paso, o núcleo de O Real foise convertendo nunha "urbanización" descontrolada e enclaustrada. Un lugar onde non existe nin un só espazo aberto e no cal a tónica constante é a de construír, construír e construír.*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 1980



Fig. 157 **Deseño interpretativo da zona de O Real na década de 1980.** *A transformación urbana que sufriu este lugar en menos de dez anos foi realmente incrible. A masificación construtiva que se viviu, sobre todo a finais de 1970, nas súas parcelas térreas trouxo consigo unha innumerable cantidade de problemas urbanos que repercutiron directamente na habitabilidade e na liberdade dos seus residentes. A falta dun lugar social ou de relación entre habitantes, a inexistencia dun verdadeiro sistema de urbanización (auga, saneamento, alumeado…) a falta de luz natural en moitos edificios tapados uns polos outros… foron deficiencias presentes nesta concentración construtiva que viñeron a resolverse despois de ter acontecido o desastre.*

Neste caso, vai ser importante realizar un paralelismo entre a construción dos edificios e a lexislación vixente que os regulaba, xa que, a partir deste estudo, poderase interpretar a desfeita non só por métodos gráficos, senón tamén por medio da comparación existente entre a normativa aprobada e as edificacións que alí se asentaron.

A nivel lexislativo, en 1970, dúas normativas ordenaban e controlaban o uso do solo. Unha eran as normas subsidiarias de 1973creadas para tódolos municipios da provincia de Pontevedra[99].

A outra, a réxime estatal, a *Ley del Suelo de 1975* xunto co seu *texto refundido de 1976*[100]. Neste traballo non vamos a indagar profundamente nestas normativas, pero si faremos unha pequena aproximación na que se sinalarán aqueles artigos máis salientables ou que máis inciden no tema que se está a tratar.

- Criterios existentes nas normas subsidiarias de 1973:

  1.- *"En la redacción de las bases, se procurará no alterar el peculiar carácter de los pueblos, huyendo de fomentar el falso tipismo y homogeneización de lo folklórico en el aspecto urbano. (…) tenderán a conseguir la mejora del habitat residencial y urbano".* (Concursos de embellecimientos de pueblos, páx. 19)

  2.- *"Debe cuidarse especialmente el perfil característico de las mismas desde el exterior (…) evitando la ruptura de la armonía general por la aparición de edificios de gran altura y textura diferente al resto (…) para no deteriorar el aspecto paisajístico".* (Perfil del exterior, páx. 29).

[99] *Normas de ordenación complementarias y subsidiarias de planeamiento para los municipios de la provincia de Pontevedra.* Aprobadas por resolución del Excmo. Sr. Ministro de la Vivienda de fecha 19 de diciembre de 1973; Excma. Diputación Provincial de Pontevedra; BOP nº 17 y 18, de fechas 21 y 22 de enero de 1974.
[100] *Ley 19/1975, de 2 de mayo, de reforma de la ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana*, BOE nº 107 de 5 de mayo de 1975; y *Real decreto 1346/1976, de 9 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.* Ministerio de la Vivienda. BOE nº 144, de 16 de junio.

> 3.- *"No se permitirá la edificación en esta zona hasta que no se cumplan todas las condiciones siguientes: a) estar aprobado el correspondiente Plan de Extensión; b) estar aprobado el proyecto o proyectos de urbanización; c) que la parcela (…) tenga la consideración de solar (…)".* (Extensión del casco, páx. 43).

- Criterios existentes no texto refundido da Lei do Solo de 1975:

1.- *"Constituirán suelo urbano los terrenos que por contar con acceso rodado, abastecimiento de agua, evacuación de aguas y suministro de energía eléctrica (…) se incluyan en un Proyecto de delimitación que, tramitado por el Ayuntamiento (…), será aprobado por la Comisión Provincial de Urbanismo, previo informe de la Diputación Provincial".* (Clasificación del suelo, artículo ochenta y uno, punto dos).

2.- *"A efectos de esta ley, tendrán la consideración de solares las superficies de suelo urbano aptas para la edificación que reúnan los siguientes requisitos:*

> *Primero.- (…) Se precisará que además de contar con los servicios señalados en los artículos setenta y ocho u ochenta y uno punto dos, la vía de la parcela de frente tenga pavimentada la calzada y encintado de aceras".* (Clasificación del suelo, artículo ochenta y dos).

3.- "No se podrá efectuar ninguna parcelación urbanística sin que previamente haya sido aprobado un Plan General cuando afecte a suelo urbano, o sin la previa aprobación del Plan Parcial del sector correspondiente para el suelo urbanizable. (…) En ningún caso se considerarán solares ni se permitirá edificar en ellos los lotes resultantes de una parcelación o reparcelación efectuadas con infracción de las disposiciones de este artículo (…)". (Parcelaciones y reparcelaciones, artículo noventa y seis).

4.- *"Cuando los actos de edificación o uso del suelo (…) se efectuasen sin licencia u orden de ejecución, o sin ajustarse a las condiciones señaladas, el Alcalde o el Gobernador Civil, de oficio o a instancia del Delegado Provincial del Ministerio de la Vivienda, dispondrá la suspensión inmediata de dichos actos. Transcurrido dicho plazo* (dos meses) *sin haberse instado la expresada licencia, o*

sin haberse ajustado las obras a las condiciones señaladas, el Ayuntamiento acordará la demolición de las obras (…)". (Intervención en la edificación y uso del suelo, artículo ciento ochenta y cuatro).

Analizando os puntos citados anteriormente, xunto co que se leva explicado ó longo deste apartado, pódese facer unha idea da caótica e inestable situación urbana coa que se consolidou o núcleo residencial de O Real. Existía moita xente nas plataformas petrolíferas que investían os seus ingresos na adquisición ou construción de edificios, ou persoas dedicadas á pesca que tamén podían facer investimentos deste tipo.

A situación política local de transición provocaba a falta de disciplina urbanística na parroquia, onde, ademais, había xente involucrada na administración local non democrática, ou ben ligada aos poderes do franquismo que non reparaban na legalidade para levar a cabo os seus negocios.

Coincidiu tamén co *boom* da construción en O Morrazo, onde – segundo Abalo- *"os promotores, por regra xeral, incumprían as licencias de obra. Licencias para baixo e dúas plantas convertíanse, na práctica, en baixo e catro ou cinco plantas. Os esforzos da Asociación Veciñal de Moaña, antes do 79, foron intensos pero pouco eficaces, algo fixeron pero inapreciable.*

Logo, unha vez conseguida a Alcaldía polo BNG, foi máis doado até quedar practicamente controlado coa aprobación da Norma Subsidiaria de Moaña do ano 1984. Houbo algunhas sonadas infraccións como a da Churrería, diante da Praza de Abastos de Moaña ou o edificio do Salitre, na entrada á parroquia"[101]*.* Toda esta trama disposta entre a ilegalidade e os intereses particulares, deu como resultado un descontrolado núcleo residencial que confirmou o importante desaxuste, tanto normativo como administrativo.

[101] Entrevista a Xabier Abalo Costa, alcalde da parroquia moañesa entre 1983-1987 e 1995-1999 co partido do BNG, e actual responsable na Oficina Municipal Nacional do BNG e responsable técnico da Política Municipal do BNG.

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 1980



Fig. 158 **Imaxe de mariñeiros no porto de Moaña coa zona de O Real ó fondo, anos 60.** *A rápida transformación deste espazo vese reflectida nesta fotografía datada a mediados da década 1960, cando aínda non existían practicamente ningunha edificación. Só se apreciaban algunhas vivendas unifamiliares de xentes adiñeirada á volta de grandes extensións de terreo cultivable. Unha década despois, o panorama cambiaría radicalmente.*



Fig. 159 **Imaxe aérea da zona de O Real, ano 2004.** *Dende a súa consolidación, a finais dos anos 70, a súa alta densidade construtiva non permitiu unha posible actuación urbana que puidera revitalizar ou recuperar un lugar totalmente desmedido e desordenado. As súas intervencións máis recentes foron a construción dos altos edificios na primeira liña costeira, que se aprecian na fotografía.*

Actualmente, o núcleo de O Real segue mantendo a mesma estrutura concentrada dos últimos trinta anos. O problema que se está a producir neste momento na zona non é outro ca súa paulatina degradación, maquillada con algunhas reformas urbanas e novos edificios pero que non ocultan a imaxe dun núcleo residencial de incoherencia urbanística e de reducidas condicións de habitabilidade.

Esta teoría da situación urbana de O Real pódese confirmar, como se mostrará a continuación, por medio da exposición dunhas imaxes esclarecedoras que ditaminen o estado urbanístico desta entidade construtiva densa e desordenada. Desta maneira, apreciaranse numerosas deficiencias urbanas que xustifican perfectamente a hipótese mantida ó longo de todo este apartado sobre o citado núcleo habitacional: a predominancia dos intereses particulares en detrimento das necesidades da sociedade.



Fig. 160 **Vista xeral actual da zona de O Real.** *A grande concentración construtiva que se mostra na imaxe ven a xustificar graficamente todos os criterios e aspectos descritos con anterioridade. A mestura de desproporcionados edificios xunto con vivendas unifamiliares menos recentes fan deste lugar un auténtico caos urbano de difícil solución.*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 1980



Fig. 161 **Vista xeral actual dunha parte de O Real.** *Esta zona representa perfectamente a dinámica existente neste núcleo. O abandono do lugar, a ilegalidade dalgúns edificios, incomprensible e incoherente mestura entre construcións de diferentes épocas e carácter´siticas, a presenza dun ruinoso pazo secular con todo o seu tradicional complexo (capela, xardín, hórreo …). Todo isto dentro dunha reducida superficie de terreo que aínda hoxe non ten unha solución.*



Fig. 162 **Imaxe concreta actual dun edificio pegado a outras vivendas.** *As medianeiras descubertas con pequenos edificios ou outras vivendas pegadas a elas son unha constante neste lugar. A falta de tratamento, relación, habitabilidade… Son características predominantes que definen perfectamente o ambiente que se respira en O Real.*

8.5 Moaña na década de 1990

8.5.1 Breve abordaxe ó contexto que antecede á década

Xa vimos como, coa chegada dos anos oitenta, a parroquia moañesa sufriu uns importantes cambios que aínda hoxe podemos observar na súa estrutura e morfoloxía urbana.

A década que se abre nos anos noventa será, no seu inicio, un período de poucas transformacións, a nivel urbanístico, pero si determinantes no contexto urbano de Moaña. Pódese dicir que os anos oitenta foron un tempo de concienciación social e administrativa, no que se produciron tanto progresos como deficiencias.

Sempre no ámbito urbanístico, un exemplo claro desta dualidade secuencial foron, por un lado, as escolas parroquiais (como compoñente positiva ante o fracaso das concentracións escolares) e, polo outro, a consolidación, no final dos setenta e principios dos oitenta, do densificado núcleo de *O Real* (como elemento negativo no desenvolvemento urbano de Moaña).

Outros das intervencións máis polémicas e, á vez, importantes foron os recheos e a canalización do río de *O Puntillón*, obras que foron obxecto de moitas críticas por unha parte da opinión pública, aínda que estas foron expostas á poboación, como vimos, por medio de carteis, panfletos, discursos…, o cal máis tarde sería aprobado.

Aínda así, tal vez, estas decisións estiveron condicionadas de forma intensa pola problemática que cada unha delas traía consigo (a falta de saneamento no río e a inexistencia dunha zona de ocio e sociabilidade humana no caso dos recheos). Como dixemos, coa realización de todos estes cambios, Moaña tomouse un respiro na década de 1990, que lle serviu como preludio ante o que chegaría no inicio do século XXI coa zona de *O Rosal*. Pero antes diso, os anos noventa gardaríanos outra inquietante sorpresa urbana que recordará ó acontecido en *O Real*.

8.5.2 Unha visual pola década de 1990

Grandes cambios a nivel internacional se sucederon durante esta década de 1990. Sen embargo, non foi así na parroquia moañesa xa que, como se explicou, as transformacións, avances ou procesos que xurda a nivel nacional e internacional son implantados en Moaña de forma lenta e tardía. Isto xa aconteceu no *boom* dos anos sesenta, así como na crise dos setenta.

Pero antes de internarnos na morfoloxía urbana de Moaña, coma sempre, síntese a necesidade de contextualizar e ambientar á década en concreto. Non contemplamos a idea de enfocar un tema, sobre todo cando a influencia exercida por elementos externos é determinante como é o caso, sen primeiramente adiantarnos os acontecementos e definir, de forma xeral, a dinámica social, política e económica que caracterizou este período.

Recordando a década de 1980, a caída do muro de Berlín (1989) supuxera un grande avance social e político para a poboación alemá, que viu como se derrubaban os antigos conflitos e tensións entre os dous grandes bloques da Guerra Fría, e se abrían as portas da liberdade e do final da potencia da unión soviética e, con ela, da Guerra Fría. Esta desintegración soviética trouxo consigo a creación de novos estados independentes con potestade para decidir o seu camiño.

Importante para o espectacular progreso de globalización que se estaba a xerar sería o gran avance das *TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación).* En 1993, Bill Clinton accede á presidencia dos Estados Unidos cun aire de renovación política, onde a finalizada Guerra do Golfo (1990-91) aínda se facía sentir na sociedade e na política americana.

Ese mesmo ano nace a UE (Unión Europea) que se colocou como unha forte potencia dentro de Europa e, máis tarde, no mundo. Neste camiño cara o século XXI, Europa prosegue coa súa intención de unidade,

polo que os países que conforman a Unión Europea aproban a implantación da unidade monetaria, o euro.

Sen dúbida, un dos elementos máis importantes nesta década a nivel mundial, e que gañará protagonismo no decorrer dos anos seguintes, foi a definitiva aparición de Internet. Esta ferramenta marca unha auténtica revolución cultural e social que cambia totalmente as formas de comunicación e relación entre a sociedade. Xunto a ela, a introdución da telefonía móbil vai ser considerada a innovación tecnolóxica máis determinante nas persoas.

En España, a celebración dos xogos Olímpicos de Barcelona de 1992 marca un antes e un despois na súa organización a nivel mundial. Tamén nese ano celébrase a Expo'92 de Sevilla. Foron, sen dúbida, unha importante carta de presentación da nova España democrática.



Fig. 163 **Firma do Tratado de Maastricht, 7 de febreiro de 1992.** *A firma do Tratado da Unión Europea constituíu un paso moi importante no proceso de integración europea. Este tratado incorporaba ás tres Comunidades europeas anteriores nunha soa. Será neste pacto no que se anuncie a introdución do euro como entidade monetaria nesta adhesión.*

O grande espertar vivido neste ano fixo que o país español, caracterizado pola opinión internacional como un territorio de vellos e histórico ideais conservadores, se abrira ó mundo cunha renovada ilusión de liberdade e modernidade.

No marco político, a recesión mundial iniciada no principio dos anos noventa debido á ruptura da grande potencia oriental da Unión Soviética, golpea duramente a España. Coa crise económica chegaron os escándalos de corrupción e o dos GAL, que afectaron directamente o goberno socialista de Felipe González.

En 1996, perante ás dificultades económicas e os escándalos, Felipe González convoca eleccións, nas cales o Parido Popular de Jose María Aznar accede á presidencia do goberno, era o 3 de marzo de 1996.



Fig. 164 **Imaxe do Príncipe Felipe de Borbón como abandeirado da expedición española nos xogos olímpicos de Barcelona'92.** *Este evento foi considerado como os mellores xogos olímpicos da historia. Calcúlase que a cerimonia de inauguración foi vista por 2.000 millóns de persoas en todo o mundo. Este acontecemento axudou a levantar un país que camiñaba cara unha plena democracia e liberdade, ademais de inxectar no país un forte antídoto económico grazas ó turismo creado.*

Pola súa parte, en Galicia, despois de quince anos de autonomía sen grandes cambios nin acontecementos, apróbase a *Lei de Ordenación do Territorio* no ano 1995. Ante o fracaso desta, debido ó difícil encaixe dos criterios da LOT na estrutura política e á deficiente ordenación e organización do territorio herdado, xurde a *Lei do Solo de Galicia (LSG)* de 1997.

"A regulación da actividade urbanística de Galicia nas súas distintas manifestacións –menciona esta última lei- *é o obxecto desta lei, coa finalidade de que o solo se utilice tendo presentes as esixencias do interese xeral e da función social da propiedade"*[102]*.*

Esta lei non vai conter grandes variacións ou diferenzas coa normativa estatal, xa que se manteñen en vigor os seus principios xerais. No referente a Moaña, salientar a definitiva organización das praias como competencia autonómica no que á actividade mariscadora se refire, polo que será nesta década cando o modelo popular ou social do marisqueo cambie a un sistema regulado máis profesionalizado.

En termos lexislativos, no ano 1996, apróbanse as novas Normas Subsidiarias e Complementarias Municipais do Concello de Moaña, normativa aínda en vigor. Tampouco nos debemos esquecer da temática que será tratada no último apartado deste capítulo, a transformación da fronte marítima da parroquia, o cal terá unha grande repercusión no cambio evolutivo do litoral moañés.

Esta restitución urbana modificará unha liña construtiva de edificios seculares, típicos da arquitectura tradicional galega, que verán como o avance do implacable "progreso" dos novos tempos irá, pouco a pouco, destruíndoos ata só quedar no recordo e na nostalxia das persoas e as súas fotografías.

[102] LEI 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*. Titulo preliminar.- Principios xerais. p. 3 da presente lei.

8.5.3 A situación morfolóxica urbana

A crise sufrida, a nivel mundial, nos inicios da década de 1990 despois da caída do poderío soviético, tamén tivo a súa repercusión na parroquia moañesa, na cal a evolución urbanística estancouse durante este período. Será a finais desta mesma época cando comece o desenvolvemento da zona de O Rosal, o futuro centro urbano de Moaña.

Esta situación de paréntese viu como unicamente se foron desenvolvendo pequenos espazos onde predominaba o aumento de vivendas unifamiliares espalladas polo territorio. Diferente será en O Rosal e na fronte marítima, nos cales si se producirá unha transformación importante que marcará unha liña de orientación urbana en dirección ó que coñecemos hoxe.

Parecen bastante claros os motivos polos que a evolución urbana de Moaña dirixiuse cara a zona nordeste da parroquia, correspondente ó Rosal. Por un lado, a consolidación de entidades construtivas nos sectores tradicionais do lugar, que ocupaban practicamente todo o territorio costeiro xunto co, xa coñecido, espontáneo núcleo de O Real. Polo outro, as grandes posibilidades que aquel espazo ofrecía como, por exemplo, un relevo suave, proximidade cos principais centros de educación, lugar con boa exposición solar…

Outra das vertentes de crecemento urbano de Moaña foi o aumento do casarío unifamiliar espallado, *"unha forma de construír* –segundo indica o informe da IGEA- *que primou a optimización privada dos intereses persoais e familiares, multiplicada por unidades de construción unifamiliar co seu terreo anexo e que levou a unha privatización substancial e irreversible do territorio*[103]*"*

[103] VICENTE, Daniel; BARROS, Xabier; GOYANES, Enrique; RÚA, Manuel - *Apuntamentos sobre a problemática da ordenación do territorio en Galiza.* A Coruña: Instituto Galego de Estudos Europeos e Autonómicos (IGEA), 2010, p. 9.

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 1990



Fig. 165 **Imaxe satélite da parroquia moañesa, ano 1996.** *Esta imaxe mostra unha morfoloxía urbana que combina o disperso da vivenda unifamiliar, coa concentración construtiva dos núcleos residenciais colectivos sen planificación algunha. Diferente é o caso da zona de O Rosal que intercala, mediante a súa ordenación planificada, os edificios colectivos con espazos verdes máis ou menos acertados.*



Fig. 166 **Deseño xeral do estado urbanístico de Moaña na década de 1990.** *Debido á consolidación dos núcleos de poboación históricos, xunto co inesperado e desastroso asentamento de O Real, o desenvolvemento urbano da parroquia tivo que desprazarse cara unha zona que estaba totalmente virxe e que, máis tarde, se afianzaría como nunha verdadeira transformación urbanística.*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 1990



Fig. 167 **Deseño interpretativo da Moaña dos anos 90.** *Nesta interpretación urbana da parroquia obsérvase como o núcleo de O Rosal comeza a se desenvolver a partir da aparición de novos equipamentos, unha nova estruturación viaria e a planificación política urbana deste espazo.*



Fig. 168 **Fotografía de habitantes moañeses sentados no coñecido Banco Azul, anos 90.** *A etapa de 1990, a parte de ser un período de paréntese evolutivo, foi un momento no que grandes e importantes elementos, populares e seculares, sufriron o inicio do seu fin, debido á superposición dos novos tempos, a intereses particulares e a un proceso de transformación que antepuxo aspectos modernos ós tradicionais.*

Pola súa parte, o crecemento urbano, fora da zona de O Rosal, quedou definido por un reducido aumento do casarío unifamiliar, distribuído de forma dispersa por todo o territorio moañés. Estas edificacións, debido á densa ocupación existente no litoral, situáronse na parte media do val, lugar onde se atopan a maior cantidade de construcións deste tipo.

Pola súa parte, O Rosal mostra un pequeno crecemento xa que, ó contrario dos espazos descritos anteriormente, dispón dun amplo territorio no que desenvolverse. Este desenrolo construtivo será a antesala do que sucederá no final desta década, co auténtico *boom* urbanístico planificado, que comezará no ano 1999 co levantamento do primeiro edificio "moderno" deste lugar.

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 1990



Fig. 169 **Deseño comparativo da transformación urbana entre a década de 1980 e 1990.** *Como se pode apreciar na imaxe, o crecemento urbano de Moaña nos anos noventa, en comparación co existente nos anos oitenta, é practicamente nulo. Só as citadas vivendas unifamiliares sobreviven nesta etapa de crise e estancamento.*

Como xa se explicou con anterioridade, O Rosal foi a zona onde máis evolucionou a morfoloxía urbana de Moaña durante este período. Diferentes criterios propiciaron un desenrolo que, tal vez, non foi o máis adecuado ou non se soubo explotar dunha mellor forma. Aínda así, observando o que aconteceu con outras zonas "urbanizadas" esporádicas da parroquia, creadas sen organización nin control algún, este espazo respondeu a unha planificación, levada a cabo pola administración, con maior ou menor éxito.

Os novos equipamentos educativos, tais como o instituto de *As Barxas* e o de *A Paralaia*, propiciaron a creación dunha actualizada estrutura viaria que viña como solución ante a inexistente comunicación coa zona de implantación destes, sobre todo no sitio onde se situaba *A Paralaia*. Esta nova trama viaria, xunto cos aparecidos centros de formación e a anticipada planificación de O Rosal, provocaron que, nos últimos anos, este lugar sufrira unha importante transformación urbana que aínda continua na actualidade.

Evidentemente, todo este proceso actuou de forma paralela, producíndose así unha situación na que todos estes aspectos apareceron nun, relativamente, mesmo período que impulsaron de forma definitiva o desenvolvemento desta parcela moañesa. Isto anunciou a entrada dun novo proceso urbano no que se desenvolveron outros equipamentos, novas vías e numerosos edificios colectivos que axudaron a consolidar toda esta dinámica evolutiva.

O tema que nos vai a ocupar no seguinte apartado, foi un procedemento diferente ó anterior. Perante a total ocupación territorial da entidade construtiva tradicional, situada na primeira liña da costa ó longo de todo o litoral, o novo tipo de edificación do século XXI substituíu a este núcleo popular, destruíndo case totalmente os seus edificios históricos, para erguerse e cambiar a visual costeira.

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 1990



Fig. 170 **Deseño interpretativo da configuración morfolóxica urbana de Moaña, ano 1996.** *A extensión do trazado viario cara o interior de O Rosal trouxo consigo a creación do primeiro edificio "moderno" do lugar. Este, como dicíamos, situouse na zona máis afastada da costa, o que provocou un desenvolvemento planificado en dirección ó mar, tendo como eixo principal á estrada de As Barxas. O existente núcleo residencial creado ó redor da fábrica dos Brencas, na métade do século XX, viuse atraído por este novo debuxo urbano que funcionou como un imán.*



Fig. 171 **Imaxe da zona de O Rosal no comezo das obras de urbanización, finais dos anos 90.** *Antes de que se urbanizara o Rosal, este era un lugar virxe e natural dedicado ó cultivo e á agricultura. As boas características xeográficas que este lugar contiña, como se observa na imaxe, foron un dos principais motivos polos cales se expandiu o asentamento moañés.*



Fig. 172 **Vista exterior do Pazo de O Rosal.** *Este edificio, datado no século XVII, é unha das máis antigas construcións da parroquia moañesa que conseguiu chegar ós nosos días. O espazo que ó rodea, denominado zona de O Rosal pola presenza deste no lugar, sitúase nun plano inferior ó terreo onde se asentou o pazo. Implantado, pois, na parte alta dunha pequena pronunciación xeográfica (o monte de O Rosal), este edificio contempla como o inexorable paso do tempo vai transformando, pouco a pouco, o territorio existente nos seus dominios, que pasou dunha actividade rural a converterse no futuro centro urbano da parroquia.*

8.5.4 A transformación da fronte marítima moañesa

Despois de realizar unha visión xeral da morfoloxía urbana de Moaña no decorrer dos anos noventa, irémonos centrar nun dos sucesos, quizás, máis salientables deste período: o drástico cambio que sufriu a primeira liña de edificacións costeira. Este, como veremos, será un caso similar ó acontecido na zona de O Real, aínda que moito menos exaxerado e dramático.

É evidente que, ó longo da historia da humanidade, todo período sempre se propoñía evolucionar en relación ó seu antecesor. E neste sentido que, na maioría dos casos, non se puideron obviar unha serie de sucesos, avances e progresos que, paso a paso, ían evolucionando cara ó mundo que coñecemos hoxe.

Historicamente, e como non podía ser doutra maneira, esta situación tamén se viviu na parroquia moañesa, a cal sempre se deixou influenciar polos acontecementos que sucedían a súa volta. Aconteceu nos *"novos tempos"* dos sesenta, co *boom* económico e demográfico, o cal propiciou a primeira ola construtiva da *"era do ladrillo"* baseada na especulación, nos intereses particulares e no antiurbanismo.

Sucedeu nos anos oitenta, coa *moda* dos recheos, que se definían como ampliacións costeiras para o melloramento social do lugar. É, tamén, ocorreu no final dos anos noventa, coas *"modernas"* transformacións sufridas polos edificios situados na fronte marítima en todo o litoral español. Neste último caso, Moaña tampouco foi unha excepción. A fermosa estampa costeira que presentou esta parroquia ó longo do tempo, viuse totalmente modificada debido, seguramente, a procesos evolutivos que van aparecendo nas cidades e nos principais núcleos de poboación e urbanización, e que se estenden máis tarde por todo o territorio dependente ou influenciado por estes, xa sexa a nivel rexional ou nacional.

Sen embargo, deberemos analizar se este suceso, como acontece con tantos outros, responde a unha auténtica evolución (positiva) ou si,

polo contrario, non é máis ca unha absurda e mal interpretada transformación urbana, a cal parece responder máis a criterios e intereses particulares que a verdadeiras necesidades vitais e sociais dunha sociedade en constante mutación.

A secuencia desta permuta foi moi básica. Construtores e promotores comezaron a comprar parcelas edificadas en primeira liña de mar, na súa maioría casas unifamiliares de dúas plantas e edificios de tres (hai que dicir que moitas destas casas, na súa traseira, tiñan pequenos espazos de terreo propio con múltiples funcionalidades, como xardín, horta, patio, etc), para despois construír desproporcionados e incoherentes bloques de ladrillo, masa e aluminio, que desprazaron ás tradicionais vivendas mariñeiras de pedra e madeira ó abandono e a desaparición case absoluta.

Esta situación de indiferenza e renuncia total pola arquitectura popular reflectida nas edificacións seculares da parroquia, trouxo consigo un importante cambio social no que á distribución residencial se refire. Isto é, as antigas construcións mariñeiras desapareceron para dar paso a novos, e *"modernos"* edificios colectivos de catro e cinco alturas, que non facían máis que quebrar un suave perfil urbano, secular, orgánico e unitario, símbolo da historia, do patrimonio e da memoria desta pequena parroquia.

Evidentemente, a partir da súa construción, estas unidades residenciais tiveron un alto índice de demanda social, xa que a súa implantación costeira era un grande atractivo para a poboación moañesa, a parte de ser a zona máis importante de Moaña naqueles tempos. Isto fixo con que persoas que vivían en casas humildes e tradicionais na parte media/alta do val se instalaran nestes pisos, os cales contaban con novas e avanzadas tecnoloxías de habitabilidade (calefacción eléctrica,quentadores, electrodomésticos…).



Fig. 173 **Imaxe duns rapaces coas redes de pesca na praia co perfil urbano de Moaña ó fondo, anos sesenta.** *As vivendas mariñeiras existentes en primeira liña costeira, debido a que respondían a necesidades dunha sociedade tradicional baseada aínda, unha grande parte, no autoconsumismo e na explotación dos recursos naturais primarios, estaban en completa harmonía co lugar e co seu entorno, facendo deste un fermoso núcleo ocupacional de composicións e características propias.*



Fig. 174 **Vista do estado urbanístico no que se encontra actualmente unha zona da citada fronte marítima.** *Como se pode apreciar na imaxe, o cambio que se produce é realmente chocante. O ladrillo substitúe á pedra e as tradicionais vivendas de dúas e tres plantas pasan a converterse en edificios de ata cinco e seis alturas.*

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 1990



Fig. 175 **Interpretación conceptual da distribución das principais zonas residenciais.** *Como se pode apreciar no deseño, a ocupación territorial de Moaña, unha vez que a zona central foi totalmente edificada, tivo que dirixirse cara os seus extremos, onde, como vimos, xorden núcleos de diferentes etapas e características.Ante isto, os novos edificios do litoral nacen a raíz da destrución das construcións tradicionais alí implantadas.*

Por máis que a clara predominancia dos grandes e desaxustados edificios colectivos desvirtuaran a forte identidade desta parroquia, aínda sobreviven algunhas construcións que, ou están abandonadas, ou foron vítimas de incomprensibles intervencións falsificadas e pastiches que acabaron por adulterar unha arquitectura moi enraizada neste lugar.

Dentro desta incontrolada cadea de infortunios construtivos xurdidos ó longo do litoral moañés, débense distinguir diferentes sectores que, dependendo da súa zona de implantación, sufriron procesos desiguais. Desta maneira, atopamos, por un lado, postos configurados por unha liña de perfil continua, marcada por novos edificios de catro e cinco alturas e, polo outro, unha combinación máis disgregada de vulgares edificios en altura que se mesturan coas poucas referencias construtivas populares.



Fig. 176 **Imaxe do actual estado da fronte marítima.** *O perfil lineal dunha das divisións da costa moañesa confirma a súa ruptura total co seu tradicional antecesor. Pouco a pouco, e aínda con algunhas mostras da arquitectura popular, este contorno foise consolidando en detrimento dunhas edificacións asentadas desde tempo atrás en constante harmonía co entorno.*

A primeira das composicións edificadas (correspondente á zona entre o centro de saúde e a praza de abastos) tivo un grande éxito no que ó interese público se refire, xa que houbo unha grande demanda para a compra dos pisos que alí se estaban a construír. Isto responde á boa disposición territorial na que se asentaron, debido á proximidade dos equipamentos e das vías de comunicación máis importantes da freguesía. É así que a aglomeración deste tipo de edificación fíxose patente nun curto período de tempo. Edificacións que, aínda hoxe en día, continúan a ocupar vellas parcelas do lugar.

Non ocorre así, polo momento, na zona situada máis ó sur (entre a praza de abastos e o núcleo de O Real), onde se produce unha dualidade construtiva entre antiestéticos edificios en altura e pequenos restos das tradicionais vivendas mariñeiras, en constante desaparición. Esta é a dinámica urbana que se seguiu, e que aínda se segue, no corrompido litoral moañés, que viu como a súa secular imaxe orgánica e racional pasaba a ser soamente un recordo.



Fig. 177 **Imaxe do litoral moañés a mediados do século XX.** *Nesta fermosa postal pódese apreciar como a relación entre o mar e a vivenda séntese totalmente suave e integrada. A resposta destes edificios como resultado das necesidades básicas da poboación moañesa é de absoluto respecto por un entorno que lle proporciona os recursos necesarios para a súa supervivencia. Isto fai con que o protagonista sexa o conxunto e non o edificio.*



Fig. 178 **Panorámica actual da zona sur do trazado costeiro en estudo.** *A outra composición do perfil moañés responde a unha situación case que contraria á anterior. A diferenza de alturas, épocas, edificacións, estéticas, tipoloxías… fai con que se asemelle á formación dunha arquitectura ecléctica na que cada edificio é concibido e construído individualmente, illado das demais construcións e esquecendo calquera tipo de relación ou conciencia co seu entorno.*



Fig. 179 **Imaxe exemplificativa actual do confuso perfil urbano en Moaña.** *Esta incoherente mestura entre tradicional e "moderno" ten como resultado este descontrolado debuxo urbano, baseado na aglomeración, na perda de identidade, no revolto de diferentes períodos, na ausencia de relación entre construcións, e tantas outras incorreccións urbanas que desprestixiaron totalmente este lugar.*

8.6 Década de 2000

8.6.1 Breve abordaxe ó contexto que antecede á década

Os últimos trinta anos da parroquia moañesa foron unha constante mutación urbana que, nunha grande porcentaxe, estivo baixo a determinación e a influencia duns factores externos, que nada tiñan que ver con criterios urbanísticos ou sociais.

Serían os intereses particulares, a especulación e a indiferenza existente cara a historia e o patrimonio local neste territorio, os que transformen a morfoloxía urbana en case todos os momentos e actuacións máis importantes do século XX.

A nova configuración do seu litoral, iniciada de forma determinante nos anos oitenta, trouxo consigo a creación de artificiais espazos verdes e paseos marítimos para que funcionaran como postos de atracción e relación social entre os seus habitantes e, tamén, cos foráneos para fomentar e aumentar o turismo na parroquia. Esta situación fixo con que se consolidara esta zona como centro urbano de Moaña, propiciando un desprazamento intensivo da poboación cara este lugar.

Vai ser, coa entrada no século XXI, cando esta hexemonía costeira comece a diminuír, debido o crecemento que se vivirá no núcleo de O Rosal durante esta primeira década de 2000.

Este espazo, organizado dentro dunha planificación e ordenación urbana máis ou menos acertada, irá collendo, pouco a pouco, unha grande importancia como punto de encontro social, grazas ós numerosos equipamentos que se instalarán no decorrer destes anos.

Actualmente, a entidade de O Rosal está sufrindo o impacto da forte crise que se vive a nivel mundial, xa que o seu crecemento viuse seriamente freado. Aínda así, a súa expansión, dende que se iniciara a urbanizar no ano 1999, foi realmente considerable na comparativa tempo-edificación-urbanización.

8.6.2 Unha visual a década de 2000

A primeira década do século XXI, a cal tamén marcou o inicio do terceiro milenio, foi declarada pola ONU como Decenio Internacional dunha cultura de paz e non violencia para os nenos do mundo.

Importantes foron as loitas contra o terrorismo internacional declaradas pola Administración norteamericana dirixida por George Bush, despois dos atentados das Torres Xemelas do 11 de setembro de 2001. Esta guerra centrouse en Afganistán e en Irak, onde tanto o goberno dos talibáns como o de Saddam Hussein foron derrocados dos seus poderes.

Foi un período no que se finalizan setenta anos de hexemonía do PRI en México. En 2001 anúnciase a tradución do xenoma humano nun 90%. Un ano despois, o euro entra en funcionamento en doce países da UE.

No ano 2004, o peor *tsunami* da historia deixa no sueste asiático un balance de máis de 280.000 mortos e millóns de desprazados. Tamén debemos destacar o auxe de China como potencia mundial. Ese mesmo ano, a sonda *Mars Express*, enviada pola Axencia Espacial Europea e a Axencia Italiana, exploraba a superficie de Marte.

Xa no 2005, a morte do Papa Xoán Pablo II deixa un grande deserto na sociedade eclesiástica mundial, sendo elixido posteriormente polo Cónclave o novo papa Benedicto XVI. Al-Qaeda realiza un ataque terrorista en Londres o 7 de Xullo deste mesmo ano. Contrariamente a este, o grupo terrorista irlandés IRA depón as súas armas e finaliza a súa loita armada. En Alemaña, Angela Merkel convértese na primeira muller en acceder á Chancelería alemá.

En 2007, Nicolas Sarkozy é elixido presidente da República francesa. Iníciase o *boom* das redes sociais de internet. Un ano despois, Barack Obama convértese no primeiro presidente afroamericano de Estados Unidos.

No 2009, os países máis importantes entran en recesión e a gripe A é declarada pandemia pola OMS. Xa un ano antes, en 2008, agudizouse a crise económica mundial iniciada en agosto de 2007. Na política, o G-20 substitúe o G-8, Honduras vive unha grave crise política, e o Tratado de Lisboa entra en vigor no final deste ano.



Fig. 180 **Instantánea do atentado aéreo sobre as torres xemelgas de Nueva York, ano 2001.** *O atentado terrorista das torres xemelgas foi un duro golpe para unha potencia mundial que se sentía ata entón totalmente infranqueable e segura de si mesma. Este acontecemento supuxo un verdadeiro despregamento militar que remataría coa sucesión da guerra de Afganistán, primeiro, e o conflito iraquí máis tarde.*

En España, José María Aznar consegue a maioría absoluta do centro-dereita o 12 de marzo de 2000, sendo así a primeira vez en democracia que un goberno remata na súa totalidade unha lexislatura. Máis tarde, o 14 de marzo de 2004, os socialistas, da man de José Luis Rodríguez Zapatero, retornan ó goberno da nación.

Tres días antes, producíase unha auténtica masacre terrorista en Madrid. Unha célula islámica con conexións con Al-Qaeda levaba a cabo o peor atentado da historia española, coa explosión de varias mochilas bomba colocadas no interior de catro trens, no que morreron 191 persoas e máis de 2000 feridos.

O feito máis salientable, e a súa vez, dramático sucedido nesta década en territorio galego foi, sen dúbida, a catástrofe provocada polo afundimento do petroleiro *Prestige.* Era un 13 de novembro de 2002 cando este buque, con máis de 77.000 toneladas de combustible afundiuse a uns cen quilómetros da costa galega para provocar unha marea negra de incontables consecuencias.



Fig. 181 **Imaxe do afundimento do *Prestige* preto das costas galegas no ano 2002.** *Este suceso causou unha traxedia ecolóxica sen precedentes no noso país, e que provocou unha grande conmoción en todo o territorio español, desprazándose cara a costa galega miles de voluntarios dende tódolos recunchos do mundo para axudar nas labores de limpeza.*

Moaña, pola súa parte, continua o seu crecemento urbano, esta vez, na zona de O Rosal. Por primeira vez, xurde un novo núcleo residencial cunha certa planificación e ordenación urbanística que escapa dos numerosos problemas e conflitos presentes nos seus antecesores, tais como O Real ou a entidade costeira situada polo litoral moañés. Comézase a apreciar un forte contraste entre a zona nova do casco urbano e os citados núcleos anteriores.

Os incendios do ano 2006 na comunidade galega causan estragos en todo o municipio, deixando enormes áreas de terreo totalmente calcinadas e desoladas. Aínda hoxe, catro anos despois, a paisaxe galega vese resentida daquela devastadora ola de lume que recorreu todo a rexión.



Fig. 182 **Imaxe dun dos incendios acontecidos no Concello de Moaña, ano 2006.** *Os focos rexistrados no verán do ano 2006 en territorio moañés foron numerosos e intencionados. Devastadora foi esta ola incendiaria que arrasou con unha grande parte dos verdes e robustos montes municipais, no que se viron involucrados centos de persoas e moita da fauna existente neste lugar. Actualmente, non se coñece aínda a superficie de bosque afectado.*

Outro dos factores máis relevantes e estratéxicos desta década foi a posta en funcionamento da EDAR no Latón. Esta instalación depuradora traballa na canalización de augas fecais e residuais para o seu tratamento antes de vertelas ó mar. Importante vai ser a adaptación do planeamento municipal que veremos máis adiante, pasando das Normas Subsidiarias de 1996 ó PXOM, proceso que aínda está inconcluso.

Salientar a inauguración do Corredor do Morrazo, o cal ten un enorme significado funcional no efecto de circunvalación rodada que, como veremos, descargou a Moaña do tránsito proveniente do Concello de Cangas e condicionou diversas estratexias residenciais reflectidas na morfoloxía urbana da parroquia. Xunto a isto, prodúcese un forte cambio na política de ordenación urbanística. Deixase atrás o modelo de crecemento desorganizado e cun incisivo carácter especulativo, para seguir un modelo máis humanizador.

En termos lexislativos, dentro do territorio galego, nace a *Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galiza (LOUGA) de 2002*. Esta lei, modificada despois no 2004 e 2008 (coa lei de medidas urxentes en materia de vivenda), viu a substituír a *Lei do Solo de Galiza*, aprobada no ano 1997. Tamén créanse as Leis de medidas urxentes, por un lado, en materia de territorio e protección do litoral no 2007 e, polo outro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia no 2010.

Actualmente, inténtase rematar a *"elaboración, tramitación e aprobación dun Plan Sectorial de Ordenación do Litoral que non está aínda aprobado a comezos de 2010"*[104]*.* Tamén neste ano, comézanse os trámites para a aprobación definitiva do *Plan de Ordenación do Litoral,* proceso iniciado no 2008 e que se espera aprobar definitivamente a partir do 2011.

[104] VICENTE, Daniel; BARROS, Xabier; GOYANES, Enrique; RÚA, Manuel - *Apuntamentos sobre a problemática da ordenación do territorio en Galiza.* A Coruña: Instituto Galego de Estudos Europeos e Autonómicos (IGEA), 2010, p. 16.

8.6.3 A situación morfolóxica urbana

A entrada no século XXI chegou con aires renovadores para a parroquia. Tanto por parte da administración, como pola propia sociedade xerouse unha gran preocupación medioambiental que desencadeou numerosas intervencións ecolóxicas (instalación de novos equipamentos de recollida de lixo, labores cotiás de reciclado material, revitalización de zonas verdes ou limpeza e recuperación de praias, entre outros), que procuraban mellorar, ou polo menos non degradar, a natureza e o entorno no que se vivía.

Isto supuxo un progreso estrutural importante dentro da freguesía, xa que todas estas iniciativas influenciarían de forma positiva na súa evolución urbana. Como exemplo poderíamos mencionar a actuación no recheo de Domaio, as melloras realizadas na praia de A Xunqueira, así como no seu entorno, ou a posta en marcha da planificación urbana de O Rosal. Precisamente, vai ser este último acontecemento o que se analizara no decorrer do apartado seguinte.

No que respecta á súa morfoloxía, Moaña permaneceu practicamente igual ca década anterior. Vai ser a partir do ano 2000 cando se produza un novo e importante núcleo residencial na zona de O Rosal, que transformará completamente este lugar. No resto do territorio podemos salientar un lixeiro aumento do casarío unifamiliar disperso e continuos crecementos expansivos das agrupacións habitacionais da parroquia.

Como se pode apreciar na fig. 183, a expansión de diversos núcleos con tipoloxías distintas produciu pequenas modificacións formais que, evidentemente, influíron na totalidade da trama urbana parroquial. Desta forma, tanto vivendas espalladas como reducidas agrupacións construtivas crearon novas entidades que, xunto co seu posible contacto con núcleos xa consolidados, determinaron dispares morfoloxías espaciais.



Fig. 183 **Vista aérea da parroquia de Moaña no ano 2000.** *A freguesía moañesa, en termos de crecemento urbanístico, non dista moito da Moaña dos anos 90. O grande cambio virase a producir no desenrolo desta primeira década do século XXI, no que a zona de O Rosal vai ser a grande protagonista.*



Fig. 184 **Planta interpretativa da situación morfolóxica urbana na parroquia de Moaña nos anos 2000.** *Como se pode observar no gráfico, o aumento dalgunhas da principais agrupacións é a constante que se repite no decorrer desta década. Pola súa parte, os núcleos tradicionais seguen mantendo a súa forma.*



Fig. 185 **Imaxe actual dunha parcela do núcleo de O Rosal.** *A fotografía mostra como a relación entre a edificación e o entorno é practicamente inexistente. Moitos destes edificios realizáronse a partir da propia topografía do terreo, moldeándose por medio do debuxo das curvas de nivel, onde xa existían estes camiños transformados, con posterioridade, en estradas.*



Fig. 186 **Foto da actual rotonda de As Barxas.** *Xunto coas novas edificacións, creáronse tamén equipamentos actuais, tais como a piscina municipal, zonas verdes, ximnasios, hotel, comercios ou un Spa, que axudaron a dinamizar este lugar dunha forma considerable.*

Como xa dixemos, a relevancia urbanística acontecida na parroquia moañesa no século XXI foi, sen dúbida, o grande desenvolvemento de O Rosal. Pero antes de analizar este crecemento, faise necesario estudar o proceso evolutivo que levaron a outras entidades urbanas á súa transformación. Estas, que normalmente se distribúen polos principais puntos de apoio social como poden ser estradas, equipamentos ou zonas estratéxicas, serán as que marquen o incerto futuro morfolóxico da freguesía.

Evidentemente, esta urbanización de O Rosal non foi a única edificada dentro da parroquia. A nova ola construtiva en alturas tamén invadiu outros puntos do territorio, sendo esta a principal causante do seu incremento espacial. Este aumento, xunto cos xa citados apoios sociais, convertéronse en focos de atracción popular moi importantes neste período, xa que eran practicamente as últimas zonas costeiras virxes que estaban sen edificar.

Se observamos a zona sur, correspondente ó asentamento de O Real, vemos como a expansión territorial das dúas agrupacións situadas entre esta entidade e o núcleo tradicional histórico, actúan como enlace entre estas, xerando unha forte continuidade que se aproxima á consolidación formal única, (véxase fig.186). O caso da ocupación existente no posto máis ó nordeste de O Rosal é diferente. A súa ampliación limítrofe débese máis á localización de casas unifamiliares que, debido á virxindade e potencialidades do terreo, confirmaron un espazo que se prevía importante no futuro.

Pola súa parte, a zona residencial de O Real continuou, dunha forma máis controlada, a súa estratexia construtiva, edificando en toda aquela parcela onde podía. Isto foi definindo cada vez máis o seu contorno perimetral, toda vez que, dentro do núcleo matriz, practicamente xa non existía ningún espazo libre para poder edificar. Desta maneira, aparece unha nova entidade no lugar, que mantivo inalterable o seu debuxo morfolóxico durante estes últimos anos.

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 2000



Fig. 187 **Deseño interpretativo da actual extensión espacial dos máis recentes asentamentos.** *Como xa vimos, a prolongación dalgunhas entidades residenciais produciu un forte achegamento ocupacional ente elas que practicamente unificaba tradicionais asentamentos con outros máis recentes.*



Fig. 188 **Vista actual dunha das referidas prolongacións urbanas entre O Real e a Canesa.** *A fotografía mostra a determinante influencia do novo tipo de construción en alturas predominante neste período. Os edificios existentes seguen unha liña paralela á principal vía de comunicación exterior, que atravesa a parroquia, para fomentar e promover unha boa localización residencial. Doutro lado, obsérvase a tradicional composición urbana do territorio, onde sobresaía a presenza de vivendas unifamiliares dispersas xunto con viñedo e terras de cultivo ó seu redor.*



Fig. 189 **Vista aérea da zona de O Rosal, ano 2004.** *Antes do comezo da nova urbanización de O Rosal, as construcións existentes eran unha consecución de vivendas que, tradicionalmente, emprazáronse neste lugar debido á existencia dun importante equipamento, (como era a fábrica de conserva) e que, co paso do tempo, foise consolidando como unha zona máis de ocupación residencial para os habitantes da parroquia.*

Destacable será a realización dos recheos do *Vaticano* e o Con, continuando coa estratexia de dispoñer da fronte litoral aberta en todo o treito urbano Meira – O Con. Pola súa parte, o Corredor do Morrazo xera unha maior ampliación das posibilidades urbanísticas de Moaña como espazo residencial próximo á cidade de Vigo. O mesmo que sucedeu na parroquia de Domaio –como indica o sociólogo Manuel P. Rúa- *"a partir da apertura da ponte de Rande aínda que a outra escala e con outras características",* onde este corredor *"insire a Moaña na dinámica residencial metropolitana como acontece con Nigrán, Baiona, etc"*[105].

Ata a década de 2000, o crecemento urbano de Moaña produciuse principalmente dende o oeste costeiro cara o interior da parroquia, en dirección Cangas, onde se procuraban espazos o máis próximos á costa posibles, debido as mellores posibilidades que presentaban. Por este motivo decídese urbanizar cara as zonas máis ó nordeste, correspondentes á *Xunqueira* (aínda de proceso de desenvolvemento) e o *Rosal*. Precisamente será este último o que analizaremos no seguinte apartado deste estudo.

A planificación de *O Rosal* marcou o modelo a imitar no que o futuro urbanístico máis inmediato do concello se refire, tendo como principais características a construción de volumes en altura, rúas anchas dotadas de servizos e zonas de estacionamento e beirarrúas amplas porticadas. Tamén se inclúen espazos verdes, con función de prazas-xardín, que lle dean servizo ós novos bloques residenciais, así como un paseo fluvial.

Pouco a pouco, este modelo urbanístico vaise consolidando na parroquia, toda vez que a súa estratexia está sendo constante nas recentes actuacións urbanas que se desenvolven ou planifican no municipio con vistas a un futuro próximo.

[105] RÚA, Manuel - Entrevista, 2010.



Fig. 190 **Estado da zona costeira de O Con, anos 90.** *Esta fotografía mostra a situación na que se atopaba o litoral de O Con antes do inicio das obras de ampliación, no que se realizou en base a conseguir a unión costeira pretendida para toda a zona marítima de Moaña.*



Fig. 191 **Obras de acondicionamento no recheo de O Con.** *Con estas intervencións urbanas inténtaselle conferir á parroquia unha continuidade costeira que permita a unificación completa do seu litoral dende unha punta (Meira) á outra de Moaña. Na actualidade, o paseo marítimo conseguiu esta prolongación, á falta dun tramo de 300 metros que se pretende liberar nun futuro próximo.*

8.6.4 A formación do planificado núcleo urbano de O Rosal

Como dixemos, a última e máis recente actuación urbanística na parroquia moañesa foi a posta en práctica da planificación urbana distribuída pola súa zona nordeste.

Este novo crecemento urbano, que sería o primeiro realizado con certo orde e planificación, nace como resposta ás grandes expectativas de ampliación urbana xeradas e demandas pola forte aglomeración dos núcleos tradicionais e esporádicos, tais como *O Real, O Carme,* a entidade costeira ou *A Canesa*.

A urbanización de *O Rosal* foi prevista como expansión e complemento do centro urbano litoral existente, conformada con características e criterios urbanísticos, residenciais e sociais que lle conferiran ó lugar un aire renovado e organizado. Tamén constrúense novos equipamentos, os cales converteranse en referentes para a poboación.

O que se intenta conseguir por parte da corporación municipal -segundo nos indica Manuel P. Rúa-, *"é a idea dunha nova Moaña, que acada un salto relevante coa urbanización e axardinamento da praia da Xunqueira e a desaparición do muro do antigo campo de fútbol, que permite visualizar aínda máis o mar, así como o uso social dunha ampla zona aberta e litoral próxima a este novo barrio que se vai consolidando"*[106].

Desta forma, a actual malla urbana estruturase cara o interior, respectando a liña de costa, a cal queda liberada da presión urbanística exercida pola aglomeración construtiva. Neste sentido, estase a intentar descargar o litoral moañés por medio do derribo de certas construcións asentadas en primeira liña costeira, que interrompen o desenvolvemento dun paseo marítimo continuo por todo este espazo.

[106] RÚA, Manuel - Entrevista, 2010.

a) Ano 2000: a intervención inicial

A primeira referencia realizada para o desenvolvemento urbano de O Rosal aparece nas *Normas Subsidiarias Municipais* de 1984. Xa naquel período, a corporación local previu a urbanización deste lugar, asentando as bases para a súa futura execución. O obxectivo principal era –como indica esta normativa- *"lograr un carácter unitario para la agrupación urbana existente y que se caracteriza por la agregación de entidades diferentes que conforman una estrutura en la actualidad de carácter marcadamente urbano"*[107].

Esta mesma teoría ven confirmada polo ex – alcalde moañés Xabier Abalo, mencionando que a disposición da administración municipal era a de *"negociar a incorporación da área do Rosal ao planeamento como plan parcial, concibido como área de desenvolvemento urbanístico e social do chamado Moaña-Vila, que ten a intención de cambiar o centro de Moaña a unha área que se pode desenvolver facilmente (un propietario maioritario, terreos con escasas construcións, lugar estratéxico e céntrico…) e que permite achegarse Moaña e o centro de Meira"*[108].

Ó contrario do que aconteceu co resto do territorio, no que o crecemento urbano expandiuse dende a costa cara o interior, este lugar comeza a súa conformación na parte máis ó norte para despois ir debuxando, en dirección ó mar, a súa morfoloxía urbana xa planificada. Xunto con esta estratexia edificante, constrúese a nova casa do Concello no ano 2003, ademais do parque existente na súa fronte. Este edificio era xa un vello obxectivo da corporación local, xa que o seu antigo emprazamento carecía de toda identidade administrativa, así como falta de espazo e difícil localización.

[107] Normas subsidiarias municipales del planeamiento. Documento refundido. *Consellería de ordenación del territorio, Comisión provincial de Urbanismo, Pontevedra*. 26369 NO121. (20-6-84). Tomo I, 1984, p. 16.
[108] ABALO, Xabier - Entrevista, 2010.



Fig. 192 **Plano da ordenación do solo urbano de Moaña coa delimitación da zona de O Rosal, 1996.** *Este plano, obtido do planeamento municipal de Moaña de 1996, mostra a zona de intervención en estudo, o cal sitúase, como veremos, entre as vías principais existentes, nun espazo libre e sen acondicionamento.*



Fig. 193 **Situación da morfoloxía urbana de O Rosal no ano 2000.** *O pequeno crecemento urbanístico que se produce na zona sueste desta parcela (indicada con trama vermella), indica como a planificación urbana de O Rosal xa era unha realidade, na cal non se permitía a construción de vivendas, esperando a cumprir co plano previsto.*



Fig. 194 **Inicio das obras de urbanización de O Rosal, inicios século XXI.** *Como se pode apreciar na imaxe, esta delimitación territorial contiña unhas características inmellorables para a construción.O seu suave relevo, a virxindade terreal, a localización céntrica na que se atopa…, son factores importantes no desenvolvemento urbanístico de calquera lugar, e que transforman, como neste caso, un lugar de tradición agrícola e natural nun espazo urbano-residencial de forte atracción social.*



Fig. 195 **Obras da urbanización de O Rosal, inicios século XXI.** *Esta imaxe, posterior á anterior, reflicte o proceso de transformación deste lugar, onde a rápido avance construtivo leva, en só catro anos, a un grande desenvolvemento urbano. Un desenvolvemento que se ten previsto rematar no ano 2010.*

b) Ano 2006: un esbozo da configuración construtiva

Os primeiros anos desta década foron o verdadeiro despunte da edificación colectiva en altura nesta zona. Xa no 2004, o número de edificios respecto ó ano 2000 era moi superior. Un ano antes, conseguiuse construír a desexada nova casa do Concello, precisamente na parte máis próxima á costa da parcela. A súa humanización seguiuse co ensanchamento das beirarrúas e o reordenamento do tráfico e do aparcamento.

No ano 2006, grandes e longos bloques de edificios foron asentados ó pé da principal vía de comunicación, correspondente á rúa de *As Barxas*, e á posterior liña creada, perpendicular á costa e paralela á citada vía, as cales debuxaron a matriz da nova estrutura viaria planificada que se estaba a formar (véxase fig. 194). Desta maneira, xurdirían outras internas de menor xerarquía que se confirmarán dous anos despois coa consolidación do definitivo sistema viario. Estas entidades construtivas foron feitas en base ás normas subsidiarias municipais de 1996, das que destacan:

- *"Tipo de edificación: Bloque abierto y vivienda unifamiliar en sus diferentes variantes.*
- *Altura de la edificación: No sobrepasará las tres plantas (…) pudiendo excepcionalmente alcanzar las cuatro plantas.*
- *La tipología de ordenación será libre, si bien tendrá que tener en cuenta las características del suelo urbano contiguo, procurando resolver la zona de contacto con propuestas que armonicen con las características de la ordenación del suelo urbano (…)"*[109].

[109] Revisión y adaptación de las Normas subsidiarias de planeamiento municipal de Moaña, Pontevedra. Documento refundido. *Secretaria do Concello de Moaña*. 0824 NO104. Normas urbanísticas. Contenido. (5-2-96), p. 186-187.

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 2000



Fig. 196 **Situación da morfoloxía urbana de *O Rosal* no ano 2006.** *Neste ano, o número de edificios en altura xa reflectía a disposición da administración local en seguir o plano parcial aprobado para este lugar. Tal vez esta estratexia seguida non fora totalmente fiel ó ditado pola normativa vixente, pero si se observa unha certa orde e transparencia na urbanización pretendida.*



Fig. 197 **Deseño interpretativo do estado morfolóxico urbano de *O Rosal*, ano 2006.** *Este deseño conceptual mostra claramente a importancia das dúas liñas de comunicación perpendiculares á costa, as cales actúan como guías para as edificacións que son construidas á súa beira. Máis tarde, a estrutura viaria irá expandíndose, conformando vías internas que conectan uns puntos con outros da urbanización.*



Fig. 198 **Imaxe das obras e construción dos edificios de O Rosal.** *Na imaxe obsérvase como as edificacións, inicialmente, situáronse ó pé das vías existentes para, despois, ir conformando un novo sistema viario. Hai que ter en conta que esta estrutura viaria estivo planificada para ser tamén punto de conexión e circunvalación coa parroquia de Meira.*



Fig. 199 **Imaxe actual da nova casa do Concello de Moaña.** *O novo edificio administrativo local foi unha das primeiras intervencións realizadas na zona de O Rosal. O seu lugar céntrico e as grandes expectativas espaciais fixeron deste posto un importante avance para a comunicación coa poboación e tamén para a súa propia imaxe.*

c) Ano 2008: a confirmación dunha nova estrutura viaria

Pouco a pouco, o crecemento urbano íase facendo patente, deixando entrever a configuración dun emerxente trazado viario que se consolidaría nestes últimos anos de 2000. Desta maneira, pequenos camiños rurais ou estradas secundarias gañaron protagonismo como elementos comunicativos da trama urbana que se estaba a crear.

Esta estrutura tamén axudou a interligar puntos importantes da zona, como os dous institutos, os colexios de Seara e Reibón ou os actuais equipamentos construídos. Paralelamente a este sistema viario, modelouse un debuxo construtivo inserido dentro deste trazado e que axudou ó seu completo afianzamento.

En apoio, apareceron locais e edificios comerciais e públicos, tales como un *spa*, comercios, cafeterías, piscina municipal ou parques, que conformación unha urbanización exenta dos criterios especulativos e intereses particulares, propios das intervencións urbanas anteriores. O que se intentou foi transformar e humanizar esta zona moañesa para o benestar e a mellora na calidade de vida das persoas que residen, ou van residir, nela.

Tamén se eliminaron antigos edificios abandonados que xa non exercían as súas funcións de antano, entre os que destacan o anterior Cuartel da Garda Civil ou certos estaleiros da fronte marítima. Estes últimos, destruídos co fin de que a primeira liña costeira fique liberada para a prolongación do paseo marítimo que, na actualidade, estase a finalizar.

Importante para a futura continuación urbana deste lugar foi a rexeneración do areal de A Xunqueira, onde se eliminaron as instalacións deportivas existentes para recuperar parte da configuración de dunas aterrada na década de 1970. Esta zona, limítrofe entre a parroquia moañesa e a de Meira, vai ser a próxima en seguir esta estratexia que buscará a formación dunha soa trama urbana unificada e ben organizada.

Moaña: sesenta anos de transformación morfolóxica – de mediados da década de 1960 a finais da década de 2000 – Década de 2000



Fig. 200 **Situación da morfoloxía urbana de O Rosal no ano 2008.** *Nesta imaxe apréciase claramente a relación entre o edificio e a vía de comunicación, onde os primeiros sitúanse ó pé destas para realizar un pequeno esbozo da nova estrutura urbana que se estaba a crear.*



Fig. 201 **Deseño interpretativo do novo sistema viario, ano 2008.** *Esta configuración comunicativa quedou supeditada pola trama viaria xa existente, que condicionou o seu deseño utilizando como base as tradicionais liñas de conexión territorial. Así, camiños rurais ou estradas secundarias gañaron protagonismo ata converterse en importantes puntos de circulación urbana.*



Fig. 202 **Planta interpretativa da edificación existente no ano 2008.** *Como se mostra no deseño, a estratexia de urbanización seguida foi a de abandonar totalmente a idea da aglomeración construtiva, para dar paso a unha distribución máis desafogada que permita a mellora da calidade espacial entre os seus residentes. Así, as construcións son implantadas ó pé das principais vías de comunicación para, interiormente, configurar unha zona verde de lecer, descanso ou xogos para a poboación alí asentada.*



Fig. 203 **Fotografía da obras de urbanización en O Rosal, década de 2000.** *Esta intervención tivo un exponencial crecemento urbano nun curto período de tempo, ata que a partir da crise económica, iniciada no 2008, relentizouse dunha forma considerable. Aínda así, parece que os prazos estanse a cumprir, polo que a súa finalización está máis próxima.*



Fig. 204 **Imaxe recente dunha das rúas da urbanización de O Rosal.** *As edificacións en altura, con baixos comerciais, e o ensanchamento das rúas son dúas das principais características desta nova zona urbana. As beirarrúas aparecen anchas e porticadas, mentres que as estradas son ampliadas para liberalizar o espazo existente entre as frontes dos bloques colectivos.*

d) Ano 2010: o remate de O Rosal e o comezo en A Xunqueira

Como xa foi citado, o remate de O Rosal estase a producir neste ano 2010, coa finalización dos últimos bloques de edificios que están en construción e que completan as mazás planificadas. Mencionar, tamén, a intención da corporación local de darlle continuidade cara ó leste a esta urbanización, onde o concello ten terreos para crear novos equipamentos e servizos, como o Centro de Saúde – Ambulatorio ou o Auditorio Municipal.

Xunto a isto, iníciase o planeamento da urbanización de A Xunqueira, que está catalogada como a reserva de vivenda máis importante planificada no PXOM, e que está en tramitación (tal como o está o propio Plan Xeral de Moaña). A administración local estima que dentro duns 15 anos esta actuación urbana quedará conformada para unificar ámbalas dúas entidades urbanas.

Nestes últimos anos, Moaña estase a converter nunha parroquia de forte atracción popular, xa que a súa proximidade ós núcleos residenciais e urbanos máis importantes da provincia, como a cidade de Vigo ou a de Pontevedra, fan deste lugar un desexado punto de asentamento poboacional, que conta con numerosas dotacións e servizos sociais. Esta situación, axudada polo crecemento racional e ordenado da edificación e da estrutura viaria, completan os atractivos urbanísticos de Moaña.

O futuro máis inmediato da freguesía moañesa está practicamente decidido e planificado, elementos que se están levando á práctica con determinación. A dúbida que agora se fai visible é de cómo seguirá crecendo o seu territorio unha vez que os seus principais puntos residenciais estean ocupados. Cidades como Vigo estanse a expandir, introducindo no seu ámbito de influencia núcleos ou poboacións de menor xerarquía. Tal vez este sexa o futuro de Moaña. Polo menos, isto é o que se comeza a sentir.



Fig. 205 **Imaxe actual do moderno edificio da piscina municipal.** *Xunto cos bloque colectivos residenciais, aparecen algunhas construcións máis modernas e atractivas representadas nos edificios públicos. Neste caso, observamos o complexo municipal no que se introduciron a piscina e o ximnasio municipal, elementos con moita confluencia social.*



Fig. 206 **Imaxe da zona máis alta da urbanización de O Rosal.** *O edificio do Spa que se mostra na fotografía, foi un dos máis importantes deste lugar, xa que conta con amplo complexo formado por un ximnasio, hotel, restaurante… . Isto axudou ó crecemento turístico da parroquia, onde moitas persoas dos arredores desprázanse ata Moaña para poder gozar das súas instalacións.*

Notas conclusivas

Ó longo da elaboración desta investigación sobre a transformación morfolóxica da parroquia de Moaña no espazo e no tempo, saíron á luz certos aspectos a diferentes niveis, acontecidos en diversos períodos da historia da freguesía, que marcaron un punto de inflexión na súa mutación urbana no transcurso dos anos.

Para comprender en esencia o estudo, faise necesario recalcar a importante e complexa labor desempeñada na constitución da cartografía base, xa que moita dela aquí presentada foi realizada polo propio autor unicamente a partir de imaxes aéreas do lugar. Isto debeuse á falta de datos e deseños cartográficos anteriores á década de 1980, dos que non se tiña constancia algunha nin na Deputación Provincial, nin no Concello Municipal, nin no SITGA en Santiago.

Esta cartografía particular, xunto co relato testemuñal das persoas máis vellas do lugar, axudou a definir unha situación urbana na freguesía que ata este momento practicamente era descoñecida. Antigos equipamentos, zonas de praia desaparecidas, campos de labrado sen edificar, puntos de encontro… , todo era contado con grande entusiasmo por parte dos anciáns.

Outro dos factores a destacar foron as fontes utilizadas na recolla de información. Debido á escasa información oficial existente con referencia á parroquia de Moaña, o reto para conseguir desenvolver este traballo foi aínda maior. Vai ser por este motivo que xurde esa necesidade de *interpretar* os datos dos que se dispoñen para, despois, volver a *reinterpretar* eses datos dunha maneira máis global, abstracta e, á súa vez, clara e lexible.

Esta reinterpretación, caracterizada a partir de cruzamentos e superposicións gráficas, vai ser o elemento condutor que nos guíe no traxecto histórico-evolutivo da morfoloxía urbana de Moaña. Así, poderanse representar e xustificar aspectos concretos ocorridos en épocas

específicas os cales levarán a un coñecemento continuado das principais transformacións urbanas do local.

Desta maneira, dividiuse o estudo en dúas partes: *Moaña até a segunda metade do século XX* e *Moaña na segunda metade do século XX*. O motivo desta separación ven definido polo gran cambio que se produce na parroquia precisamente a partir da década de 1950, onde se pasa dunha sociedade secular auto-suficiente sustentada a partir de actividades primarias como a agricultura, a gandería e a pesca, a outra con novas necesidades que xorden a raíz de importantes cambios a nivel, sobre todo, social e económico: *boom* demográfico e económico, novos asentamentos industriais, grandes movemento migratorios, recentes tecnoloxías, etc.

Neste contexto, créase unha primeira parte onde se definen, de forma xeral, aqueles aspectos máis importantes á hora de analizar e comprender unha sociedade basicamente rural e mariñeira. Pero non só vista dende un enfoque poboacional, senón tamén dende aqueles criterios que directa ou indirectamente vense influenciados por ela, como son a tipoloxía habitacional, os tipos de asentamento, a súa localización, os materiais, etc.

Polo que se puido constatar nesta fase inicial, Moaña, un municipio cunha orientación solar privilexiada, está formado por grandes declives e accidentes xeográficos que, xunto cun microclima propio existente na comarca á que pertence (O Morrazo), fan deste un lugar con certas características e particularidades que condicionaran de forma determinante tanto á súa morfoloxía como tipoloxía.

A súa poboación desenvolvese e sobrevive a través de actividades primarias, tales como a pesca, a agricultura e a gandería. Dentro dunha vida baseada no auto-consumo, esta sociedade sofre, a finais do século XIX, un proceso de dislocación dende a montaña cara o mar buscando unhas mellores condicións de vida. Isto prodúcese grazas a un exponencial desenvolvemento no sector pesqueiro que desemboca na

aparición duns tipos de asentamento diferentes ós rurais xa configurados séculos atrás.

Así, pódese constatar, por un lado, a presenza dunha implantación rural máis dispersa fundamentada na explotación agrícola e pecuaria, e composta por numerosas dependencias destinadas tanto ás labores de campo (cortes, bodega, almacén…) como ás de habitabilidade (dormitorios, cociña…).

Polo outro, unha distribución entre medianeiras máis compacta e situada ó pé da costa que caracteriza ó asentamento mariñeiro. Estas son casas máis pequenas, xa que unicamente son destinadas á súa función habitacional, coa excepción, en ocasións, dun espazo utilizado como almacén para os utensilios e ferramentas pesqueiras.

Sen embargo, tamén se observan outras formas de ocupación que responden a patróns particulares do territorio, como poden ser a súa topografía, o seu clima, a súa localización, etc. Exemplo disto é o *rueiro*, asentamento no que as construcións se sitúan á beira dunha vía de comunicación perpendicular á liña costeira. Pero máis claramente se observa en determinadas zonas onde a conexión entre o rural e o mariñeiro forman no lugar un debuxo espacial que escapa dos modelos citados.

Esta relación entre pesca e agricultura é propiciada pola dupla actividade que a sociedade moañesa pasa a desempeñar, polo que as súas vivendas convértense en resultado das propias necesidades desa nova poboación. Así, podemos apreciar casas mariñeiras con terras de labrado á volta ou con algunhas cortes, e viceversa. Ó suceso desta situación tamén contribuíu o gran número de persoas existentes nunha familia, ode, na maioría dos casos, as mulleres dedicábanse ó campo e a casa, mentres que os homes ían traballar ó mar. Desta forma, había máis ingresos e recursos na casa.

A segunda parte desta investigación comeza coa chegada dos chamados *"novos tempos"*. Un período marcado por grandes cambios que obrigaran á sociedade a responder a unha serie de emerxentes necesidades que, pouco a pouco, foron definindo novas formas de habitar e, polo tanto, novos tipos de ocupación territorial.

Este proceso, iniciado a principios da década de 1960, produciuse a escala nacional polo que se considerou importante facer unha breve abordaxe contextual de cada período en estudo para, desta maneira, ambientar ó lector dentro da atmosfera na que se desenvolven estas transformacións.

Será neste apartado no que se analice, de forma gráfica e acompañado por textos e imaxes, o proceso evolutivo da parroquia. Destacaranse algúns dos cambios máis salientables en cada década para así poder terse en conta para o futuro urbano de Moaña:

- *A masificación construtiva en O Real.*- Tal vez esta sexa a actuación urbana máis polémica de todo o territorio moañés. Realizada no final do período franquista, esta densa entidade de edificios en altura condicionou enormemente ás persoas que alí se instalaron.

  Esta parcela destinada nun inicio á construción de vivendas unifamiliares, converteuse, en pouco menos de dez anos, nunha verdadeira aglomeración edificada onde a especulación, os intereses de particulares, a falta de calquera tipo de urbanización e a inexistencia de criterio arquitectónico na conformación dos bloques fixeron da zona un lugar con enormes carencias de habitabilidade social.

- *A canalización do río de O Puntillón.*- Esta decisión levada a cabo pola administración local tamén foi obxecto de numerosas críticas por parte da opinión pública. Lugar de encontro secular para unha parte importante da poboación moañesa polo

lavadoiro alí asentado e pola fermosa estampa natural existente nos seus arredores, o insalubre estado no que se atopaba esta liña de auga nos anos oitenta, provocou a determinación de tapala.

Na actualidade, sobre este río estase a erguer a urbanización de O Rosal e moitas das dependencias destinadas a garaxes e almacéns están ó nivel do mesmo. Isto pode aumentar o risco de inundacións nestes espazos xa que, como ocorre con frecuencia en moitos ríos da rexión, a subida do seu caudal como consecuencia das fortes chuvias acontecidas nesta zona sería a forma perfecta de que así sucedera. Por tanto, alertase desta situación ante a posibilidade de que se poida volver a repetir noutro sitio nun futuro.

- *As ampliacións do litoral ou recheos*.- Esta práctica de extensión territorial, iniciada no inicio do século XX co recheo para a Praza de Abastos, naceu como solución perante a inexistencia dunha zona de esparcimento social na que os habitantes da parroquia puideran realizar actividades de ocio como pasear, relacionarse, descansar, xogar… .

  Unha vez máis, a polémica estivo presente xa que se sacrificou unha praia natural de tempos pasados para ser cuberta por terra, pedra e escombro. Xa realizadas as primeiras ampliacións, chegarían outras que completarían diferentes etapas para constituír o deseño costeiro actual. Constátase, por tanto, que para a formación destes espazos litorais faise imprescindible estudar e analizar os *pros* e os *contras* deste tipo de intervención.

- *A transformación da fronte marítima*.- Como se comproba ó longo desta investigación, a década de 1990 foi un período de

poucos cambios. O máis salientable quizais sexa o novo rostro das edificacións en primeira liña de costa.

As tradicionais casas mariñeiras de dúas e tres alturas son mudadas por grandes bloques de vivenda colectiva que son concibidos de forma illada e individual formando, así, unha imaxe e un contorno totalmente desvirtuado e falto de coherencia, onde se mesturan casas populares con edificios que buscan a modernidade do momento.Confírmase, desta maneira, unha falta total de planificación urbana dentro dun ámbito global e de conxunto, no cal a relación edificio-entorno brilla pola súa ausencia.

- *A planificación urbanística do núcleo de O Rosal*.- Será na década de 2000 cando se comece a consolidar o plano de ordenación da zona de O Rosal. Este sería a primeira realidade urbana que seguiría uns criterios de organización e distribución territorial na parroquia moañesa. A diferenza existente entre esta e a urbanización de O Real é evidentemente considerable. Fórmanse novas e amplas rúas de circulación, aparecen numerosos equipamentos e zonas verdes, que axudarán de maneira determinante na vitalidade que se respira nese espazo. Poderíase entrar no referente ós edificios construídos, que parecen non responder ás necesidades e expectativas que esta parcela require. Aínda así, e diante dos procesos de transformación ocorridos na freguesía anteriormente, este semella ser un camiño máis coherente que ó dos seus predecesores. Para futuras actuacións, deberíanse ter en conta aspectos que procuren a unificación e congruencia dunha delimitación que, pouco a pouco, vaise esquecendo do seu pasado para afrontar o futuro.

Dito isto e para rematar, confirmar e consolidar a importancia de analizar e interpretar calquera intervención urbana, xa que este proceso, como se observou no transcurso deste estudo, pode levar a conclusións definitorias que axuden a deseñar un espazo coñecendo as súas potencialidades e fraquezas. Polo tanto, comprender a continua transformación dun territorio no espazo e no tempo supoñerá un gran avance para poder interpretar a forma máis adecuada e correcta de evolucionar cara o futuro.

10. Bibliografía xeral

ASCHER, François - *Los nuevos principios del Urbanismo: Prólogo de Jordi Borja*. Madrid: Alianza Editorial, 2004.

BENEVOLO, Leonardo - *A cidade e o arquiteto*. Brasil: Editora Perspectiva S.A., Brasil, 2001.

BOUZADA, F. Xan; PÉREZ, R. Manuel - *Escola, cultura e vida comunitaria nun concello galego: Moaña*. Pontevedra: Edita Concello de Moaña ó coidado de Obradoiro gráfico A Nosa Terra, 1988.

CARMONA, Xoán; NADAL, Jordi - *El empeño industrial de Galicia, 250 años de historia, 1750-2000*. Madrid: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2005.

CASTRO, M. Antonio; Otero, V. Andrés - *El urbanismo en las Rías Baixas de Galicia. Sanxenxo como paradigmático ejemplo, entre el feísmo y la impunidad*. Salamanca: XXII Congreso de Jueces para la Democracia, 2007.

CASTRO, Xavier - *Historia da vida cotiá en Galicia, séculos XIX e XX*. Vigo: Edicións Nigratrea S.L., 2007.

DE LLANO, Pedro - *Arquitectura popular en Galicia, razón y construcción.* A Coruña: Edicións Xerais de Galicia S.A., 2006.

ELFANTE, Charles - *A Grande História da Cidade, da Mesopotâmia aos Estados Unidos*. Lisboa: Instituto Piaget, Armand Colin/Masson, 1997.

GARCÍA, Fernando (coord.) - *A parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro.* Santiago: de autores, Xunta de Galicia, 2009.

GARCÍA, Manuel - *Auxe, declive e rexurdimento da freguesía de San Martiño de Moaña*. Moaña, (s/ data).

GARCÍA, Manuel - *Moaña, no camiño do mar*. Moaña: Departamento de Cultura do Concello de Moaña, 2006.

GARCÍA, Manuel - *Primeiro documento coñecido que cita a Sancti Martini de Moania*. Moaña, (s/ data).

LEI de 12 de Mayo de 1956 sobre régimen del suelo y ordenación urbana. *Jefatura del Estado*. B.O.E. - Núm. 135.

LEI 19/1975, de 2 de mayo, de reforma de la Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana. B.O.E. - Núm. 107.

LEI de 22 de agosto de 1985, de adaptación de la del suelo a Galicia. *Comunidades Autónomas, Galicia.* B.O.E. - núm. 257.

LEI 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*. Titulo preliminar.- Principios xerais.

LEI 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*. Normativa urbanística autonómica de carácter general. Nº 252.

LYNCH, Kevin - *La imagen de la ciudad*. Barcelona: Editorial Gustavo Gili S.L., 2010.

MARTÍNEZ C., Carlos; DE LAS RIVAS, Juan L. - Arquitectura urbana, elementos de teoría y diseño. Pamplona: Ediciones Univ. de Navarra, 1985.

MENDES, M. Clara - *O planeamento urbano na Comunidade Europeia, evoluçao e tendencias*. Lisboa: Publicaçoes Dom Quixote L. da, 1990.

MÉNDEZ, F. Manuel - Enciclopedia viva de los pueblos de la provincia. Vigo: Faro de Vigo, 6 de Maio de 1985.

Normas de Ordenación complementarias y subsidiarias de planeamiento para los municipios de la provincia de Pontevedra. Ministerio de la Vivienda: Diputación Provincial de Pontevedra, 1973.

Normas Subsidiarias Municipales del Planeamiento. Documento refundido de 1984. Concello de Moaña. Oficina de planeamiento. A Coruña.

Orde do 6 de maio de 2008 sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Moaña, (PXOM). A.D.- ORDE. Pontevedra.

PAZ, Xabier (coord.); VÁZQUEZ, C. Alba (fotografía) - *Feísmo? destruir un país.* Ourense: Difusora de letras, artes e ideas S.L., 2006.

PÉREZ, R. Manuel - *Moaña*. Vigo: IR INDO Edicións S.A., 1991.

PINO, V. Daniel; RIVAS, B. Xavier; SÁNCHEZ, G. Enrique; PÉREZ, R. Manuel - *Apuntamentos sobre a problemática da ordenación do territorio en Galiza.* A Coruña: IGEA, Instituto Galego de Estudos Europeos e Autonómicos, 2010.

Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, (POL). Santiago: *Xunta de Galicia*, 2010.

Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana. *Ministerio de la Vivienda.* B.O.E. - Núm. 144.

Revisión y adaptación de las Normas Subsidiarias de Planeamiento Municipal de Moaña. Pontevedra. documento refundido de 1996. Concello de Moaña. Oficina de Planeamiento. A Coruña.

ROSSI, Aldo - La arquitectura de la ciudad. Milán: Editorial Gustavo Gili s.l., 1982.

VILLABOY, Nardo (fotografía) - *Morrazo: miradas aéreas*. Galicia: Faro de Vigo, de la edición S.A., 2004.

11. Bibliografía específica

[59, 60, 61, 62] ALSINA, Fernando - *A parroquia de Galicia: Pasado, presente e futuro*. Galicia: Xunta de Galicia, 2009.

[71,72, 74] MASEDA, Rafael - *Ibid.*

[58, 75, 76, 77] TORRES, Mª Pilar; GONZÁLEZ, Rubén - *Ibid.*

[1, 8] ASCHER, François - *Los nuevos principios del Urbanismo: Prólogo de Jordi Borja*. Madrid: Alianza Editorial, 2004.

[81] BENEYTO, José - *Una década prodigiosa: los años sesenta entre reformas y rupturas.* Valencia: Discurso de investidura como Doctor Honoris Causa pola Universidade de Valencia, (s/data).

[78, 82, 86, 87] CARMONA, Xoán; NADAL, Jordi - *El empeño industrial de Galicia, 250 años de historia, 1750-2000*. Madrid: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2005.

[25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 43, 46, 49, 50, 51, 51, 53, 54, 55, 56, 57, 80] DE LLANO, Pedro - *Arquitectura Popular en Galicia*. A Coruña: Edicións Xerais de Galicia S.A., 2006.

[45, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 74] FERNÁNDEZ, X. Ramón. (s/ data), *"Tesis doctoral",* p. 518, in DE LLANO, Pedro - (op. cit.) *Arquitectura Popular en Galicia*. A Coruña: Edicións Xerais S.A., 2006.

[47, 48] LISÓN, Carmelo. (1971), *"Antropología cultural de Galicia",* p. 377, in *Ibid.*

[42] LORENZO, Xaquín. (1972), *"Historia de Galicia",* p. 52, in *Ibid*., p. 51.

[44] MANIER, Guillermo. (1962), *"Viajes de extranjeros por España y Portugal",* in *Ibid.*, p. 54.

[40, 41] MASIÁ, Ana. (1976), *"El hábitat castreño",* p. 52, in *Ibid*.

[36] RAPOPORT, Amós. (1972), *"Vivienda y Cultura",* p. 111, in *Ibid.,* p. 43.

[105, 106] Entrevista ó sociólogo moañés Manuel P. Rúa, 2010.

[101, 108] Entrevista a Xabier Abalo Costa, alcalde da parroquia moañesa entre 1983-1987 e 1995-1999 co partido do BNG, e actual responsable na Oficina Municipal Nacional do BNG e responsable técnico da Política Municipal do BNG, 2010.

[92, 93] FERNÁNDEZ, Xan; RÚA, Manuel - *Escola, cultura e vida comunitaria nun concello galego: Moaña.* Pontevedra: Concello de Moaña ó coidado de Obradoiro gráfico A Nosa Terra, 1988.

[14, 84] GARCÍA, B. Manuel - *Auxe, declive e rexurdimento da freguesía de San Martiño de Moaña*. Moaña, s/ data.

[15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 35, 37, 38, 39] GARCÍA, B. Manuel - *Moaña, no Camiño do Mar.* Moaña: Departamento de Cultura, Concello de Moaña, 2006.

[12, 13] GARCÍA, B. Manuel - *Primeiro documento coñecido que cita a Sancti Martini de Moania*. Moaña, s/ data.

[89] GARCÍA, J. Manuel - *Normas subsidiarias de planeamiento provincial de Almería. La muerte de una figura esencial*. Almería: Nimbus, nº 15-16, ISSN 1139-7136, 2005, p. 137-160.

[88] LEI do Solo de 1956 de 14 de maio. Normas de ordenación complementarias e subsdiarias do planeamento. *Xefatura do Estado*: Título I do capítulo IV. Art. 57 e 58. B.O.E. – Núm. 135.

[100] LEI 19/1975, de 2 de mayo, *de reforma de la ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana*, BOE nº 107 de 5 de mayo de 1975; y *Real decreto 1346/1976, de 9 de abril,* por el que se aprueba el texto refundido de la *Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana*. Ministerio de la Vivienda. BOE nº 144, de 16 de junio.

[102] LEI 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*. Titulo preliminar.- Principios xerais.

[2, 3, 4, 9] MARTÍNEZ, C. Carlos; DE LAS RIVAS, J. Luis - *Arquitectura urbana, elementos de teoría y diseño.* Departamento de Urbanismo E.T.S. de Arquitectura. Pamplona (España): Ediciones Universidad de Navarra, 1985.

[97] MARTÍNEZ, Gonzalo - Memoria visual do Morrazo. Vigo: Artigo do Faro de Vigo na edición de O Morrazo, venres, 30 de marzo de 2001.

[10] MÉNDEZ, F. Manuel - *Enciclopedia viva de los pueblos de la provincia.* Faro de Vigo. 1985, p. 5.

[99] *Normas de ordenación complementarias y subsidiarias de planeamiento para los municipios de la provincia de Pontevedra.* Aprobadas por resolución del Excmo. Sr. Ministro de la Vivienda de fecha 19 de diciembre de 1973; Excma. Diputación Provincial de Pontevedra; BOP nº 17 y 18, de fechas 21 y 22 de enero de 1974.

[107] *Normas Subsidiarias Municipales del Planeamiento*. Documento refundido de 1984. Concello de Moaña. Oficina de planeamiento. A Coruña.

[90] Preámbulo, *Real Decreto 2159/1978, de 23 de junio*, por el que se aprueba el reglamento de planeamiento para el desarrollo y aplicación de la *ley sobre régimen del suelo y ordenación urbana*. B.O.E. de 15 de septiembre de 1978.

[11] PXOM preliminar do Concello de Moaña, 2001.

[109] *Revisión y adaptación de las Normas Subsidiarias de Planeamiento Municipal de Moaña.* Pontevedra. documento refundido de 1996. Concello de Moaña. Oficina de Planeamiento. A Coruña.

[5, 6, 7] ROSSI, Aldo - La arquitectura de la ciudad. Milán: Editorial Gustavo Gili s.l., (para la edición castellana, Barcelona), 1982.

[94, 95, 98, 103, 104] VICENTE, Daniel; BARROS, Xabier; GOYANES, Enrique; RÚA, Manuel - *Apuntamentos sobre a problemática da ordenación do territorio en Galiza.* A Coruña: Instituto Galego de Estudos Europeos e Autonómicos (IGEA), 2010.

[73, 79, 83, 91, 96] RÚA, Manuel - *Moaña*. Vigo: IR INDO Edicións, 1991.

[85] Xabier Abalo foi un político moañés que chegou á alcaldía no 1979 representando o BNG. Entre 1976 e 1979 estivo como presidente da Asociación Veciñal de Moaña, denunciando a situación de especulación e ilegalidade que se vivía no municipio naqueles tempos.

12. Índice de imaxes

Fig. 1 **Situación xeográfica do Concello de Moaña,** www.googlemaps.org, 2010, p. 28.

Fig. 2 **Mapa descritivo do Concello de Moaña,** Faro de Vigo, 6 de Maio de 1985, p. 30.

Fig. 3 **Imaxe do relevo existente en Moaña,** Estudio socio-económico, Concello de Moaña, 2010, p. 32.

Fig. 4 **Típica paisaxe agrícola do municipio,** Sonia Iglesias, 2010, p. 32.

Fig. 5 **Datos demográficos xerais,** Instituto Galego de Estatística (IGE), 2010, p. 35.

Fig. 6 **Datos da evolución poboacional entre 1842-2001,** Instituto Nacional de Estatística (INE), 2010, p. 36.

Fig. 7 **Datos da evolución poboacional entre 2001-2009,** Instituto Galego de Estatística (IGE), 2010, p. 36.

Fig. 8 **Datos demográficos distribuídos por parroquias,** Instituto Galego de Estatística (IGE), 2010, p. 37.

Fig. 9 **Primeiro documento que fai referencia á Moaña, máis concretamente á parroquia e igrexa de San Martiño,** Historiador local D. Manuel Uxío García Barreiro, 2010, p. 41.

Fig. 10 **Fotografía da Procesión do Carme,** Asociación Nós. Pacheco, 1926, p. 44.

Fig. 11 **Imaxe dos tripulantes do "Ave del Mar" antes de saír a faenar,** Pepe "O Caramuxo", década de 1950, p. 46.

Fig. 12 **Datos económicos xerais,** Instituto Galego de Estatística (IGE), p. 49.

Fig. 13 **Praia de Moaña,** Pachego, 1914, p. 51.

Fig. 14 **Praia da Xunqueira de Moaña, en La Seara,** Asociación Nós, 1950, p. 51.

Fig. 15 **Mariñeiros co seu "quiñón",** D. Pepe "O Caramuxo", inicios s. xx, p. 54.

Fig. 16 **Mariñeiros recollendo as redes de pesca,** Pacheco, 1927, p. 55.

Fig. 17 **Barco tipo de pesca de "ardora" durante a faena diaria,** Pepe "O Caramuxo", mediados s. xx, p. 57.

Fig. 18 **Postes para tender as redes na Praia da Xunqueira,** Asociación Nós, mediados s. xx, p. 58.

Fig. 19 **Traballadoras da fábrica de conservas "La Guía",** Pepe "O Caramuxo", década de 1960, p. 61.

Fig. 20 **Mulleres cordeeiras de Meira,** Pepe "O Caramuxo", década de 1960, p. 63.

Fig. 21 **Canteiras da Borna e da Moa,** Asociación Nós, Gil, mediados do s. xx, p. 63.

Fig. 22 **Mapa de reparto dos tipos de poboación en Galicia (segundo Niemeier),** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 66.

Fig. 23 **Planta de aldea pechada,** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 70.

Fig. 24 **Planta de rueiro.** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 71.

Fig. 25 **Ortofotomapa das freguesías de Moaña, Tirán e Meira,** Arquivo Cartográfico da Deputación Provincial de Pontevedra, 2000, p. 75.

Fig. 26 **Deseño representativo da ocupación territorial nas parroquias de Moaña (San Martiño e O Carme) e Meira,** Deseño de autor, 2010, p. 76.

Fig. 27 **Imaxe aérea do camiño da Canesa, Moaña,** Asociación Nós, 2010, p. 77.

Fig. 28 **Fotografía das escadas existentes no camiño da Canesa,** Pepe "O Caramuxo", inicios s. xx, p. 77.

Fig. 29 **Planta cartográfica da distribución ocupacional de vivendas na parroquia de Domaio,** Deseño de autor, 2010, p. 79.

Fig. 30 **Deseño interpretativo da relación construtiva-agrícola na parroquia de Domaio,** Deseño de autor, 2010, p. 80.

Fig. 31 **Deseño que ilustra a forte implicación da topografía e das masas forestais na ocupación territorial da poboación,** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 82.

Fig. 32 **Planta do castro de Coaña,** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 85.

Fig. 33 **Restos arqueolóxicos no castro de Vilalonga,** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 86.

Fig. 34 **Casa térrea campesiña típica na Idade Media,** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 88.

Fig. 35 **Planta e sección da casa térrea,** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 88.

Fig. 36 **Casa campesiña de dous pisos no Concello de Moaña,** Sonia Iglesias, 2010, p. 90.

Fig. 37 **Casa de dous pisos con patín.** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 91.

Fig. 38 **Imaxe dunha lareira,** Arquitectura Popular en Galicia, Ksado, 2006, p. 93.

Fig. 39 **Casa térrea con sobrado (planta e sección),** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 94.

Fig. 40 **Casa-vivenda de dous pisos con corredor (planta e alzado),** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 94.

Fig. 41 **Imaxe dunha cociña,** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 97.

Fig. 42 **Tipoloxías de casa térrea,** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 103.

Fig. 43 C**asa térrea,** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 104.

Fig. 44 **Casa do pincho,** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 105.

Fig. 45 **Tipoloxías en planta de casas con patín,** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 107.

Fig. 46 **Deseños casa con patín,** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 108.

Fig. 47 **Casa con patín en Cangas,** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 109.

Fig. 48 **Tipoloxías de casas entre medianeiras,** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 111.

Fig. 49 **Casa entre medianeiras,** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 112.

Fig. 50 **Casa de dous pisos con corredor (plantas e alzado),** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 114.

Fig. 51 **Casa de dous pisos con corredor,** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 115.

Fig. 52 **Casa con soportais,** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 117.

Fig. 53 **Soportais nun lugar mariñeiro,** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 117.

Fig. 54 **Vivendas con soportais en Combarro,** Arquitectura Popular en Galicia, Pedro de Llano, 2006, p. 118.

Fig. 55 **Casa típica da arquitectura popular moañesa en estado de abandono,** Foto de autor, 2010, p. 121.

Fig. 56 **Intervención sufrida por unha casa do pincho en Moaña,** foto de autor, 2010, p. 122.

Fig. 57 **Casa campesiña en Moaña,** Sonia Iglesias, 2010, p. 125.

Fig. 58 **Planta baixa,** Deseño de autor, 2010, p. 125.

Fig. 59 **Planta primeira,** Deseño de autor, 2010, p. 128.

Fig. 60 **Visión xeral da edificación,** Sonia Iglesias, 2010, p. 168.

Fig. 61 **Planta baixa da citada casa de arquitectura culta,** Deseño de autor, 2010, p. 130.

Fig. 62 **Planta primeira da casa de A Granxa,** Deseño de autor, 2010, p. 131.

Fig. 63 **Imaxe exterior da casa de A Granxa,** Foto de autor, 2010, p. 132.

Fig. 64 **Planta distributiva dunha casa mariñeira en Moaña,** Deseño de autor, 2010, p. 135.

Fig. 65 **Imaxe exterior da vivenda,** Foto de autor, 2010, p. 136.

Fig. 66 **Plantas dunha casa mariñeira en Moaña,** Deseño de autor, 2010, p. 138.

Fig. 67 **Vista xeral da casa mariñeira,** Foto de autor, 2010, p. 139.

Fig. 68 **Deseños dunha casa de dúas plantas en Moaña,** Deseño de autor, 2010, p. 141.

Fig. 69 **Imaxe exterior da casa,** familia "Cachilas", finais s. xx, p. 142.

Fig. 70 **Casa mariñeira en Moaña,** Foto de autor, 2010, p. 143.

Fig. 71 **Arquitectura culta mariñeira en Moaña,** Foto de autor, 2010, p. 144.

Fig. 72 **Modelo exemplificativo de casa térrea,** Sonia Iglesias, 2010, p. 145.

Fig. 73 **Imaxe de vivenda campesiña na parroquia moañesa,** Sonia Iglesias, 2010, p. 146.

Fig. 74 **Vista xeral dunha casa campesiña na parroquia de San Martiño, Moaña,** Foto de autor, 2010, p. 147.

Fig. 75 **Vista xeral de Moaña dende o miradoiro de A Fraga,** Asociación Nós, anos 1950, p. 172.

Fig. 76 **Vista aérea de Moaña,** Arquivo Cartográfico Provincial da Deputación de Pontevedra, 1956, p. 175.

Fig. 77 **Estrutura viaria de Moaña, década de 1950,** Deseño de autor, 2010, p. 176.

Fig. 78 **Estado en obras da zona do Almacén, Moaña,** Asociación Nos, anos 1950, p. 177.

Fig. 79 **Imaxe do cruce de Lestón, Moaña,** Asociación Nós, anos 1940-50, p. 177.

Fig. 80 **Distribución territorial das numerosas edificacións situadas polas principais liñas de comunicación da parroquia moañesa, década de 1950,** Deseño de autor, 2010, p. 179.

Fig. 81 **Planta cartográfica urbana de Moaña, década de 1950,** Deseño de autor, 2010, p. 181.

Fig. 82 **Mulleres lavando a roupa no lavadoiro da Martinga, Moaña,** Asociación Nós, mediados s. xx, p. 183.

Fig. 83 **Homes reunidos nunha celebración no interior dunha taberna,** Pepe "O Caramuxo", mediados s. xx, p. 183.

Fig. 84 **Deseño cartográfico con curvas de nivel, Moaña 1956,** Deseño de autor, 2010, p.185.

Fig. 85 **Deseño interpretativo ocupacional de 1956 coa localización do asentamento en estudo,** Deseño de autor, 2010, p. 186.

Fig. 86 **Esquema explicativo dos equipamentos existentes na zona en estudo,** Deseño de autor, p. 188.

Fig. 87 **Gráfico descritivo dos diversos equipamentos, 1956,** Deseño de autor, 2010, p. 189.

Fig. 88 **Imaxe das coñecidas escadas do camiño de "A Canesa", Moaña,** Asociación Nós, década de 1930, p. 189.

Fig. 89 **Ilustración dos dous subnúcleos básicos da zona de A Canesa, 1956,** Deseño de autor, 2010, p. 191.

Fig. 90 **Exemplificación distributiva das edificacións situadas no litoral moañés,** Deseño de autor, 2010, p. 192.

Fig. 91 **Estaleiro de Ascón en Meira (Moaña),** Asociación Nós, década de 1960, p. 197.

Fig. 92 **Imaxe da inauguración do centro cultural Ateneo en Moaña,** Asociación Nós, 1967, p. 199.

Fig. 93 **Homes despedíndose das súas mulleres e familias,** Asociación Nós, década de 60-70, p. 200.

Fig. 94 **Vista aérea xeral da parroquia de Moaña,** Arquivo Cartográfico da Deputación de Pontevedra, 1969, p. 202.

Fig. 95 **Relación existente entre as construcións e a estrutura viaria, 1969,** Deseño de autor, 2010, p. 203.

Fig. 96 **Arriba Procesión de San Cristóbal - Abaixo Traíñas chegando a Moaña do campionato de España,** J. Gayo Rouco "Jarocas", 1962 - 1960, p. 204.

Fig. 97 **Estrutura viaria na parroquia moañesa, 1969,** Deseño de autor, 2010, p. 206.

Fig. 98 **Planta da relación ocupacional denso-disperso (diseminado), 1969,** Deseño de autor, 2010, p. 207.

Fig. 99 **Persoas posando xunto a un carro de bois na zona de A Praia,** Asociación Nós, inicios s. xx, p. 208.

Fig. 100 **Estrada correspondente á actual rúa Concepción Arenal, na antiga zona de A Praia,** Asociación Nós, mediados s. xx, p. 209.

Fig. 101 **Deseño interpretativo da situación morfolóxica de Moaña no ano 1969,** Deseño de autor, 2010, p. 211.

Fig. 102 **Distribución dos diversos equipamentos existentes na parroquia moañesa, 1969,** Deseño de autor, 2010, p. 213.

Fig. 103 **Visual da estrada de abaixo coa presenza de diversos equipamentos,** Asociación Nós, 1963, p. 214.

Fig. 104 **Vista xeral dunha zona da estrada de Concepción Arenal,** Asociación Nós, 1963, p. 214.

Fig. 105 **Vista de O Vaticano,** Asociación Nós, década de 1960, p. 216.
Fig. 106 **Vista da rúa Concepción Arenal de Moaña,** Pepe "O Caramuxo", mediados s. xx, p. 216.

Fig. 107 **Localización e delimitación dos novos asentamentos residenciais,** Deseño de autor, 1969, p. 217.

Fig. 108 **Detalle da distribución territorial do núcleo de O Carme,** Deseño de autor, 1969, p. 220.

Fig. 109 **Evolución da zona de O Carme despois da implantación da igrexa,** Deseño de autor, 1969, p. 221.

Fig. 110 **Interior da Igrexa de O Carme,** Asociación Nós, década de 1990, p. 222.

Fig. 111 **Deseño descritivo da zona residencial de O Rosal, 1969,** Deseño de autor, 2010, p. 224.

Fig. 112 **Evolución da estrutura viaria da zona de O Rosal, 1969,** Deseño de autor, 2010, p. 225.

Fig. 113 **Imaxe da entrada á zona de O Rosal antes da súa ocupación,** Asociación Nós, Pacheco, 1914, p. 226.

Fig. 114 **Fotografía de dúas parellas á entrada da vía de O Rosal despois da intervención,** Pepe "O Caramuxo", anos 1960, p. 226.

Fig. 115 **Interpretación da situación morfolóxica de O Real, 1969,** Deseño de autor, 2010, p. 229.

Fig. 116 **Deseño ilustrativo da estrutura viaria interior do núcleo de O Real, 1969,** Deseño de autor, 2010, p. 231.

Fig. 117 **Imaxe do cruce no Portal do Almacén, zona de O Real,** Asociación Nós, mediados s. xx, p. 232.

Fig. 118 **Fotografía do Portal do Almacén en Moaña,** Asociación Nós, década de 2000, p. 232.

Fig. 119 **Foto aérea de Moaña,** Arquivo Cartográfico provincial da Deputación de Pontevedra, 1975, p. 239.

Fig. 120 **Deseño interpretativo da situación urbana de Moaña, 1975,** Deseño de autor, 2010, p. 240.

Fig. 121 **Vista xeral do litoral da parroquia moañesa,** Asociación Nós, inicios anos 70, p. 241.

Fig. 122 **Fase de construción da Ponte de Rande,** Asociación Nós, anos 70, p. 242.

Fig. 123 **Postal da Praia de A Xunqueira,** Asociación Nós, finais anos 70, p. 242.

Fig. 124 **Imaxe das obras para a construción do colexio de Reibón,** Asociación Nós, inicios anos 70, p. 244.

Fig. 125 **Imaxe dos alumnos de Reibón xogando coa neve,** Asociación Nós, 1987, p. 246.

Fig. 126 **Deseño interpretativo que mostra a disposición dos centros educativos en relación á poboación da parroquia moañesa, 1975,** Deseño de autor, 2010, p. 247.

Fig. 127 **Aulas de F.P. prefabricadas entre Reibón e Seara,** Asociación Nós, anos 70, p. 248.

Fig. 128 **Aulas prefabricadas no colexio de Reibón,** Asociación Nós, anos 70-80, p. 248.

Fig. 129 **Caída do muro de Berlín,** http://ve.kalipedia.com/historia-universal, 1989, p. 250.

Fig. 130 **Imaxe do tenente coronel da garda civil Antonio Tejero no Congreso dos Deputados,** Foto recollida en http://comunidad.terra.es, 1981, p. 251.

Fig. 131 **Imaxe do primeiro álbum do grupo español Nacha Pop,** www.google.es, 1980, p. 252.

Fig. 132 **Mariscadores moañeses na praia de A Xunqueira,** Asociación Nós, anos 80, p. 254.

Fig. 133 **Fotografía dun mariscador moañés xunto cunha cesta de croque,** Moaña, Manuel P. Rúa, mediados anos 80, p. 255.

Fig. 134 **Foto aérea da parroquia moañesa,** Arquivo Cartográfico provincial da Deputación de Pontevedra, 1985, p. 257.

Fig. 135 **Planta cartográfica da parroquia moañesa no ano 1985,** Deseño de autor, 2010, p. 258.

Fig. 136 **Fotografía da zona de O Vaticano, co edificio de entrada ó núcleo de O Real ó fondo,** Asociación Nós, 1986, p. 259.

Fig. 137 **Deseño interpretativo da situación urbana de Moaña no ano 1985,** Deseño de autor, 2010, p. 261.

Fig. 138 **Visión xeral da Ponte de Rande,** Asociación Nós, anos 1990, p. 262.

Fig. 139 **Imaxe aérea do colexio público de Domaio.** Asociación Nós, anos 70-80, p. 262.

Fig. 140 **Comparación da textura urbana entre ás décadas de 1950 e 1980,** Deseño de autor, 2010, p. 264.

Fig. 141 **Imaxe da zona de A Seara,** Asociación Nós, década 60-70, p. 265.

Fig. 142 **Foto do parque da Seara,** Asociación Nós, finais anos 70, p. 265.

Fig. 143 **Deseño da canalización do río de O Puntillón, década de 1980,** Deseño de autor, 2010, p. 267.

Fig. 144 **Imaxe do río de O Puntillón antes da súa urbanización, inicio do século XX.** Asociación Nós, Pacheco, 1914, p. 268.

Fig. 145 **Obras da canalización do río de O Puntillón,** Asociación Nós, década de 1980, p. 268.

Fig. 146 **Imaxe da casa de Méndez Núñez (pazo de O Real),** Asociación Nós, 1924, p. 271.

Fig. 147 **Fotografía do Pazo de O Real,** Asociación Nós, 1997, p. 271.

Fig. 148 **Imaxe do primeiro recheo en Moaña, correspondente á zona de A Praia,** Asociación Nós, Pacheco, 1914, p. 273.

Fig. 149 **Deseño interpretativo da situación dos recheos nos anos 60-70,** Deseño de autor, 2010, p. 274.

Fig. 150 **Fotografía das obras de recheo coa Praza ó fondo,** Asociación Nós, José Gayo Rouco "Jarocas", década de 1960, p. 274.

Fig. 151 **Deseño que mostra o estado dos recheos na Moaña de 1980,** Deseño de autor, 2010, p. 275.

Fig. 152 **Imaxe das obras de recheo na zona de Seara,** Asociación Nós, anos 1980, p. 275.

Fig. 153 **Folleto publicado pola administración local,** Asociación Nós, 1982, p. 276.

Fig. 154 **Deseño interpretativo da situación morfolóxica urbana de O Real na década de 1960,** Deseño de autor, 2010, p. 279.

Fig. 155 **Imaxe da zona de O Real,** Asociación Nós, anos 1960, p. 280.

Fig. 156 **Imaxe do portal do Almacén, entrada ó Real,** Asociación Nós, anos 1990, p. 281.

Fig. 157 **Deseño interpretativo da zona de O Real na década de 1980,** Deseño de autor, 2010, p. 282.

Fig. 158 **Imaxe de mariñeiros no porto de Moaña coa zona de O Real ó fondo,** Asociación Nós, anos 1960, p. 286.

Fig. 159 **Imaxe aérea da zona de O Real,** Morrazo: miradas aereas, 2004, p. 286.

Fig. 160 **Vista xeral actual da zona de O Real,** Foto de autor, 2010, p. 287.

Fig. 161 **Vista xeral actual dunha parte de O Real,** Foto de autor, 2010, p. 288.

Fig. 162 **Imaxe concreta actual dun edificio pegado a outras vivendas,** Foto de autor, 2010, p. 288.

Fig. 163 **Firma do Tratado de Maastricht,** www.delnic.ec.europa.eu, 1992, p. 291.

Fig. 164 **Imaxe do Príncipe Felipe de Borbón como abandeirado da expedición española nos xogos olímpicos de Barcelona'92,** www.sport.es, 1992, p. 292.

Fig. 165 **Imaxe satélite da parroquia moañesa,** Arquivo Cartográfico Provincial da Deputación de Pontevedra, 1996, p. 295.

Fig. 166 **Deseño xeral do estado urbanístico de Moaña, anos 1990,** Deseño de autor, 2010, p. 296.

Fig. 167 **Deseño interpretativo da Moaña dos anos 90,** Deseño de autor, 2010, p. 297.

Fig. 168 **Fotografía de habitantes moañeses sentados no coñecido Banco Azul,** Asociación Nós, anos 1990, p. 298.

Fig. 169 **Deseño comparativo da transformación urbana entre a década de 1980 e 1990,** Deseño de autor, 2010, p. 299.

Fig. 170 **Deseño interpretativo da configuración morfolóxica urbana de Moaña, ano 1996,** Deseño de autor, 2010, p. 301.

Fig. 171 **Imaxe da zona de O Rosal no comezo das obras de urbanización,** Asociación Nós, finais década 1990, p. 302.

Fig. 172 **Vista exterior do Pazo de O Rosal,** Foto de autor, 2010, p. 302.

Fig. 173 **Imaxe duns rapaces coas redes de pesca na praia co perfil urbano de Moaña ó fondo,** Pepe "O Caramuxo", mediados anos 1960, p. 305.

Fig. 174 **Vista do estado urbanístico no que se encontra actualmente unha zona da citada fronte marítima,** Sonia Iglesias, 2010, p. 305.

Fig. 175 **Interpretación conceptual da distribución das principais zonas residenciais, 1990,** Deseño de autor, 2010, p. 306.

Fig. 176 **Imaxe do actual estado da fronte marítima,** Sonia Iglesias, 2010, p. 307.

Fig. 177 **Imaxe do litoral moañés a mediados do século XX,** Sonia Iglesias, década 1950, p. 308.

Fig. 178 **Panorámica actual da zona sur do trazado costeiro en estudo,** Sonia Iglesias, 2010, p. 309.

Fig. 179 **Imaxe exemplificativa actual do confuso perfil urbano en Moaña,** Sonia Iglesias, 2010, p. 309.

Fig. 180 **Instantánea do atentado aéreo sobre as torres xemelgas de Nueva York,** http://ar.kalipedia.com/, 2001, p. 312.

Fig. 181 **Imaxe do afundimento do Prestige preto das costas galegas,** www.google.es, 2002, p. 313.

Fig. 182 **Imaxe dun dos incendios acontecidos no Concello de Moaña,** http://imagenesciencia.blogspot.com/, axencia EFE, 2006, p. 314.

Fig. 183 **Vista aérea da parroquia de Moaña,** Arquivo Cartográfico Provincial da Deputación de Pontevedra, 2000, p. 317.

Fig. 184 **Planta interpretativa da situación morfolóxica urbana na parroquia de Moaña nos anos 2000,** deseño de autor, 2010, p. 318.

Fig. 185 **Imaxe actual dunha parcela do núcleo de O Rosal,** Sonia Iglesias, 2010, p. 319.

Fig. 186 **Foto da actual rotonda de As Barxas,** Sonia Iglesias, 2010, p. 319.

Fig. 187 **Deseño interpretativo da actual extensión espacial dos máis recentes asentamentos,** Deseño de autor, 2010, p. 321.

Fig. 188 **Vista actual dunha das referidas prolongacións urbanas entre O Real e a Canesa,** Imaxe de autor, 2010, p. 322.

Fig. 189 **Vista aérea da zona de O Rosal,** Morrazo: miradas aéreas, 2004, p. 322.

Fig. 190 **Estado da zona costeira de O Con,** Arquivo da Asociación Nós, anos 1990, p. 324.

Fig. 191 **Obras de acondicionamento no recheo de O Con,** Asociación Nós, inicios década de 2000, p. 324.

Fig. 192 **Plano da ordenación do solo urbano de Moaña coa delimitación da zona de O Rosal,** Arquivo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), 1996, p. 327.

Fig. 193 **Situación da morfoloxía urbana de O Rosal no ano 2000,** Deseño de autor, 2010, p. 328.

Fig. 194 **Inicio das obras de urbanización de O Rosal,** Asociación Nós, inicios década de 2000, p. 329.

Fig. 195 **Obras da urbanización de O Rosal,** Asociación Nós, 2002, p. 329.

Fig. 196 **Situación da morfoloxía urbana de O Rosal no ano 2006,** Deseño de autor, 2010, p. 331.

Fig. 197 **Deseño interpretativo do estado morfolóxico urbano de O Rosal, ano 2006,** Deseño de autor, 2010, p. 332.

Fig. 198 **Imaxe das obras e construción dos edificios de O Rosal,** Asociación Nós, 2005, p. 333.

Fig. 199 **Imaxe actual da nova casa do Concello de Moaña,** Sonia Iglesias, 2010, p. 333.

Fig. 200 **Situación da morfoloxía urbana de O Rosal no ano 2008,** Deseño de autor, 2010, p. 335.

Fig. 201 **Deseño interpretativo do novo sistema viario, ano 2008,** Deseño de autor, 2010, p. 336.

Fig. 202 **Planta interpretativa da edificación existente no ano 2008,** Deseño de autor, 2010, p. 337.

Fig. 203 **Fotografía da obras de urbanización en O Rosal,** Asociación Nós, 2007, p. 338.

Fig. 204 **Imaxe recente dunha das rúas da urbanización de O Rosal,** Asociación Nós, 2009, p. 338.

Fig. 205 **Imaxe actual do moderno edificio da piscina municipal,** Sonia Iglesias, 2010, p. 340.

Fig. 206 **Imaxe da zona máis alta da urbanización de O Rosal,** Sonia Iglesias, 2010, p. 340.